

**Informe sobre as alegacións ao borrador do Anteproxecto de Lei de caza de Galicia, unha vez informado pola Asesoría Xurídica Xeral e antes do informe do CES**

Artigo	Alegacións de	Contido da alegación	Aceptación	Observacións
Exposición de motivos	Federación Galega de Caza	<p>Propón as seguintes modificacións:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>-No primeiro parágrafo, substituír “agrario” por “rural”.</li> <li>-No cuarto parágrafo realizar os seguintes cambios: “...patróns xenéticos de especies cinexéticas autóctonas...”.</li> <li>-No quinto parágrafo eliminar: “Dende hai bastantes anos, foi descendendo o número de cazadores galegos e rexistráronse poucas incorporacións de mozos a esta actividade.”</li> <li>-No oitavo parágrafo substituír “administrados” por “os cidadáns”</li> <li>-O final do oitavo parágrafo engadir: “As sociedades de cazadores tiveron un papel fundamental na organización social dos cazadores e unha evolución moi positiva cara unha caza integrada nos valores ambientais do noso tempo.</li> <li>- No undécimo parágrafo propón a seguinte redacción dos puntos:               <ul style="list-style-type: none"> <li>a) Tender cara a unha caza cada vez máis ética e responsable.</li> <li>f) A dinamización económica do mundo rural coa actividade cinexética como un dos seus piares.</li> </ul> </li> <li>- No duodécimo parágrafo os seguintes cambios: “...exercicio dunha caza cada vez máis responsable,...”</li> <li>- No décimo oitavo parágrafo cambiar “un instrumento” por outro instrumento” e engadir ao final: “ e que seguirán sendo a columna vertebral da caza social en Galicia. Neste novo tempo, os tecores deben considerar entre os seus obxectivos, tamén, a colaboración decidida ao desenvolvemento rural.”</li> <li>- No vixésimo terceiro parágrafo realizar os seguintes cambios: “..Os tecores e os demais titulares dos dereitos cinexéticos,...”</li> </ul>	Parcialmente	Correccións de estilo basicamente e achegas que non se consideran fundamentais, salvo a alegación que fai referencia ao quinto parágrafo da exposición de motivos.
Exposición de motivos	Sociedade de cazadores de Portas.	<p>Propón as seguintes modificacións:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>-No primeiro parágrafo, substituír “no seu paisaxe agrario” por “do seu medio natural”.</li> <li>-No terceiro parágrafo realizar os seguintes cambios: “Ademais diso, a actividade cinexética mostrase...”</li> <li>-No cuarto parágrafo realizar os seguintes cambios: “Nestes últimos anos, dende as Sociedades de Caza fíxose un considerable esforzo para incrementar a calidade da nosa caza e para a mellora os seus hábitats. En colaboración coa Administración afondouse no coñecemento e seguimento...”</li> <li>-No quinto parágrafo realizar os seguintes cambios: “...e atrae progresivamente o interese de outros moitos cazadores”</li> <li>-No oitavo parágrafo substituír “administrados” por “@s cidadáns”</li> <li>-No apartado f) do undécimo parágrafo substituír “explotación cinexética” por “Actividade Cinexética”</li> <li>- No décimo oitavo parágrafo eliminar “chamadas a ser un instrumento dinamizador da economía rural”</li> <li>- No vixésimo terceiro parágrafo eliminar “Os tecores, como titulares dos dereitos cinexéticos, manteñen a responsabilidade polos danos que causan as especies cinexéticas,pero” e realizar os seguintes cambios: “...os titulares cinexéticos segundo as súas propias posibilidades”</li> </ul>	Non	Fanse correccións na meirande parte das veces de orde puramente semántico coas que non se coincide.
Exposición de motivos	Asociación animalista LIBERA	Considérase que existe unha discriminación dos demais usuarios do monte respecto aos cazadores.	NON	A Lei na súa exposición de motivos ten que facer alusión principalmente aos aproveitamentos que ten que regular, neste caso a caza e todo aquilo directamente relacionado con ela, o que non quere dicir que se estea dando unha maior importancia ao seu exercicio respecto aos restantes usos do monte, que non son obxecto de regulación por esta norma.
Exposición de motivos	Clubs e cazadores de caza maior de Galicia	Considérase necesario facer referencia á función da caza como regulador de especies e o seu efecto sobre a seguridade vial e a transmisión de enfermidades tanto aos animais como á poboación humana.	NON	Na propia exposición de motivos fíxanse cales son os piares básicos que fundamentan a reforma da Lei, faise un recoñecemento expreso da función social da caza ,considerándose non necesario facer alusión a todas as actividades ou sectores que poden verse afectados pola actividade cinexética.
Exposición de motivos	Clubs e cazadores de caza maior de Galicia	Propónse cambiar a redacción da frase “Tender cara a unha caza máis ética e responsable”, por entender que se está indicando que ata ao de agora non o era.	NON	Na redacción actual non se está dicindo que a práctica da caza que se estivo facendo ata o de agora non fose ética ou responsable, senón que con esta Lei tentase que sexa aínda máis ética e responsable.
Exposición de motivos	Clubs e cazadores de caza maior de Galicia	Propónse cambiar a redacción da frase “A dinamización económica do mundo rural a través da explotación cinexética”, substituíndo explotación cinexética por aproveitamento cinexético sostible.	NON	A frase está orientada cara a figura das explotacións cinexéticas comerciais, terreos cinexético especial no que o aproveitamento cinexético ten un carácter lucrativo e non necesariamente sostible. A idea que subxace é a de tentar que a caza sexa un instrumento para o desenvolvemento rural, que débese rendibilizar a caza coma un activo infraexplotado, que pode, dun xeito ordenado xerar rendas no mundo rural.

Exposición de motivos	Clubs e cazadores de caza maior de Galicia	Propónse cambiar a redacción da frase “A flexibilidade das normas para a caza de especies de caza maior, no caso de xeración de danos”, facendo referencia a que esa flexibilización consistirá nunha simplificación dos trámites.	Parcialmente	Suprímese esta referencia, ao considerar que non constitúe un pilar fundamental da reforma da Lei.
Exposición de motivos	Clubs e cazadores de caza maior de Galicia	Considerase necesario incluír na norma a figura de “Controlador de alimañas”.	NON	Falar de alimañas, é unha reminiscencia negativa dunha época no que se distinguían os animais bos e os malos. O control de animais daniños que sen dúbida pode resultar necesario nun momento determinado, parece mais axeitado, porque, por diferentes e variadas razóns unha especie pode tornarse daniña nun lugar ou nun tempo determinados. De todos os xeitos esa actividade nada ten que ver coa caza, aínda que , no seu caso, se puideran utilizar medios cinexéticos para facer ese control.
Exposición de motivos	Clubs e cazadores de caza maior de Galicia	Considérase que debe promocionarse unicamente a caza salvaxe en Galicia e non priorizar as explotacións cinexéticas comerciais.	NON	A Lei non promociona as explotacións cinexéticas comerciais respecto doutro espazo cinexético, nin a caza salvaxe respecto doutro tipo de caza, non coacciona ao cazador que veña de fóra cara un determinado tipo de caza senón que lle ofrece a oportunidade de elixir.
Exposición de motivos	Clubs e cazadores de caza maior de Galicia	Propónse que na exposición de motivos cando se tratan os refuxios de fauna, se establezan cales son as especies que gozarán de protección e cales se poderán cazar.	NON	Estas condicións deberán establecerse en todo caso na resolución de declaración do refuxio, non na Lei que establece esta figura pero non clasifica ningunha superficie como tal. Ademais os refuxios de fauna son terreos non cinexéticos, nos que con carácter xeral o exercicio da caza está prohibido.
Exposición de motivos	Clubs e cazadores de caza maior de Galicia	Propónse substituír o parágrafo “...A actividade cinexética transcende da súa condición deportiva e lúdica...” por “...A actividade cinexética transcende da súa condición de actividade ancestral tradicionalmente arraigada no medio rural galego...”	NON	Considérase que ambas redaccións non son excluíntes dado que a actividade cinexética pode ter a condición deportiva e lúdica e ser unha actividade ancestral, aínda que non se comparte que esta unicamente arraigada no medio rural. A idea que se pretende transmitir é a de que non é somentes unha actividade deportiva e de diversión senón que ten unha importante repercusión noutros eidos polo control que se fai das poboacións silvestres.
Exposición de motivos	Clubs e cazadores de caza maior de Galicia	Propónse substituír cazadores foráneos por “outros cazadores”.	NON	Considérase que a redacción actual explica mellor a diferenza entre cazadores debido unicamente ao ámbito territorial ao que se refire, neste caso Galicia.
Exposición de motivos	Clubs e cazadores de caza maior de Galicia	Propónse eliminar o apartado d), que fai referencia a unha distribución mais xusta da responsabilidade polos danos ocasionados polas especies cinexéticas, ao considerar que non é xusto que os cazadores carguen cos danos ocasionados por unhas poboacións a cuxa existencia non contribuíron, así como a supresión de tódolos parágrafos que fan referencia aos danos que provocan as especies cinexéticas.	NON	Neste parágrafo non se fai responsables unicamente aos cazadores, senón que se establece o propósito de crear unha distribución mais xusta desta responsabilidade.
Exposición de motivos	Clubs e cazadores de caza maior de Galicia	Propónse incluír no parágrafo que fai referencia ao título III, a frase “que rentabilice os dereitos cinexéticos cedidos polos propietarios dos terreos axudando a fixar poboación no medio rural”.	NON	Este parágrafo fai referencia ao título III da Lei, que versa sobre a ordenación cinexética, e as consecuencias da mesma, facendo xa alusión á posta en valor da caza como recurso económico en xeral, sen necesidade de entrar a especificar tódalas consecuencias particulares desta posta en valor. Xa se fala da posta en valor da caza como recurso económico.
Exposición de motivos	Organización Galega de mvmc	Propónse engadir no parágrafo 8 o seguinte texto “O dereito dos aproveitamentos cinexéticos correspóndelle aos titulares das terras, que o poden ceder a terceiras persoas”.	NON	A caza constitúese como un dereito orixinario que teñen todos os administrados, que pode practicarse en todos aqueles lugares nos que non se encontre expresamente prohibido por disposicións legais ou polo exercicio de dereitos privados. A alegación vai no senso de que se recoñeza aos propietarios das terras o dereito ao seu aproveitamento cinexético, o cal resulta de todo punto innecesario, porque esa é unha consecuencia do seu réxime de propiedade ou de posesión que ven garantido polo Código Civil e demais normas de dereito privado.
Exposición de motivos	Matar por matar non	Propónse que a actividade cinexética non sexa considerada como actividade deportiva, considerándose demagórico: - Que a caza poida poñer freo ao despoboamento do rural. - A intención de tender cara unha caza mais ética e responsable. -A sostibilidade da caza en harmonía co medio natural. Que non se fai referencia ás indemnizacións polos danos que ocasionan as especies cinexéticas. Considérase un atentado a flexibilidade nas normas para a caza de especies de caza maior que xeren danos.	NON	A caza hoxe en día está considerada como unha actividade deportiva, aínda que non todo o mundo compartía esta opinión, motivo polo cal así se fai constar no texto da Lei. Está fóra de toda dúbida que a caza como actividade xeradora de rendas e que demanda uns servizos, pode contribuír ao despoboamento rural. O rendemento sostido dos aproveitamentos cinexéticos e a persistencia do recurso, constitúen uns dos obxectivos da ordenación cinexética. Na lei abordase a responsabilidade patrimonial polos danos ocasionados polas especies cinexéticas. A ordenación do recurso e o seu aproveitamento teñen que adaptarse á realidade existente, permitindo adoitar medidas ou realizar actuacións que permitan acadar os obxectivos da ordenación, non comprometendo estes a viabilidade doutras producións ou os intereses do resto da poboación.  Si se consegue xerar rendas no ámbito rural, tal como ocorre noutros lugares de España, sen dúbida creárase un atractivo para fixar poboacións. As regras que se establecen nesta lei apuntan inequívocamente cara o exercicio dunha caza mais ética e responsable, tanto por vía impositiva, corrixindo condutas a estes valores, como establecéndoas como deberes de comportamento dos cazadores. A ordenación que se fai da caza oríentase a asegurar que o exercicio da caza se faga coa vista posta nun aproveitamento sensible as poboacións existentes, de xeito que se garanta a súa protección e fomento, ao tempo que sirva como instrumento esencial para o equilibrio natural, evitando que unhas poboacións interfiran no desenvolvemento ordinario doutras

				<p>especies.</p> <p>Para que houbera lugar as indemnizacións polos danos que causan as especies cinexéticas, habería que declarar a responsabilidade da Xunta de Galicia na comisión dos mesmos e, esa materia, como é sabido, é unha cuestión de orde civil sobor da cal soamente pode entender a Administración do Estado.</p> <p>Non se explica con nitidez contra quen resulta un atentado o posibilitar a flexibilización das normas para a caza de especies de caza maior, porque esta medida ven xustificada polo propósito de preservar intereses de superior valor, como poden ser a saúde e a integridade física das persoas e dos seus bens ou a protección</p>
Exposición de motivos	Particulares e Asociación de veciños San Breixo de Seixalbo.	<p>Proponse cambiar os termos “paisaxe agraria” por “paisaxe rural”, e “cultivos agrícolas e forestais” por “cultivos agrogandeiros”.</p> <p>Propóñense os seguintes cambios de redacción:</p> <p>Nos piares básicos nos que se fundamenta esta reforma:</p> <p>c) A mellora da calidade dos instrumentos de ordenación, como a mellor garantía sostible cara a conquistar unha certificación cinexética e o seu distintivo de calidade.</p> <p>d) Unha distribución mais xusta da responsabilidade polos danos causados polas especies cinexéticas, e o establecemento dunha liña clara de indemnizacións polos mesmos.</p> <p>Harmonízase o réxime da vixilancia privada, coas demais lexislacións autonómicas, e fixa as condicións de titulación académica que ten que ter esta actividade, conforme á lei Orgánica 5/2002 do 19 de xuño, das cualificacións e da formación profesional, e os Reais decretos 1087/2005 e 715/2010.</p> <p>Engadir despois do título III, no título III bis establécense as bases para a consecución da certificación forestal e o distintivo de calidade cinexético de Galicia.</p> <p>E despois do Título V, (As entidades colaboradoras e órganos consultivos), TITULO V BIS.Do réxime fiscal, nos que se establece como se fixará o seu réxime fiscal.</p>	NON	<p>A certificación cinexética considérase que non é un aspecto a abordar na redacción desta Lei, podendo integrarse en ser desenvolvido mediante normas de rango inferior.</p> <p>Na Lei establécese a quen corresponde indemnizar polos danos ocasionados polas especies cinexéticas, non sendo competencia da mesma establecer a liña de indemnizacións que deben aboarse polos mesmos.</p> <p>Precisamente atendendo á lexislación existente na meirande parte das comunidades, se establece o réxime de vixilancia privada tal e como está redactado.</p> <p>A certificación forestal como se reflicte anteriormente non é unha actuación que se considere necesario reflectir no texto da Lei.</p> <p>Non corresponde a esta Lei establecer o réxime fiscal das entidades colaboradoras e dos órganos consultivos, (considérase que é o que se propón nas alegacións).</p>
Exposición de motivos	Amigos da Terra	<p>Propoñen substituír a locución paisaxe da terra por paisaxe rural e a de cultivos agrícolas e forestais polos de cultivos agrogandeiros e repoboacións forestais.</p> <p>Incrementar dentro dos piares nos que se fundamenta a reforma que supón a lei, no apartado c) a idea de: “... cara a conquistar unha certificación cinexética e o seu distintivo de calidade”</p> <p>Tamén propoñen unha ampliación do texto no parágrafo d) de xeito que se inclúa a lenda: “... e o establecemento dunha liña clara de indemnizacións polos mesmos.”</p> <p>Do mesmo xeito pretende que se agregue un texto a continuación da referencia que se fai nesta exposición de motivos a harmonización da vixilancia privada coas demais lexislacións autonómicas. De xeito que quedase redactado engadíndolle : “ e fixa as condicións de titulación académica, que ten que ter esta actividade, conforme a lei Orgánica 5/2002 do 19 de xuño, das cualificacións e da formación profesional e os Reais Decretos 1087/2005 e 715/2010.</p> <p>Pretenden igualmente despois de título, que se faga unha referencia a certificación forestal e o distintivo de calidade cinexético</p> <p>Pretendese tamén facer unha referencia ao réxime fiscal</p>	NON	<p>Prefírense as locucións do texto legal.</p> <p>Non é ese o obxectivo que pretende, a mellora da calidade nos instrumentos de ordenación ten sentido por si mesma sen que se oriente cara un recoñecemento especial.</p> <p>A indemnización cabe se a responsabilidade llela sinala a normativa de carácter estatal que regula a responsabilidade civil, que non é o caso.</p> <p>Non se considera de interese facer a precisión deste tipo a risco de alongar innecesariamente a lei facendo referencias normativas a outras disposicións que pouco aportan de positivo á redacción alegada.</p> <p>Non se considera necesario reflectir neste texto as referencias normativas.</p> <p>Non é sistematicamente acertado situar nunha lei de caza o réxime fiscal que lle resulta de aplicación, para ese fin xa están as normas tributarias ou a de orzamentos xerais da nosa comunidade autónoma.</p>
Exposición de motivos	ADEGA	<p>Con carácter xeral avogan por:</p> <p>1º Vincular o aproveitamento cinexético coa sostenibilidade ambiental e coas normas vixentes en conservación da natureza</p> <p>2º Substituír as referencias “ dereito cinexético” pola de “aproveitamento cinexético”</p> <p>3º Incluír unha referencia a Reserva Nacional de Ancares</p> <p>4º Incluír un capítulo dedicado a prevención dos danos</p> <p>5º Mellorar a redacción relativa a seguridade das persoas, procurando compatibilizar a caza con outros usos do monte</p>	NON	<p>Literalmente se expresa ese propósito como un dos piares básicos da lei no punto b)</p> <p>Son dúas conceptos diferentes polo que non se poden substituír sen mais.</p> <p>Non ten moito sentido referenciar nunha lei unha reserva concreta de caza, cando é posible constituír outras.</p> <p>Esa é unha cuestión de acción do goberno, mais que parte da regulación legal.</p> <p>As medidas de precaución que se indican na lei non esgotan as posibilidades na adopción de medidas que tendan cara ese obxectivo de protección das persoas e dos seus bens.</p>
Exposición de motivos	Asociación para o estudo e defensa da natureza ERVA	<p>Considérase que non se expoñen argumentacións sólidas para motivar a derogación da actual Lei de caza, pois dende o ano 1997 ata o 2011 non se aprecia unha incidencia superior das motivacións expostas respecto a épocas pasadas. As carencias observadas son:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Non se fai referencia ao fomento de prácticas de mellora do hábitat, pureza das especies cinexéticas nin da certificación de calidade.</li> </ul>	NON	<p>Non deixa de ser unha apreciación do alegante, sen mais apoio que a súa propia opinión.</p> <p>Das cuestións que alega en contra da revisión da lei, hai que dicir que moitas deles non poden ser obxecto desta lei e outras xa veñen recollidas nela .</p>

		<ul style="list-style-type: none"> <li>- Non se concreta a capacidade dos axentes facultativos medioambientais para inspeccionar vehículos relacionados coa actividade cinexética.</li> <li>- Non se menciona a necesidade de formación.</li> <li>- Non se especifica a prohibición de repetir mancha na mesma tempada en coutos de caza maior abertos.</li> <li>- Non se reconece a necesidade de expor as xustificacións das solucións adoitadas cando se pretenda deixar sen efecto as prohibicións previstas na Lei.</li> <li>- Non se aborda a necesidade de autorizar e controlar as soltas e repoboacións de especies cinexéticas, para velar pola pureza xenética e para evitar a propagación de epizootias.</li> <li>- Non se articula un sistema eficaz de rexistro do rendemento anual de capturas de caza maior.</li> <li>- Non se fai referencia á capacidade da administración para vedar un Tecor atendendo á necesidade de conservación das especies.</li> <li>- Non se condiciona a aprobación dun tecor societario a que a sociedade de cazadores teña un seguro de responsabilidade civil e un contrato de gardería cinexética.</li> </ul>		
Exposición de motivos	APROCA Galicia	<p>Propónse cambiar os termos “paisaxe agraria” por “paisaxe rural”.</p> <p>Propónse eliminar o parágrafo que fai referencia a diminución do número de cazadores.</p> <p>Propónse substituír “administrados” por “cidadáns”.</p> <p>Propónse engadir un parágrafo sobre o papel que tiveron as sociedades de caza.</p> <p>Propónse substituír “unha caza mais ética” por “unha caza cada vez mais ética”.</p> <p>Propónse substituír “do mundo rural a través da explotación cinexética” por “do mundo rural coa actividade cinexética como un dos seus piares”.</p> <p>Propónse substituír “unha caza mais responsable” por “unha caza cada vez mais responsable”.</p> <p>Propónse substituír “chamadas a ser un instrumento dinamizador” por “chamadas a ser outro instrumento dinamizador”.</p> <p>Propónse engadir o seguinte parágrafo:  “...a transformación dos coutos de caza en tecores, e que seguirán sendo a columna vertebral da caza social en Galicia. Neste novo tempo, os tecores deben considerar entre os seus obxectivos, tamén, a colaboración decidida ao desenvolvemento rural...”.</p>	NON	Fanse correccións na meirande parte das veces de orde puramente semántico coas que non se coincide.
Exposición de motivos	UNITEGA	<p>Considérase que debe darse unha nova redacción no apartado que fai referencia a unha distribución mais xusta da responsabilidade polos danos ocasionados polas especies cinexéticas, dado que non corresponde co que posteriormente se propón.</p>	NON	A responsabilidade polos danos corresponde a competencia estatal, pero no marco das competencias autonómicas establécese un fondo de corresponsabilidade orientado a lograr ese reparto mais xusto do que se fala.
EXPOSICIÓN DE MOTIVOS				
I				
<p>Galicia experimentou unha transformación acelerada na súa paisaxe agraria, nos últimos anos. Cambios profundos nas estruturas familiares agrarias, tanto no modo de producir coma nos cultivos agrícolas e forestais, que mudaron dun modo substancial os compoñentes do territorio e polo tanto as condicións dos hábitats, que derivaron no incremento das poboacións dalgunhas especies, en detrimento doutras.</p> <p>Nestas circunstancias e dado que a superficie cinexética de Galicia comprende máis do 80% do territorio galego, a caza cobra un singular protagonismo, necesario no control de determinadas poboacións de especies silvestres para lograr un equilibrio ecolóxico fundamental no normal desenvolvemento dos ecosistemas naturais. A actividade cinexética transcende da súa condición deportiva e lúdica e gaña peso na súa función social e ambiental.</p>				
II				
<p>Ademais diso, a caza móstrase como un instrumento de grande interese para o desenvolvemento económico de amplas zonas do noso territorio, non só pola entidade dos recursos que promove, que poden ser moi elevados, senón porque o fai nun medio social no que resulta especialmente interesante crear riqueza, dadas as poucas alternativas produtivas de que dispón, e pode poñer freo así ao despoboamento da poboación rural.</p> <p>Nestes últimos anos fíxose un considerable esforzo para incrementar a calidade da nosa caza e para mellorar os seus hábitats, afondouse no coñecemento e seguimento de varias especies e identificáronse os patróns xenéticos das especies cinexéticas autóctonas, co fin de mellorar as poboacións e con ela a oferta cinexética da nosa comunidade.</p> <p>A caza menor, maioritaria hai uns poucos anos cedeu protagonismo á caza maior, que crece na afección dos cazadores galegos e atrae progresivamente o interese dos cazadores foráneos.</p>				
III				
<p>É un feito constatable que o medio cambiou e as circunstancias nas que se practica a caza tamén, por iso é necesario modificar a normativa que a organiza e ordena.</p>				
<p><b>Unha vez realizados os cambios correspondentes ás alegacións estimadas, a exposición de motivos quedaría coa seguinte redacción.</b></p>				

A Lei 4/1997, do 25 de xuño, de caza de Galicia, aínda que modificada parcialmente pola Lei 6/2006, do 23 de outubro e pola lei 2/2010 do 11 de febreiro, non puido facer fronte ao conxunto de problemas que formula o exercicio da caza na actualidade. Nestes poucos anos aquela lei envelleceu, o medio experimentou un cambio substancial e con el, a propia actividade cinexética. Actualmente faise necesaria unha lei nova, que non só mellore á anterior senón que ademais saiba adaptarse á realidade que ha de ordenar e que se poña en sintonía con outras disposicións autonómicas, que, salvando as peculiaridades que lles son propias, utilizan instrumentos xurídicos, medios e procedementos similares para atender esixencias que a todas son comúns.

#### IV

A caza constitúese como un dereito orixinario que corresponde a todos os administrados, aínda que sometido a limitacións administrativas coa imposición de requisitos para su exercicio, e que pode practicarse en todos aqueles lugares nos que non se encuentre expresamente prohibido por disposicións legais ou polo exercicio de dereitos privados.

#### V

Cando Galicia asumiu as competencias en materia de caza, a través do seu Estatuto de autonomía, fíxoo co designio de orientala non só polos rumbos da nosa tradición cinexética senón tamén, como un instrumento importante para o desenvolvemento rural. Proclamouse a imperiosa necesidade de ordenar a actividade cinexética e de dimensionala de xeito adecuado para posibilitar a súa xestión. Ao longo dos anos en que tivo vixencia a Lei 4/1997 cumpríronse eses obxectivos e da súa man, operouse un cambio substancial no mundo da caza galega.

#### VI

Agora, son outros os obxectivos que han de orientar a ordenación legal da caza.

Os piares básicos nos que se fundamenta esta reforma:

- a) Propender cara a unha caza máis ética e responsable
- b) A sostibilidade da caza en harmonía co medio natural no que se desenvolve
- c) A mellora da calidade dos instrumentos de ordenación, como a mellor garantía da sostibilidade
- d) Unha distribución máis xusta da responsabilidade polos danos causados polas especies cinexéticas.
- e) A seguridade na actividade cinexética non só para os cazadores senón tamén para os demais usuarios do monte.
- f) A dinamización económica do mundo rural a través da explotación cinexética.
- g) Un réxime sancionador claro e preciso.

#### VII

Avógase nesta lei polo exercicio dunha caza máis responsable, máis sostible, máis ética. Especial empeño pon a lei en que a caza se realice en condicións de máxima seguridade, para as persoas e os bens. A esixencia de boas prácticas na caza, que aseguren unha caza sen sobresaltos, pasa de ser unha simple recomendación a converterse nunha esixencia formal da lei.

Refórmase o réxime de aplicación ás zonas de seguridade e faise un esforzo para facelo máis claro e rigoroso para todos.

Defínese e conforma a figura do cazador, como elemento básico na regulación da caza. e establécense os seus deberes, que afondan no designio do exercicio responsable da caza.

Acóllense no dereito sancionador condutas antixurídicas novas e cualifícanse como tales, outras que xa aparecían declaradas anteriormente.

Adquire unha significación especial a problemática que provocan os danos que causan as especies silvestres non só no ámbito agrario senón tamén no da circulación viaria. Dada a relevante importancia social, económica e ambiental que ten a caza na nosa comunidade autónoma, créase unha figura nova, o Fondo de Corresponsabilidade, expresiva da solidariedade na repartición das cargas que se derivan da responsabilidade polos danos que causan as especies cinexéticas. Con el, preténdese achegar fondos procedentes públicos, para a adopción de medidas preventivas e máis de medidas paliativas dos danos para evitar que se produzan ou para contribuír o esforzo económico que representan.

Harmonízase o réxime da vixilancia privada, coas demais lexislacións autonómicas.

Incídese dun xeito destacado na regulación da explotacións cinexéticas comerciais, chamadas a ser un instrumento dinamizador da economía rural, co compoñente empresarial que busca na rendibilización dos recursos da caza un medio para o impulso económico do medio rural, xunto a algunhas modificacións que se fixeron na ordenación dos tecores, se ben, por entenderse axeitadas, se respectan as liñas esenciais na ordenación territorial da caza, que no seu día supuxo a transformación dos coutos de caza en tecores.

#### VIII

A lei estrutúrase en seis títulos, 95 artigos, cinco disposicións adicionais, cuatro disposicións transitorias, unha disposición derogatoria e unha disposición final.

No título primeiro, enúncianse os obxectivos e a orientación á que se ordena a regulación da caza en Galicia.

No título segundo, insístease no dimensionamento axeitado dos espazos cinexéticos como presuposto básico para a súa xestión. Mantéñense a clasificación dos terreos, con algunha modificación puntual, cal é a de incluír entre os terreos non cinexéticos aos refuxios de fauna, que son pola súa propia natureza, espazos incompatibles coa práctica da caza, sen que iso supoña convertelos en santuarios para todas as especies.

O título terceiro, recolle o interese da lei nunha ordenación tecnicamente rigorosa para a protección e defensa dos valores naturais da caza, afondando nos valores de sostibilidade das poboacións e do medio e da posta en valor da caza como recurso económico.

		<p>O título cuarto acolle cantos elementos congrega a actividade cinexética, ao cazador, os cans, as armas e as súas municións, a vixilancia na caza e a responsabilidade derivada da caza ou das especies obxecto da acción venatoria. Este título presenta novidades que conveñen salientar, ao definir o cazador dun xeito pormenorizado e preciso; establecer a prohibición de usos de armas e municións inapropiadas para un exercicio deportivo e cabal da caza; pon especial empeño na seguridade na caza, para que o seu exercicio non sexa causa de problemas para os propios cazadores, así como para outras persoas ou para os seus bens. As normas de seguridade na caza pasan de ser recomendacións a converterse en obrigas legais. Establécese a responsabilidade persoal do cazador polos danos que puidese causar durante o desenvolvemento da acción de caza. Os tecores, como titulares dos dereitos cinexéticos, manteñen a responsabilidade polos danos que causan as especies cinexéticas, pero, no marco das competencias propias da comunidade autónoma galega, a lei reclama unha repartición máis equilibrada e equitativa desta responsabilidade patrimonial e anuncia a creación dun fondo de corresponsabilidade para ese fin. Dáse un cambio importante no que respecta á vixilancia privada na caza, á que se incentiva dende os poderes públicos e se lle recoñece a súa transcendental importancia para a xestión técnica da caza e que haberán de asumir responsablemente os titulares cinexéticos segundo as súas propias necesidades.</p> <p>O Título V recolle e estrutura a necesaria participación dos sectores sociais en todo canto concirne ao mundo da caza da nosa comunidade.</p> <p>No Título VI regúlase o réxime sancionador, sinalándose como principal novidade un aumento no cómputo dos prazos de prescrición, o establecemento dun completo catálogo de medidas cautelares, o incremento de tipos infractores e a posibilidade de graduar a sanción por tramos.</p>		
<b>Título I</b>	Amigos da Terra	Entende que deberían figurar os principios xerais que inspiran a lei, as definicións básicas e a atribución de competencias	NON	Xa se expoñen , porque ese é o seu sitio na exposición de motivos. En canto as definicións, optouse por definir as materias nos lugares nos que se fai referencia a elas. Encol da atribución de competencias, parece que esta materia é mais propia dun decreto de estrutura que dunha lei de caza.
<b>Artigo</b>	<b>Alegacións de</b>	<b>Contido da alegación</b>	<b>Aceptación</b>	<b>Observacións</b>
1	Sociedade de cazadores de Portas.	Propón realizar os seguintes cambios: "...compatible e sostible co equilibrio natural e cos distintos intereses do medio rural."	NON	Non se considera asumible a proposta dado que nesta Lei contémpanse figuras nas que sostenibilidade non é un obxectivo, aínda que en todo caso si a compatibilidade co equilibrio natural.
1	Federación Galega de Caza APROCA Galicia	Propón realizar os seguintes cambios: "... cos distintos intereses do medio rural".	NON	Non se considera asumible a proposta dado que coa caza non soamente se ben afectados os intereses do medio rural.
1	UNITEGA	Propónse a seguinte redacción: A presente lei ten por obxecto regular o exercicio da caza e o mundo que a rodea na Comunidade Autónoma de Galicia, así como o fomento, protección, conservación , ordenado aproveitamento do Patrimonio Natural Cinexético, o dereito a practicala e o deber de xestionala, todo iso en harmonía cos distintos intereses afectados.	NON	O mundo que rodea á caza non pode ser obxecto desta Lei. O concepto "patrimonio natural cinexético" non está definido en ningunha disposición.
<b>Unha vez realizados os cambios correspondentes ás alegacións estimadas, o artigo nº 1 quedaría coa seguinte redacción.</b>		<p>Artigo 1. Obxecto e finalidade.</p> <p>Esta Lei ten por obxecto regular o exercicio da caza na Comunidade Autónoma de Galicia coa finalidade de protexer, conservar, fomentar e aproveitar ordenadamente os seus recursos cinexéticos de xeito compatible co equilibrio natural e cos distintos intereses afectados.</p>		
<b>Artigo</b>	<b>Alegacións de</b>	<b>Contido da alegación</b>	<b>Aceptación</b>	<b>Observacións</b>
2	Sociedade de cazadores de Portas.	<p>Propón:</p> <p>-Un novo punto redactado como segue "3. O adestramento de cans terá consideración de acción preparatoria de caza." --Definir a acción preparatoria de caza como "As accións previas a acción de caza"</p> <p>-Que durante as accións preparatorias de caza deberá portarse toda a documentación que esixa a regulamentación vixente.</p> <p>-Non considerar acción de cazar a recuperación de pezas feridas de caza, mediante a utilización de cans de sangue.</p>	NON	Estímase que a este artigo non lle corresponde establecer as obrigas propostas. A recuperación de pezas de caza entra dentro da propia definición de "acción de cazar".
2	Sociedade Galega de Historia Natural	Omite a referencia aos medios cos que se exerce a acción de cazar	SI	Pode estimarse
2	Club del Sabueso Español	<p>Considera que existe unha incongruencia na definición, ao considerar por un lado cazar como buscar e acosar pezas de caza coa finalidade de capturalas ou darlles morte, mentres que por outro equipara esta acción coa de adestrar un can sen captura da peza. Así mesmo, tamén se exclúe da acción de cazar as accións preparatorias das cacerías, como por exemplo a tarefa de rastrexo e aplace dun xabaril realizada por un can de caza.</p> <p>Solicita que se suprima da definición a frase: "<i>Tamén se considera acción de cazar o adestramento de cans sen captura de pezas</i>".</p>	Parcialmente	No que atinxe as accións preparatorias non queda claro si a alegación que se fai do tenor da lei é a favor ou en contra dela. En todo caso, enténdese que non é a acción de caza porque , de acordo coa definición que da a lei o obxectivo non é o de capturar pezas de cazas senón simplemente localizalas. Seguindo o exemplo da lei francesa enténdese que é conveniente delimitar con claridade o que se entende por cazar e o que non, para evitar situacións de conflito que se xeran con frecuencia coa vixilancia e control da caza. Estímase a proposta que fai referencia a suprimir o parágrafo no que se considera acción de cazar o adestramento de cans.
2.1.	Presidentes de Tecores, Gardas particulares de campo e técnicos. Asociación Lobo. Particulares APROCA Galicia Federación Galega de Caza	Propónse que non se considere acción de cazar o adestramento de cans sen captura de pezas.	SI	Estímase esta proposta.
2.2.	Federación Galega de Caza	Propón realizar os seguintes cambios "... nas modalidades colectivas de caza maior, o	SI	Estímase esta proposta.

		adestramento de cans e o voo libre das aves de cetraría.”		
2.2.	Presidentes de Tecores, Gardas particulares de campo e técnicos.	Proponse cambiar a redacción incluíndo o adestramento de cans sen captura de pezas.	SI	Estímase esta proposta.
2.2.	Clubs e cazadores de caza maior de Galicia	Proponse que se inclúa na redacción o seguinte texto: Non se considera acción de cazar “A recuperación de pezas mortas ou feridas de caza maior con can atrelado de sangue ata 48 horas despois da cacería”.	NON	A recuperación de pezas de caza entra dentro da propia definición de “acción de cazar”.
<b>Unha vez realizados os cambios correspondentes ás alegacións estimadas, o artigo nº 2 quedaría coa seguinte redacción.</b>		<p>Artigo 2. Acción de Cazar.</p> <p>1. Para os efectos desta lei considérase acción de cazar a exercida, cos instrumentos e medios permitidos, para buscar, atraer, perseguir, acousar ou agardar a chegada das pezas de caza cuxa finalidade sexa capturar ou abater estas, ou facilitar a súa captura por un/unha terceiro/a.</p> <p>2. Non se considera acción de cazar as accións preparatorias das cacerías, realizadas sen armas, nas modalidades colectivas de caza maior, o adestramento de cans e o voo libre das aves en cetraría.</p>		
Artigo	Alegacións de	Contido da alegación	Aceptación	Observacións
3	Sociedade de Caza e Pesca do Barbanza	Debe aclararse qué condición ten o gando mostrenco sen identificar.	NON	Considéranse como bens mostrencos os bens abandonados e que carecen de dono coñecido. Os ben inmobles abandonados son propiedade do Estado, no seu sentido literal, e dicir da Administración Xeral do Estado e non das CC.AA., (STC 58/82 de 27 de xullo). Os de carácter moble, (os animais teñen esa consideración), rexeranse polas regras do CC. (respecto dos silvestres, por ocupación 610 e segs.), e polas leis especiais.
3	Dirección Xeral de Producción Agropecuaria.	<p>3.1 Considera que a súa redacción debería ser: Son obxecto de caza os exemplares pertencentes ás especies que se declaren regulamentariamente como cinexéticas, polo órgano competente en materia de caza, que dende ese momento terán a consideración de pezas de caza se teñen a condición de animais en liberdade ou están ubicados en explotacións cinexéticas.</p> <p>Dado que animais pertencentes a estas especies poden ter outras finalidades, (animais de compañía, de exhibición nun núcleo zoolóxico etc.</p> <p>3.2. Considera que debe suprimirse dado que non está definido o concepto de “animal doméstico”.</p>	NON	<p>Considérase que un animal deixa de ser doméstico cando non convive co home, (cans asilvestrados, cotorras asilvestradas, visóns, gatos, etc..).</p> <p>A definición dos animais (salvaxes, domesticados e domésticos) procede da lei de caza de 1902. O Código Civil, p.ex., usa esta clasificación, pero non define as distintas categorías de animais. Os animais son pezas cinexéticas cando son declarados como tales pola normativa de caza.</p>
3	Presidentes de Tecores, Gardas particulares de campo e técnicos. Representantes dalgunhas sociedades de caza de A Coruña Sociedade Galega de Historia Natural	Proponse que se defina cando o animal doméstico perde esa condición.	NON	Considérase que un animal deixa de ser doméstico cando perde o hábito de convivencia co home, (cans asilvestrados, cotorras asilvestradas, visóns, gatos, etc..).
3	Clubs e cazadores de caza maior de Galicia	Proponse incrementar a redacción do punto 3.2 co seguinte texto: No caso de abater animais de especies non cinexéticas asilvestradas ou daniñas a criterio das autoridades competentes na materia, esta acción non terá a consideración de caza, será un servizo de interese público e social que a caza presta ao interese xeral.	NON	Para o control de especies non cinexéticas que ocasionen danos ou non, poderían utilizarse métodos ou procedementos propios da actividade cinexética, pero isto non quere dicir que esta práctica se poida considerar caza, non tendo porque regularse nin figurar na Lei de caza.
3	UNITEGA	<p>Proponse a seguinte redacción:</p> <p>1. Son obxecto da caza as especies de fauna silvestre ou os animais de produción criados con fins cinexéticos, declarados como pezas de caza.</p> <p>2. Tamén poderán ser obxecto de caza, previa autorización, as especies incluídas no catálogo nacional de especies invasoras, sempre co fin de preservar o patrimonio natural, os bens ou as persoas. Esta cuestión desenrolarase regulamentariamente.</p>	NON	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Non se declaran pezas de caza senón que se consideran pezas de caza aqueles exemplares pertencentes ás especies declaradas como cinexéticas, independentemente de que sexan silvestres ou de produción.</li> <li>- A caza unicamente se pode practicar sobre as especies declaradas como cinexéticas, polo tanto non poden incluírse as invasoras porque non todas son cinexéticas.</li> </ul>
3	Particulares. Asociación de veciños San Breixo de Seixalbo. Amigos da Terra.	Proponse que ao final do apartado 1 se inclúa o seguinte parágrafo: “...e o seu aproveitamento cinexético deberá acomodarse, en todo caso, ás normas que anualmente aprobe a Consellería competente en materia cinexética...”	NON	Considérase que non é necesario realizar esta matización. Polo obvio que resulta, parece innecesario referencia esa precisión.
3	Federación ecoloxista galega.	Proponse engadir un apartado co seguinte contido: Quedarán excluídas como especies cazables as especies alóctonas de acordo co disposto nos artigos 52, 61 e 62.3 da Lei 42/2007.	NON	As especies cazables deben estar incluídas dentro das declaradas como cinexéticas, polo que de acordo co establecido no artigo 5 do borrador, serán especies cinexéticas as declaradas obxecto de caza mediante Orde do titular da consellería competente en materia de caza.
5	Particulares. Asociación de veciños San Breixo de Seixalbo. Amigos da Terra.	<p>Proponse engadir os seguintes apartados:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Coa mesma finalidade, dentro das especies de caza menor distínganse as migratorias das que non o son, e de maneira diferenciada as aves acuáticas.</li> </ul>	NON	Non se considera necesario facer esta diferenciación nas especies de caza menor, pois os períodos hábiles de caza establécense mediante unha orde anual e por especies sen necesidade de dita clasificación e o tipo de munición a utilizar diferenciando caza menor e maior xa se establece na Lei sen necesidade de entrar a clasificar dentro desta

		<p>Coa finalidade de saber o tipo de munición a empregar e o período hábil de caza de cada especie, seguindo uns principios de xestión cinexética sostible.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Así mesmo consideraranse separadamente as especies cinexéticas predadoras que poidan exercer sensibles efectos sobre as restantes especies obxecto da caza.</li> </ul> <p>Coa finalidade de manter as poboacións faunísticas nos niveis axeitados.</p>		<p>diferenciación.</p> <p>Tampouco se considera realizar a clasificación diferenciando as especies cinexéticas predadoras para lograr a finalidade exposta.</p> <p>Non teñen no corpo da lei diferenza algunha de trato, polo que se eliminou do texto primitivo esta diferenciación.</p> <p>Todos os animais que se alimentan doutros son en puridade depredadores, soamente os herbívoros escapan desta clasificación, pero non parece que sexa intención do alegante.</p>
5.2.	UNITEGA	<p>Proponse a seguinte redacción:</p> <p>Para os efectos de planificación, ordenación e aproveitamento cinexético, as especies de caza clasifícanse en dous grandes grupos:</p> <p>a) Especies de caza maior</p> <p>b) Especies de caza menor:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Sendentarias.</li> <li>- Migratorias.</li> </ul>	NON	<p>Non se considera necesario realizar múltiples clasificacións cando estas non están orientadas a unha finalidade clasificadora.</p>
5.2.b.	Matar por matar non	<p>Non se diferencian nas especies de caza menor as migratorias e as acuáticas.</p>	NON	<p>Non se considera necesario realizar múltiples clasificacións cando estas non están orientadas a unha finalidade clasificadora.</p> <p>Non teñen peculiaridades respecto do seu aproveitamento cinexético que puideran xustificar esa clasificación.</p>
<p><b>Unha vez realizados os cambios correspondentes ás alegacións estimadas, e os cambios propostos pola Asesoría Xurídica, os artigos que no borrador eran o nº 3 e 5 pasan a ser o nº 3, coa seguinte redacción.</b></p>		<p>Artigo 3.Obxecto da caza.</p> <p>1. Son obxecto da caza os exemplares pertencentes ás especies que se declaren como cinexéticas, que dende ese momento terán a condición de pezas de caza.</p> <p>2. Son especies cinexéticas as declaradas obxecto de caza mediante Orde da persoa titular da consellería competente en materia de caza.</p> <p>3. As especies protexidas e os animais domésticos non poderán ser obxecto da caza.</p> <p>4. Para os efectos de planificación, ordenación e aproveitamento cinexéticos, as especies cinexéticas clasifícanse en dous grandes grupos:</p> <p>a) Especies de caza maior</p> <p>b) Especies de caza menor.</p>		
Artigo	Alegacións de	Contido da alegación	Aceptación	Observacións
6	Amigos da Terra	<p>Propón a inclusión do seguinte texto: Titularidade</p> <p>Os dereitos e as obrigas establecidos nesta lei, en canto se relacionan cos terreos cinexéticos, corresponderalles aos propietarios ou, se é o caso, ós titulares doutros dereitos reais ou persoais que leven consigo o uso e desfrute do aproveitamento da caza.</p>	NON	<p>Non parece razoable que quen non aproveita a caza, teña que facer fronte a obrigas que se derivan dela.</p>
6.2.	Sociedade de cazadores de Portas. Federación Galega de Caza APROCA Galicia	<p>Propón facer os seguintes cambios: "... ten dereito a cobrala aínda que entre en terreos de titularidade allea debendo entrar a cobrala coa arma descargada."</p>	NON	<p>Non se pode autorizar a entrada en finca allea con carácter xeral e indiscriminado para evitar que con cargo a esa autorización legal se siga cazando nese terreo.</p>
6.2.	Matar por matar non	<p>Considerase que para cobrar a peza de caza o cazador debe entrar sen arma e sen cans.</p>	NON	<p>Esta proposta supón que o cazador debe abandonar a arma e os cans nun lugar fóra do terreo para o cal non ten permiso para cazar, algo que non se considera adecuado.</p>
6.2.	UNITEGA	<p>Proponse a seguinte redacción:</p> <p>O cazador que fira a unha peza de caza dentro dun terreo onde lle estea permitido cazar, ten dereito a cobrala aínda que entre en terreos de titularidade allea, debendo entrar a cobrala coa arma descargada.</p>	NON	<p>Non se pode autorizar a entrada en finca allea con carácter xeral e indiscriminado para evitar que con cargo a esa autorización legal se siga cazando nese terreo.</p>
6.2.	Sociedade Galega de Cetrería	<p>Proponse contemplar o dereito que debe ter o cetreiro a recuperar a ave de presa en terreos para os que non está autorizado a practicar a caza.</p>	Parcialmente	<p>Incluírase un apartado independente no artigo que regule esta actividade.</p>
6.3.	Sociedade de cazadores de Portas. APROCA Galicia	<p>Propón eliminar "cos cans atados"</p>	NON	<p>Poderíase entrar cun can que siga o rastro, pero se deixa liberdade para que os cans entren libremente burlándose o espírito da norma que, hai que recordalo é do recuperar unha peza.</p>
6.3.	Particular.	<p>Propón redactar este punto da seguinte maneira: "En terreos cinexéticos acoutados abertos, e para pezas de caza maior, non será necesario consentimento do titular do dereito real sobre o terreo, sempre que aquela dea rastro de sangue, e os cans continúan a súa persecución. O cazador entrará a cobrar a peza coa arma descargada, podendo cargala só e exclusivamente coa finalidade de darlle captura a peza, poñendo fin ao seu sufrimento o que se entende por rematala.</p>	NON	<p>O criterio que propón é de moi difícil demostración, amais diso os cans puideron perder o rastro mentres o cazador segue a perseguir a peza ferida ou abatida, mantendo a súa intención de cobrala, que é o elemento subxectivo fundamental para manterse no dereito para cobrar a peza de caza.</p>
6.3.	Clubs e cazadores de caza maior de Galicia	<p>Proponse incrementar a redacción deste apartado incluíndo: "coa forza mínima de cans precisa, coa arma descargada en xeral, permitiéndose soamente a acción de cargala inmediatamente antes do remate da peza, si fose preciso evitarlle sufrimentos".</p>	NON	<p>Coa redacción proposta establece a obriga de determinar cal é a forza mínima de cans que se precisa, algo imposible de determinar a priori, dado que o mínimo será un can pero o mínimo preciso obriga a entrar a valorar as condicións dese can ou cans, así como a redacción existente establece que o cazador ten que entrar coa arma descargada pero non</p>



				prohibe que unha vez localizada a peza ferida, si esta está con vida, se lle permita o seu remate e cobro. Pode ser na mesma cacería se xurde unha disputa entre dous o mais cazadores tamén.
6.3.	UNITEGA	Propónse a seguinte redacción: En terreos cinexéticos acoutados abertos, e para pezas de caza maior, non será necesario consentimento do titular do dereito real sobre o terreo, sempre que aquela dea rastro de sangue, e o cazador entre a cobrar a peza coa arma descargada. Cando o terreo alleo estivese cercado, de tal forma que se impida o acceso físico ao cazador e aos cans, ou no caso de que a peza non fose visible dende o linde, o cazador necesitará autorización do titular do dereito real sobre o terreo para entrar a cobrala. O que se negase a conceder o seu consentimento para o acceso estará obrigado a entregar a peza ferida ou morta, sempre que fose achada e puidera ser aprehendida.	NON	En terreos cercados considérase que independentemente de que a peza dea ou non rastro de sangue, cando se trata de pezas de caza maior precisase do consentimento do titular do aproveitamento cinexético para entrar a realizar o seu cobro.
6.3.	Representantes dalgunhas sociedades de caza de Pontevedra Particulares.	Propónse a seguinte redacción: En terreos cinexéticos acoutados abertos, e para pezas de caza maior, non será necesario consentimento do titular do dereito real sobre o terreo, sempre que aquela dea rastro de sangue, e os cans continúen a súa persecución. O cazador entrará a cobrar a peza de caza coa arma descargada, podendo cargala só e exclusivamente coa finalidade de darlle captura á peza, poñendo fin ao seu sufrimento o que se entende por rematala.	NON	En terreos cercados considérase que independentemente de que a peza dea ou non rastro de sangue, cando se trata de pezas de caza maior precisase do consentimento do titular do aproveitamento cinexético para entrar a realizar o seu cobro.  O que se establece neste precepto é o dereito a cobrar a peza que se atopa en terreos alleos e que vai ferida e deixa rastro de sangue. Neste caso o cazador ao perseguir a peza manifesta o seu interese en cobrar a peza sobre a que a lei lle recoñece o dereito de ocupación. Ten que entrar coa arma descargada, para amosar que non segue cazando en terreos non autorizados, pero nada se opón a que, unha vez localizada a peza ferida poida rematala coa súa arma. Parece que a redacción do anteproxecto é suficientemente clara.
6.4.	Sociedade de cazadores de Portas.	Propón eliminar “en tanto dure a persecución”	NON	Considérase que este parágrafo debe permanecer, dado que cando un cazador levanta unha peza e esta está sendo perseguida polos seus cans debería respectarse o lance mentres este dure.
6.5.	Sociedade de cazadores de Portas.	Propón eliminar “e teña unha razoable posibilidade de cobrala.”	NON	Considérase que este parágrafo debe permanecer, precisamente para establecer o período de tempo durante o cal calquera cazador debe absterse de intentar abater a peza de caza levantada por outro.
6.5.	Clubs e cazadores de caza maior de Galicia	Propónse engadir o seguinte parágrafo á explicación para entender que unha peza de caza é perseguida, “sen que esta acción interfira no desenvolvemento doutra cacería distinta”.	NON	Coa redacción proposta establecece a obriga de determinar cando se interfere ou non noutra cacería, cos problemas que poderían xurdir.
6.5.	UNITEGA	Propónse a seguinte redacción: Entenderase que unha peza de caza é perseguida cando o cazador que a levantou, con ou sen axuda de can ou outros medios, vaia no seu seguimento.	NON	Non se considera adecuada esta redacción, pois ir no seu seguimento supón unha situación que da lugar a moitas interpretacións.
6.6.	Clubs e cazadores de caza maior de Galicia	Propónse incluír na redacción o seguinte parágrafo: “que cando medie invitación gratuíta do propietario dos dereitos cinexéticos, o trofeo será propiedade do anfitrión, que será quen decida o seu destino”.	NON	Na Lei establécese a norma xeral para determinar a quen lle corresponde a propiedade da peza de caza, (non unicamente do trofeo), despois a relación entre particulares para repartir trofeos ou carnes das pezas de caza é algo que non debe figurar no texto da Lei de caza. Esta é unha consecuencia do réxime civil da propiedade, os animais, que poden ser ocupados, como é o caso porque esta morto, acceden a propiedade
6.7.	APROCA Galicia Federación Galega de Caza	Propónse incluír este novo apartado coa seguinte redacción: Cando o cazador practique a cetrería, e a persecución da peza se inicie en terreo onde lle está permitido cazar, pero a captura da peza se produza en terreo estremeiro, poderá entrar neste a recuperar a peza e a ave.	Parcialmente	Para a recuperación da peza de caza será de aplicación o establecido no texto, e o procedemento a seguir para a recuperación da ave de cetrería será contemplado noutro artigo, (considerando a ave de cetrería como un medio de caza).
<b>Unha vez realizados os cambios correspondentes ás alegacións estimadas, e os cambios propostos pola Asesoría Xurídica, o artigo que no borrador era o nº 6 pasa a ser o nº 5, coa seguinte redacción.</b>		<p>Artigo 5. A propiedade das pezas de caza.</p> <p>1. Cando a acción de cazar se axuste ás prescricións desta lei, o/a cazador/a adquire a propiedade das pezas de caza mediante a ocupación. Entenderanse ocupadas as pezas de caza dende o momento da súa morte ou captura.</p> <p>2. O/a cazador/a que fira a unha peza de caza dentro dun terreo onde lle estea permitido cazar, ten dereito a cobrala aínda que entre en terreos de titularidade allea, sempre que fose visible dende o linde, debendo entrar a cobrala coa arma descargada, e cos cans atados.</p> <p>3. Cando o cazador entre en tecores alleos, tratándose de pezas de caza maior, non será necesario consentimento do/a titular do dereito cinexético do terreo, sempre que aquela dea rastro de sangue, e o/a cazador/a entre a cobrar a peza cos cans atados e coa arma descargada. Cando o terreo alleo estivese cercado ou no caso de que a peza non fose visible dende o linde, o/a cazador/a necesitará autorización do/a titular do dereito cinexético do terreo para entrar a cobrala. O/a que se negase a conceder o seu consentimento para o acceso estará obrigado/a a entregar a peza ferida ou morta, sempre que fose achada e puidera ser aprehendida.</p> <p>4. Cando un/unha ou varios/as cazadores/as levantasen e perseguisen unha peza de caza, calquera outro/a cazador/a deberá absterse, en tanto dure a persecución, de abater ou intentar abater a devandita peza.</p> <p>Entenderase que unha peza de caza é perseguida cando o/a cazador/a que a levantou, con ou sen axuda de can ou outros medios, vaia no seu seguimento e teña unha razoable posibilidade de cobrala.</p> <p>5. Na acción de cazar, cando haxa dúbidas respecto da propiedade das pezas de caza, aplicaranse os usos e costumes do lugar. No seu defecto, o dereito de propiedade sobre a peza cobrada corresponderá ao/á cazador/a que lle tivese dado morte, se se trata de pezas de caza menor, e ao/á autor/a do primeiro sangue, cando se trate de pezas de caza maior.</p>		

Artigo	Alegacións de	Contido da alegación	Aceptación	Observacións
8	Sociedade Galega de Historia Natural	2. Incluir ao resto das especies faunísticas	NON	A protección, fomento e aproveitamento doutras especies é obxecto doutras leis
8	Clubs e cazadores de caza maior de Galicia	Propónse incluír outro apartado que faga referencia á caza en terreos non cinexéticos.	NON	Neste artigo trátanse os terreos cinexéticos.
<b>Unha vez realizados os cambios correspondentes ás alegacións estimadas, e os cambios propostos pola Asesoría Xurídica, o artigo que no borrador era o nº 8 pasa a ser o nº 7, coa seguinte redacción.</b>		<b>Terreos cinexéticos</b>		
		Artigo 7. Definición. 1. Son terreos cinexéticos aqueles nos que está permitido o exercicio da caza. 2. A declaración de terreos cinexéticos ten como finalidade o aproveitamento ordenado e sostible das especies cinexéticas, asegurando a súa protección e fomento.		
Artigo	Alegacións de	Contido da alegación	Aceptación	Observacións
9	Asociación española de cetrería.	Propónse incluír un terceiro apartado, para permitir a cetrería nas zonas habitadas, áreas industriais e vías públicas.	NON	Na propia definición de terreo non cinexético, se establece a posibilidade de autorizar o exercicio excepcional da caza nuns casos taxados, (razóns de seguridade, etc), polo que a cetrería podería ser utilizada nestes casos como unha modalidade máis a utilizar baixo estas condicións e con autorización especial, tal e como se establece no artigo, pero considérase que non se pode autorizar con carácter xeral como se propón.
9	UNITEGA	Propónse a seguinte redacción: Son terreos non cinexéticos aqueles nos que por expresa declaración desta lei ou por resolución administrativa, se estableza a prohibición de cazar. Todo iso sen prexuízo de que a Administración competente en materia de caza poderá executar controis de poboación ou autorizar o exercicio excepcional da caza por razóns técnicas, de seguridade, científicas, sanitarias ou sociais, en colaboración cos colectivos de cazadores.	NON	Non ten porqué expresarse na definición dos terreos non cinexéticos unha actuación que está regulada noutro artigo da Lei, (autorizacións especiais artigo 69 do anteproxecto).
9	Clubs e cazadores de caza maior de Galicia	Propónse que nas autorizacións especiais que se poidan conceder para cazar nestes terreos, se conceda prioridade á caza social de Galicia fronte a outras opcións con maior ou menor profesionalidade.	NON	Considérase que corresponde á Lei establecer a posibilidade de conceder estas autorizacións, deixando para a normativa que a desenvolva a posibilidade de establecer prioridades ou posibles condicións a ter en conta na súa concesión.
9.1.	Asociación animalista LIBERA	Alégase que non existe un procedemento simplificado para que os propietarios de terreos poidan esixir que non se cace nos seus espazos.	NON	No apartado segundo do artigo 16 do borrador, reflíctese que será regulamentariamente onde se determine o procedemento para declarar un terreo como non cinexético. No artigo 9 defínense os terreos que se consideran non cinexéticos, sinalando que nos mesmos está prohibido cazar. Se a alegación vai no senso de que se estableza un procedemento simplificado para declarar outros espazos, habería que xustificar porque se interesa.
9.2.	Sociedade de cazadores de Portas.	Propón facer os seguintes cambios: "... por razóns técnicas, de seguridade, científicas, sanitarias ou sociais, en colaboración co colectivo de cazadores."	NON	Neste artigo estase a referir a terreos non cinexéticos, polo que non se considera necesario centrar exclusivamente no colectivo de cazadores as posibles accións de control de poboación.
9.2.	Asociación animalista LIBERA	Considérase necesario establecer un anexo que regule a tipoloxía de controis e cando terán lugar.	NON	Na propia redacción establécense as causas que poden motivar a adopción de controis de poboación, polo tanto adoitanse as accións cando se produzan ditas causas. A tipoloxía das accións terá que establecerse en función das circunstancias particulares de cada caso, motivo polo cal non poden enumerarse no texto da lei.
9.2.	Asociación Lobo	Propónse que cando en terreos non cinexéticos se conceda autorizacións excepcionais para o exercicio da caza, sexan controladas sempre por axentes da Consellería responsable de caza.	NON	Na autorización concedida será onde se reflíctan as condicións que se deben cumprir para a súa realización.
9.2.	Particulares. Asociación de veciños San Breixo de Seixalbo. Amigos da Terra	Propónse incluír un parágrafo no que se especifique que a caza nestes terreos estará permanentemente prohibida sen prexuízos que por circunstancias especiais, a consellería competente en materia cinexética acorde a súa autorización para determinadas especies e circunstancias.	NON	Estas condicións xa están recollidas na redacción actual.
9.2.	Sociedade Galega de Historia Natural	Propónse concretar as razóns técnicas e sociais	NON	Non é posible, sen risco de deixar fora moitas delas, as razóns técnicas ou sociais, que poden xustificar a declaración dun terreo como non cinexético, deben primar as razóns de interese público que preside con carácter xeral o actuar administrativo. .
<b>Unha vez realizados os cambios correspondentes ás alegacións estimadas, e os cambios propostos pola Asesoría Xurídica, o artigo que no borrador era o nº 9 pasa a ser o nº 30, coa seguinte redacción.</b>		<b>Terreos non cinexéticos</b>		
		Artigo 30. Definición. 1. Son terreos non cinexéticos aqueles nos que por expresa declaración desta lei ou por resolución da consellería competente en materia de caza, se estableza a prohibición de cazar. 2. Nos devanditos terreos, a consellería competente en materia de caza poderá executar controis de poboación ou autorizar o exercicio excepcional da caza por razóns técnicas, de seguridade, científicas, sanitarias ou sociais.		
Artigo	Alegacións de	Contido da alegación	Aceptación	Observacións
10	Sociedade de cazadores de	Propón eliminar o apartado d) "Vías públicas"	SI	Acéptase esta proposta, incluído este apartado como zona de seguridade.

	Portas. Federación Galega de Caza			
10	Dirección Xeral de Producción Agropecuaria.	Considera que dentro deste apartado deben incluírse os terreos das explotacións gandeiras de animais de produción, sen actividade cinexética, que contén cunha delimitación perimetral concreta.	NON	Esto non é exactamente así, dado que presúmese que se pode cazar onde non estea prohibido ou onde non entre a caza en colisión con dereitos de maior entidade. De tódolos xeitos si os titulares non queren que se cace, basta con que o fagan saber, ben con carteis, ben con valados o con obstáculos que impidan o normal acceso ás leiras.
10	Clubs e cazadores de caza maior de Galicia	Proponse que ao final da clasificación dos terreos non cinexéticos se inclúa un parágrafo indicando: “que non se considerará acción de cazar a utilización de aves rapaces ou outros medios animais ou materiais destinados ao control de especies que a administración considere perigosas ou que ocasionen danos nestes ámbitos.	NON	Independentemente da clasificación dos terreos a efectos cinexéticos, no artigo 2 do anteproxecto de Lei defínese a acción de cazar. Amais de que non se lle ve utilidade algunha a limitar as razóns que poden xustificar a práctica da caza.
10	Sociedade Galega de Historia Natural	Propón a inclusión de dúas novas figuras: e) Zonas de seguridade. f) Todos os que non teñan a consideración de terreos cinexéticos.	NON	As zonas de seguridade son terreos cinexéticos nos que esta prohibido o exercicio da caza. As zonas non cinexéticas, tal como di o artigo anterior son aqueles nos que por prescripción legal ou administrativa estea prohibido cazar. A proposta contén unha obviedade que non se xustifica.
10	Matar por matar non	Proponse incluír as zonas de exclusión como terreos non cinexéticos.	NON	Non se considera esta proposta dado que estes terreos non teñen as condicións nin características para consideralos como non cinexéticos. Teñen a mesma protección legal manténdose como cinexéticos e evita inseguridade xurídica.
10	Asociación Lobo	Proponse incluír como terreos non cinexéticos: - Os parques nacionais e parques naturais. - Áreas da rede natura 2000 con denominación ZEPA.	NON	Considérase que ditos espazos non reúnen as características para ser considerados como terreos non cinexéticos, independentemente de que se autorice ou non a caza nos mesmos. De tódolos xeitos, a caza nestes espazos regúlase polas súas normativas específicas.
10	APROCA Galicia	Proponse excluír as vías públicas de terreos non cinexéticos.	SI	Acéptase esta proposta, incluído este apartado como zona de seguridade.
10, 11 e 12	Clubs e cazadores de caza maior de Galicia	Proponse a anulación destes tres artigos por entender que non corresponde á lei de caza establecer estas figuras de protección.	NON	Considérase que a declaración de refuxios de fauna é unha competencia desta lei, creando esta figura e regulando a súa declaración, independentemente de que noutra lexislación se contemplan figuras de protección que non teñen porque ter a mesma finalidade que os refuxios de fauna. A lei enuncia os espazos cinexéticos en sentido positivo e negativo, de facelo doutro xeito xeraría unha grande inseguridade xurídica, porque habería de aclararse en cada caso se cada terreo é ou non é susceptible de ser aproveitado cinexéticamente.
<b>Unha vez realizados os cambios correspondentes ás alegacións estimadas, e os cambios propostos pola Asesoría Xurídica, o artigo que no borrador era o nº 10 pasa a ser o nº 31, coa seguinte redacción.</b>		Artigo 31. Clases. Para os efectos da presente lei, os terreos non cinexéticos clasifícanse en: a) Os refuxios de fauna. b) Zonas habitadas. c) Áreas industriais. d) Outros terreos non cinexéticos, que sexan declarados como tales.		
Artigo	Alegacións de	Contido da alegación	Aceptación	Observacións
11	Sociedade Galega de Historia Natural	Proponse a seguinte redacción: Son refuxios de fauna os terreos susceptibles de aproveitamento cinexético onde por razóns de carácter biolóxico, científico ou educativo, a caza estará permanentemente prohibida, co fin de asegurar a conservación de determinadas especies da fauna silvestre e/ou flora.	NON	Nesta lei a caza subtráese o aproveitamento cinexético <i>ab initio</i> , non é unha zona de seguridade. En todo caso, non asegura a redacción proposta unha maior protección destes espazos nin mellora tecnicamente o texto legal
11	Federación ecoloxista galega.	Proponse cambiar a denominación dos refuxios de fauna por refuxios da vida silvestre, permitindo incluír deste xeito as especies de flora.	NON	Esta figura declararase en función das razóns establecidas neste artigo, podendo estar motivada dita declaración pola conservación tanto de especies de flora como de fauna, non influíndo para elo a súa denominación.
11.2.	Clubs e cazadores de caza maior de Galicia	Proponse engadir ao punto 11.2. o seguinte parágrafo: “tales como superpoboacións ou control de depredadores, que non teñan relación directa coas especies a protexer neses espazos”.	NON	Na Lei establécese a posibilidade de autorizar por circunstancias especiais a caza nestes terreos, sen ter que acoutar ditas circunstancias especiais.
11.2.	Colexio oficial de biólogos de Galicia.	Proponse que a caza nos refuxios de fauna unicamente se poida permitir por razóns biolóxicas, científicas ou sanitarias.	Parcialmente	Considéranse como razóns para xustificar a caza nos refuxios de fauna as técnicas, de seguridade, científicas, sanitarias ou sociais.
11.2.	Asociación Lobo	Proponse que cando se conceda autorizacións excepcionais para o exercicio da caza nesta zonas, sexan controladas sempre por axentes da Consellería responsable de caza.	NON	Na autorización concedida será onde se reflectan as condicións que se deben cumprir para a súa realización.
<b>Unha vez realizados os cambios correspondentes ás alegacións estimadas, e os cambios propostos pola Asesoría Xurídica, o artigo que no borrador era o nº 11 pasa a ser o nº 32, coa seguinte redacción.</b>		Artigo 32. Refuxios de fauna. 1. Son refuxios de fauna os terreos que queden subtraídos ao aproveitamento cinexético por razóns de carácter biolóxico, científico ou educativo, co fin de asegurar a conservación de determinadas especies da fauna silvestre. 2. Nestas áreas, a caza estará permanentemente prohibida, sen prexuízo de que por circunstancias especiais, a consellería competente en materia de caza poderá executar controis de poboación ou autorizar o exercicio excepcional da caza por razóns técnicas, de seguridade, científicas, sanitarias ou sociais.		

Artigo	Alegacións de	Contido da alegación	Aceptación	Observacións
12	Clubs e cazadores de caza maior de Galicia	Proponse a creación de refuxios de fauna ou vedados de menor, maior e mixtos, establecéndose a obriga de motivar na declaración do refuxio cal é o obxectivo de protección e si se declara para especies de maior, menor ou mixtos.	NON	Estanse a confundir os vedados, (que se aproban nos Tecor para fomentar determinadas especies e protexelas da acción da caza, nos cales con carácter xeral prohibese o exercicio da caza, artigo 31 do borrador), cos refuxios de fauna que son terreos subtraídos ao aproveitamento cinexético nos que existe unha necesidade de conservar e fomentar as poboacións de especies de fauna silvestre. Os vedados son espazos para a xestión das poboacións cinexéticas. Distinguir os que protexen caza maior menor, poden dificultar a súa xestión.
12	ADEGA	1º. Propón que se creen refuxios de fauna tamén polos titulares dos terreos 2º. Que se solicite permiso aos titulares das terras 5º. Limitar a existencia do tecor afectado a que conserve alomenos 1.000 Has.	NON	A creación dun refuxio de fauna non pode ser realizada polo titular dos terreos, dado que a súa declaración require un recoñecemento e autorización administrativa. Non ten porqué solicitarse permiso aos titulares das terras, senón en todo caso aos titulares dos aproveitamentos cinexéticos. Trátase dunha situación sobrevida que non parece xusto limite os dereitos que tiñan os titulares cinexéticos.
12.1. e 12.2.	Organización Galega de mvmc	Proponse que a creación dun refuxio de fauna poida promoverse polos titulares dos terreos, e para que poida constituírse debe contarse con autorización expresa dos titulares das terras.	NON	Considérase que as razóns polas cales se motiva a creación dun refuxio de fauna teñen que estar avaladas por un colectivo cuxos fins sexan os valores a protexer. O titular dun terreo non é o dono das especies silvestres que poidan habitar no mesmo, polo que a conservación e fomento das poboacións de especies de fauna silvestres suxeitas a un réxime de protección, (motivación para a creación dun refuxio de fauna), non precisa da autorización do titular dos terreos.
12.2.	Colexio oficial de biólogos de Galicia.	Proponse que a creación dos refuxios de fauna tamén se poida promover por asociacións, fundacións e ONGs cuxos obxectivos sexan a defensa e conservación do medio ambiente e do patrimonio natural.	SI	Acéptase esta proposta, incluíndo na redacción deste apartado os fins medioambientais.
12.2.	Sociedade Galega de Historia Natural	Proponse a seguinte redacción: A creación de refuxios de fauna silvestre se poderá promover a instancia de entidades públicas e privadas cuxos fins sexan culturais, deportivos ou científicos, acompañando á solicitude, a xustificación do dereito de propiedade ou o documento de cesión correspondente, xunto cunha memoria xustificativa da súa conveniencia e finalidade. No punto 5 aparece a figura de "Refuxio de Caza" e non consta no borrador do anteproxecto a definición desta figura.	NON	A declaración dun refuxio de fauna supón unha limitación de uso cinexético dun territorio sobre o que a Administración exerce as súas potestades administrativas lexítimas, nada ten que ver coa titularidade dominical dos terreos. A definición de refuxio de fauna está no artigo 11 do borrador.
12.2.	UNITEGA	Propón a seguinte redacción: A creación de refuxios de fauna silvestre tamén se poderá promover a instancia de entidades públicas e privadas cuxos fins sexan científicos ou cinexéticos, acompañando á solicitude unha memoria xustificativa da súa conveniencia e finalidade.	SI	Á proposta doutros colectivos estimouse incluír os fins medioambientais, considerándose os cinexéticos incluídos nos mesmos.
12.4	Asociación Lobo	Proponse que para a supresión dun refuxio de fauna teña que existir un informe contrastado entre a Consellería responsable da caza e investigadores da Universidade ou do CSIC.	NON	No propio artigo se cita como condición a tramitación polo mesmo procedemento establecido para a súa creación, polo tanto ten que estar convenientemente xustificado, independentemente de quen promova o expediente.
12.5	Organización Galega de mvmc	Proponse que si como consecuencia da declaración dun refuxio de fauna, un Tecor diminúa a súa superficie, a resultante teña que ser superior a 1000 ha.	NON	Trátase dunha situación sobrevida que non parece xusto limite os dereitos que tiñan os titulares cinexéticos.
<b>Unha vez realizados os cambios correspondentes ás alegacións estimadas, e os cambios propostos pola Asesoría Xurídica, o artigo que no borrador era o nº 12 pasa a ser o nº 33, coa seguinte redacción.</b>		<p>Artigo 33. A creación de refuxios de fauna.</p> <p>1. A creación de refuxios de fauna poderase promover de oficio pola Xunta de Galicia. O expediente iniciarase a instancia do servizo competente en materia de caza da xefatura territorial correspondente xustificando a conveniencia da súa creación, atendendo ás razóns expostas no artigo anterior.</p> <p>2. A creación de refuxios de fauna silvestre tamén se poderá promover a instancia de entidades públicas e privadas cuxos fins sexan culturais, deportivos, científicos ou medioambientais, acompañando á solicitude unha memoria xustificativa da súa conveniencia e finalidade.</p> <p>3. Corresponde á consellería competente en materia de caza, a tramitación do procedemento para a creación dos refuxios de fauna. Sen prexuízo do seu ulterior desenvolvemento regulamentario, no procedemento de creación haberá de incluírse en todo caso, un trámite de información pública. A creación dun refuxio de fauna efectuarase mediante orde da persoa titular da consellería competente en materia caza.</p> <p>4. A modificación dos límites, ou a súa supresión, tramitarase polo procedemento establecido para a súa creación.</p> <p>5. Os TECOR afectados pola declaración dun refuxio de fauna, non perderán tal condición se por causa desta, visen reducido o seu territorio por debaixo da superficie mínima esixida para a súa declaración como TECOR, nos termos establecidos no artigo 11.2.</p> <p>6. A administración, control e vixilancia dos refuxios de fauna correspóndelle á consellería competente en materia de caza.</p>		
Artigo	Alegacións de	Contido da alegación	Aceptación	Observacións
13	Sociedade Galega de Historia Natural	Inclúe amais dos descritos neste precepto as zonas de seguridade	NON	Existe unha confusión nos conceptos. Hai terreos nos que a lei prohibe cazar, pasear con armas ou con cans dispostos para ela e outros nos que por razóns de seguridade se limita o exercicio do dereito a cazar, pero no que si se pode transitar con armas, cans e outros medio legais de caza.

13	ADEGA	Propón definir os termos “núcleos urbanas e rurais”	NON	Non se explicita se existe ou ten que aportarse unha definición legal de eses termos.
13	Organización Galega de mvmc	Proponse reflectir a definición legal de núcleos de poboación rurais e urbanos.	NON	Núcleo rural e núcleo urbano son dous termos xurídicos indeterminados, como reconece o TS, sobre os cales se ten tentado unha delimitación conceptual sen conseguirse. O dicionario da R.A.E. equipara o concepto de zona urbana a casco urbano e o define como: Conxunto de edificacións dunha cidade, ata onde remata a súa agrupación. E rural como: Pertencente ou relativo á vida do campo e as súas labores.
13	UNITEGA	Propón a seguinte redacción: Considéranse zonas habitadas os núcleos de poboación urbanos e rurais, os parques urbanos e periurbanos de recreo, os aeroportos e os lugares de acampada permanente. Excepcionalmente poderase autorizar neles o exercicio da caza con medios ou artes que non poñan en risco ás persoas ou aos bens afectados.	NON	Non ten porqué expresarse na definición de zonas habitadas unha actuación que está regulada noutro artigo da Lei, (autorizacións especiais artigo 69 do anteproxecto).
<b>Unha vez realizados os cambios correspondentes ás alegacións estimadas, e os cambios propostos pola Asesoría Xurídica, o artigo que no borrador era o nº 13 pasa a ser o nº 34, coa seguinte redacción.</b>		Artigo 34. Zonas habitadas. Considéranse zonas habitadas os núcleos de poboación urbanos e rurais, os parques urbanos e periurbanos de recreo, os aeroportos e os lugares de acampada permanente.		
Artigo	Alegacións de	Contido da alegación	Aceptación	Observacións
14	Presidentes de Tecores, Gardas particulares de campo e técnicos. Particular. APROCA Galicia	Proponse que non se consideren áreas industriais as canteiras abandonadas e parques eólicos.	SI	Acéptase esta proposta, excluindo da consideración de áreas industriais as canteiras abandonadas e os parques eólicos.
14	Sociedade de cazadores de Portas.	Propón realizar a seguinte modificación: “... os invernadoiros en canto manteñan a súa actividade e calquera outro asentamento de carácter industrial”	SI	Acéptase esta proposta.
14	Federación Galega de Caza	Propón engadir ao final do parágrafo. “en canto manteña a súa actividade, quedando excluídas as plantacións forestais e parques eólicos”	Parcialmente	Non é necesario facer referencia ás plantacións forestais dado que non son instalacións, acéptase a proposta en relación aos parques eólicos.
14	Representantes dalgunhas sociedades de caza de Pontevedra Particulares.	Proponse que non se consideren áreas industriais as canteiras abandonadas	SI	Acéptase esta proposta.
14	Sociedade de caza Corzán	Alega que a expresión “calquera outro asentamento de carácter industrial” é imprecisa.	NON	Non se aprecia tal imprecisión.
14	Amigos da Terra	Propón engadir as explotacións	NON	Pouco teñen que ver os pastos que forman parte dunha explotación gandeira coas áreas industriais
14	Clubs e cazadores de caza maior de Galicia	Coméntase que a redacción supón que toda a superficie de Galicia é un área industrial excepto os terreos abandonados e os de monte baixo.	NON	Confúndese a redacción, pois considérase que unha plantación agrícola ou forestal é un terreo ocupado por unha industria ou fábrica, algo que non se deduce da definición dada na Lei. Fálase no texto de instalacións non de explotacións.
14	Organización Galega de mvmc	Proponse reflectir unha definición mais concreta.	NON	Estas áreas para a afección desta Lei xa están definidas neste artigo.
14	UNITEGA	Propón a seguinte redacción: Considéranse áreas industriais os terreos ocupados polas industrias ou fábricas, as instalacións agropecuarias e forestais, e as canteiras que manteñan a súa actividade industrial, agropecuaria, forestal e extractiva.	Parcialmente	Acéptase a proposta en relación ás canteiras, non xustificándose a exclusión dos invernadoiros e outros asentamentos de carácter industrial.
14	Particulares. Asociación de veciños San Breixo de Seixalbo. Sociedade Galega de Historia Natural	Proponse engadir o termo “explotacións”	NON	Non se considera que toda a explotación agropecuaria ou forestal sexa unha área industrial.
14	ADEGA	Proponse empregar a definición legal de áreas industriais	NON	Non se explicita se existe ou ten que aportarse unha definición legal de eses termos.
<b>Unha vez realizados os cambios correspondentes ás alegacións estimadas, e os cambios propostos pola Asesoría Xurídica, o artigo que no borrador era o nº 14 pasa a ser o nº 35, coa seguinte redacción.</b>		Artigo 35. Áreas industriais. 1. Considéranse áreas industriais os terreos ocupados polas industrias ou fábricas, as instalacións agropecuarias e forestais, os invernadoiros, as canteiras e calquera outro asentamento de carácter industrial mentres manteña a súa actividade. 2. Exclúense da consideración de área industrial os parques eólicos.		
Artigo	Alegacións de	Contido da alegación	Aceptación	Observacións
15	Clubs e cazadores de caza maior de Galicia	Proponse incluír na definición de vías públicas o seguinte parágrafo: “sinalizadas mediante os correspondentes mojones que definan a identidade do titular”. Así mesmo tamén se propón incluír un parágrafo que fai referencia á realización da actividade cinexética nas vías ou pistas.	NON	Determinar o tipo de sinalización das vías públicas non corresponde a esta Lei, así como tampouco corresponde a este artigo establecer as condicións para realizar a actividade cinexética en vías ou pistas, pois debe tratar da definición do que se considera como vía pública aos efectos desta Lei.
15	Federación ecoloxista galega.	Considérase que este artigo non é concreto ao referirse a camiños sinalizados, dado que moitas vías públicas en Galicia carecen de sinalización.	NON	Tamén é certo que en moitos camiños se pode cazar, polo que haberá que establecer uns criterios para determinar onde se pode cazar e onde non, un destes criterios é a sinalización,

				actuación directamente relacionada coa utilización da vía.
15	UNITEGA	Propón a seguinte redacción: Para os efectos desta lei considéranse vías públicas as vías férreas, autoestradas, autovías, vías rápidas, corredores, estradas convencionais sinalizadas e os camiños públicos asfaltados que comuniquen núcleos de poboación de forma directa.	NON	Esta redacción considérase pouco axeitada, dada a presenza de numerosos núcleos de poboación dispersos, que precisamente está comunicados por estradas ou camiños, nos cales en moitos deles se considera que se podería practicar a caza.
15	Organización Galega de mvmc	Propónse utilizar a definición legal de “infraestruturas públicas”.	NON	No propio artigo se realiza unha definición do que se considera vías públicas na aplicación desta Lei. . Unha rede eléctrica, un porto, unha presa de auga, un aeroporto, son a modo exemplo, son infraestruturas que nada teñen que ver coas vías públicas
15	Sociedade de caza Corzán	Alega que a redacción “estradas convencionais e camiños públicos sinalizados” non é suficientemente explícita.	NON	Considérase a proposta de eliminar as vías públicas estimándoas como terreos non cinexéticos, pasando a ser clasificadas como zonas de seguridade no artigo 41 do anteproxecto.
15	Particular	Considera que se deben suprimir os camiños públicos	NON	Considérase a proposta de eliminar as vías públicas estimándoas como terreos non cinexéticos, pasando a ser clasificadas como zonas de seguridade no artigo 41 do anteproxecto.
15	Sociedade de cazadores de Portas.	Propón eliminar o título do artigo “Vías Públicas” e que o mesmo quede redactado como segue: “ Aos efectos desta lei considéranse vías públicas as vías férreas, autopistas, autovías, vías rápidas, corredores e estradas convencionais sinalizadas.”	NON	Considérase a proposta de eliminar as vías públicas estimándoas como terreos non cinexéticos, pasando a ser clasificadas como zonas de seguridade no artigo 41 do anteproxecto.
15	Federación Galega de Caza	Propón eliminar este artigo.	Parcialmente	Considérase a proposta de eliminar as vías públicas como terreos non cinexéticos, pasando a ser clasificadas como zonas de seguridade no artigo 41 do anteproxecto
15	Asociación Lobo	Propónse que se estableza que tipo e sinalización deben ter os camiños públicos para que sexan considerados como vías públicas.	NON	A sinalización será a oficial establecida na normativa de estradas.
15	Particular APROCA Galicia	Propónse que se autorice a caza en camiños públicos, sinalizando a cacería.	NON	No artigo 56.8 do borrador xa se establece esta obriga para os ganchos e monterías, non considerándose de aplicación para o resto de modalidades de caza.
15	Particulares	Propónse que os camiños públicos sen asfaltar así como aqueles que si o estean, non se poderán considerar vías públicas cando estes sexan de carácter local e estean pouco transitados.	NON	A característica dos camiños públicos para que sexan considerados como zonas de seguridade é que estean provistos de sinalización.  Hai camiños sen asfaltar que soportan un tráfico de vehículos moi elevado, como poden ser os de concentración parcelaria. As estradas locais xa tiñan a consideración de terreos non cinexéticos e tiñan a súa zona de seguridade na lei de caza en vigor, sen que existan razóns que aconsellen cambiar ese réxime. A dicción “pouco transitados” constitúe un concepto xurídico indeterminado que abre a porta a interpretacións particulares que xeran confusión.
15	Sociedade Galega de Historia Natural	Propónse a redacción:  Para os efectos desta lei considéranse vías públicas as vías férreas, autoestradas, autovías, vías rápidas, corredores, estradas nacionais, autonómicas, provinciais e locais sinalizadas; camiños públicos , entendendo como tales todos os inventariados polos concellos, os públicos non inventariados por incuria e/ou desinterese dos concellos e os tradicionais non inventariados, entendidos como aqueles antigos de uso común entre pobos e vivendas illadas, así como os accesos a Bens de Interese Cultural (xacementos arqueolóxicos, monumentos en xeral, castelos, ermidas, igrexas) e paraxes pintorescas.	NON	Esta relación coas vías públicas amais de deixar sen concretar algunhas delas, amplía dun xeito desorbitante o seu ámbito de xeito que non deixa fora practicamente ningunha vía pública aos efectos da caza. Corredoiras, camiños de gando, etc. e todos os vieiros que se atopan en cada monte galego por miles, quedarían incluídos.
15	Tecor Societario de Xallas	Que se aclare a terminoloxía referente a carreteras convencionais e camiños públicos sinalizados	NON	É a terminoloxía da normativa de carreteras e a que manexaba a actual lei de caza.
15	ADEGA	Empregar definición legal de infraestruturas públicas	NON	Non se relacione ese termo no artigo de referencia.
15	CCOO	Maniféstase oposición a considerar unicamente os camiños públicos sinalizados como zonas de seguridade, dada a elevada presenza de camiños públicos en Galicia que se atopan sen sinalización e polo tanto nos que se permitiría a caza.	NON	Tamén é certo que en moitos camiños se pode cazar, polo que haberá que establecer uns criterios para determinar onde se pode cazar e onde non, un destes criterios é a sinalización, actuación directamente relacionada coa utilización da vía.
<b>Unha vez realizados os cambios correspondentes ás alegacións estimadas, e os cambios propostos pola Asesoría Xurídica, o artigo que no borrador era o nº 15 pasa incorporarse no nº 41, coa seguinte redacción.</b>		<b>As zonas de seguridade</b>		
		Artigo 41. Definición. 1. Son zonas de seguridade aquelas áreas nas que deban adoptarse medidas precautorias especiais co obxecto de garantir a integridade física e a axeitada protección das persoas e bens. 2. Considéranse zonas de seguridade: a) As vías públicas, entendéndose por tales aos efectos desta lei, as vías férreas, as autoestradas, autovías, as vías rápidas e os corredores, as estradas nacionais, autonómicas, provinciais, comarcais e locais e as estradas convencionais, que se encontren debidamente sinalizadas como tales. Así como as súas marxes e zonas de servidume das vías públicas e das vías férreas, ampliados nunha franxa de cincuenta metros de anchura a ambos lados do eixo da vía e si se estivesen pechadas, a cincuenta metros do peche. b) O dominio público marítimo-terrestre e o dominio público hidráulico e as súas marxes, máis unha franxa de cinco metros, en cada unha das súas marxes. A estes efectos, exclúense os ríos, as masas de auga e as canles que presenten unha anchura inferior a 3 metros de media na zona na que se desenvolve a acción de caza. c) As zonas habitadas segundo a definición do artigo 34, ampliados os propios terreos cunha franxa de cen metros en todas direccións. Nos núcleos de poboación tomaranse como referencia as		

		<p>construcións máis exteriores.</p> <p>d) Os edificios habitables illados, xardíns e parques públicos, áreas recreativas, zonas de acampada, recintos deportivos e as áreas industriais segundo a definición do artigo 35, ampliados os propios terreos cunha franxa de cen metros, en todas direccións.</p> <p>e) Calquera outro lugar que polas súas características sexa declarado como tal polo/a titular da consellería competente en materia de caza, para asegurar a protección das persoas e dos seus bens.</p> <p>3. Non obstante o previsto no apartado anterior, o/a titular da xefatura territorial da consellería competente en materia de caza, con carácter excepcional, e logo de petición dos/as titulares cinexéticos/as interesados/as, informando ao concello correspondente, poderá autorizar a caza nas marxes das vías públicas, así como nas canles e marxes dos ríos, e regueiros que atravesen terreos cinexéticos ou constitúan o límite entre os mesmos, se as condicións das mesmas permiten o exercicio seguro da caza ou situar os postos para os zapeos, ganchos e montaría. A autorización entenderase denegada unha vez transcorran tres meses, dende que a solicitude tivese entrada no rexistro do órgano competente para a súa tramitación.</p> <p>4. Nas resolucións que se diten para o efecto, se son afirmativas, fixaranse as condicións aplicables en cada caso para exercitar a caza baixo a responsabilidade dos/as titulares da autorización.</p> <p>5. Calquera persoa física ou xurídica, pública ou privada, poderá solicitar, fundadamente, á consellería competente en materia de caza a declaración como zona de seguridade dun determinado espazo no que concurran as circunstancias do apartado 1. Os devanditos espazos, en caso de ser declarados así, deberán ser sinalizados polo/a promotor/a, conforme se determine regulamentariamente.</p> <p>6. O exercicio da caza nas zonas de seguridade.</p> <p>Prohíbese en tódalas zonas de seguridade circular con armas cargadas, usalas ou disparar en dirección a elas, de xeito que poidan ser alcanzadas con perigo para as persoas ou os seus bens, salvo que se dispoña de autorización expresa para cazar nese terreo.</p>		
Artigo	Alegacións de	Contido da alegación	Aceptación	Observacións
16	Sociedade Galega de Historia Natural	<p>Nova redacción do punto 1:</p> <p>1. A Consellería competente en materia de caza, por razón da seguridade das persoas ou dos seus bens ou do interese xeral, poderá declarar, por si ou a petición de parte de oficio como non cinexético os terreos que pola súa circunstancia o requiran, entendendo sempre a declaración como de oficio. Estes terreos deberán ser debidamente sinalizados pola consellería competente en materia de caza.</p>	NON	De oficio e a instancia de parte, teñen a mesma significación, aínda que menos técnica, que a proposta. Cando un particular solicite que se lle declare como non cinexético un terreo é razoable que o sinalice el, doutro xeito a Administración non podería atender os custos que haberían de derivarse, cando cada particular quixera conseguir esa declaración sobre o seu terreo..
16	ADEGA	Eliminar a parte final do 1º parágrafo.	NON	Cando un particular solicite que se lle declare como non cinexético un terreo é razoable que o sinalice el, doutro xeito a Administración non podería atender os custos que haberían de derivarse, cando cada particular quixera conseguir esa declaración sobre o seu terreo.
16	Asociación animalista LIBERA	Considérase que non se establecen cales soas as circunstancias para declarar uns terreos como non cinexéticos.	NON	No texto do artigo establécense ditas circunstancias, en concreto, “por razón de seguridade das persoas ou dos seus bens ou do interese xeral”.
16	Sociedade Galega de Cetrería	Propónse que nos terreos declarados como non cinexéticos se contemple a posibilidade de autorizar o adestramento na caza e o exercicio das aves de cetrería.	NON	Neste artigo soamente se delimitan conceptualmente os terreos non cinexéticos.
16	Clubs e cazadores de caza maior de Galicia	Propónse engadir a seguinte condición á declaración de terreos non cinexéticos: “e conservados dende o punto de vista cinexético e medioambiental polo promotor da súa declaración como terreo non cinexético”.	NON	Os terreos non cinexéticos poden declararse por diversas razóns alleas ao seu valor cinexético ou medioambiental, dado que en moitas ocasións estes valores poden non existir, polo tanto carece de sentido dita proposta.
16	Organización Galega de mvmc	Propónse que a sinalización dos terreos declarados como non cinexéticos sexa sempre a cargo da Administración.	NON	Cando un particular solicite que se lle declare como non cinexético un terreo é razoable que o sinalice el, doutro xeito a Administración non podería atender os custos que haberían de derivarse, cando cada particular quixera conseguir esa declaración sobre o seu terreo.
16.2	Federación Galega de Caza	Propón que nalgúns dos terreos non cinexéticos se permita o adestramento de cans e aves de cetraría.	NON	Neste artigo soamente se delimitan conceptualmente os terreos non cinexéticos.
<p><b>Unha vez realizados os cambios correspondentes ás alegacións estimadas, e os cambios propostos pola Asesoría Xurídica, o artigo que no borrador era o nº 16 pasa a ser o nº 36, coa seguinte redacción.</b></p>		<p>Artigo 36. Outros terreos non cinexéticos.</p> <p>1. A consellería competente en materia de caza, por razón da seguridade das persoas ou dos seus bens ou do interese xeral, poderá declarar, de oficio ou a petición dos/as interesados/as, como non cinexético os terreos que pola súa circunstancia o requiran.</p> <p>2. Estes terreos deberán ser debidamente sinalizados pola consellería competente en materia de caza cando a declaración sexa de oficio ou polo/a interesado/a cando sexa a petición de este/a.</p> <p>3. Regulamentariamente determinarase o procedemento de declaración dun terreo como non cinexético a que se refire o apartado 1, tendo en conta que cando a declaración se faga de oficio, deberá preverse un trámite de audiencia ás persoas titulares dos dereitos cinexéticos no que podan alegar contra as razóns da consellería para a declaración.</p>		
Artigo	Alegacións de	Contido da alegación	Aceptación	Observacións
17.1	Sociedade de Cazadores de Vilar de Barrio	Propón suprimir punto 1 do artigo 17	NON	Non se considera esta alegación, dado que dentro dos terreos que teñen a consideración de cinexéticos deben establecer aqueles nos que os cazadores que non teñen a posibilidade de cazar nun terreo sometido a réxime cinexético especial, poidan practicar a caza, así como aqueles nos que aínda sendo cinexéticos non acadan unha superficie mínima necesaria para poder practicar a caza nos mesmos.
<p><b>Unha vez realizados os cambios correspondentes ás alegacións estimadas, e os cambios propostos pola Asesoría Xurídica, o artigo que no borrador era o nº 17 pasa a ser o nº 8, coa seguinte redacción.</b></p>		<p>Artigo 8. Clases.</p> <p>Os terreos cinexéticos clasifícanse en:</p> <p>1. Terreos sometidos a réxime común.</p>		

Artigo	Alegacións de	Contido da alegación	Aceptación	Observacións
		2. Terreos sometidos a réxime especial.		
18	Sociedade de Cazadores de Vilar de Barrio	Propón suprimir “Terreos cinexéticos sometidos a réxime común. Zonas libres” e os puntos: 1,2,3 a e 4 do mesmo artigo	NON	Non se considera esta alegación, dado que dentro dos terreos que teñen a consideración de cinexéticos deben establecer aqueles nos que os cazadores que non teñen a posibilidade de cazar nun terreo sometido a réxime cinexético especial, poidan practicar a caza, así como aqueles nos que aínda sendo cinexéticos non acadan unha superficie mínima necesaria para poder practicar a caza nos mesmos.
18	Clubs e cazadores de caza maior de Galicia	Proponse incluír a obriga de redactar un plan técnico para cada unha das zonas sometidas a réxime cinexético común.	NON	Á Administración correspóndelle a planificación da ordenación e xestión destes terreos.
18	Amigos da Terra	Propón engadir un novo texto: “ A súa xestión realizaraa a Consellería competente en materia de caza e os seus aproveitamentos virán determinados polo que se estableza anualmente na orde de vedas. Propón que os terreos cinexéticos que estean en espazos naturais protexidos perdan automaticamente a condición de cinexéticos e se convertan en refuxios de fauna.	NON	Xa se di no propio texto a quen lle corresponde a xestión e no artigo establece que cada ano se establecerá por orden a normativa de aplicación para a caza na comunidade galega. A normativa de aplicación determinara , por vía de excepción si no ámbito dese espazo se prohíbe cazar, namentres a presunción debe xogar a favor da caza porque na normativa da Rede Natura figura coma un uso común.
18	Sociedade Galega de Historia Natural	Nova redacción do punto 4: As zonas libres, son aqueles terreos que presentan unha superficie superior a 500 has continuas. A xestión cinexética destes terreos corresponde á Consellería correspondente e os seus aproveitamentos virán determinados polo que se estableza anualmente na arden de vedas. (tal como o art. 9.3, paragrafo 2º. Le; 4/1997). Engadir novo punto 6 : Os terreos cinexéticos incluídos en espazos naturais protexidos perderán a súa condición e pasarán a ser refuxios de fauna, agás que a propia declaración ou o plan de conservación ou ordenación dos recursos naturais correspondentes indiquen outra cousa. En tanto o instrumento de xestión non sexa aprobado, se considerarán refuxios de fauna.	NON	Non se entenden os recortes feitos ao texto orixinal . A referencia a que a xestión se somete ao que diga cada ano a orde anual que fixa os períodos hábiles de caza, parece innecesario, posto que ese extremo xa se establece na lei.  Esa declaración supón establecer unha limitación a caza contradictorio co espírito da REDE NATURA, que considera a caza como un uso común do monte. Resulta exaxerada.
18.1. e 18.4.	CCOO	Proponse a eliminación da expresión “o exercicio da caza sen mais limitacións que as establecidas nesta lei”.	NON	Non se entende o motivo da alegación, dado que a propia expresión autoriza a caza libre sen mais limitacións que as legais..
18.4.	ADEGA	4º. Engadir que as 500 has. sexan en couto redondo ou pertencentes a un solo titular	NON	Xa se dí que teñen que ser continuas e non se entende por que teñen que ser dun soio titular. Nin se entende a explicación pois o resultado é totalmente contrario a xustificación que se dá. Proclámase que estará prohibida a caza en terreos que non acaden esa superficie non o contrario.
18.4.	Organización Galega de mvmc	Proponse que as zonas libres sexan en coto redondo ou que pertencan a un único titular, así como que non se contradiga o establecido nos plans de ordenación ou xestión de montes.	NON	No borrador xa se establece que as zonas libres deben contar cunha superficie mínima e continua de 500 ha., non supoñendo a titularidade un condicionante a ter en conta ao clasificar os terreos a efectos cinexéticos, tal e como se especifica nas alegacións a titularidade é un dereito, pero a práctica da caza ademais de ser un aproveitamento tamén constitúe un dereito. Si existen outros instrumentos de planificación que establezan o exercicio da caza como un condicionante ou actividade prohibida, a Lei contempla a posibilidade de declarar ditos terreos como non cinexéticos, (artigo 36 do anteproxecto).
18.4.	Particulares Asociación de veciños San Breixo de Seixalbo.	Proponse engadir que a xestión destas zonas corresponde á Consellería competente en materia cinexética e os aproveitamentos virán determinados polo establecido na orde anual de vedas.	NON	Xa se especifica a quen corresponde a súa xestión, non considerándose necesario facer referencia á orde anual, dado que non ten porque regularse nesta orde os aproveitamentos de tódalas zonas libres.
18.4.	Sociedade de cazadores de Portas.	Propón substituír “superior a 500 has” por “superior a 250 has” e engadir ao final do parágrafo “quen deberá contar co pertinente Plan de Ordenación para esas zonas.”	NON	O límite das 500 hectáreas é o que se considera como espazo mínimo para que a actividade cinexética mantéña a consideración dunha actividade deportiva.
18.4.	UNITEGA	Propón a seguinte redacción: As Zonas Libres, son aqueles terreos que presenten unha superficie superior a 500 has. continuas, nos que está permitido o exercicio da caza, sen mais limitacións que as establecidas nesta lei e nas disposicións que a desenvolven. A xestión cinexética destes terreos corresponde á Xunta de Galicia, que elaborará Plans de Ordenación Cinexética a nivel de Distritos Ambientais, nos que se marcarán as liñas básicas de xestión destas zonas.	NON	O engadido na alegación resulta unha obviedade, dado que a planificación da xestión e aproveitamento cinexético corresponde ao seu titular.
18.4. e 18.5.	Clubs e cazadores de caza maior de Galicia	Proponse que as zonas libres sexan aquelas que teñan unha superficie superior ás 50 ha., cazando caza menor nas comprendidas entre 50 e 200 ha. e por riba desta tamén a caza maior, dado que así poderíase exercer un maior control das especies que ocasionan danos e se refuxian nestas zonas	NON	Os motivos expostos para o control de danos, non xustifican a proposta, dado que si estes se producen tamén se podería cazar nestas zonas mediante a correspondente autorización especial, considerándose adecuado seguir mantendo a superficie mínima e continua das zonas libres en 500 ha.
18.5.	Sociedade de cazadores de Portas.	Propón substituír “superficie inferior a 500 has” por “superficie inferior a 250 has”.	NON	A superficie proposta considérase escasa para poder realizar o exercicio libre da caza.
18.5.	Asociación Lobo.	Proponse que cando se conceda autorizacións excepcionais para o exercicio da caza nesta zonas, sexan controladas sempre por axentes da Consellería responsable de caza.	NON	Na autorización concedida será onde se reflectan as condicións que se deben cumprir para a súa realización.



18.6.	Particulares. Asociación de veciños San Breixo de Seixalbo.	Propónse incluír este apartado co seguinte contido: Os terreos cinexéticos incluídos en espazos naturais protexidos perderán a súa condición e pasarán a ser refuxios de fauna, agás que a propia declaración ou o plan de conservación ou ordenación dos recursos naturais correspondentes indiquen outra cousa. En tanto o instrumento de xestión non sexa aprobado, se considerarán refuxios de fauna.	NON	Non se considera esta opción dado que suporía que moitos espazos, (rede natura), pasen a ser considerados como refuxios de fauna, nos que non estaría permitida a caza, algo que non se pretende.
18.6.	UNITEGA	Propón engadir un novo apartado coa seguinte redacción: A organización da práctica da caza maior realizarase mediante solicitude previa á Consellería competente en materia de caza, a cal priorizará a concesión de permisos cara aos cazadores das parroquias e dos Concellos ás que pertencen os terreos.	NON	Nos terreos sometidos a réxime cinexético común non se pode establecer unha condición que discrimine aos cazadores por razóns de veciñanza.
<b>Unha vez realizados os cambios correspondentes ás alegacións estimadas, e os cambios propostos pola Asesoría Xurídica, o artigo que no borrador era o nº 18 pasa a ser o nº 9, coa seguinte redacción.</b>		<p>Artigo 9. Terreos cinexéticos sometidos a réxime común. Zonas libres e zonas de exclusión.</p> <p>1. Os terreos sometidos a réxime cinexético común son aqueles espazos nos que o exercicio da caza pode realizarse por todos/as os/as cazadores/as sen máis limitacións que as establecidas nesta lei e nas disposicións que a desenvolvan.</p> <p>2. Compréndense dentro destes terreos todos aqueles terreos cinexéticos que non estean sometidos ao réxime especial previsto nesta lei.</p> <p>3. Os terreos cinexéticos sometidos a réxime común, clasifícanse nas seguintes categorías:</p> <p>a) As Zonas Libres</p> <p>b) As Zonas de Exclusión</p> <p>4. As Zonas Libres, son aqueles terreos sometidos a réxime común que presenten unha superficie igual ou superior a 500 has. continuas, nos que está permitido o exercicio da caza, sen máis limitacións que as establecidas nesta lei e nas disposicións que a desenvolven. A xestión cinexética destes terreos corresponde á Xunta de Galicia.</p> <p>5. As Zonas de Exclusión son aqueles terreos sometidos a réxime común que presenten unha superficie inferior a 500 has., nos que o exercicio da caza está prohibido, sen prexuízo de que por razóns técnicas, de seguridade, científicas, sanitarias ou sociais, a persoa titular da dirección xeral competente en materia de caza acorde a súa autorización para especies determinadas.</p>		
Artigo	Alegacións de	Contido da alegación	Aceptación	Observacións
19.1	Tecor Societario de Xallas	Cambiar a redacción por atopala confusa e escura	NON	A redacción enténdese meridianamente clara, debendo aportarse para considerar esta alegación, outra alternativa que a mellore.
19.1.	UNITEGA	Propón a seguinte redacción: Os terreos cinexéticos sometidos a réxime especial son aqueles nos que o exercicio da caza está limitado aos que ostentan a titularidade cinexética sobre estes, con exclusión de todos os demais. Para os efectos desta lei enténdese por titularidade cinexética aquela que reserva o dereito ao exercicio da caza nun ámbito territorial determinado as persoas, xa sexan físicas ou xurídicas.	NON	Non se aprecia diferenza en redactar o final deste apartado en singular ou en plural.
19.1 e 20.2	Sociedade de caza Corzán	Alega que o artigo 20.2 debería ter outra redacción xa que a caza a desenvolven os membros das persoas xurídicas e o artigo 19 fala de (exclusión dos demais) e no 20.2 ( das persoas autorizadas por aqueles), polo que a redacción deste artigo considera que é confusa.	NON	Na lei establécese a quen lle corresponde o dereito a aproveitar a caza, (titular do aproveitamento cinexético), non excluindo a posibilidade de este titular autorice ou conceda permiso a outros para realizar este aproveitamento ao que ten dereito.
19.2.	Asociación Lobo	Propónse cambiar a denominación de Tecor por Couto	NON	Dado que está establecida e aceptada esta figura dende que entrou en vigor a Lei 4/1997, non parece axeitado agora promover dito cambio polos trastornos que ocasionaría.
19.2.	UNITEGA	Propón a eliminación dos terreos cinexéticos deportivos.	NON	Non se considera esta proposta, dado que aínda que na actualidade non estea autorizado ningún, no quere dicir que no futuro non se poidan constituír algún terreo cinexético deportivo, ao igual que sucede con outras figuras contempladas nesta lei (tecor particular).
19.2.	APROCA Galicia	Propónse engadir aos espazos sometidos a réxime cinexético especial as seguintes categorías: - Explotación particular. Terreos dun particular con superficie suficiente para cazar pero sen esixir que funcione como unha explotación cinexética comercial - Tecor comercial. Permitindo ao tecor a venda de permisos de caza.	NON	- Non se considera apropiado establecer para pequenas superficies “coutos privados de caza”, pois estaría en clara oposición cos obxectivos desta Lei. - Con esta Lei non se está prohibindo aos Tecores a comercialización de permisos de caza.
<b>Unha vez realizados os cambios correspondentes ás alegacións estimadas, e os cambios propostos pola Asesoría Xurídica, o artigo que no borrador era o nº 19 pasa a ser o nº 10, coa seguinte redacción.</b>		<p>Artigo 10. Terreos cinexéticos sometidos a réxime especial.</p> <p>1. Os terreos cinexéticos sometidos a réxime especial son aqueles nos que o exercicio da caza está limitado aos/ás que ostentan a titularidade cinexética sobre estes, con exclusión de todos/as os/as demais. Para os efectos desta lei enténdese por titular cinexético ao/á propietario/a ou, se é o caso, o/a titular doutros dereitos reais ou persoais que leven consigo o uso e desfrute do aproveitamento da caza, xa sexa persoa física ou xurídica.</p> <p>2. Os terreos cinexéticos sometidos a réxime especial divídense nas seguintes categorías:</p> <p>a) Terreos cinexético ordenado (TECOR).</p> <p>b) Reservas de caza.</p> <p>c) Terreos cinexético-deportivos.</p> <p>d) Explotacións cinexéticas comerciais.</p>		

Artigo	Alegacións de	Contido da alegación	Aceptación	Observacións
20	Federación Galega de Caza	Propón un novo punto (10 bis) coa seguinte redacción: "Regulamentariamente desenvolverase como incentivar nos tecores fórmulas que fomenten o acceso as cacerías de cazadores non socios e así colaborar ao desenvolvemento rural da zona."	NON	O expresado neste apartado entra dentro do funcionamento interno das sociedades de caza, a Lei o que permite é que se poida realizar o proposto, pero non é da súa competencia entrar a regular o procedemento para facelo efectivo.
20	Amigos da Terra	Propón engadir ao aproveitamento amais de ordenado, sostible Reducir o período de cesión a 5 anos Propón que o remate do período de cesión se extinga o acordo debendo proceder a subscribir un novo. Propón que os plans de ordenación sexan aprobados polo conselleiro ou o Director Xeral competentes en materia de caza . Propón que se establezan vedados por un período de dous anos e que acaden un 10% do seu territorio	NON	A condición sostible do aproveitamento é preconizado polo texto legal. A duración mínima do período de cesión considerase necesario fixalo en 10 por necesidades de xestión e para rendibilizar as inversións e ordenacións que se queiran facer neses terreos. A prórroga automática que establece a lei faise para evitar trámites innecesarios, cando é concorde a vontade das partes. Se non o é dáselle liberdade ao cedente para recuperar a titularidade cando lle veña mellor, sen prazos nin ataduras que puideran limitar o exercicio do seu dereito. Pola natureza da competencia estímase mais axeitado que o faga o Xefe Territorial. Esa porcentaxe xa se recolle no artigo 31 do borrador e a duración se deixa á valoración do plan de ordenación.
20	ADEGA	2º Substituír a dicción titulares de dereitos cinexéticos pola de titulares dos aproveitamentos cinexéticos 3º Reducir a cinco anos o período mínimo de duración do tecor 4º. Reducir a 5 o período mínimo de cesión dos dereitos cinexéticos Oponse a prórroga indefinida 9. Eliminalo	NON	O que cede é o titular dos dereitos cinexéticos que por efecto desa cesión deixa de selo transferíndolle polo tempo pactado a titularidade dese dereito. A duración dun tecor convén que comprenda un período mínimo de dez anos para poder amortizar, nos eu caso, as inversións de toda índole que se puideran ter feito nel. Un período mais longo da maior estabilidade o acordo de cesión. Nada ten que ver o prazo de ordenación da caza co de cesión dos dereitos de aproveitamento. Esta prórroga evita, se se ten vontade de seguir cedendo, un novo acordo de cesión e en caso contrario a posibilidade de anulalo <i>sine die</i> , sen suxeición a termos nin a prazos. O acordo para cambiar a titularidade inscíbese no ámbito do dereito privado, o que se quere neste punto e establece a obriga de que se tal se acorda, débéselle dar conta a Administración.
20	Sociedade Galega de Historia Natural	Nova redacción dos puntos 1, 2, 3, 4 e 6: 1. TECOR é toda superficie continua de terreos, susceptible de aproveitamento cinexético especial, que fose declarada e recoñecida como tal, mediante resolución do titular da Consellería competente en materia de caza, e na que a poboación cinexética ha de estar protexida e fomentada, aproveitándose de forma sostible e ordenada e a poboación non cinexética, protexida e respectada de xeito que o TECOR non supoña, risco ou ameaza, para ela. 2. Nos TECOR, o exercicio do dereito de caza corresponderá aos titulares do dereito ao aproveitamento cinexético dos terreos...., de acordo co subliñado no art. 20.1 e 4. 3. Para a titularidade dun TECOR haberá de acreditarse a titularidade cinexética dunha superficie mínima e continua de dúas mil hectáreas, polo período polo que se solicite a duración do TECOR, que en ningún caso será menor de cinco anos. Tal como consta, no art.º12. 2 da Lei 4/1997. 4. A declaración e recoñecemento dun TECOR esixe a cesión dos aproveitamentos cinexéticos efectuada polo seu titular a favor do titular do TECOR. Esta cesión, a título gratuito ou oneroso, terá unha duración mínima de cinco anos e máxima de 15 anos. Ao cabo do período de cesión dos dereitos cinexéticos, se non se presentase reclamación para recuperar a titularidade sobre estes, entenderanse prorrogados por outro período de tempo igual. En calquera momento.... 6. A declaración dos terreos cinexéticos como Tecor leva inherente a favor do seu titular, a reserva do dereito de caza de todas as especies cinexéticas e a obriga de protexer as demais especies non cinexéticas e a flora, que se encontren neste....	NON	1.Na ordenación que aproba a Administración competente en materia de caza xa se ten conta a protección das poboacións non cinexéticas, pero en calquera caso, iso é da responsabilidade doutras disposicións en vigor que despregan a súa eficacia en todo o territorio. 2.O aproveitamento e consecuencia da tenencia dun dereito. 3.Un período mais longo da maior estabilidade o acordo de cesión. A prórroga deixase con carácter indefinido para salvagardar o dereito do cedente de recuperar cando queira a titularidade do seu dereito. 4.A natureza onerosa ou gratuita é indiferente para esta lei, sitúase no ámbito do dereito privado. O período mínimo de cesión considerase axeitado. A duración dun tecor convén que comprenda un período mínimo de dez anos para poder amortizar, nos eu caso, as inversións de toda índole que se puideran ter feito nel. 6. As obrigas que ten o titular dun dereito cinexético non soamente son as que establece esta lei, senón todas aquelas ás que lle alcancen as súas prescricións.
20	Asociación animalista LIBERA	Considera que o período de cesión de dereitos cinexéticos é moi amplo.	NON	Dado que o período de ordenación cinexética é de 5 anos, de cara a viabilidade do Tecor, considérase como axeitado o período mínimo e máximo para cesións de dereitos cinexéticos o establecido no borrador da Lei.
20	Asociación animalista LIBERA	Considérase que non se concreta a entidade encargada de elaborar os plans de ordenación e de aproveitamento.	NON	No artigo 46 do anteproxecto, referido á ordenación da caza, establécese que o plan de ordenación debe ser redactado por técnico universitario competente, e o plan anual de aproveitamento cinexético debe presentalo o titular do aproveitamento, e nel desenvolveranse as previsións contidas no plan de ordenación para esa tempada.
20	Clubs e cazadores de caza maior de Galicia	Proponse ampliar o apartado 10 engadindo a posibilidade de que a unión entre tecores poida ser unicamente para o aproveitamento de determinadas especies. Así como incluír un apartado no que se propón a creación dunha lonxa de carne de caza maior cuxos beneficios se a porten ao fondo de corresponsabilidade.	NON	A organización dos titulares dos Tecor para aproveitar a caza de acordo cos seus plans de ordenación e aproveitamento é algo interno de ámbolos dous titulares, que escapa ao ámbito de aplicación da Lei. Que non corresponde á Lei de caza establecer a creación dunha lonxa e salas de despece das canais de caza maior, e moito menos a súa comercialización e xestión dos beneficios da súa posible venda.
20	Xunta rectora de m.v.m.c. Boa,	Proponse eliminar o parágrafo no que se establece que os dereitos cinexéticos que	NON	Os Tecores non se prorrogan indefinidamente, dado que finalizado o prazo de cesión os

	(Noia)	remataran a súa vixencia, se non se presenta reclamación para recuperar a titularidade sobre estes, entenderanse prorrogados de forma indefinida”, solicitando que se estableza a obrigatoriedade aos titulares dos Tecor de renovar as cesións de dereitos cinexéticos.  Proponse permitir que o cedente dos dereitos cinexéticos poida percibir un beneficio económico.		propietarios de terreos poden segregar os mesmos en calquera momento, ademais os contratos de cesión e as condicións acordadas entre as partes é algo alleo á Lei de caza.
20.1.	Particulares. Asociación de veciños San Breixo de Seixalbo.	Proponse engadir o termo “Sostible”.	NON	A condición sostible do aproveitamento é preconizado polo texto legal.
20.2.	Organización Galega de mvmc	Proponse substituír “titulares dos dereitos cinexéticos” por “titulares dos aproveitamentos cinexéticos”	NON	Considérase que non é o mesmo a titularidade do dereito que ten alguén a aproveitar un recurso e a titularidade do aproveitamento que se realice dese recurso. O que quere o lexislador é que quen ordena, planifica e xestiona un espazo sexa o titular do dereito.
20.2. e 20.7.	APROCA Galicia	Proponse unificar estes dous apartado pois considérase que din o mesmo.	NON	No apartado 2 establécese quen ten dereito a cazar, mentres que no apartado 7, establécese como demostrar que se ten ese dereito.
20.3.	Federación Galega de Caza	Propón engadir ao final do parágrafo. “ Non afectará a extensión de superficie do tecor a que corresponda as vías e zonas de seguridade.”	NON	Non se considera dado que estaríamos poñendo unha traba mais á constitución dun Tecor pois tería que ter e xustificar unha superficie mínima de 2000 ha. excluindo tódalas zonas de seguridade, así como tamén afectará aos tecores actualmente aprobados.
20.3.	Organización Galega de mvmc	Proponse substituír “acreditarse a titularidade cinexética” por “acreditarse o dereito ao aproveitamento cinexético”.	NON	Considérase que non é o mesmo a titularidade do dereito que ten alguén a aproveitar un recurso e a titularidade do aproveitamento que se realice dese recurso.
20.4.	Federación Galega de Caza	Propón cambiar “25” por “30”.	NON	Considérase suficientemente amplo o período máximo de cesión nos 25 anos establecidos.
20.4.	Colexio oficial de Biólogos de Galicia.	Proponse que o prazo de mínimo das cesións de dereitos cinexéticos sexa de cinco anos e non de dez.	NON	Dado que o período de ordenación cinexética é de 5 anos, de cara a viabilidade do Tecor, considérase como axeitado o período mínimo e máximo para cesións de dereitos cinexéticos o establecido no borrador da Lei.
20.3. e 20.4.	Particulares. Asociación de veciños San Breixo de Seixalbo.	Proponse que o prazo de mínimo das cesións de dereitos cinexéticos sexa de cinco anos e non de dez, así como anular o texto que fai referencia a unha prórroga tácita e indefinida do período de cesión.	NON	Dado que o período de ordenación cinexética é de 5 anos, de cara a viabilidade do Tecor, considérase como axeitado o período mínimo e máximo para cesións de dereitos cinexéticos o establecido no borrador da Lei. Que non exista reclamación para recuperar a titularidade cinexética dos terreos, non indica que a cesión no seu día realizada, non poida recuperarse unha vez que rematou a súa vixencia, así como que se usurpe o dereito das comunidades a xestionar o seu monte, dado que no propio texto se cita que en calquera momento aqueles titulares de dereitos cinexéticos cuxa cesión fose prorrogada de forma indefinida por aplicación do presente artigo, poderán obter a segregación dos seus terreos do TECOR mediante o procedemento que regulamentariamente se estableza.
20.3. e 20.4.	Particulares.	Proponse que o período de cesión dos dereitos cinexéticos sexa un mínimo de 5 anos e un máximo de 30 anos. Proponse así mesmo que neste artigo se inclúa un apartado que estableza a posibilidade para as sociedades titulares dun Tecor de ceder os dereitos cinexéticos dos terreos a outra sociedade de cazadores, considerando que os titulares dos terreos poderán rescindir a cesión no período de información pública.	NON	Considérase suficientemente amplo o período máximo de cesión nos 25 anos establecidos. Unha vez realizada a cesión de dereitos cinexéticos o novo titular da cesión pode cedela novamente sempre e cando non vulnere as condicións do contrato polo cal adquiriu a mesma.
20.4.	Organización Galega de mvmc e Matar por matar non.	Proponse substituír o prazo mínimo de cesión dos dereitos cinexéticos de 10 anos por 5 anos, así como anular o texto que fai referencia a unha prórroga tácita e indefinida do período de cesión.	NON	Dado que o período de ordenación cinexética é de 5 anos, de cara a viabilidade do Tecor, considérase como axeitado o período mínimo e máximo para cesións de dereitos cinexéticos o establecido no borrador da Lei. Que non exista reclamación para recuperar a titularidade cinexética dos terreos, non indica que a cesión no seu día realizada, non poida recuperarse unha vez que rematou a súa vixencia, así como que se usurpe o dereito das comunidades a xestionar o seu monte, dado que no propio texto se cita que en calquera momento aqueles titulares de dereitos cinexéticos cuxa cesión fose prorrogada de forma indefinida por aplicación do presente artigo, poderán obter a segregación dos seus terreos do TECOR mediante o procedemento que regulamentariamente se estableza.
20.4.	Asociación Forestal de Galicia. Federación ecoloxista galega.	Proponse eliminar deste apartado o seguinte parágrafo: “... ao cabo do período de cesión dos dereitos cinexéticos, se non se presentase reclamación para recuperar a titularidade sobre estes, entenderanse prorrogados de forma indefinida...”, por consideralo abusivo para o propietario dos terreos.	NON	Considérase que os dereitos dos propietarios non son vulnerados coa redacción dada ao presente artigo, dado que no propio texto se cita que en calquera momento aqueles titulares de dereitos cinexéticos cuxa cesión fose prorrogada de forma indefinida por aplicación do presente artigo, poderán obter a segregación dos seus terreos do TECOR mediante o procedemento que regulamentariamente se estableza.
20.4.	Clubs e cazadores de caza maior de Galicia	Proponse que para a segregación de terreos dun Tecor se estableza o mesmo procedemento polo que foron adscritos, eliminando a posibilidade de desenvolver os procedementos pola vía regulamentaria.	NON	Na lei establécese a posibilidade de poder segregar terreos dun Tecor, deixando o desenvolvemento do procedemento que debe seguirse para o regulamento, que unha vez aprobado non é cambiante como se afirma.
20.6.	Sociedade de Caza e Pesca do Barbanza	Debe substituírse “a reserva del dereito de caza a tódalas especies cinexéticas” por “a reserva do dereito de caza das especies cinexéticas que se inclúan no POC”	NON	Non se pode considerar a proposta, dado que ao titular do aproveitamento é a quen lle corresponde o dereito a aproveitar tódalas especies cinexéticas dese espazo, independentemente de que no POC non se planifique o aproveitamento de todas elas.
20.7.	UNITEGA	Propón a seguinte redacción:	NON	Para tódalas actuacións cinexéticas desenvolvidas nun terreo baixo réxime cinexético

		Para o exercicio da caza, das accións preparatorias das cacerías realizadas sen armas modalidades colectivas de caza maior, do rastrexo das pezas feridas con cans de sangue atrelados e do adestramento de cans sen captura de pezas, nos TECOR será necesario contar co permiso correspondente, expedido polo titular do propio TECOR.		especial, precísase autorización do seu titular.
20.7.	Sociedade de cazadores de Portas.	Propón que quede redactado do seguinte xeito: "Para o exercicio da caza nos TECOR e de algunhas das accións preparatorias das cacerías será necesario contar co permiso correspondente, expedido polo titular do propio TECOR."	NON	Para tódalas actuacións cinexéticas desenvolvidas nun terreo baixo réxime cinexético especial, precísase autorización do seu titular.
20.8.	Federación Galega de Caza	Propón engadir ao final do parágrafo: "salvo que conorra o previsto no artigo 12.5. A estes efectos, os terreos non cinexéticos enumerados no art.10 non farán perder a súa continuidade aos Tecores."	NON	Non é necesario reproducir o establecido noutro artigo da Lei, xa se da por suposto que os terreos non cinexéticos non rompen a continuidade, dado que doutro xeito non sería moi difícil declarar un Tecor.
20.8.	Clubs e cazadores de caza maior de Galicia	Propónse engadir o seguinte parágrafo "... para a prórroga indefinida dos Tecores, será precisa a aceptación dunha cláusula de reversión a favor dos propietarios dos terreos, dun mínimo do 50% do importe bruto obtido pola venda de calquera tipo de cacería..."	NON	Os Tecores non se prorrogan indefinidamente, dado que finalizado o prazo de cesión os propietarios de terreos poden segregar os mesmos en calquera momento, ademais os contratos de cesión e as condicións acordadas entre as partes é algo alleo á Lei de caza.
20.8.	APROCA Galicia	Propónse engadir o seguinte parágrafo: salvo que conorra o previsto no artigo 12.5.	NON	Non é necesario reproducir o establecido noutro artigo da Lei.
20.9.	Organización Galega de mvmc	Propónse eliminar este punto ao considerar que calquera cambio na titularidade cinexética dos terreos ten que ser autorizado polo titular das terras.	NON	Neste apartado unicamente se está obrigando a comunicar os posibles cambios de titularidade, non se están definindo as condicións xurídicas para realizar ditos cambios.
20.10	UNITEGA	Propón a eliminación deste apartado, substituíndoo polo seguinte: A Administración pública fomentará accións de xestión cinexética conxunta dos TECORES.	NON	O que se pretende con este artigo é incrementar a dimensión territorial dos Tecores, obxectivo perseguido na Lei 4/1997.
20.10	APROCA Galicia Federación Galega de Caza Sociedade de cazadores de Portas.	Propón a eliminación deste apartado, substituíndoo polo seguinte: A Administración pública fomentará accións ou instrumentos de colaboración entre Tecores, que faciliten a mellor ordenación e aproveitamento. Estimularanse especialmente aquelas actuacións que teñan como finalidade a diminución dos danos producidos polas especies cinexéticas, tales como cacerías conxuntas de caza maior en varios tecores estremeiros. Regulamentariamente desenvolverase como incentivar nos tecores fórmulas que fomenten o acceso ás cacerías de cazadores non socios e así colaborar no desenvolvemento rural da zona.	NON	O que se pretende con este artigo é incrementar a dimensión territorial dos Tecores, obxectivo perseguido na Lei 4/1997.
20.11	Particulares. Asociación de veciños San Breixo de Seixalbo.	Propónse que os plans de ordenación e de aproveitamento cinexético sexan aprobados polo Conselleiro ou Director Xeral competente en materia cinexética.	NON	Non se considera esta proposta por operatividade e axilidade da Administración.
20.11	Sociedade de cazadores de Portas. Federación Galega de Caza	Propón eliminar: " da xefatura territorial correspondente"	NON	Considérase que si se establece a obriga de que os plans de ordenación e aproveitamento teñen que ser aprobados, terase que establecer a quen corresponde realizar dita aprobación.
20.12	Particulares. Asociación de veciños San Breixo de Seixalbo.	Propónse engadir un novo apartado co seguinte texto: Co fin de fomenta-las poboacións cinexéticas, os Tecor manterán como vedado de caza unha superficie mínima do dez por cento dos seus terreos. Estes vedados de caza deberán manter os mesmos lindeiros, alomenos, durante dous anos consecutivos.	NON	Os vedados de caza xa se regulan segundo o establecido no artigo 31 do anteproxecto.
<p><b>Unha vez realizados os cambios correspondentes ás alegacións estimadas, e os cambios propostos pola Asesoría Xurídica, o artigo que no borrador era o nº 20 pasa a desenvolverse nos artigos nº 11, 12 e 13, coa seguinte redacción.</b></p>		<p>Artigo 11. Terreo cinexético ordenado (TECOR).</p> <p>1. Terreo cinexético ordenado (en adiante TECOR) é toda superficie continua de terreos, susceptible de aproveitamento cinexético especial, que fose declarada e recoñecida como tal, mediante resolución da persoa titular da consellería competente en materia de caza, e na que a poboación cinexética ha de estar protexida e fomentada, aproveitándose de forma ordenada.</p> <p>2. Para a constitución dun TECOR haberá de acreditarse a titularidade cinexética dunha superficie mínima e continua de dúas mil hectáreas, polo período polo que se solicite a duración do seu réxime especial, que en ningún caso será menor de dez anos.</p> <p>3. No caso de cesión dos dereitos cinexéticos, esta terá unha duración mínima de dez e máxima de vintecinco anos. Ao cabo do período de cesión dos dereitos cinexéticos, se non se presentase reclamación para recuperar a titularidade sobre estes, entenderanse prorrogados de forma indefinida. En calquera momento, aqueles/as titulares de dereitos cinexéticos cuxa cesión fose prorrogada de forma indefinida por aplicación do presente artigo, poderán obter a segregación dos seus terreos do TECOR mediante o procedemento que regulamentariamente se estableza.</p> <p>Artigo 12. Titularidade</p> <p>1. Os TECOR poderán ser de titularidade pública, societaria ou particular, segundo promovan a súa constitución as Administracións Públicas, as sociedades ou asociacións de cazadores/as legalmente constituídas, ou persoas físicas ou xurídicas de carácter particular. En función de a quen corresponda a titularidade dos TECOR, poderán ser de carácter autonómico, de carácter local, de carácter societario ou de carácter individual.</p> <p>2. A declaración dos terreos cinexéticos como TECOR leva inherente a favor do/a seu/súa titular, a reserva do dereito de caza de todas as especies cinexéticas, que se encontren neste e, consecuentemente, a titularidade dos dereitos e obrigas que, de conformidade coa presente lei, se deriven do devandito aproveitamento cinexético.</p> <p>3. Para o exercicio da caza nos TECOR será necesario ser titular do TECOR ou contar co permiso correspondente, expedido polo/a titular do propio TECOR.</p>		

		Artigo 13. Cambio de réxime 1. O réxime cinexético especial dos TECOR manterase, non obstante a perda de dereitos cinexéticos sobre determinados terreos que o integren, sempre que a superficie restante non sexa inferior á mínima sinalada no apartado 2 do artigo 11 e non perda continuidade ou que, aínda sendo menor, dita perda proceda da declaración dunha parte como refuxio de fauna. 2. Calquera cambio na titularidade cinexética da totalidade ou parte dos terreos comprendidos no TECOR haberá de ser comunicado á Administración polo/a titular do mesmo, no prazo máximo de tres meses e por escrito. 3. A Administración pública fomentará as agrupacións e as fusións de TECOR. 4. En todo caso, as medidas de protección, conservación e fomento da riqueza cinexética regularanse a través dos correspondentes Plans de ordenación cinexético e dos Plans anuais de aproveitamento cinexético, que haberán de ser aprobados polo/a titular da dirección xeral competente en materia de caza e da xefatura territorial da Consellería competente en materia de caza, respectivamente.		
Artigo	Alegacións de	Contido da alegación	Aceptación	Observacións
21	Clubs e cazadores de caza maior de Galicia	Propónse incluír no apartado 4 o seguinte parágrafo: "salvo causas extraordinarias e puntuais que para o control de especies poida permitir e/ou fomentar a administración".	NON	Esta autorización especial non ten porque considerarse neste apartado, dado que de ser necesaria podería autorizarse de acordo co establecido no artigo 64 do anteproxecto.
21	Amigos da Terra	Propón engadir o seguinte parágrafo: "Se se manifestase a negativa a integración no tecor de parte dos terreos afectados e a superficie continua destes fose inferior a cincocentas hectáreas, neles non poderá practicarse a caza e terán a consideración de refuxios de fauna" Propón solicitar en todos os procedementos de declaración dun tecor o informe do comité provincial de caza ou do comité galego se tivese ámbito supraprovincial	NON	A superficie mínima para poder cazar é de 500 hectáreas, polo que tal consideración resulta innecesaria, pasarían <i>ope lege</i> a ser zonas de exclusión. Esa medida retrasaría a tramitación, habida conta de que as reunións destes comités teñen unha frecuencia anual e amais delo, a aprobación ou rexeitamento dunha solicitude de declaración dun tecor está taxado xuridicamente non é unha cuestión opinable, se cumpren cos requisitos legais a Administración ten que aprobala e, en caso contrario, denegala. Podería, en todo caso, darlle conta a estes comités das declaracións efectuadas.
21	ADEGA	Repítese a solicitude cambio de dicción, citada nas alegacións do artigo 20.2 6º. Que se agregue a condición para renovar o POC de que sexa de forma xustificada.	NON	O que cede é o titular dos dereitos cinexéticos que por efecto desa cesión deixa de selo transferíndolle polo tempo pactado a titularidade dese dereito. Ese é un concepto xurídico indeterminado cuxa interpretación pode abrir a porta a arbitrariedade.
21	Sociedade Galega de Historia Natural	Nova redacción dos puntos 1, 2 e 6: 1. A declaración dun TECOR iníciase por medio dunha solicitude do interesado á que haberán de acompañarse os documentos acreditativos do dereito de propiedade dos terreos ou do da cesión dos dereitos cinexéticos (Vexanse definicións no Artº. 20.1 e 4) e a especificación da súa superficie e os seus lindes, así como dunha memoria coas directrices básicas do plan de ordenación cinexética. 2. O procedemento de declaración dun TECOR incluírá en todo caso, a notificación, a todos e cada un dos propietarios dos terreos e un trámite de información pública, por un prazo de dous meses, no que calquera poderá efectuar as alegacións que consideren pertinentes. 6. O plan de ordenación cinexética terá unha vixencia mínima de 5 anos. Non obstante, os TECORES que voluntariamente quixeran revísalo, total ou parcialmente, poderán solicitar a súa revisión en calquera momento, antes de que finalice o seu período de vixencia, especificando as causas ou motivos concretos que o fan necesario.	NON	A titularidade cinexética a teñen non soamente os propietarios senón os que ostenten un dereito de posesión. A notificación aos propietarios resulta extremadamente ardua, onerosa e innecesaria. A revisión do POC ten que facerse de todo el para non romper a unidade e coherencia da ordenación Sen que teñan que alegarse razóns extraordinarias.
21	Xunta rectora de m.v.m.c. Boa, (Noia)	Considérese necesario para a declaración dun Tecor, incluír a obriga de obter a cesión do dereito cinexético realizada polas comunidades de montes.	NON	A cesión dos dereitos cinexéticos te que realizala o titular do dereito cinexético.
21.1.	Organización Galega de mvmc	Propónse substituír "titularidade cinexética" por "dereito ao aproveitamento cinexético".	NON	Considérase que non é o mesmo a titularidade do dereito que ten alguén a aproveitar un recurso e a titularidade do aproveitamento que se realice dese recurso.
21.1.	Particulares. Asociación de veciños San Breixo de Seixalbo.	Propónse incluír: Se se manifestase a negativa á integración no Tecor de parte dos terreos afectados, e a superficie continua destes fose inferior a cincocentas hectáreas, neles non poderá practicarse a caza e terán a consideración de refuxios de fauna.	NON	Estas condicións xa están recollidas no texto, pasando estes terreos a ter a consideración de zonas de exclusión, non refuxios de fauna.
21.2.	Organización Galega de mvmc	Propónse eliminar que os titulares das terras poidan presentar alegacións dado que precísase que se teñan as cesións dos mesmos.	NON	Neste apartado non se fai alusión unicamente aos propietarios dos terreos afectados, ademais para constituír un Tecor débese acreditar como mínimo a titularidade cinexética do 75% da súa superficie, polo que non todos os propietarios dos terreos tiveron que realizar a cesión dos dereitos cinexéticos.
21.2.	Colexio oficial de Biólogos de Galicia.	Propónse un período de información pública de tres meses e non de dous.	NON	Considerando os prazos establecidos para aprobar un Tecor dende o inicio do expediente, o período de tres meses de información pública resultaría excesivo para cumprir ditos prazos de resolución.
21.2.	Federación ecoloxista galega.	Propónse que se especifique como será o trámite de información pública.	NON	Este procedemento está regulado na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.
21.2.	Federación ecoloxista galega.	Propónse engadir un novo apartado coa seguinte redacción: No caso de afectar a espazos protexidos do territorio galego, esta exposición pública terá que abrirse a todo galego polo carácter de interese xeral que teñen os espazos protexidos.	NON	Si o expediente se somete ao trámite de información pública enténdese que está aberto a calquera persoa que se considere afectado polo mesmo.

21.3.	Organización Galega de mvmc	Propónse que se realice a comunicación da resolución de aprobación provisional dun Tecor aos propietarios das terras.	NON	A comunicación da resolución que poña fin ao procedemento realizarase aos interesados no mesmo de acordo co establecido no artigo 58 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.
21.3	Tecor Societario de Xallas	Propón que antes de declararse un tecor de xeito provisional deben resolverse todas as alegacións	NON	As alegacións as que se refire o apartado anterior, imponen que se resolvan antes de pasar ao seguinte trámite. Non tería senso poder presentar alegacións se non se van a valorar.
21.3.	UNITEGA Sociedade de caza Corzán	Propón a seguinte redacción: Unha vez iniciado o procedemento de declaración dos TECOR e acreditado o cumprimento do previsto nos apartados 1 e 2 do presente artigo, o titular da Consellería competente en materia de caza, outorgará unha aprobación provisional para que no prazo máximo de catro meses se adopten as medidas que se sinalen nesta. Se non se adoptasen esas medidas no citado prazo, quedará sen efecto a aprobación provisional. Esta aprobación provisional outorgarase unha vez resoltas todas as alegacións presentadas na vía Administrativa.	NON	Non é necesario introducir esta obriga, dado que non se vai a resolver o expediente de aprobación dun Tecor sen considerar nin dar resposta a todas as alegacións realizadas no correspondente trámite de información pública.
21.4.	Sociedade de cazadores de Portas.	Propón engadir ao final do parágrafo: “salvo autorización expresa”	NON	Non se considera a posibilidade de realizar un aproveitamento cinexético antes da aprobación definitiva do Tecor.
21.4.	Particulares. Asociación de veciños San Breixo de Seixalbo.	Propónse incluír: En tódolos procedementos de declaración de Tecor deberá solicitarse informe do Comité Provincial de Caza correspondente ou, cando o seu ámbito territorial comprenda varias provincias, do Comité Galego de Caza.	NON	Esa medida retrasaría a tramitación, habida conta de que as reunións destes comités teñen unha frecuencia anual e amais diso, a aprobación ou rexeitamento dunha solicitude de declaración dun tecor está taxado xuridicamente non é unha cuestión opinable, se cumpren cos requisitos legais a Administración ten que aprobala e, en caso contrario, denegala. Podería, en todo caso, darlle conta a estes comités das declaracións efectuadas.
21.5.	Federación ecoloxista galega.	Propónse suprimir a posibilidade de autorización do Tecor por silencio administrativo.	NON	Dado que a aprobación por silencio administrativo se producirá en todo caso posteriormente á certificación da xefatura territorial correspondente, sobre o cumprimento das condicións impostas na aprobación provisional, considérase que o titular do Tecor non ten porque sufrir as consecuencias do retraso da Administración ao ditar a aprobación definitiva.
21.5	Federación Galega de Caza	Propón realizar os seguinte cambios : “...o titular do servizo competente en materia de caza emitirá certificación do seu cumprimento e o titular da Consellería competente en materia de caza declarará constituído o Tecor...”	SI	Estímase a proposta realizada.
21.6.	Sociedade de cazadores de Portas.	Propón establecer unha vixencia máxima para o plan de ordenación cinexética.	SI	Estímase a proposta, realizando o seu desenvolvemento por vía regulamentaria.
21.6.	Organización Galega de mvmc	Propónse que se introduza a obriga cando os titulares dos Tecor queiran revisar o seu contido, o fagan de forma xustificada	NON	Considérase que cando o titular solicita a revisión do plan é porque detecta a necesidade de adaptalo á realidade por razóns xustificadas.
21.6.	Particulares. APROCA Galicia Touceda SC	Propónse manter a vixencia dos POC en cinco anos.	NON	Non se considera oportuno fixar de xeito inamovible a duración máxima de cinco anos para o POC.
21.6.	UNITEGA	Propón a seguinte redacción: O plan de ordenación cinexético terá unha vixencia mínima de 10 anos e máxima de 25 anos. Non obstante, os TECORES que voluntariamente quixeran revísalo, poderán solicitar a súa revisión en calquera momento, antes de que finalice o seu período de vixencia.	NON	Considérase que a a duración mínima é de cinco anos podendo ser revisado si é necesario, pero o período máximo de vixencia de 25 anos considérase excesivo para a ordenación do aproveitamento deste recurso.
21.7.	Clubs e cazadores de caza maior de Galicia	Propónse eliminar a posibilidade de desenvolver os procedementos pola vía regulamentaria.	NON	Ao igual que o expresado na proposta de reforma do artigo 20.4, a lei deixa para o desenvolvemento de determinados procedementos á vía regulamentaria, porque unha lei non pode descender aos pormenores de cada unha das materias que regula. Para iso están os regulamentos.
21.7.	Particular. APROCA Galicia	Alégase que os apartados 20.4 e 21.7 contradínse.	Parcialmente	Considérase necesario darlle unha nova redacción ao artigo 21.7.
21.8.	Federación Galega de Caza APROCA Galicia	Propón a seguinte modificación: “O procedemento de constitución e renovación do TECOR...”	NON	O procedemento de constitución xa está regulado no artigo correspondente.
21.8.	Organización Galega de mvmc	Propónse que no procedemento de renovación dun Tecor se obrigue a contar co visto e prace dos títulos dos terreos.	NON	En dito procedemento xa se establece un período de información pública para realizar calquera reclamación, así como tamén para aqueles propietarios dos que se presuma a renovación da cesión establécese na Lei a posibilidade de segregar os seus terreos en calquera momento.
21.8.	Federación ecoloxista galega.	Propónse que sexa tamén competencia do Comité Galego de Caza a aprobación dos Tecores que afecten a espazos protexidos.	NON	No procedemento establecido para a renovación dun Tecor xa se contempla un trámite de información pública, polo que non é necesario que sexa tratado nun comité de caza.
<b>Unha vez realizados os cambios correspondentes ás alegacións estimadas, e os cambios propostos pola Asesoría Xurídica, o artigo que no borrador era o nº 21 pasa a ser o nº 14, coa seguinte redacción.</b>		Artigo 14. Procedemento xeral de declaración dun TECOR. 1. A declaración dun TECOR iníciase por medio dunha solicitude do/a interesado/a á que haberán de acompañarse os documentos acreditativos da titularidade cinexética dos terreos e a especificación da súa superficie e os seus lindes, así como unha memoria coas directrices básicas do plan de ordenación cinexética. 2. O procedemento de declaración dos TECOR incluírá, en todo caso, un trámite de información pública, por un prazo de dous meses, no cal os/as propietarios/as dos terreos afectados ou titulares doutros dereitos, que leven consigo o seu aproveitamento cinexético, poderán efectuar as alegacións que consideren pertinentes. 3. Unha vez iniciado o procedemento de declaración dos TECOR e acreditado o cumprimento do previsto nos apartados 1 e 2 do presente artigo, o/a titular da consellería competente en materia de		

		<p>caza, ditará resolución de aprobación provisional para que no prazo máximo de catro meses se presente o Plan de ordenación cinexético; o Plan anual de aproveitamento cinexético; se realice a sinalización e se adopten as medidas adicionais que se sinalen nesta. Se non se cumprisen algunhas destas obrigas no citado prazo, quedará sen efecto a resolución de aprobación provisional.</p> <p>4. Durante o prazo contemplado no apartado anterior non poderá realizarse aproveitamento cinexético ningún.</p> <p>5. Unha vez cumpridas as obrigas que se sinalan no punto 3, o/a titular do servizo competente en materia de caza da xefatura territorial da consellería competente nesta materia emitirá certificación do seu cumprimento e o/a titular da citada consellería declarará constituído o TECOR no prazo máximo de dous meses dende a emisión da certificación. Transcorrido o prazo citado, sen que tivese mediado declaración administrativa ao respecto, entenderase autorizada a constitución do TECOR.</p> <p>Ata que se dite resolución expresa declarando o TECOR ou, no seu defecto, ata que transcorra o prazo para entenderse autorizada a súa constitución, manterase a prohibición de realizar actividade cinexética algunha.</p> <p>6. Ao vencemento do prazo de vixencia do TECOR, se houberse reclamación para recuperar a titularidade cinexética, os/as titulares deste poderán iniciar o procedemento de renovación, segundo se estableza regulamentariamente.</p> <p>7. O procedemento de renovación do TECOR haberá de seguir unha tramitación semellante á de constitución e incluír un trámite de información pública.</p>		
Artigo	Alegacións de	Contido da alegación	Aceptación	Observacións
22	Sociedade de Cazadores de Vilar de Barrio	Propón engadir un novo punto que estableza a obriga de reservar un mínimo do 10% dos permisos diarios para cazadores foráneos.	NON	Na Lei non se poden regular aspectos que son regulados por normas de réxime interno, unicamente se establecen estas normas naquelas figuras sometidas a réxime cinexético especial cuxo titular é unha entidade pública, (Tecor local e autonómico).
22	Asociación animalista LIBERA	Considera que non está establecido cal é o organismo encargado de controlar a execución do contido dos plans, así como a existencia dunha falta de persoal técnico para esixir datos sobre epizootias.	NON	Neste artigo no seu apartado 2 establécese como obriga para os titulares axustarse ao Plan de Ordenación Cinexética e aos Plans de Aproveitamento Cinexético, de obrigado cumprimento unha vez aprobados pola Consellería competente, polo tanto a información sobre a execución de ditos plans deberá proporcionarse á Consellería que os aprobou que será a encargada de verificar a súa correcta execución. Este artigo versa sobre as obrigas dos titulares dun Tecor, establecéndose a obriga de comunicar, “cando aparezan”, a presenza de epizootias, carecendo de sentido a alegación que fai referencia a unha falta de persoal técnico para esixir datos sobre epizootias. Nesta materia a citada actuación é de colaboración soamente porque obviamente as cuestións relacionadas coa sanidade veterinaria son alleas a responsabilidade dunha lei de caza.
22	Asociación de empresas e expertos de seguridade de Galicia Amigos da Terra	Propónse que se inclúa como obriga a de dotar de vixilancia privada o Tecor.	NON	Non se considera necesario impoñer esta obriga aos titulares dos tecores, posibilitando o contratar este servizo ao contemplalo como opcional na Lei. A vixilancia nesta lei non é obrigatoria.
22	ADEGA	Substituír a expresión documentos acreditativos da titularidade cinexética dos terreos pola que acredite a cesión do seu aproveitamento. Propón un novo apartado: Cumprir o establecido no acordo de cesión do aproveitamento cinexético	NON	Non se corresponde co tenor literal dese precepto. Esa é unha obriga de dereito privado alleo a competencia desta lei.
22.2.	Organización Galega de mvmc	Propónse engadir outro apartado no que se obligue a cumprir co establecido no acordo de cesión dos dereitos cinexéticos.	NON	Na Lei de caza débense establecer as obrigas referentes as condicións reflectidas na mesma para a declaración dun Tecor, non ás condicións dun contrato privado polo cal se realiza a cesión dos dereitos cinexéticos duns terreos.
22.2	Federación Galega de Caza	Propón engadir ao final do artigo: “Considerarase falta de dilixencia na conservación do terreo acoutado o incumprimento desta obriga por parte do titular do aproveitamento”	NON	A falta de dilixencia é un concepto xurídico indeterminado.
22.2.	Asociación Lobo	Propónse que os cupos de captura recollidos no POC sexan os máximos non debendo obrigar aos cazadores a cubrir un cupo mínimo de pezas.	NON	No POC establécense os cupos de captura por temporada, de xeito que non indica que sexa un mínimo nin un máximo, senón que resultan ser as cantidades que de acordo cos obxectivos da planificación realizada se poden extraer anualmente da poboación.
22.3.	Sociedade de cazadores de Portas.	Propón eliminar o punto 3.	NON	Considérase necesario establecer unha obriga para os titulares cinexéticos de dar conta da execución da planificación aprobada, precisamente para coñecer si estes plans son correctos e se están aplicando axeitadamente.
22.4.	Particulares. Asociación de veciños San Breixo de Seixalbo.	Propónse incluír a obriga de dotar de vixilancia.	NON	Non se considera facer obrigatoria a dotación de vixilancia privada nos Tecor.
22.5.	Dirección Xeral de Producción Agropecuaria.	Completase este apartado solicitando que se inclúan parágrafos referentes as obrigas en canto a comunicación de epizootias que establece a lei de sanidade animal.	NON	Estas obrigas xa están incluídas na Lei de Sanidade animal e para todas as persoas polo que non é necesario ser redundantes ao incluílas nesta lei referíndonos exclusivamente aos cazadores ou sociedades de caza.
22.7.	Sociedade de cazadores de Portas.	Propón substituír “na autorización.” por “segundo a lexislación vixente.”	NON	Dado que as actividades cinexéticas nun Tecor teñen que estar autorizadas, (plan anual de aproveitamento ou autorizacións especiais), o lóxico é que nestas autorizacións particulares se establezan unha serie de condicións que deben respectarse e cumprirse, polo que é máis axeitada a redacción do texto que a proposta realizada.
<b>Unha vez considerados os cambios propostos pola Asesoría Xurídica, o artigo 22 do borrador desaparece, incluíndose o seu contido noutros preceptos do anteproxecto.</b>				

23	Sociedade Galega de Historia Natural	<p>Nova redacción dos puntos 2 e 3:</p> <p>2. Os TECOR autonómicos constituiranse sobre terreos de titularidade cinexética da Comunidade Autónoma ou sobre terreos de aproveitamento cinexético común, contando co documento acreditativo de cesión dos dereitos cinexéticos, dos propietarios dos terreos, no modo en que regulamentariamente se estableza.</p> <p>3. O aproveitamento cinexético dos TECOR autonómicos poderán ser xestionados pola Administración autonómica competente en materia de caza ou por medio de sociedades ou asociacións de cazadores, radicadas no territorio onde se radique o TECOR autonómico, ás que se adjudicará prioritariamente o devandito aproveitamento polo procedemento que se estableza regulamentariamente.</p> <p>Engadir novo punto 4.</p> <p>4. O procedemento de declaración dun TECOR autonómico, incluírá en todo caso, a notificación, a todos e cada un dos propietarios dos terreos e un trámite de información pública, por un prazo de dous meses, no que se poderán efectuar as alegacións que se consideren pertinentes.</p>	NON	<p>Non precisan ter superficie mínima preestablecida nin acreditar cesión de dereitos cinexéticos As razóns que xustifican a constitución dun tecor autonómico son de orde público e non requiren tal consentimento, é unha figura semellante aos terreos de caza controlada, establecidos na lei de caza estatal de 1970.</p> <p>Unha das finalidades que pretende esta figura é a de facilitar o acceso a caza aos colectivos que non teñen terreos. Se lle adjudica a sociedades xa existentes non se poderá cumprir ese obxectivo.</p> <p>Este requisito devén innecesario polo dito anteriormente respecto das razón de orde público que xustifica a existencia desta modalidade de tecor.</p>
23.2.	Organización Galega de mvmc	Propónse que se inclúa a obriga de contar coa cesión dos dereitos cinexéticos dos terreos sometidos a réxime cinexético común.	NON	Non precisan ter superficie mínima preestablecida nin acreditar cesión de dereitos cinexéticos As razóns que xustifican a constitución dun tecor autonómico son de orde público e non requiren tal consentimento, é unha figura semellante aos terreos de caza controlada, establecidos na lei de caza estatal de 1970.
23.2	ADEGA	Engadir logo de aproveitamento cinexético común, “que conte co acordo dos titulares das terras”. Eliminar a posibilidade de ceder a sociedades ou asociacións de cazadores a xestión deses tecores.	NON	As razóns que xustifican a constitución dun tecor autonómico son de orde público e non requiren tal consentimento, é unha figura semellante aos terreos de caza controlada, establecidos na lei de caza estatal de 1970. E pouco aconsellable que se limite a xestión dese tecor a Administración, aínda que si é conveniente que a tutele e controle para servir aos fins para os que se crea.
23.3.	Organización Galega de mvmc	Propónse que a Administración autonómica en materia de caza non poida adjudicar a xestión do aproveitamento cinexético dos Tecor autonómicos a sociedades ou asociacións de cazadores, ao considerar que se está concedendo un beneficio a terceiros.	NON	Considérase que a Administración autonómica en materia de caza, como responsable da xestión destes espazos, pode adjudicar o aproveitamento da caza nos mesmos seguindo un procedemento determinado, que tal e como se especifica neste artigo, será establecido regulamentariamente.
23.3.	CCOO	Non se considera adecuado que sociedades ou asociacións poidan xestionar os tecores autonómicos, debendo facelo sempre a Administración.	NON	O aproveitamento destes tecores, no caso de realizarse por sociedades de cazadores ás que se lles adjudique o mesmo, debe realizarse de acordo co POC e Plan anual de aproveitamentos aprobado pola Administración, polo que correspóndelle á Administración a tutela e control destas sociedades.
<p><b>Unha vez realizados os cambios correspondentes ás alegacións estimadas, e os cambios propostos pola Asesoría Xurídica, o artigo que no borrador era o nº 23 pasa a ser o nº 19, coa seguinte redacción.</b></p>		<p>Artigo 19. TECOR de carácter autonómico.</p> <p>1. A Administración autonómica poderá ser titular dun TECOR co fin de garantir o ordenado aproveitamento das especies cinexéticas e de favorecer o acceso dos/as cazadores/as galegos/as á actividade cinexética.</p> <p>2. Os TECOR autonómicos constituiranse sobre terreos de titularidade cinexética da Comunidade Autónoma ou sobre terreos de aproveitamento cinexético común no modo en que regulamentariamente se estableza, contando sempre na súa declaración cun trámite de información pública.</p> <p>3. A xestión cinexética dos TECOR autonómicos poderá realizala directamente pola Administración autonómica competente en materia de caza ou por medio de sociedades ou asociacións de cazadores/as ás que se adjudique o devandito aproveitamento, seguindo as directrices da normativa que regula a contratación no sector público.</p>		
<b>Artigo</b>	<b>Alegacións de</b>	<b>Contido da alegación</b>	<b>Aceptación</b>	<b>Observacións</b>
24	Amigos da Terra	<p>Propón engadir:</p> <p>No punto 2 ao principio: “De conformidade co número 2 do artigo 21 da presente lei”</p> <p>No punto 3.a ao final do párrafo : “e reseña catastral de cada finca”</p> <p>No Punto 4.” Dous o mais municipios ou entidades menores..”</p> <p>No punto 7:a) O recoñecemento do dereito que lles corresponde a tódolos propietarios de terreos susceptibles de aproveitamento cinexético, para que de acordo cos estatutos da entidade que o xestione e cos plan s de ordenación cinexética en vigor poidan exercita-la caza dentro do tecor.</p> <p>b) A obriga de reservar alomenos un quince por cento dos permisos diarios para cazadores empadroados con veciñanza administrativa nos termos municipais incluídos no tecor</p> <p>c) A obriga de reservar alomenos un dez por cento dos permisos diarios a favor dos cazadores foráneos.</p> <p>d)A obriga de reservar unha porcentaxe dos permisos diarios a favor dos propietarios de terreos que cedesen o sei aproveitamento cinexético a título gratuito.</p>	NON	<p>Innecesario.</p> <p>O polígono e a parcela a que se refire é precisamente información catastral.</p> <p>Poden ser titulares de xeito mancomunado tal como se dí.</p> <p>Xa se contén esa previsión respecto dos que ceden a título gratuito, Obviamente os que obteñan unha contraprestación non poden ter igual dereito.</p> <p>Esa posibilidade é inconstitucional porque establece privilexios en favor de determinados administrados.</p> <p>Esa é unha decisión que se inscribe dentro das competencias de xestión do acoutado e que non se xustifica a priori.</p> <p>Xa se recoñece na lei.</p> <p>Resulta obvio</p> <p>Resulta obvio</p>



		8. As ditas prescricións serán aplicables igualmente en caso de xestión directa do concello. 9. A entidade que xestione o tecor será a responsable do seu funcionamento		
24	ADEGA	1. Eliminar a referencia ao 75% e no ser lugar poñer “ pola autorización dos titulares das terras” 2. Eliminalo 5. En contra de que se lle encomende a xestión a unha asociación de cazadores 6. Eliminalo 7. Incluír tamén as cesións feitas polos propietarios a título oneroso	NON	A atomización da propiedade rural en Galicia aconsella suavizar o nivel de esixencia na acreditación da cesión de titularidades cinexéticas. A xurisprudencia galega estimou no seu momento como razoables este tipo de medidas. A Administración debe poder cederlle a unha sociedade dita xestión polas dificultades que vai ter para facelo por si mesma. A legalidade dos acordos municipais deben axustarse a súa normativa propia, tal como se di neste precepto Ese tipo de acordos son de natureza xurídica privada.
24	Asociación animalista LIBERA	Considera que a Administración antes de aprobar un Tecor debería consultar previamente aos propietarios dos que se presume a cesión de dereitos cinexéticos, para non obrígalos a manifestar posteriormente a non inclusión dos seus terreos no mesmo.	NON	Por este motivo é polo cal se establece un trámite de información pública no procedemento de declaración dun Tecor.
24	Sociedade Galega de Historia Natural	Nova redacción dos puntos 1, 2, 5 e 7: 1. Os Concellos ou entidades locais menores poderán solicitar ao seu favor a declaración de TECOR, sempre que acrediten documentalmente a cesión do dereito cinexético de polo menos o 75% dos terreos susceptibles de aproveitamento cinexético para os que se solicite a devandita declaración e non estean sometidos a outro réxime especial. 2. A cesión da titularidade do resto da superficie solicitada, non se incluírá no TECOR en tanto os propietarios dos dereitos cinexéticos ou titulares dos terreos susceptibles de aproveitamento cinexético incluídos na solicitude, previa e persoalmente notificados, non manifesten expresamente e por escrito, a súa aprobación á integración neste. Os propietarios e calquera outro interesado realizarán cantas alegacións consideren oportunas no correspondente trámite de información pública. 5. O aproveitamento cinexético das TECOR municipais poderá xestionarse directamente polo Concello ou ben mediante unha sociedade ou asociación de cazadores legalmente constituída, radicadas no territorio onde se radique o TECOR local, ás que se adxudique adxudicará prioritariamente o devandito aproveitamento polo procedemento que se estableza regulamentariamente. 7. Os pregos de condicións de adxudicación destas cesións haberán de conter, ademais dos.... prescricións especiais relativas aos dereitos dos propietarios que ceden título gratuito ou oneroso, as súas terras. Ademais no artigo non constan: • Superficies, mínima e máxima. • Procedemento de renovación • Trámite de información pública. • Obrigatoriedade do informe do comité provincial de caza.	NON	1. Considérase que non é o mesmo a titularidade do dereito que ten alguén a aproveitar un recurso e a titularidade do aproveitamento que se realice dese recurso. 2. Xa se salientou antes que a notificación resulta excesivamente onerosa e difícil e que a presunción de cesión en tanto non haxa oposición é un sistema aceptado polo propio Tribunal Superior de Xustiza de Galicia como método para a acreditar a titularidade masiva de dereitos desta índole. 5. Esa posibilidade é inconstitucional porque establece privilexios en favor de determinados administrados. 7. Se son onerosos rexeranse polas condicións que tiveran pactado.  Xa se especifica a superficie, procedemento de renovación información pública no artigo 20
24.1.	Particular.	Proponse que para a declaración dun Tecor a porcentaxe de terreo do que se ten que acreditar a cesión de dereitos cinexéticos sexa o 60%.	NON	Considérase que para aprobar o Tecor débese xustificar ao igual que ata o momento, a cesión de dereitos cinexéticos dun mínimo do 75 % da superficie total.
24.2.	Particulares. Asociación de veciños San Breixo de Seixalbo.	Proponse engadir ao principio deste apartado o texto: De conformidade co número 2 do artigo 21 da presente lei.	NON	Non se considera necesario dito cambio.
24.1. e 24.2.	Organización Galega de mvmc. Matar por matar non. Federación ecoloxista galega.	Considérase que para a declaración do Tecor débese posuír a cesión dos dereitos cinexéticos do 100% dos terreos.	NON	Dado que en moitas ocasións resulta moi difícil acadar a cesión dos dereitos cinexéticos de tódolos terreos, é polo que se considera necesario establecer unha marxe de superficie dos que se supón a súa cesión, outorgando tamén a posibilidade para os propietarios destes terreos de segregar os mesmos en calquera momento.
24.3	Particular.	Proponse engadir ao final deste apartado o texto: e a reseña catastral de cada finca	SI	Acéptase esta proposta, redactando este apartado nos mesmos termos que os establecidos para a cesión de dereitos cinexéticos nos Tecor societarios, (25.3.a. do borrador).
24.3.	APROCA Galicia	Proponse engadir neste apartado o texto: “polígono e parcela” de cada finca	SI	Acéptase esta proposta, redactando este apartado nos mesmos termos que os establecidos para a cesión de dereitos cinexéticos nos Tecor societarios, (25.3.a. do borrador).
24.3.a)	Federación Galega de Caza	Propón a seguinte redacción. “ A cesión de dereitos cinexéticos, asinada polos seus titulares e con especificación da superficie do terreo, polígono, parcela e o prazo de cesión.	SI	Acéptase esta proposta, redactando este apartado nos mesmos termos que os establecidos para a cesión de dereitos cinexéticos nos Tecor societarios, (25.3.a. do borrador).
24.4.	Particulares. Asociación de veciños San Breixo de Seixalbo.	Proponse que tamén se poidan asociar entidades menores	NON	As entidades menores estarán dentro dun concello polo que xa están recollidas no artigo, ademais xa se fai referencia a elas no apartado 1.
24.5	Sociedade de Cazadores de Vilar de Barrio	Propón suprimir o parágrafo “poderá xestionarse directamente polo Municipio”	NON	Non se pode considerar esta proposta, dado que o titular do Tecor é o concello.

24.5. e 24.6.	Organización Galega de mvmc. Matar por matar non.	Proponse eliminar a posibilidade de adjudicar a xestión do aproveitamento cinexético dos Tecor autonómicos a sociedades ou asociacións de cazadores, ao considerar que se está concedendo un beneficio a terceiros.	NON	E pouco aconsellable que se limite a xestión dese tecor a Administración, aínda que si é conveniente que a tutele e controle para servir aos fins para os que se crea.
24.5., 24.6. e 24.7.	CCOO	Preséntase oposición á posibilidade de que se acceda á xestión privada dun aproveitamento de carácter público.	NON	Considérase que o concello, como titular e responsable da xestión destes espazos, pode adjudicar o aproveitamento da caza nos mesmos seguindo un procedemento determinado, (de acordo coa lexislación de réxime local).
24.7.	Organización Galega de mvmc	Proponse incluír a posibilidade de que as cesións ademais de gratuítas poidan ser onerosas.	NON	Neste artigo non se establece que todas as cesións teñan que ser obrigatoriamente gratuítas, pero si se cita que no caso de ser gratuítas, se establezan prescricións especiais para os propietarios que así ceden.
24.7.	Clubs e cazadores de caza maior de Galicia	Especifícase que no apartado 7 os propietarios non ceden as súas terras senón os dereitos cinexéticos das súas terras.	SI	Suprímese este apartado, considerándose a cesión dos dereitos cinexéticos segundo se reflicte no punto 3 apartado a) deste artigo, no que xa se fai referencia á cesión dos dereitos cinexéticos.
24.7.	Sociedade de cazadores de Portas.	Propón engadir ou final do parágrafo : “así como a súa parte de beneficios obtidos na venda da actividade cinexética.”	NON	Considérase que nas prescricións especiais relativas aos dereitos dos propietarios que ceden a título gratuío os dereitos cinexéticos das súas terras, poderán incluírse todas aquelas condicións e/ou contraprestacións que as partes acorden, sen necesidade de especificar cada unha delas neste apartado.
24.7.	Federación Galega de Caza	Propón as seguintes modificacións: “...propietarios que ceden a título gratuío os dereitos cinexéticos das súas terras,...”	NON	Neste apartado estase a referir aos pregos de condicións de adjudicación das cesións de dereitos cinexéticos, polo tanto ao referirse aos propietarios que ceden a título gratuío as súas terras, enténdese para que nelas se realice a práctica da caza.
24.7.	Clubs e cazadores de caza maior de Galicia	Proponse engadir dúas cláusulas mais que obriguen aos titulares do aproveitamento cinexético a proporcionar aos propietarios de terreos que cederan os dereitos cinexéticos gratuitamente cantos permisos de caza soliciten en igualdade de condicións que os socios titulares do Tecor, así como a reversión a favor dos propietarios dos terreos, dun mínimo do 50% do importe bruto obtido pola venda de calquera tipo de cacería.	NON	Na redacción dada a este apartado xa se contempla a obriga de que nos pregos de prescricións que establezan no contrato de cesión de dereitos cinexéticos se especifiquen prescricións especiais para os veciños, propietarios que ceden a título gratuío e cazadores foráneos, a intensidade e alcance destas prescricións serán as que consideren oportunas as dúas partes involucradas no contrato.
24.7.	Matar por matar non	Considérase que faltan dereitos recollidos na anterior Lei, así como proponse incluír compensacións polas cesións realizadas.	NON	Na redacción dada a este apartado xa se contempla a obriga de que nos pregos de prescricións que establezan no contrato de cesión de dereitos cinexéticos se especifiquen prescricións especiais para os veciños, propietarios que ceden a título gratuío e cazadores foráneos, a intensidade e alcance destas prescricións serán as que consideren oportunas as dúas partes involucradas no contrato. Neste artigo non se establece que todas as cesións teñan que ser obrigatoriamente gratuítas, pero si se cita que no caso de ser gratuítas, se establezan prescricións especiais para os propietarios que así ceden.
24.7.	Particulares. Asociación de veciños San Breixo de Seixalbo.	Proponse engadir os seguinte apartados: a) O recoñecemento do dereito que lles corresponde a tódolos propietarios de terreos susceptibles de aproveitamento cinexético, para que de acordo cos estatutos da entidade que o xestione e cos plans de ordenación cinexética en vigor poidan exercita-la caza dentro do Tecor. b) A obriga de reservar cando menos un quince por cento dos permisos diarios para cazadores empadroados con veciñanza administrativa nos termos municipais incluídos no Tecor. c) A obriga de reservar cando menos un dez por cento dos permisos diarios a favor de cazadores foráneos. d) A obriga de reservar unha porcentaxe dos permisos diarios a favor dos propietarios de terreos que cedesen o seu aproveitamento cinexético a título gratuío.	NON	Na redacción dada a este apartado xa se contempla a obriga de que nos pregos de prescricións que establezan no contrato de cesión de dereitos cinexéticos se especifiquen prescricións especiais para os veciños, propietarios que ceden a título gratuío e cazadores foráneos, a intensidade e alcance destas prescricións serán as que consideren oportunas as dúas partes involucradas no contrato. Neste artigo non se establece que todas as cesións teñan que ser obrigatoriamente gratuítas, pero si se cita que no caso de ser gratuítas, se establezan prescricións especiais para os propietarios que así ceden.
24.8. e 24.9.	Particulares. Asociación de veciños San Breixo de Seixalbo.	Proponse incluír estes dous apartados co seguinte contido: As ditas prescricións serán aplicables igualmente en caso de xestión directa polo Concello. A entidade que xestione o Tecor será a responsable do seu funcionamento.	NON	Son condicións que xa están establecidas na Lei sen necesidade de estar repetíndoas para cada caso particular.
<b>Unha vez realizados os cambios correspondentes ás alegacións estimadas, e os cambios propostos pola Asesoría Xurídica, o artigo que no borrador era o nº 24 pasa a ser o nº 20, coa seguinte redacción.</b>		Artigo 20. TECOR de carácter local. 1. Os concellos ou entidades locais menores poderán solicitar ao seu favor a declaración de TECOR de carácter local, sempre que acrediten documentalmente polo menos a titularidade cinexética do 75% dos terreos para os que se solicite a devandita declaración e non estean sometidos a outro réxime especial. 2. Presumirase a cesión da titularidade do resto da superficie solicitada, que se incluírá no TECOR en tanto os/as propietarios/as ou titulares cinexéticos/as dos terreos non manifesten expresamente e por escrito, a súa negativa á integración neste, no correspondente trámite de información pública. 3. Os concellos ou entidades locais menores solicitantes da declaración ao seu favor dun determinado territorio como TECOR de carácter local haberán de realizar os trámites previstos no artigo 14: a). A acreditación da titularidade dos dereitos cinexéticos, en caso de cesión de dereitos cinexéticos por terceiros/as, esta deberá de estar asinada polos/as seus/súas titulares e con especificación da superficie do terreo, polígono, parcela e o prazo de cesión. b). O plano a escala adecuada que permita a localización do terreo e dos seus lindes. c). A memoria coas directrices básicas do plan de ordenación cinexética.		

		<p>4. Dous ou máis municipios poderán agruparse e solicitar mancomunadamente a declaración ao seu favor dun TECOR de carácter local.</p> <p>5. A xestión cinexética dos TECOR de carácter local poderá realizarse directamente polo concello ou ben mediante unha sociedade ou asociación de cazadores/as legalmente constituída, á cal se lle ceda ou adxudique dito aproveitamento.</p> <p>6. Esta cesión do aproveitamento a unha sociedade ou asociación de cazadores/as realizarase de acordo coa lexislación de réxime local e por prazo non superior ao indicado na resolución de declaración do TECOR.</p>		
Artigo	Alegacións de	Contido da alegación	Aceptación	Observacións
25	Amigos da Terra	<p>Propón engadir:</p> <p>No punto 2 ao principio: “De conformidade co número 2 do artigo 21 da presente lei”</p> <p>No punto 3.a ao final do paragrafo : “e reseña catastral de cada finca”</p> <p>4.” Reservarase unha porcentaxe dos permisos diarios a favor dos propietarios de terreos incluídos no tecor que cedesen o sei aproveitamento cinexético a título gratuito, no momento da constitución do tecor e de acordo co que establezan os estatutos en vigor legalmente aprobados a este respecto</p>	NON	<p>Innecesario.</p> <p>O polígono e a parcela a que se refire é precisamente información catastral.</p> <p>A cesión é consecuencia dun acordo entre particulares que poden pactar o que lles pareza mais oportuno, sen que a lei de caza poida meterse polo medio.</p>
25	Sociedade Galega de Historia Natural	<p>Nova redacción dos puntos 1, 2, e 3:</p> <p>1. As sociedades ou asociacións de cazadores legalmente constituídas poderán solicitar ao seu favor a declaración de TECOR, sempre que acrediten documentalmente a cesión do dereito cinexético, de polo menos o 75% dos terreos susceptibles de aproveitamento cinexético para os que se pretenda a declaración e non estean sometidos a outro réxime especial. (como Reservas de caza).</p> <p>2. A cesión da titularidade do resto da superficie solicitada, non se incluírá no TECOR en tanto os propietarios dos dereitos cinexéticos ou titulares dos terreos susceptibles de aproveitamento cinexético incluídos na solicitude, previa e persoalmente notificados, non manifesten expresamente e por escrito, a súa a aprobación á integración neste. Os propietarios e calquera outro interesado realizarán cantas alegacións consideren oportunas no correspondente trámite de información pública.</p> <p>3. As asociacións ou sociedades (no 1. As sociedades ou asociacións, unificar forma) de cazadores que soliciten a declaración ao seu favor a declaración dun determinado territorio como TECOR societario, haberán de acompañar a súa solicitude:</p> <p>a) A cesión do dereito cinexético, a título gratuito ou oneroso, asinadas polos seus titulares e con especificación da superficie do terreo, polígono e parcela e prazo de cesión.</p> <p>Ademais no artigo non constan:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Superficies, mínima e máxima.</li> <li>• Procedemento de renovación.</li> <li>• Trámite de información pública.</li> <li>• Obrigatoriedade do informe do comité provincial de caza.</li> </ul>	NON	<p>1. Se son reservas de caza non poden ter a titularidade cinexética</p> <p>2. A notificación aos propietarios resulta extremadamente ardua, onerosa e innecesaria.</p> <p>3. Se son onerosos rexeranse polas condicións que tiveran pactado, e as condicións propostas xa se especifican no artigo 20.</p>
25	ADEGA	<p>Propón que exclúan da superficie do tecor a superficie correspondente aos terreos nos que os seus titulares se negaron a integración e que amais sinalice ese terreo o titular do tecor.</p> <p>4. Incluír unha reserva de permisos para os propietarios que ceden a título gratuito</p> <p>Engadir un punto i)</p>	NON	<p>Loxicamente se alguén manifesta a súa intención de non integrarse, ten que quedar fora. Neste precepto so se integran os que queren e os que non se opoñen. En canto a sinalización xa se dí que lle corresponde facelo aos titulares de terreos que expresan a súa negativa a integración, porque o dereito a caza presúmese en todos os sitios nos que non estea prohibido, expresado tal extremo con carácter xeral na lei o por manifestación dos titulares dos terreos.</p> <p>Esa é unha cuestión de orden xurídico privada</p> <p>Non se corresponde co texto legal</p>
25	Matar por matar non	<p>Considérase que deben establecerse compensacións económicas para os propietarios das terras.</p>	NON	<p>No contrato privado de cesión de dereitos cinexéticos as partes implicadas no mesmo establecerán as condicións económicas que consideren oportunas.</p>
25	Representantes dalgunhas sociedades de caza de Pontevedra. Particular.	<p>Proponse que na declaración dun Tecor, no período de exposición pública para poder alegar se obrigue a acreditar e identificar de forma veraz e fehaciente que é titular do mesmo.</p>	NON	<p>De acordo co establecido no artigo 35.e) da Lei 30/1992, do 26 de novembro, Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, relativo aos dereitos dos cidadáns, establécese o dereito a formular alegacións e a achegaren documentos en calquera fase do procedemento anterior ó trámite de audiencia, que deberán ser tidos en conta polo órgano competente ó redactar a proposta de resolución.</p>
25	Sociedade de Cazadores de Vilar de Barrio	<p>Propón engadir un novo punto 4 no que se estableza que só se poderá existir un Tecor por Municipio.</p>	NON	<p>Non se aporta ningunha fundamentación para considerar esta proposta.</p>
25.1.	Particular.	<p>Propón diferenciar a titularidade particular e a comunal, esixindo só o 60% dos terreos. Unha vez constituído o TECOR para renovar a titularidade das fincas particulares se poida facer só co trámite de exposición pública, sen necesidade da sinatura de tódolos propietarios.</p>	NON	<p>Considérase que non existen motivos para realizar dita diferenciación, debendo xustificarse ao igual que ata o momento, a cesión de dereitos cinexéticos dun mínimo do 75 % da superficie total</p>
25.1.	Presidentes de Tecores, Gardas	<p>Proponse que a porcentaxe de superficie que se ten que acreditar a titularidade cinexética</p>	NON	<p>A proposta realizada pode dar lugar a situacións en fraude de lei, así como estímase que</p>

	particulares de campo e técnicos.	sexa da superficie cinexética do Tecor.		resultaría realmente difícil excluír os terreos clasificados como non cinexéticos, zonas de seguridade, áreas de exclusión etc.
25.1.	Particular. Representantes dalgunhas sociedades de caza de Pontevedra.	Proponse que para a declaración dun Tecor a porcentaxe de terreo do que se ten que acreditar a cesión de dereitos cinexéticos sexa o 60%.	NON	Considérase que para aprobar o Tecor débese xustificar ao igual que ata o momento, a cesión de dereitos cinexéticos dun mínimo do 75 % da superficie total.
25.1	Particulares.	Solicitan esixir só un 60% nas cesión da titularidade de fincas particulares. Amáis de que na renovación da titularidade das fincas particulares, se poida facer cun so trámite de información pública, sen ter que voltar a buscar as sinaturas dos propietarios. Debería precisarse que no trámite de exposición pública, quen se opoña a cesión dun terreo deberá identificarse como titular do mesmo.	NON	Estímase que a exención de xustificación dun cuarto das cesións para constituír un tecor é abondo. No texto legal preténdese que á extinción do período de cesión, se non se presentase reclamación algunha se prorrogará automaticamente. No caso de que as houbera, terán que respeitarse os dereitos dos cedentes, como parece razoable. Neste trance procesal soo poden tomarse en consideración as alegacións de quen ten dereito para facelo, sen que se vexa necesario, por obvio, transcribilo na lei..
25.1. 25.3. e 32.3	APROCA Galicia	Proponse que a xustificación da cesión de dereitos cinexéticos do 75 % da superficie se refira a “superficie cinexética”.	NON	A proposta realizada pode dar lugar a situacións en fraude de lei, así como estímase que resultaría realmente difícil excluír os terreos clasificados como non cinexéticos, zonas de seguridade, áreas de exclusión etc.
25.1. e 25.2.	Organización Galega de mvmc. Federación ecoloxista galega.	Considérase que para a declaración do Tecor débese posuír a cesión dos dereitos cinexéticos do 100% dos terreos.	NON	Dado que en moitas ocasións resulta moi difícil acadar a cesión dos dereitos cinexéticos de tódolos terreos, é polo que se considera necesario establecer unha marxe de superficie dos que se supón a súa cesión, outorgando tamén a posibilidade para os propietarios destes terreos de segregaren os mesmos en calquera momento.
25.1.	Matar por matar non	Considérase que este apartado se debe anular, dado que non se cumpre na actualidade en ningún Tecor.	NON	Neste apartado estase a especificar unha das condicións impostas para a declaración dun novo Tecor.
25.2.	Unión de cazadores de montes libres de Pontevedra.	Non é entendible que os tecores superando xa as 2000ha poidan apropiarse de terreos privados sen o consentimento dos seus propietarios. Non é entendible que a Xunta de Galicia non dispoña de terreos para a creación de tecores autonómicos. Non é entendible que se facilite coa presunción de terreos privados-propiedades a tecores. Entendemos que o lóxico e que con estes terreos a Xunta de Galicia cree tecores autonómicos para así solucionar o grave problema que padecen os cazadores das urbes galegas. Dende 1997 non se creou ningún tecor autonómico. En Galicia existen moitos terreos dos que non se coñecen os seus propietarios. Deberían ser aproveitados pola Xunta de Galicia para crear tecores autonómicos.	NON	O suposto que se apunta non está amparado na Lei, (apropiación de terreos). A creación de tecores autonómicos é unha posibilidade contemplada na Lei, pero non pode supor unha obriga para a Administración, ademais esta figura ten que establecerse sobre uns terreos clasificados como terreos baixo réxime cinexético común.
25.2.	Matar por matar non.	Considérase que este apartado se debe anular, pois supón unha apropiación indebida.	NON	Dado que en moitas ocasións resulta moi difícil acadar a cesión dos dereitos cinexéticos de tódolos terreos, é polo que se considera necesario establecer unha marxe de superficie dos que se supón a súa cesión, outorgando tamén a posibilidade para os propietarios destes terreos de segregaren os mesmos en calquera momento.
25.2.	Particulares. Asociación de veciños San Breixo de Seixalbo.	Proponse engadir ao principio deste apartado o texto: De conformidade co número 2 do artigo 21 da presente lei.	NON	Non se considera necesario dito cambio.
25.2.	Organización Galega de mvmc.	Proponse que aquelas parcelas que por desexo dos seus propietarios non formen parte do Tecor e queden como zonas de exclusión, sexan sinalizadas polo Tecor e non polos propietarios.	NON	Tal e como se reflicte no artigo 44 do anteproxecto, regulamentariamente establecerase o réxime de aplicación á sinalización nos terreos cinexéticos. O que non queira que se cace no seu terreo pode facer valer o seu dereito expresando a súa oposición a través dos distintos modos xa apuntados
25.3.	Organización Galega de mvmc.	Proponse que os tecor societarios os poidan solicitar titulares das terras, agrupacións particulares e comunidades de montes.	NON	O anteproxecto de lei xa establece en función da clasificación dos espazos cinexéticos que pode ser titular dos mesmos e polo tanto quen pode solicitar a súa declaración.
25.3	Particulares.	Proponse engadir ao final do parágrafo: “...prazo de cesión e referencia catastral...”.	NON	Estas condicións xa están recollidas no apartado a), substituíndose a referencia catastral pola identificación do polígono e parcela, información que resulta suficiente para a identificación das parcelas cedidas.
25.3.	Clubs e cazadores de caza maior de Galicia	Proponse engadir dúas cláusulas mais que obriguen aos titulares do aproveitamento cinexético a proporcionar aos propietarios de terreos que cederan os dereitos cinexéticos gratuitamente cantos permisos de caza soliciten en igualdade de condicións que os socios titulares do Tecor, así como a reversión a favor dos propietarios dos terreos, dun mínimo do 50% do importe bruto obtido pola venda de calquera tipo de cacería.	NON	No contrato privado de cesión de dereitos cinexéticos as partes incluírán as cláusulas que consideren oportunas.
25.4.	Organización Galega de mvmc.	Proponse incluír este apartado, no que se obrigue a reservar o 10% dos permisos diarios para persoas titulares das terras do Tecor.	NON	Os titulares das terras teñen que ceder os dereitos cinexéticos das mesmas, polo que no contrato de cesión poden incluír as cláusulas que consideren oportunas se son aceptadas por ambas partes.
25.4.	Particulares. Asociación de veciños San Breixo de Seixalbo.	Proponse incluír este novo apartado co seguinte contido: Reservarse unha porcentaxe de permisos diarios a favor dos propietarios de terreos incluídos no Tecor que cedesen o seu aproveitamento cinexético a título gratuito, no momento da constitución do Tecor, e de acordo co que establezan os estatutos en vigor legalmente aprobados a este respecto.	NON	O titular do aproveitamento cinexético nos Tecor de carácter societario, nas súas funcións e decisións internas de funcionamento aterase ao establecido nos seus estatutos de réxime interno en vigor que estean legalmente aprobados.

<p><b>Unha vez realizados os cambios correspondentes ás alegacións estimadas, e os cambios propostos pola Asesoría Xurídica, o artigo que no borrador era o nº 25 pasa a ser o nº 21, coa seguinte redacción.</b></p>		<p>Artigo 21. TECOR de carácter societario.</p> <p>1. As sociedades ou asociacións de cazadores/as legalmente constituídas poderán solicitar ao seu favor a declaración de TECOR de carácter societario sempre que acrediten documentalmente , polo menos, a titularidade cinexética do 75% dos terreos, para os que se pretenda a declaración.</p> <p>2. Presumirase a cesión da titularidade do resto da superficie solicitada, que se incluírá no TECOR, en tanto os/as titulares cinexéticos/as dos terreos incluídos na solicitude non manifesten expresamente e por escrito a súa negativa á integración no correspondente trámite de información pública.</p> <p>3. As asociacións ou sociedades de cazadores/as que soliciten a declaración ao seu favor dun determinado territorio como TECOR de carácter societario haberán de realizar os trámites previstos no artigo 14:</p> <p>a) A acreditación da titularidade dos dereitos cinexéticos, en caso de cesión de dereitos cinexéticos por terceiros/as, esta deberá de estar asinada polos/as seus/súas titulares e con especificación da superficie do terreo, polígono, parcela e o prazo de cesión.</p> <p>b) Os planos a escala adecuada que permita a localización do terreo e dos seus lindes.</p> <p>c) A memoria coas directrices básicas do plan de ordenación cinexética.</p> <p>d) A documentación acreditativa da constitución e o legal funcionamento da sociedade ou asociación.</p> <p>e) A copia autenticada dos Estatutos en vigor legalmente aprobados.</p>		
Artigo	Alegacións de	Contido da alegación	Aceptación	Observacións
26	Amigos da Terra	Propón engadir ao final do punto 2: “ Individual e o prazo de cesión para a totalidade da superficie	NON	Ese requisito vai no acordo de cesión.
26	Sociedade Galega de Historia Natural	Nova redacción do punto 2: Deberá acreditarse documentalmente a titularidade e cesión de dereitos cinexéticos, a título gratuito ou oneroso, sobre a totalidade do terreo, especificando que se ceden para un TECOR de carácter individual por un período mínimo de cinco anos e máximo de quince.	NON	Se son onerosos rexeranse polas condicións que tiveran pactado. Dado que o período de ordenación cinexética é de 5 anos, de cara a viabilidade do Tecor, considérase como axeitado o período mínimo e máximo para cesións de dereitos cinexéticos o establecido no borrador da Lei.
26.2	Particulares. Asociación de veciños San Breixo de Seixalbo.	Propónse engadir ao final do parágrafo: “...individual, e o prazo de cesión para a totalidade da superficie...”.	NON	Esta condición xa está recollida nese mesmo apartado.
<p><b>Unha vez realizados os cambios correspondentes ás alegacións estimadas, e os cambios propostos pola Asesoría Xurídica, o artigo que no borrador era o nº 26 pasa a ser o nº 22, coa seguinte redacción.</b></p>		<p>Artigo 22. TECOR de carácter individual.</p> <p>1. As persoas físicas ou xurídicas que sexan titulares de dereitos cinexéticos dunha superficie continua mínima de 2.000 hectáreas poderán solicitar a declaración desta como TECOR de carácter individual.</p> <p>2. Deberá acreditarse documentalmente a titularidade e cesión de dereitos cinexéticos sobre a totalidade do terreo, especificando que se ceden para un TECOR de carácter individual.</p> <p>3. Na constitución dos TECOR de carácter individual haberán de realizarse os trámites previstos no artigo 14 e non será de aplicación a presunción de cesión de titularidade cinexética establecida nos artigos 20.2 e 21.2.</p>		
Artigo	Alegacións de	Contido da alegación	Aceptación	Observacións
27.2	Particular. TOUCEDA SC.	Propónse que cando a base territorial dun tecor sufra unha modificación superior ao 10% da superficie orixinal, se requira a obriga de modificar o POC.	NON	Considérase que esta porcentaxe debe establecerse no 15% proposto, pois modificacións inferiores non teñen porqué significar cambios importantes na planificación realizada.
<p><b>Unha vez realizados os cambios correspondentes ás alegacións estimadas, e os cambios propostos pola Asesoría Xurídica, o artigo que no borrador era o nº 27 pasa a ser o nº 15, coa seguinte redacción.</b></p>		<p>Artigo 15. Modificación do ámbito territorial dun TECOR.</p> <p>1. Os procedementos de ampliación e segregación dos terreos cinexéticos serán tramitados e resoltos nas xefaturas territoriais da consellería competente en materia de caza</p> <p>2. A ampliación da base territorial dun TECOR só será efectiva a partir do inicio da tempada hábil xeral de caza, posterior á data de notificación da resolución administrativa correspondente.</p> <p>3. As modificacións do ámbito territorial dun TECOR que se produzan con posterioridade á aprobación dun novo Plan de Ordenación Cinexético e que superen o 15% da mesma, requirirán a aprobación dun novo plan de ordenación cinexético.</p>		
Artigo	Alegacións de	Contido da alegación	Aceptación	Observacións
28	Unións Agrarias	Neste artigo ten que figurar un novo punto no que apareza, de xeito claro e explícito, que o incumprimento reiterado do POC, ou a negligencia reiterada no cumprimento das obrigas de caza por danos, será igualmente causa suficiente para a extinción do TECOR.	NON	Estas condicións enténdense incluídas cando o seu incumprimento se considere grave, de acordo co establecido no apartado h) deste artigo.
28	Sociedade de cazadores de Portas. Federación Galega de Caza	Propón suprimir o apartado h)	SI	Acéptase a proposta.
28	Amigos da Terra	Propón engadir: “ Pola comisión de infraccións graves ou moi graves, sempre que estas afecten as condicións impostas nas autorizacións administrativas relativas a protección e o ordenado aproveitamento das poboacións cinexéticas e dos ecosistemas dos que	NON	Xa se di no punto h)

		forman parte.”		
28	Clubs e cazadores de caza maior de Galicia	Proponse incluír como causa de extinción a perda de continuidade en fraccións separadas cunha superficie inferior ás 2000 ha.	NON	Xa está incluída no apartado d).
28	Organización Galega de mvmc	Proponse que se inclúa como causa de extinción o incumprimento de algunha das cláusulas de cesión de dereitos cinexéticos.	NON	O incumprimento das cláusulas do contrato de cesión de dereitos cinexéticos en todo caso anulara dito contrato pero non ten porque supor a extinción do Tecor.
28	Asociación Lobo	Proponse engadir un apartado que inclúa como causa para extinguir un Tecor a queima intencionada dos monte polos xestores do Tecor e a utilización de venenos.	NON	Estas prácticas está sancionadas noutras leis que lle son de aplicación, non correspondendo á Lei de caza entrar a sancionar actuacións que non son da súa competencia.
28	UNITEGA	Propón a seguinte redacción: e) Perda da titularidade sobre a superficie mínima esixida, coa excepción dos Tecores afectados pola declaración dun Refuxio de Fauna nos seus terreos. Proponse a eliminación do apartado f)	NON	- Non é necesario reproducir o establecido noutro artigo da Lei. - Non se considera eliminar o apartado f), dado que o aproveitamento ordenado e sostible da caza e un dos piares básicos da Lei.
28.e.	APROCA Galicia	Proponse engadir o seguinte texto: “excepto que sexa froito do previsto no artigo 12.5.”.	NON	Non é necesario reproducir o establecido noutro artigo da Lei.
28.e.	Federación Galega de Caza	Propón engadir ao final: “salvo que sexa froito do previsto no art 12.5 e 20.8.	NON	Non é necesario reproducir o establecido noutro artigo da Lei.
28.i.	Particulares. Asociación de veciños San Breixo de Seixalbo.	Proponse incluír este novo apartado co seguinte contido: Pola comisión de infraccións graves ou moi graves, sempre que estas afecten as condicións impostas nas autorizacións administrativas relativas á protección e ó ordenado aproveitamento das poboacións cinexéticas e dos ecosistemas dos que forman parte.	NON	Esta condición xa está recollida no apartado h).
28.h.	APROCA Galicia	Proponse eliminar este apartado ao considerar que está incluído no apartado C.	SI	Acéptase a proposta.
<b>Unha vez realizados os cambios correspondentes ás alegacións estimadas, e os cambios propostos pola Asesoría Xurídica, o artigo que no borrador era o nº 28 pasa a ser o nº 17, coa seguinte redacción.</b>		<p>Artigo 17. Extinción dos TECOR.</p> <p>Os TECOR poden extinguirse polas seguintes causas:</p> <p>a) Falecemento ou extinción da personalidade xurídica do/a titular.</p> <p>b) Renuncia do/a titular.</p> <p>c) Resolución administrativa recaída en procedemento sancionador na que se impoña a extinción do TECOR.</p> <p>d) Expiración do prazo polo que se tiver constituído ou prorrogado.</p> <p>e) Perda da titularidade dos dereitos cinexéticos sobre a superficie mínima esixida.</p> <p>f) Inviabilidade do exercicio ordenado e sostible da actividade cinexética.</p> <p>g) Constitución doutro réxime cinexético que determine a súa incompatibilidade coa subsistencia do TECOR.</p>		
Artigo	Alegacións de	Contido da alegación	Aceptación	Observacións
29	Sociedade Galega de Historia Natural	Nova redacción do punto 2: 2. O exercicio da facultade de exclusión dun terreo para a práctica da caza, entenderase expresado de modo manifesto polas sinais obrigatorias que regulamentariamente delimiten ó TECOR (Artº. 41.1 do borrador do anteproxecto)	NON	Os sinais poden ser referidas a prohibición de cazar (que si son obxecto desta lei) ou simplemente a de entrar na finca, (que non o son).
29	ADEGA	2. Propón que a manifestación do dereito de exclusión se faga polo titular do terreo a Administración para que esta llelo comunique ao tecor para que este sinalice a prohibición.	NON	Quen exercite o seu dereito de prohibir que se cace no seu terreo haberá de indicalo de xeito que todos se absteñan de facelo na súa finca.
29.1.	Clubs e cazadores de caza maior de Galicia	Proponse a súa modificación, incluíndo a obriga de afrontar a responsabilidade dos danos ocasionados polas especies que proliferen na súa propiedade así como a súa sinalización.	NON	A responsabilidade patrimonial polos danos que causan as especies cinexéticas está establecida no artigo 55 do borrador, e a obriga de sinalización establécese no apartado 2 do presente artigo.
29.1.	Representantes dalgunhas sociedades de caza de Pontevedra. Particulares.	Proponse a seguinte redacción: Os titulares dos terreos que non cederon o dereito de aproveitamento cinexético de xeito expreso a favor do Tecor, conservan o seu pleno dereito a prohibir que se practique a caza nos devanditos terreos; sempre que os mesmos de maneira unilateral ou coa suma de varios terreos dea lugar a unha superficie mínima continuada dunha Ha de terreo.	NON	A oposición dos titulares dos terreos a que se cace neles derivase dun dereito de maior entidade que o dereito a cazar e polo tanto ten que ceder diante del, sen que dende unha lei de caza se lle podan impoñer límites o seu exercicio.
29.1.	UNITEGA	Propón a seguinte redacción: Os titulares dos terreos que non cederon o dereito de aproveitamento cinexético de xeito expreso a favor do TECOR, conservan o seu pleno dereito a solicitar en calquera momento a súa exclusión do mesmo e prohibir a práctica da caza no respectivo terreo, sempre que a súa superficie continua non acade as 500 hectáreas.	NON	A oposición dos titulares dos terreos a que se cace neles derivase dun dereito de maior entidade que o dereito a cazar e polo tanto ten que ceder diante del, sen que dende unha lei de caza se lle podan impoñer límites o seu exercicio.
29.2.	Federación Galega de Caza. Sociedade de cazadores de	Propón engadir ao final do punto: “Os titulares dos terreos que exercen o dereito de exclusión, e por tanto queden excluídos da práctica da caza, serán responsables dos	NON	A responsabilidade polo danos que ocasionen as especies cinexéticas está regulada pola lexislación estatal nesta materia, non podendo a lexislación autonómica ir contra dela.

	Portas. APROCA Galicia	danos que causen as especies cinexéticas nos seus terreos, ou os que ocasionen cando procedan dos mesmos.”		
29.2.	Sociedade de caza Corzán	Alega que a facultade de exclusión debería facerse por escrito do interesado ao tecor.	NON	Non corresponde ao tecor resolver a exclusión dos terreos.
29.2.	Organización Galega de mvmc	Proponse eliminar este apartado proponendo que os terreos que deben sinalizarse sexan nos que se poida cazar, e que a sinalización dos terreos que sexan excluídos dun Tecor debe recaer no Tecor non no propietario.	NON	A lei establece que o dereito de caza poderá exercerse en tódolos terreos cinexéticos excepto nos que está prohibido, polo tanto si o propietario dos mesmos non quere que se cace neles debe expresalo de modo manifesto. Así mesmo, e como se reflicte no artigo 44 do anteproxecto, regulamentariamente establecerase o réxime de aplicación á sinalización nos terreos cinexéticos.
29.3.	UNITEGA	Proponse incluír o seguinte apartado: Previamente á colocación dos sinais, o titular solicitará ante a Administración competente en materia de caza a exclusión do tecor do terreo da súa propiedade. A solicitude acompañarase coa documentación fehaciente que acredite que os terreos son da súa propiedade e a planimetría suficiente para a súa correcta ubicación. Logo diso, a Administración competente en materia de caza iniciará a instrución do expediente de exclusión, que constará dun trámite mínimo de audiencia ao tecor afectado e dun período de información pública, durante o cal os interesados poidan examinar o expediente e presentar as alegacións que consideren oportunas, tralo cal a Administración actuante resolverá sobre a procedencia ou non da exclusión solicitada, comunicando dita resolución ás partes interesadas.	NON	O procedemento proposto parece extremadamente complexo respecto ao establecido no texto, e de aplicarse obrigaría á Administración a ter que potencialmente nos casos de exclusión da infinidade de parcelas existentes en Galicia.
29.4.	UNITEGA	Proponse incluír o seguinte apartado: Os terreos excluídos polos seus propietarios pasarán a considerarse encravados e reverterán sobre os seus propietarios as responsabilidades que previamente recaían sobre os titulares dos Tecores, se as houbese.	NON	A responsabilidade polo danos que ocasionen as especies cinexéticas está regulada pola lexislación estatal nesta materia, non podendo a lexislación autonómica ir contra dela.
<b>Unha vez realizados os cambios correspondentes ás alegacións estimadas, e os cambios propostos pola Asesoría Xurídica, o artigo que no borrador era o nº 29 pasa a ser o nº 16, coa seguinte redacción.</b>		Artigo 16. A facultade de exclusión. 1. Os/as titulares dos terreos que non cederon o dereito cinexético de xeito expreso a favor do/a titular ou titulares do TECOR, conservan o seu pleno dereito a prohibir que se practique a caza nos devanditos terreos. 2. O exercicio da facultade de exclusión dun terreo para a práctica da caza, entenderase expresado de modo manifesto pola colocación de sinais perfectamente visibles, que prohiban a entrada a este, con carácter xeral ou para a práctica da caza, en particular, colocadas no perímetro ou nos accesos practicables do respectivo terreo.		
Artigo	Alegacións de	Contido da alegación	Aceptación	Observacións
30	ADEGA	Propón que se exprese que a Reserva Nacional de Ancares é unha Reserva de Caza	NON	Esta consideración xa a ten dende a entrada en vigor da Lei actual 4/1997.
30	Amigos da Terra	Engadir: “ A declaración de reservas de caza levará implícita a súa inclusión no Rexistro de Espazos Naturais de Galicia”	NON	Réxese esta materia por normativa específica.
30	Clubs e cazadores de caza maior de Galicia	Proponse a inclusión do seguinte apartado: Potenciarase o turismo cinexético, como un potenciador mais da economía rural, mediante o abatemento dos excedentes aos que teña dereito, tanto a administración, como os residentes. E publicaranse con transparencia no DOGA os sorteos e poxas do aproveitamento cinexético das reservas e outros dependentes da administración.	NON	No apartado 4 xa se especifica que regulamentariamente se establecerá o seu réxime organizativo e de funcionamento.
30	Organización Galega de mvmc	Proponse que se inclúa expresamente que a reserva nacional de caza de Os Ancares terá a consideración de Reserva de Caza.	NON	Esta consideración xa a ten dende a entrada en vigor da Lei actual 4/1997.
30.1.	Particulares. Asociación de veciños San Breixo de Seixalbo.	Proponse engadir ao final do parágrafo: “...A declaración de reserva de caza levará implícita a súa inclusión no Rexistro Xeral de Espacios Naturais de Galicia...”.	NON	Réxese esta materia por normativa específica..
30.3.	Clubs e cazadores de caza maior de Galicia	Proponse a súa modificación, incluíndo ademais dos propietarios dos terreos, aos titulares dos dereitos cinexéticos.	SI	Acéptase a proposta.
30.3.	Asociación Lobo	Considerase que a compensación nunha reserva de caza non pode ser unha cota de capturas ou accións cinexéticas dado que deixaría de ser unha reserva.	NON	A declaración dun espazo como reserva de caza, non implica que a caza no mesmo estea prohibida, senón que o aproveitamento cinexético realizarase considerando o reflectido nos apartados 1 e 2 deste artigo.
<b>Unha vez realizados os cambios correspondentes ás alegacións estimadas, e os cambios propostos pola Asesoría Xurídica, o artigo que no borrador era o nº 30 pasa a ser o nº 23, coa seguinte redacción.</b>		Artigo 23. As Reservas de Caza. 1. Son Reservas de Caza aqueles espazos declarados por Decreto do Consello da Xunta de Galicia, por proposta da consellería competente en materia de caza, en núcleos que presentan excepcionais posibilidades cinexéticas coa finalidade de promover, conservar, fomentar e protexer determinadas especies cinexéticas e os seus hábitats, subordinando o seu posible aproveitamento á devandita finalidade e, no seu caso, á crianza para repoboar de forma natural outros terreos cinexéticos. 2. A titularidade cinexética das Reservas de Caza corresponde á Xunta de Galicia. A súa administración corresponde á consellería con competencia en materia de caza, que asegurará o seu aproveitamento racional a través dun Plan de Ordenación Cinexética e de Plans Anuais de Aproveitamento Cinexético. 3. A compensación á que teñan dereito os/as titulares dos dereitos cinexéticos pola privación do aproveitamento cinexético destes ao ser adscritos a unha reserva de caza, realizarase mediante unha		

		compensación, consistente nunha cantidade económica ou unha cota de capturas ou accións cinexéticas equivalentes que deberán fixarse no decreto de declaración. 4. O decreto de creación precisará a composición e as funcións do/a director/a técnico/a e da xunta consultiva na que estarán representados/as de forma equilibrada as persoas ou entidades con intereses afectados. Así mesmo, determinarase o procedemento de cálculo e repartición da compensación á que se refire o apartado anterior.		
Artigo	Alegacións de	Contido da alegación	Aceptación	Observacións
31	Asociación animalista LIBERA	Considérase insuficiente a porcentaxe do 10% da superficie do Tecor como vedado de caza e que os cazadores non deben xestionar os vedados.	NON	A superficie que un Tecor debe manter como vedado é a mesma que a establecida na Lei actual, estimándose como axeitada para acadar os obxectivos do mesmo. Esta porcentaxe establécese como cota mínima, que haberán de respectar os tecores e incrementalala, si o considerasen oportuno. No texto deste borrador establécese que os vedados poderán ser obxecto de xestión cinexética polo titular do Tecor, indicando que para realizar ditas medidas deben contar con autorización do xefe territorial en materia de caza.
31	Sociedade Galega de Historia Natural	Nova redacción dos puntos 2 e 3: 2. A superficie mínima destes espazos será dun vinte por cento da superficie total do TECOR que poderán repartirse en varios espazos menores que en ningún caso poderán ser dunha extensión menor ás 50 ha cada un e deberán manter os mesmos lindeiros alomenos, durante dous anos consecutivos (Artº. 13.2, parágrafo 3 Lei 4/1997). A situación e condicións destes vedados haberán ser a que resulte máis idónea para asegurar os obxectivos para os que se crean. 3. Os vedados cinexéticos, só excepcional e documentalmente xustificadas, poderán ser obxecto de xestión cinexética polo titular do TECOR de xeito tal, que o xefe territorial competente en materia de caza, poderá autorizar a práctica de actividades cinexéticas cando sexan compatibles cos instrumentos de ordenación aplicables e faciliten a consecución dos obxectivos para as que a vedado foi creado.	NON	Estímase mais axeitado a porcentaxe proposta polo anteproxecto sobre todo para especies de menor e para lugares puntuais que poden requirir esa protección, en tódolos casos a duración máxima de dous anos para un vedado non presenta xustificación. Todos os terreos cinexéticos deben ser susceptibles de seren xestionados porque doutro xeito a finalidade de preservación das especies cinexéticas convértese na práctica nunha falacia porque so serve para a protección dos depredadores. Por iso esa xestión, autorizada no plan de aproveitamento cinexético debe facerse de xeito ordinario.
31	ADEGA	2. Propón aumentar a 200has. a superficie mínima, cunha duración de dous anos, modificable por danos aos cultivos 3. Propón limitar a posibilidade de xestión dos vedados a existencia de danos reiterados e soo para as especies que os causen	NON	Mantendo a superficie mínima nun 10% do territorio, enténdese que se mellora a xestión dando a posibilidade de diminuílo en unidades de alomenos 50 Has. A xestión dos vedados xustifícase na necesidade de que sirvan ao obxectivo para o que se crearon, manterse como un reservorio, coma un refuxio de especies, non coma un santuario para os depredadores.
31	Amigos da Terra	Propón elevar a 200 hectáreas a superficie dos vedados Así mesmo que manteñan as súas lindes alomenos dos anos Eliminar a posibilidade xestión destes espazos	NON	Enténdese que 50 has. E territorio abondo para tal fin e amais, sendo a superficie dos mesmos un 10% do total do tecor, con mais superficie privaríase a moitos deles da posibilidade de diversificalos. A experiencia que se ten ata de agora non foi moi positiva por tanto tempo. Estímase imprescindible facer xestión dos vedados para que sirvan ao cometido para os que se constituíron.
31	Asociación animalista LIBERA	Considérase insuficiente a porcentaxe do 10% da superficie do Tecor como vedado de caza e que os cazadores non deben xestionar os vedados.	NON	A superficie que un Tecor debe manter como vedado é a mesma que a establecida na Lei actual, estimándose como axeitada para acadar os obxectivos do mesmo. No texto deste borrador establécese que os vedados poderán ser obxecto de xestión cinexética polo titular do Tecor, indicando que para realizar ditas medidas deben contar con autorización do xefe territorial en materia de caza.
31	Clubs e cazadores de caza maior de Galicia	Proponse que as zonas de vedado disten como mínimo 500 metros do perímetro dos Tecor, excepto nos tecores que se asocien territorialmente.	NON	Non se considera xustificada adotar esta medida, os vedados deberán situarse naquelas superficies que presentan as condicións necesarias para que o vedado cumpra coa finalidade para o que foi creado, independentemente da distancia a tecores estremeiros.
31	Clubs e cazadores de caza maior de Galicia	Proponse diferenciar entre vedados de caza maior, menor e mixtos, incluíndo un parágrafo que fai referencia á posibilidade de exercer a caza en beneficio das especies a protexer.	NON	No propio artigo se contempla a posibilidade de xestión dos vedados para acadar os obxectivos para os que o vedado foi creado. No proceso de elaboración da Lei xa se estudou a posibilidade proposta pero resulta de difícil materialización.
31.1.	Presidentes de Tecores, Gardas particulares de campo e técnicos.	Proponse modificar a redacción deste artigo considerando poder cazar as especies que non son obxecto de veda.	NON	No propio artigo se contempla a posibilidade de xestión dos vedados para acadar os obxectivos para os que o vedado foi creado. No proceso de elaboración da Lei xa se estudou a posibilidade proposta pero resulta de difícil materialización.
31.1.	Particulares. Representantes dalgunhas sociedades de caza de A Coruña.	Proponse que nos vedados de caza se permita a caza do xabaril e raposo, suprimindo a frase que fai referencia á prohibición con carácter xeral do exercicio da caza nos vedados.	NON	Na Lei establece a posibilidade de xestión dos vedados, polo que non se considera aprobar con carácter xeral a caza do xabaril e raposo nos mesmos.
31.1.	Asociación Lobo	Proponse substituír "...determinadas especies..." Por "...as especies...".	NON	O vedado de caza non ten porque ser extensivo a tódalas especies cinexéticas, dado que algunhas delas non necesitan ser fomentadas.
31.1.	Particular.	Propón a supresión dos vedados de caza.	NON	Non se considera adecuado estimar esta alegación por considerar a necesidade destas infraestruturas como necesarias para o establecemento ou recuperación de poboacións de determinadas especies cinexéticas.
31.1	Sociedade de cazadores de Portas.	Propón engadir ao final do parágrafo: "excepto cando a caza, estea recollida no P.O.C como medida de xestión"	NON	A esta condición xa se está a referir o anteproxecto no seu artigo 18.3.



31.2	Sociedade de cazadores de Portas.	Propón eliminar: "para asegurar os obxectivos para os que se crean."	NON	Non se considera adecuado estimar esta proposta, dado que si os vedados os considera a Lei para fomentar determinadas especies e protexelas da acción da caza, deberanse situar naqueles espazos nos que se poidan cumprir estes obxectivos.
31.2	Tecor Societario de Xallas	Parece excesiva a superficie mínima reservada para vedado	NON	A lei entende que é un instrumento de xestión necesario e que esa extensión é razoable
31.2.	Asociación Lobo	Propónse substituír "...os obxectivos para os que se crean..." Por "...a conservación da fauna salvaxe..."	NON	O vedado crease cuns obxectivos, fomentar determinadas especies e protexelas da acción da caza, polo que non tódalas especies da fauna salvaxe necesitan ser fomentadas.
31.2.	Sociedade de caza Corzán	Alega que a superficie mínima vedada do 10% da superficie do tecor é excesiva.	NON	Considérase que esta porcentaxe, tal e como está actualmente, supón a superficie mínima que debe manter o tecor como vedado para posibilitar a consecución dos obxectivos para os que se establecen.
31.2.	UNITEGA	Propón a seguinte redacción: A situación e condicións destes vedados, cando existan, haberán de ser a que resulte máis idónea para asegurar os obxectivos para os que se crean.	NON	Dado que a existencia dos vedados considérase obrigatoria e necesaria, non se pode incluír a posibilidade de que se entenda que non teñen porqué establecerse.
31.2.	Presidentes de Tecores, Gardas particulares de campo e técnicos. Representantes dalgunhas sociedades de caza de A Coruña	Propónse non establecer unha superficie mínima de 50 ha de vedado.	NON	Considérase necesario establecer unha superficie mínima para que estas zonas poidan cumprir coa súa función.
31.2.	Asociación de veciños San Breixo de Seixalbo.	Propónse que a extensión dos vedados sexa como mínimo de 200 ha. continuas e a súa vixencia de 5 anos.	NON	Considérase neste anteproxecto a necesidade de xestionar os vedados para que cumpran a finalidade para o que foron creados, motivo polo cal se axustan en canto a superficie e duración.
31.2. e 31.3.	Organización Galega de mvmc. Matar por matar non. Particular.	Propónse que a extensión dos vedados sexa como mínimo de 200 ha. continuas e a súa vixencia de 2 anos, podendo de forma xustificada e motivada a súa variación polos danos que se poidan ocasionar.	NON	Considérase neste anteproxecto a necesidade de xestionar os vedados para que cumpran a finalidade para o que foron creados, motivo polo cal se axustan en canto a superficie e duración.
31.3.	Federación Galega de Caza	Propón a seguinte redacción: "Os vedados cinexéticos deberán ser obxecto de xestión cinexética polo titular do TECOR de maneira tal que os plans de ordenación e aproveitamento recollerán as actuacións e a actividade cinexética para as diferentes especies neses terreos de forma que faciliten a consecución dos obxectivos para os que o vedado foi creado."	NON	A xestión dos vedados e o resto da redacción está incluída no texto orixinal, dado que si planificación se reflicte no POC e plan anual de aproveitamento, estes teñen que ser aprobados pola xefatura territorial correspondente.
31.3.	Asociación Lobo	Propónse suprimir este apartado, dado que non se pode permitir a caza nos vedados. Propónse que a situación dos vedados sexa comprobada sobre o terreo por axentes da Consellería responsable da caza.	NON	Como se expón no texto da lei, considérase que os vedados deben ser xestionados, permitíndose actividades cinexéticas que deben ser autorizadas previamente. As zonas vedadas deben ser aprobadas pola Administración, de xeito que cando se localicen en zonas inadecuadas sempre se poderá denegar a súa aprobación.
31.3.	APROCA Galicia	Arguméntase que si ten que ser o xefe territorial quen autorice a caza nos vedados, non se entende que se poida realizar a xestión dos mesmos, pois de nada serve xestionar si non se aproba esa xestión. Propónse a seguinte redacción: Os vedados cinexéticos deberán ser obxecto de xestión cinexética polo titular do TECOR de xeito tal que os plans de ordenación e aproveitamento recollerán as actuacións e a actividade cinexética para as diferentes especies neses terreos de xeito que faciliten a consecución dos obxectivos para os que o vedado foi creado.	NON	Considérase que a xestión proposta debe ser aprobada previamente, e no caso de non selo, a resolución que a denegue debe estar motivada.
31.3.	Particulares. Asociación de veciños San Breixo de Seixalbo.	Propónse a eliminación deste apartado.	NON	Como se expón no texto da lei, considérase que os vedados deben ser xestionados, permitíndose actividades cinexéticas que deben ser autorizadas previamente.
31.3.	Representantes dalgunhas sociedades de caza de Pontevedra. Particulares.	Propónse incluír a seguinte redacción: Os vedados cinexéticos poderán ser obxecto de xestión cinexética por parte do titular do Tecor, de tal xeito, que o xefe territorial competente en materia de caza poderá autorizar a práctica de actividades cinexéticas de control de depredadores, especies de caza maior e de ser o caso descaste de coello.	NON	Pretendese con esta precisión limitar as posibilidades de xestión dun vedado, cando as razóns especies e circunstancias que o xustifican son extremadamente mais variadas.
31.3.	Asociación para o estudio e defensa da natureza ERVA	Propónse que non sexa autorizada a caza nos vedados por estar en contra dos seus obxectivos.	NON	Como se expón no texto da lei, considérase que os vedados deben ser xestionados, permitíndose actividades cinexéticas que deben ser autorizadas previamente.
<b>Unha vez realizados os cambios correspondentes ás alegacións estimadas, e os cambios propostos pola Asesoría Xurídica, o artigo que no borrador era o nº 31 pasa a ser o nº 18, coa seguinte redacción.</b>		<p>Artigo 18. Vedados de caza.</p> <p>1. Os vedados de caza son aquelas superficies de terreo, integradas dentro dun TECOR, que constitúen un reservorio da fauna cinexética, para fomentar determinadas especies e protexelas da acción da caza, nos cales con carácter xeral prohíbese o exercicio da caza.</p> <p>2. A superficie mínima destes espazos será a dun dez por cento da superficie total do TECOR, que poderá repartirse en varios espazos menores, que en ningún caso poderán ser dunha extensión menor ás 50 ha., cada un. A situación e condicións destes vedados haberán de ser a que resulte máis idónea para asegurar os obxectivos para os que se crean.</p> <p>3. Os vedados de caza poderán ser obxecto de xestión cinexética polo/a titular do TECOR de xeito tal, que o/a xefe/a territorial da consellería competente en materia de caza poderá autorizar a práctica de actividades cinexéticas por razóns técnicas, de seguridade, científicas, sanitarias ou sociais.</p>		
<b>Artigo</b>	<b>Alegacións de</b>	<b>Contido da alegación</b>	<b>Aceptación</b>	<b>Observacións</b>

32	Amigos da Terra	Propoñen que se acredite a titularidade sobre a totalidade dos terreos e que se amplíe a 100 Has. A superficie mínima.	NON	Dado o seu carácter deportivo, non lucrativo e controlado pola Administración Pública, parece razoable concederlle o privilexio de exención da xustificación do 25%. A superficie mínima considérase axeitada, sobre todo para competición e entrenamentos de menor.
32	Sociedade Galega de Historia Natural	Nova redacción do punto 3. Os solicitantes deberán acreditar documentalmente a cesión do dereito cinexético, a titularidade do 75% dos terreos e dispoñer de terreos continuos cuxa superficie mínima e máxima sexa de 300 e 600 hectáreas. A administración e xestión cinexética destes terreos realizarase directamente pola entidade titular, que informará obrigatoriamente e coa suficiente antelación a Consellería competente na materia de caza, do calendario de probas, modalidades e calquera outros requisitos que se determinen expresamente. Engadir novos puntos 4 e 5. 4. A cesión da titularidade do resto da superficie solicitada, non se incluírá nos terreos cinexéticos deportivos en tanto os propietarios dos dereitos cinexéticos ou titulares dos terreos susceptibles de aproveitamento cinexético incluídos na solicitude, previa e persoalmente notificados, non manifesten expresamente e por escrito, a súa aprobación á integración neste. Os propietarios e calquera outro interesado realizarán cantas alegacións consideren oportunas no correspondente trámite de información pública. 5. En tódolos procedementos de declaración deberá solicitarse informe do Comité Provincial de Caza correspondente ou cando o seu ámbito territorial comprenda varias provincias, do Comité Galego de Caza	NON	3. Para os campionatos estímase que a superficie fixada polo anteproxecto é mais que suficiente. Non se entende a duplicidade de existencia territorial, “cesión do dereito cinexético” e mais o 75% dos terreos. 4. A notificación aos propietarios resulta extremadamente ardua, onerosa e innecesaria. 5. Esa medida retrasaría a tramitación, habida conta de que as reunións destes comités teñen unha frecuencia anual e amais diso, a aprobación ou rexeitamento dunha solicitude de declaración dun tecor está taxado xuridicamente non é unha cuestión opinable, se cumpren cos requisitos legais a Administración ten que aprobala e, en caso contrario, denégala. Podería, en todo caso, darlle conta a estes comités das declaracións efectuadas.
32	ADEGA	Aumentar ao 100% a titularidade cinexética	NON	A dificultade de reunir cesións en porcentaxes maior ao 75% resulta moi complicada.
32	Clubs e cazadores de caza maior de Galicia	Proponse substituír o parágrafo “... a caza con exclusivo carácter deportivo...”, polo “... exclusivamente competicións de caza, e curso de capacitación e de carácter formativo dos cazadores...”, dado que como na exposición de motivos se cita que a caza é de condición deportiva, deixa aberta a porta para que se poida practicar a caza tranquilamente nestes tecores deportivos.	NON	Tal e como se reflicte no apartado primeiro deste artigo, a caza nos terreos cinexético deportivos poderá practicarse de conformidade coa lexislación específica que regule as prácticas deportivas, polo tanto non ten a finalidade exposta nas alegacións.
32	UNITEGA	Propón a eliminación deste tipo de terreos.	NON	Non se considera adecuado estimar esta proposta, dado que esta figura ten interese para que realizar nela competicións deportivas.
32	Organización Galega de mvmc	Considérase que para a declaración deste espazo débese posuír a cesión dos dereitos cinexéticos do 100% dos terreos.	NON	Dado que en moitas ocasións resulta moi difícil acadar a cesión dos dereitos cinexéticos de tódolos terreos, é polo que se considera necesario establecer unha marxe de superficie dos que se supón a súa cesión, outorgando tamén a posibilidade para os propietarios destes terreos de segregaren os mesmos en calquera momento.
32	Matar por matar non	Considérase neste artigo que fai referencia aos terreos cinexéticos deportivos, incluír a prohibición de realizar campionatos de caza nos tecores.	NON	A realización de probas deportivas nun Tecor é unha actividade que se considera admisible e compatible coa súa xestión.
32.2.	Sociedade de cazadores de Portas.	Propón a seguinte redacción: “A federación de caza, as sociedades e as asociacións constituídas ao abeiro da lexislación vixente poderán solicitar a declaración de terreo cinexético-deportivo, para practicar neste a caza cun exclusivo carácter deportivo, ou de formación exento de calquera ánimo de lucro. En ningún caso a actividade ou os seus resultados poderán ser obxecto de venda ou comercialización.”	NON	A redacción proposta non aporta elementos novos que xustifiquen o cambio.
32.2.	Clubs e cazadores de caza maior de Galicia	Proponse incluír neste apartado, que os solicitantes tamén poidan ser as asociacións constituídas ao abeiro da lexislación de xustiza e presidencia, de carácter cinexético.	NON	Considérase que non pode estimarse esta proposta, dado que para realizar competicións oficiais teñen que someterse á lexislación do deporte.
32.3.	Particular. Asociación de veciños San Breixo de Seixalbo. Federación ecoloxista galega.	Proponse que para a súa declaración sexa necesario xustificar o 100% das cesións de dereitos cinexéticos dos terreos afectados.	NON	Ao igual que no caso dos tecor considérase suficiente a acreditación dun 75%, podendo aqueles propietarios dos terreos dos que se presuma a súa cesión alegar no trámite de información pública para que non sexan incluídos ou ben segregaren os seus terreos en calquera momento.
32.3.	Particulares. Asociación de veciños San Breixo de Seixalbo.	Proponse que a superficie mínima e máxima para os terreos cinexético deportivos sexa de 100 e 250 ha., pois do contrario estes terreos serían matadoiros e non unha explotación cinexética.	NON	Esta figura créase non para que sexa unha explotación cinexética, senón para practicar a caza cun exclusivo carácter deportivo e de conformidade coa lexislación específica que regule estas prácticas deportivas, considerándose as superficies propostas suficientes e adecuadas para esta finalidade.
32.3.	Asociación para o estudio e defensa da natureza ERVA	Proponse que a actividade nos terreos cinexético deportivos se limite ao período hábil de caza.	NON	A actividade cinexética nestes terreos regularase mediante normas que desenvolvan esta Lei.
32.3.	Particular.	Proponse que para a súa declaración, a porcentaxe de terreo do que se ten que acreditar a cesión de dereitos cinexéticos sexa o 60%.	NON	Ao igual que no caso dos tecor considérase suficiente a acreditación dun 75%, podendo aqueles propietarios dos terreos dos que se presuma a súa cesión alegar no trámite de información pública para que non sexan incluídos ou ben segregaren os seus terreos en calquera momento.
<b>Unha vez realizados os cambios correspondentes ás alegacións estimadas, e os cambios propostos pola</b>		Artigo 24. Os terreos cinexéticos deportivos.		

<b>Asesoría Xurídica, o artigo que no borrador era o nº 32 pasa a ser o nº 24, coa seguinte redacción.</b>		<p>1. Terán a condición de terreos cinexéticos deportivos aquelas áreas do territorio en que poida practicarse a caza de conformidade coa lexislación específica que regule as prácticas deportivas.</p> <p>2. A federación de caza, as sociedades e as asociacións constituídas ao abeiro da lexislación do deporte poderán solicitar a declaración de terreo cinexético-deportivo, para practicar neste a caza cun exclusivo carácter deportivo, exento de calquera ánimo de lucro. En ningún caso a actividade ou os seus resultados poderán ser obxecto de venda ou comercialización.</p> <p>3. Os/as solicitantes deberán acreditar a titularidade cinexética consonte o establecido no artigo 22 e dispoñer de terreos continuos cuxa superficie mínima e máxima sexa de 50 e 250 hectáreas respectivamente. A xestión cinexética destes terreos realizarase directamente pola entidade titular, que informará periodicamente á consellería competente na materia de caza, do calendario de probas, modalidades e calquera outros requisitos que se determinen regulamentariamente.</p>		
<b>Artigo</b>	<b>Alegacións de</b>	<b>Contido da alegación</b>	<b>Aceptación</b>	<b>Observacións</b>
33	Dirección Xeral de Producción Agropecuaria.	Propónse crear unha definición clara do que se entende por explotación cinexética comercial, granxa cinexética e cercado, para delimitar cales son as súas obrigas en canto á normativa de sanidade animal.	NON	No propio texto do borrador figura a definición destas figuras excepto a de granxas cinexéticas, dado que na propia denominación está incluída a súa definición. A granxa cinexética esta excluída de regulación por esta lei, por entenderse que se trata de explotacións agrogandeiras, que en pouco difiren doutras explotacións gandeiras dedicadas a producións diferentes e que non xustifican a súa regulación fora deses ámbitos legais..
33	Clubs e cazadores de caza maior de Galicia	Propónse que as explotacións comerciais de caza maior cercadas teñan unha superficie mínima de 500 hectáreas.	NON	Esta condición xa se establece para todas as explotacións comerciais de caza maior tal e como se especifica no artigo 27 do anteproxecto.
33	Clubs e cazadores de caza maior de Galicia	Propónse que as explotacións comerciais de caza maior sexan sempre cercadas, dado que poderían liberarse exemplares que aínda sendo da mesma especie presenten diferenzas cos exemplares do lugar.	NON	Atendendo a esta proposta, tamén se terían que prohibir a repoboación e a solta de exemplares que non procedan do lugar no que se van a realizar. Para a liberación de exemplares é perceptivo contar cunha autorización administrativa, que será concedida si os exemplares e condicións de execución cumpren co legalmente establecido, motivo polo cal non se considera oportuno introducir a proposta realizada.
33	TOUCEDA SC	Propónse que as explotacións cinexéticas comerciais poidan realizar actividade os 365 días do ano.	Parcialmente	Estímase parcialmente esta proposta, dado que en todo caso deben respectarse os períodos de maior sensibilidade para a cría das especies presentes así como outras limitacións que regulamentariamente poidan establecerse, esta alegación contéplase na redacción do artigo 27 do anteproxecto.
33.2.	UNITEGA	Propón a seguinte redacción: As explotacións cinexéticas comerciais que se refiran a especies de caza menor poderán ser abertas o cercadas, e cando non estean cercadas contarán cunha franxa de seguridade que as separará un mínimo de 500 metros do resto de terreos que as rodeen. A devandita franxa estará sinalizada interiormente da forma que regulamentariamente se determine, para os efectos de evitar que os cans dos cazadores que practiquen a caza comercial no seu interior poidan molestar ao resto de especies cinexéticas dos terreos que as rodeen.	NON	As explotacións de caza menor non poderán ter a consideración de pechadas, dado que os peches que se puideran utilizar para cercar a explotación non cumprirían a súa función para estas especies. Así mesmo non se considera oportuno establecer a obriga de manter unha franxa de seguridade para as explotacións cinexéticas polos motivos expostos, dado se estaría orixinando un agravio comparativo respecto ao resto de terreos cinexéticos.
33.2.	Dirección Xeral de Producción Agropecuaria.	Propónse unha redacción que inclúa a necesidade de cercar as explotacións de caza menor cando realicen a cría e produción de exemplares por exemplo de coellos, para a posterior solta nesa ou noutra localización.	NON	Séguese a confundir as explotacións cinexéticas comerciais, que se dedican a vender xornadas de caza, coas granxas cinexéticas que teñen por obxecto a produción de exemplares de caza para a súa liberación no medio natural. A normativa, incluso nos casos de cría en semiliberdade ou en liberdade, sométense a que regula a produción pecuaria
33.2.	Particular.	Propónse outra redacción para este apartado, de xeito que non se interprete que nas explotacións de caza maior cercadas non se podería cazar a menor.	SI	Estímase esta proposta.
33.2.	Particulares.	Propónse outra redacción para este apartado, de xeito que non se interprete que nas explotacións de caza maior cercadas non se podería cazar a menor, así como que as explotacións cinexéticas de caza menor poidan ser abertas e pechadas.	Parcialmente	Estímase esta proposta excepto no tocante á consideración de explotacións de caza menor abertas ou pechadas, dado que os peches que se puideran utilizar para cercar a explotación non cumprirían a súa función para estas especies.
33.2.	APROCA Galicia Federación Galega de Caza APROCA Galicia	Propónse a eliminación deste apartado.	NON	Considérase necesario establecer a obriga de que estas explotacións sexan sempre abertas, dado que os peches que se puideran utilizar para cercar a explotación non cumprirían a súa función para estas especies.
33.3.	Federación Galega de Caza	Propón a seguinte redacción: “As explotacións cinexéticas comerciais poderán ser abertas ou cercadas. Regulamentariamente desenvolveranse as diferenzas de aproveitamento segundo estas condicións.”	NON	Considérase necesario facer a diferenciación entre explotacións de caza maior e/ou menor.
33.3	Sociedade de cazadores de Portas. Particular. Representantes dalgunhas sociedades de caza de Pontevedra	Propón substituír “poderán ser abertas ou pechadas” por “deberán ser sempre pechadas”.	NON	Non se considera necesario impoñer ás explotacións de caza maior a obriga a que sempre teñan que ser pechadas.
33.3.	Dirección Xeral de Producción Agropecuaria.	Propónse incrementar a redacción deste punto incluíndo referencias a outra normativa de sanidade animal.	NON	Como se expoñía anteriormente, na Lei de caza non se considera necesario facer referencia a toda a lexislación que é de aplicación a cada caso en concreto.
33.3	Particulares.	Propoñen limitar as explotacións cinexéticas comerciais as especies de caza maior	NON	Estímase que son perfectamente obxecto de explotación as de carácter aberto, sen que se coñezan nin se aleguen razóns para a limitación que se pretende
33.3.	UNITEGA	Propón a seguinte redacción: As explotacións cinexéticas comerciais que se refiran a especies de caza maior deberán ser sempre cercadas, para impedir a saída das mesmas das especies cinexéticas de caza maior sobre as que se practique a súa caza, así como a entrada das especies cinexéticas	NON	Non se considera necesario impoñer ás explotacións de caza maior a obriga a que sempre teñan que ser pechadas.

		de caza maior dos Tecores cos que limite.		
<b>Unha vez realizados os cambios correspondentes ás alegacións estimadas, e os cambios propostos pola Asesoría Xurídica, o artigo que no borrador era o nº 33 pasa a ser o nº 25, coa seguinte redacción.</b>		Artigo 25. As explotacións cinexéticas comerciais. 1. Para os efectos da presente lei, terán a consideración de explotacións cinexéticas comerciais aquelas que se constituán por suxetos o por sociedades mercantís para a explotación comercial da actividade cinexética. O aproveitamento das explotacións cinexéticas comerciais rexeráse, ademais de pola presente Lei, pola lexislación mercantil e civil que lle resulte aplicable. 2. As explotacións cinexéticas comerciais que se refiran a especies de caza menor exclusivamente, deberán ser sempre abertas. 3. As explotacións cinexéticas comerciais que se refiran a especies de caza maior poderán ser abertas ou cercadas, nestas explotacións poderá compatibilizarse o aproveitamento cinexético de caza menor e maior.		
Artigo	Alegacións de	Contido da alegación	Aceptación	Observacións
34	Sociedade Galega de Historia Natural	Nova redacción 1. .. acreditación documental da cesión do aproveitamento cinexético dos terreos., 3. Para autorizar unha explotación cinexética comercial é imprescindible contar coa acreditación documental da cesión do aproveitamento cinexético dos terreos, en superficie continua, sobre as que pretende constituírse. Cando estas autorizacións afecten a espazos naturais protexidos, someteranse ó trámite de avaliación de impacto ambiental 5. A superficie mínima para poder autorizar este tipo de explotacións é de duascentas hectáreas, se se dedican a caza menor e de mil hectáreas cando o obxecto da explotación sexa a caza maior.	NON	1. Remisión ao xa dito sobre este tema 3. Esixir declaración de impacto ambiental en todos os casos parece exaxerado 5. Elevar as dimensións mínimas faría moi difícil a constitución de explotacións deste tipo en Galicia.
34	Amigos da Terra	Propoñen elevar a esixencia de superficie mínima a 200 e a 1000 Has. Respectivamente para caza menos e maior	NON	A atomización da propiedade en Galicia fai moi difícil conseguir estas superficies para un modelo de explotación da caza que se considera do maior interese para o desenvolvemento económico do rural galego.
34	ADEGA	1.3. Substituír a dicción da lei pola de do dereito ao aproveitamento 4. Os cambios na titularidade cinexética requiren un novo contrato	NON	Xa está contestada nas alegacións iniciais Esa precisión está na órbita do dereito privado
34	Clubs e cazadores de caza maior de Galicia	Proponse que se redacten as condicións que deben cumprir os exemplares que se utilicen como pezas de caza nas explotacións cinexéticas comerciais, tanto xenéticas como de sanidade e identificación dos mesmos, así como as especies que se poden cazar nestas explotacións.	NON	Tal e como se reflicte no artigo 27 do anteproxecto, será por vía regulamentaria a determinación das condicións ás que deberá suxeitarse a actividade das explotacións cinexéticas.
34.1.	Dirección Xeral de Producción Agropecuaria.	Proponse ao igual que no apartado anterior, que se obrigue aos titulares de explotacións cinexéticas a entregar un plan sanitario e de manexo das especies que pretenda albergar que serán autorizados pola autoridade competente en materia de sanidade animal, así como a non autorizar a entrada de animais ata que a explotación conte coas autorizacións pertinentes.	NON	Insístese no dito, a normativa de produción e de sanidade veterinaria mantén a súa vixencia e eficacia, polo que non se considera incluír nunha lei de caza, aspectos que xa son obxecto de regulación por outras disposicións de igual rango.
34.1.	Particulares.	Proponse substituír o plan de viabilidade por un plan de explotación e que o silencio administrativo sexa positivo.	NON	Dada a natureza e finalidade deste tipo de espazos, considérase necesario para xustificar a idoneidade dos mesmos a necesidade de presentar un plan de viabilidade, así como o sentido do silencio administrativo proposto.
34.2.	Particulares.	Proponse que as razóns para denegar unha explotación cinexética comercial sexan unicamente de índole técnico, sanitario e biolóxico, (elimínanse as razóns sociais).	NON	Non se considera esta proposta dado que os motivos sociais nalgúns casos poden supor causa suficiente por si mesmos para motivar que non deba aprobarse unha explotación cinexética.
34.2.	CCOO	Proponse engadir como razóns para denegar unha solicitude de explotación cinexética comercial, aspectos de carácter ecolóxico e medioambiental.	NON	Estes aspectos poden ser considerados como incluídos nos biolóxicos e técnicos.
34.1. e 34.3.	Organización Galega de mvmc	Proponse substituír "titularidade cinexética" por "dereito ao aproveitamento cinexético".	NON	Considérase que non é o mesmo a titularidade do dereito que ten alguén a aproveitar un recurso que a titularidade do aproveitamento que se realice dese recurso.
34.3.	Asociación Lobo	Proponse engadir o parágrafo: no caso de que en ditos espazos naturais protexidos non estea permitida a caza a solicitude será denegada.	NON	Si nun espazo natural protexido está prohibido o exercicio da caza será por un motivo, sendo este causa suficiente para someter o proxecto ao ditame do órgano ambiental, tal e como se establece no artigo. Sendo o proxecto de explotación cinexética denegado si non supera o procedemento de avaliación ambiental de ser o caso.
34.3.	Federación Galega de Caza	Propón os seguintes cambios: "...deberá constar expresamente o coñecemento dos fins mercantís e características..."	NON	Xa está reflectido no segundo parágrafo deste apartado, ao citar que as cesións de dereitos cinexéticos realizadas deberá constar expresamente o coñecemento dos fins e características destes espazos.
34.3.	Sociedade de cazadores de Portas.	Propón que non existan enclavados dentro das explotacións cinexéticas comerciais, así como os seguintes cambios no segundo parágrafo: "... dos titulares cinexéticos dos terreos indicando, polígono, parcela e prazo de cesión, así como un instrumento xurídico que acredite..."	NON	Para a súa declaración esíxese xustificar o 75% da cesión dos dereitos cinexéticos dos terreos sobre os que se vai a declarar, a presenza de terreos interiores dos que non ceden os dereitos cinexéticos non pode constituír unha ferramenta para obstaculizar ou denegar o dereito a declarar unha explotación cinexética comercial, establecéndose no artigo 29 do anteproxecto a obriga de sinalizar estes terreos ao titular da explotación.
34.3.	APROCA Galicia	Proponse que se especifique que os fins son "mercantís", así como que se concrete o prazo máximo e mínimo de vixencia que non debe ser superior ao prazo de cesión dos dereitos cinexéticos.	Parcialmente	Os fins mercantís recóllense no segundo parágrafo deste apartado, ao citar que as cesións de dereitos cinexéticos realizadas deberá constar expresamente o coñecemento dos fins e características destes espazos.

				Estímase que pode incluírse un apartado facendo referencia ao período de vixencia das explotacións cinexéticas comerciais.
34.3.	CCOO	Proponse que cando unha explotación cinexética comercial afecte a espazos naturais protexidos sexa obrigatorio sempre unha avaliación de impacto ambiental.	NON	No propio apartado que se alega especificase que cando as autorizacións de explotacións cinexéticas comerciais afecten a espazos naturais protexidos, o promotor deberá presentar un proxecto para os efectos de que o órgano ambiental decida en cada caso, de forma motivada, se os devanditos proxectos han de someterse ou non a unha avaliación de impacto ambiental.
34.3.	Federación ecoloxista galega.	Proponse que cando unha explotación cinexética comercial afecte a espazos naturais protexidos sexa obrigatorio sempre unha avaliación de impacto ambiental, e cando non afecte a espazos protexidos se esixa un estudo de efectos ambientais.	NON	No propio apartado que se alega especificase que cando as autorizacións de explotacións cinexéticas comerciais afecten a espazos naturais protexidos, o promotor deberá presentar un proxecto para os efectos de que o órgano ambiental decida en cada caso, de forma motivada, se os devanditos proxectos han de someterse ou non a unha avaliación de impacto ambiental.
34.3.	Asociación para o estudo e defensa da natureza ERVA	Exponse que a declaración dunha explotación de caza maior nun espazo natural protexido implicaría destinar un mínimo de 500 ha. á explotación intensiva en cercado cinexético, o que non está en consonancia cos obxectivos de dito espazo.	NON	No propio apartado que se alega especificase que cando as autorizacións de explotacións cinexéticas comerciais afecten a espazos naturais protexidos, o promotor deberá presentar un proxecto para os efectos de que o órgano ambiental decida en cada caso, de forma motivada, se os devanditos proxectos han de someterse ou non a unha avaliación de impacto ambiental, ademais as explotacións de caza maior non teñen que ser sempre pechadas.
34.3.	Particulares.	Proponse que para a declaración dunha explotación cinexética comercial a porcentaxe de terreo do que se ten que acreditar a cesión de dereitos cinexéticos sexa o 60% nas abertas e o 100% nas pechadas. Tamén se propón que a obriga de someter a criterio do órgano ambiental a presentación dun estudo de impacto ambiental sexa unicamente para as pechadas.	NON	Dadas as condicións destes espazos, e da actividade de caza que se pode realizar nos mesmos, considérase necesario a xustificación da cesión de dereitos cinexéticos do 75% dos terreos que as integran, e cando as autorizacións de explotacións cinexéticas comerciais afecten a espazos naturais protexidos, o promotor deberá presentar un proxecto para os efectos de que o órgano ambiental decida en cada caso, de forma motivada, se os devanditos proxectos han de someterse ou non a unha avaliación de impacto ambiental, dado que esta actividade pode ser ou non compatible cos valores que se tratan de protexer coa súa declaración
34.3.	Particulares.	Proponse eliminar o parágrafo que fai alusión á obriga de someter a criterio do órgano ambiental a presentación dun estudo de impacto ambiental cando as explotacións afecten a espazos naturais protexidos.	NON	Dadas as condicións especiais destes espazos, e da actividade mais intensiva de caza que se pode realizar nos mesmos, considérase que cando as autorizacións de explotacións cinexéticas comerciais afecten a espazos naturais protexidos, o promotor deberá presentar un proxecto para os efectos de que o órgano ambiental decida en cada caso, de forma motivada, se os devanditos proxectos han de someterse ou non a unha avaliación de impacto ambiental, dado que esta actividade pode ser ou non compatible cos valores que se tratan de protexer coa súa declaración.
34.3 e 34.5	APROCA Galicia	Proponse que para declarar unha explotación cinexética non se teña que xustificar a totalidade das cesións de dereitos cinexéticos, podendo existir algún enclavado. Así como tamén se fai referencia á situación das explotacións aprobadas na actualidade.	Parcialmente	Considérase necesario xustificar a cesión dos dereitos cinexéticos do 75% dos terreos sobre os que se vai a declarar unha explotación cinexética comercial. Non se impide, de acordo co texto, que existan terreos dos que non se posúe a cesión de dereitos cinexéticos e que non formarán parte da mesma. Na disposición transitoria primeira do anteproxecto xa se fai referencia ás explotacións cinexéticas comerciais que están aprobadas na actualidade.
34.4.	Organización Galega de mvmc	Proponse obrigar a que cando se tramite un cambio na titularidade das explotacións cinexéticas, se teña que realizar unha nova cesión por parte do propietario dos terreos.	NON	O titular cinexético dos terreos ten que ceder expresamente os seus dereitos cinexéticos para a declaración dunha explotación cinexética comercial, ao ceder o novo titular adquire ditos dereitos por un prazo e nunhas condicións ás que queda obrigado, si nesas condicións se contempla a posibilidade de realizar un cambio na titularidade da explotación, non será motivo para rescindir a cesión. En todo caso non se considera necesario reflectir na lei posibles condicións que se poidan establecer nun contrato privado.
34.5.	Particulares. Asociación de veciños San Breixo de Seixalbo.	Proponse que a superficie mínima das explotacións cinexéticas comerciais sexa de 200 ha. para caza menor e 1.000 ha. para caza maior.	NON	Considérase que as superficies propostas son as mínimas suficientes para desenvolver a actividade cinexética nestes espazos.
34.5.	Sociedade de cazadores de Portas.	Propón substituír “cen hectáreas” por “250 has”	NON	Considérase que as superficies propostas son as mínimas suficientes para desenvolver a actividade cinexética nestes espazos.
34.5.	Particulares.	Proponse que a superficie mínima das explotacións cinexéticas comerciais sexa de 100 ha. para caza menor e 400 ha. para caza maior e menor. Proponse que se inclúa expresamente a posibilidade de realizar o adestramento de cans en toda a superficie da explotación cinexética comercial.	NON	Considérase que as superficies propostas son as mínimas suficientes para desenvolver a actividade cinexética nestes espazos. O adestramento de cans é unha actividade que non está prohibida nas explotacións cinexéticas.
34.5.	Particulares.	Considérase que as superficies mínimas propostas son moi elevadas.	NON	Considérase que as superficies propostas son as mínimas suficientes para desenvolver a actividade cinexética nestes espazos.
34.5.	UNITEGA	Propón a seguinte redacción: Cando os animais sobre os que se practique a caza procedan de granxas autorizadas, a superficie mínima para poder autorizar este tipo de explotacións é de cen hectáreas se se dedican a caza menor, e de cincocentas hectáreas se se dedican a caza maior. Para aquelas explotacións que practiquen exclusivamente a caza sobre especies silvestres, ou de forma simultánea sobre especies silvestres e procedentes de granxa autorizadas, a superficie mínima para poder autorizar este tipo de explotacións é sempre de dúas mil hectáreas, e independentemente de que se dediquen á caza menor ou á caza maior.	NON	Considérase que as superficies propostas son as mínimas suficientes para desenvolver a actividade cinexética nestes espazos.

34.7.	UNITEGA	Propón a seguinte redacción: Os titulares das explotacións cinexéticas comerciais haberán de elaborar anualmente un Plan Anual de Aproveitamento Cinexético. Regulamentariamente determinaranse o procedemento para a presentación e aprobación dos devanditos Plans. Aquelas explotacións que practiquen exclusivamente a caza sobre especies silvestres, ou de forma simultánea sobre especies procedentes de granxa e especies silvestres, contarán tamén con un Plan de Ordenación Cinexética similar ao esixido aos Tecores.	SI	Considérase esta proposta, incluíndo o seu contido no artigo 28 do anteproxecto.
34.8.	José Touceda Magariños Álvaro Rincón González	Propónse eliminar o parágrafo que fai referencia á obriga de presentar unha memoria económica e acreditación das contas, dado que estas empresas xa dan conta da súa actividade a Administración fiscal.	NON	Dada a natureza e finalidade deste tipo de espazos, considérase necesario para xustificar a idoneidade dos mesmos a necesidade de presentar un plan de viabilidade, e para comprobar o mesmo resulta necesaria a xustificación da actividade económica desenvolvida.
34.9	UNITEGA	Propón a seguinte redacción: A caza poderá exercitarse sobre animais silvestres, procedentes de granxas cinexéticas ou doutros establecementos autorizados, tales como parques de voo, cercados de aclimatación, biótopos, etc., de conformidade cos plans establecidos e previamente aprobados pola Consellería competente en materia de caza.	NON	No artigo 28 do anteproxecto, xa se está facendo referencia a que nestes espazos se pode practicar a caza sobre os animais silvestres.
34.9.	Manuel Martínez Casal presidente da Sociedade de cazadores de Portas.	Propón eliminar “tales como parques de voo, cercados de aclimatación, biótopos, etc.”.	NON	Non se considera esta proposta, dado que estas infraestruturas, cando están autorizadas, poden manter exemplares para utilizarse nas explotacións cinexéticas comerciais, e a súa mención ten carácter aclaratorio.
34.9	Federación Galega de Caza	Propón a seguinte redacción: “A caza poderá exercitarse sobre animais procedentes de establecementos autorizados: granxas cinexéticas ou parques de voo, cercados de aclimatación, biótopos, etc., nos que se poida acreditar a súa procedencia de conformidade cos plans establecidos e previamente aprobados pola Consellería competente en materia de caza.	NON	A liberación destes animais ten que contar con autorización administrativa, e para conceder esta xa se establece como requisito xustificar a procedencia legal dos mesmos.
34.9.	Dirección Xeral de Producción Agropecuaria.	Inclúese a obriga de que os animais que se solten nunha explotación cinexética procedan de granxas cinexéticas e doutros establecementos inscritos no Rexistro xeral de explotacións gandeiras, así como faise referencia á normativa que hai que considerar para os traslados de animais.	NON	Non se pode facer referencia en cada artigo a toda a normativa que é de aplicación. Tal e como está redactado este artigo considéranse “establecementos”: - Parques de voo. - Cercados de aclimatación. - Biotopos.
34.9.	Particulares.	Propónse que se especifique que nas explotacións cinexéticas tamén se poderán cazar as especies cinexéticas existentes no terreo de acordo co POC e PAA aprobados.	SI	Considérase esta proposta, incluíndo o seu contido no artigo 28 do anteproxecto.
34.9.	APROCA Galicia	Propónse a seguinte redacción: A caza poderá exercitarse sobre animais procedentes de establecementos autorizados: Granxas cinexéticas, parques de voo, cercados de aclimatación, biotopos, etc. nos que se poida acreditar a súa procedencia...	NON	A liberación destes animais ten que contar con autorización administrativa, e para conceder esta xa se establece como requisito xustificar a procedencia legal dos mesmos.
34.10.	Sociedade de cazadores de Portas.	Entende que non pode haber terreos dentro da explotación sen autorización expresa dos seus titulares, polo que non se poderían sinalizar.	NON	No artigo faise referencia a aqueles terreos que están dentro do perímetro da explotación pero que non pertencen á mesma, é dicir, non están afectados pola resolución de aprobación da explotación cinexética comercial.
34.11.	Sociedade de cazadores de Portas.	Propón engadir ao final do parágrafo “así como dos danos provocados por especies cinexéticas procedentes das devanditas explotacións.”	NON	Estes danos xa se consideran incluídos na redacción actual.
34.11.	APROCA Galicia	Propónse engadir o seguinte parágrafo: así como os derivados dos riscos na circulación ou patrimoniais ocasionados polas especies de caza maior e menor.	NON	Estes danos xa se consideran incluídos na redacción actual.
34.12.	Federación Galega de Caza	Propón engadir ao final do apartado: “así como os derivados dos riscos na circulación ou patrimoniais causados polas especies de caza maior e menor en todos os casos”	NON	Estes danos xa se consideran incluídos na redacción actual.
<b>Unha vez realizados os cambios correspondentes ás alegacións estimadas, e os cambios propostos pola Asesoría Xurídica, o artigo que no borrador era o nº 34 pasa a desenvolverse nos artigos nº 26, 27, 28 e 29, coa seguinte redacción.</b>		<p>Artigo 26. Declaración dunha explotación cinexética comercial.</p> <p>1. A declaración de explotación cinexética comercial corresponde ao/á titular da consellería competente en materia de caza, previa solicitude do/a interesado/a, acreditando, alomenos, a titularidade cinexética do 75% dos terreos para os que se pretenda a declaración, en superficie continua, que sirvan de base territorial a esta por un período mínimo de 10 anos e presentación dun Plan de viabilidade empresarial da explotación cinexética.</p> <p>O procedemento de declaración haberá de contar cun trámite de información pública, por un prazo de dous meses, no cal os/as propietarios dos terreos afectados ou titulares doutros dereitos que leven consigo o seu aproveitamento cinexético, poderán efectuar as alegacións que consideren pertinentes.</p> <p>En todo caso, na documentación coa que se acredite a titularidade cinexética antes citada, deberá constar expresamente o coñecemento dos fins e características deste tipo de explotacións e o consentimento para a súa constitución dos/as titulares dos dereitos cinexéticos dos terreos ou un instrumento xurídico que acredite a titularidade cinexética propia sobre os devanditos terreos.</p> <p>2. O/a titular da consellería competente en materia de caza dispoñerá dun prazo de seis meses, contados a partir da presentación da solicitude, para resolver a petición e, en todo caso o silencio será positivo. A consellería competente poderá denegar a solicitude por razóns debidamente motivadas, cando razóns de índole técnico, sanitario, biolóxico ou social así o recomenden.</p> <p>Cando a autorización afecte a espazos naturais protexidos, o/a promotor/a haberá de presentar un proxecto para os efectos de que o órgano ambiental decida en cada caso, de forma motivada, se os devanditos proxectos han de someterse ou non a unha avaliación de impacto ambiental.</p> <p>3. Os cambios que se produzan na titularidade das explotacións cinexéticas haberán de ser autorizados polo/a titular da consellería competente en materia de caza.</p>		

		<p>Artigo 27. Réxime xurídico.</p> <p>A superficie mínima para poder autorizar este tipo de explotacións é de cincocentas hectáreas, se se dedican a caza maior, e de cen hectáreas cando o obxecto da explotación sexa a caza menor.</p> <p>As explotacións cinexéticas comerciais estarán obrigadas á subscripción dun seguro de responsabilidade civil que cubra os riscos derivados da súa actividade.</p> <p>Por vía regulamentaria determinaranse as condicións ás que deberá suxeitarse a actividade das explotacións cinexéticas, que haberá de ser coherente cos seus fins e características, así como o procedemento de extinción, no que haberá de asegurarse a debida publicidade.</p> <p>Artigo 28. Ordenación e xestión da caza nas explotacións cinexéticas comerciais.</p> <p>Os/as titulares das explotacións cinexéticas comerciais nas que se practique exclusivamente a caza sobre especies silvestres, ou de forma simultánea sobre especies procedentes de granxas e especies silvestres, haberán de elaborar un Plan de Ordenación Cinexético, así mesmo, todas as explotacións cinexéticas comerciais haberán de elaborar anualmente un Plan Anual de Aproveitamento Cinexético. Regulamentariamente determinaranse o procedemento para a presentación e aprobación dos devanditos plans.</p> <p>A caza poderá exercitarse durante todo o ano sobre animais procedentes de granxas cinexéticas ou doutros establecementos autorizados, tales como parques de voo, cercados de aclimatación, biótopos, etc., de conformidade cos plans establecidos e previamente aprobados pola consellería competente en materia de caza, respectando en todo caso os tres meses de maior sensibilidade para a cría das especies silvestres, nos que o exercicio da caza estará prohibido.</p> <p>Os/as titulares das explotacións cinexéticas comerciais deberán xustificar anualmente ante o órgano administrativo competente en materia de caza o cumprimento da ordenación cinexética vixente en cada momento e a realidade da súa actividade económica, mediante unha memoria económica e a acreditación das contas anuais.</p> <p>Artigo 29 A sinalización das explotacións cinexéticas comerciais.</p> <p>Os/as titulares destas explotacións haberán de sinalizalas conforme á normativa regulamentaria, que para tal efecto se dite, e, en todo caso, están obrigados a sinalizar os terreos que se encontren dentro do perímetro da explotación e dos que non se dispoña de autorización expresa dos/as seus/súas titulares, para o seu aproveitamento cinexético.</p>		
Artigo	Alegacións de	Contido da alegación	Aceptación	Observacións
35	Sociedade de Caza e Pesca do Barbanza.	Debe aclararse especificamente que os cercados gandeiros non teñen a condición de cercados que se outorga neste borrador, aínda que pola súa natureza poidan ter efectos similares.	NON	Os cercados gandeiros así como aqueles que teñan outra finalidade, consideraranse como cercados a efectos desta Lei, sempre e cando participen das características expresadas neste artigo e nos seguintes que o desenvolven.
35	Dirección Xeral de Producción Agropecuaria.	Propónse incluír na definición de Cercado o seguinte texto: “garantindo en todo momento o benestar animal e a adaptación ás características propias da especie, sen comprometer a viabilidade do medio”	NON	Considérase que o parágrafo engadido nada ten que ver coa definición de cercado a efectos cinexéticos, que a lexislación de benestar animal será aplicable nas condicións que nela se establezan sen necesidade de facela constar no texto da Lei. No tocante á alegacións fai referencia á viabilidade do medio, teríamos que definir esta viabilidade en referencia a algo.
35	Clubs e cazadores de caza maior de Galicia.	Propónse dar outra definición porque a que está na Lei permite que calquera prado cerrado poida ser considerado como cercado.	NON	Na Lei defínese a figura de cercado e non se aprecia ningún inconveniente para que un prado non poida ser un terreo cercado segundo esta definición. Os artigos seguintes establecen a efectos desta lei que os terreos cercados poden ser: <ul style="list-style-type: none"> <li>- Cercados cinexéticos. Establecendo o que é un cercado cinexético, (polo que un prado con tres ou catro arames non o é, pois permitiría o tránsito das especies de caza maior).</li> <li>- Zonas de aclimatación. Establecendo o que son, (polo que un prado con tres ou catro arames tampouco sería unha zona de aclimatación, pois permitiría o tránsito das especies de caza maior e menor).</li> </ul>
35	Matar por matar non.	Propónse incluír o artigo 26 da Lei 4/1997	NON	Na Lei 4/1997 establecía a prohibición de cazar naqueles terreos cercados non acollidos a réxime cinexético especial, neste borrador de Lei os cercados son terreos baixo réxime cinexético especial, dado que están incluídos nun tecedor ou nunha explotación cinexética comercial, polo que carece de sentido esta alegación.
35	UNITEGA	Propón que o título deste artigo inclúa tamén as zonas de aclimatación, redactando o seu contido como: Enténdese por cercado cinexético ou zonas de aclimatación, para os efectos desta lei, o terreo que se encuentre rodeado materialmente por muros, cercas ou valados, construídos co fin de albergar exemplares para a repoboación ou impedir o tránsito das especies cinexéticas co único obxecto de servir para a súa repoboación. 2. Os terreos cercados clasifícanse nas seguintes categorías: a) Cercados Cinexéticos. b) Zonas de Aclimatación.	NON	Tal e como se reflicte neste artigo, as zonas de aclimatacións son unha clase de terreos cercados a efectos desta Lei, non sendo iguais aos cercados cinexéticos.
35.1.	Sociedade de cazadores de Portas.	Entende que debería definirse o termo valado.	NON	Este termo non é un concepto novo que introduza a Lei, xa está definido polo dicionario da Real Academia Española.
<b>Unha vez realizados os cambios correspondentes ás alegacións estimadas, e os cambios propostos pola Asesoría Xurídica, o artigo que no borrador era o nº 35 pasa a desenvolverse nos artigos nº 37 e 38, coa seguinte redacción.</b>		<p>Artigo 37. Definición.</p> <p>Enténdese por cercado, para os efectos desta lei no que afecta aos terreos cinexéticos sometidos ao réximen especial, o terreo que se encuentre rodeado materialmente por muros, cercas ou valados, construídos co fin de impedir ou prohibir, o acceso ás persoas ou a animais alleos ou para evitar a saída dos propios.</p>		

		Artigo 38. Clases. Os terreos cercados clasifícanse nas seguintes categorías: a) Cercados cinexéticos. b) Zonas de aclimatación.		
Artigo	Alegacións de	Contido da alegación	Aceptación	Observacións
36	Amigos da Terra	Propoñen a prohibición da caza en cercados no cinexéticos Que en todos os casos se elabore un estudo de impacto ambiental para a creación dun cercado cinexético	NON	Si os terreos están clasificados como zonas de exclusión, xa está prohibida a caza neles, e si son terreos non cinexéticos tamén está prohibida a caza nos mesmos. Parece esaxerado tal esixencia para todos os casos. De todos modos esa competencia é allea a normativa de caza.
36	ADEGA	5. Substituír procurara ser por será.	SI	Considérase esta proposta.
36.1.	Dirección Xeral de Producción Agropecuaria.	Proponse incluír dentro da definición o termo “especies albergadas”, facendo referencia a que o cercado unicamente impedirá o tránsito dos exemplares situados no seu interior.	NON	Considérase que non se pode incluír dito termo na definición, dado que o cercado tamén evita que acedan ao seu interior os exemplares de fóra, polo tanto tamén lles impide o tránsito.
36.3.	Particular.	Proponse establecer unha superficie mínima para os cercados cinexéticos de 400 ha.	NON	A superficie proposta é a que se considera como adecuada para estas infraestruturas.
36.3.	CCOO	Proponse que se estableza unha superficie máxima para os cercados.	NON	Considérase que o límite que debe imporse a este tipo de infraestruturas para realizar un aproveitamento cinexético no seu interior é unha superficie mínima, non máxima.
36.4.	Asociación Forestal de Galicia.	Proponse engadir neste apartado o seguinte texto: “...A construción dun cercado cinexético non exime ao interesado da obriga de solicitar e obter autorización dos propietarios dos terreos e de respectar as servidumes de paso ou de calquera...”.	NON	No propio artigo se expón que o procedemento de autorización, as características e requisitos dos cercados desenvolveranse regulamentariamente. En todo caso, a construción dun cercado terá que ter en consideración todas as disposicións que puideran afectarlle, licencias municipais, declaración de efectos ambientais, etc. e do mesmo xeito as que se refiran o ámbito do dereito privado, posesión, servidumes, condicións de cesión, etc.
36.4.	Particular.	Proponse realizar unha aclaración respecto as servidumes de paso, de xeito que se especifique que se respectarán aquelas servidumes de paso que existan e sexan públicas, no caso de ser privadas acordarase cos propietarios dos terreos.	NON	É unha cuestión de dereito privado, na lei establécese a obriga respecto ás servidumes que existan, sexan públicas ou privadas, enténdese que si existe unha servidume de paso privada xa teñen establecido o acordo entre as partes, do contrario esta non existiría.
36.5.	Organización Galega de mvmc e Matar por matar non.	Proponse substituír o termo “procurarase ser respectuoso co ámbito natural” por “serase respectuoso...”.	NON	Para obrigar a esta actuación debería existir un catálogo ou sistema de referencia co que comparar para definir cando se é respectuoso co ámbito natural ao 100%, algo que se descoñece. É unha simple cuestión semántica.
36.5.	CCOO	Proponse substituír o termo “procurarase” por “estar obrigado a”, así como engadir: “asemede disporase dos pasos de fauna non cinexética precisos logo de informe técnico e avaliación por parte da Administración autonómica”.	NON	Para obrigar a esta actuación debería existir un catálogo ou sistema de referencia co que comparar para definir cando se é respectuoso co ámbito natural ao 100%, algo que se descoñece. Tal e como se reflicte no apartado 6 deste artigo, será regulamentariamente onde se desenvolverán as características e requisitos dos cercados cinexéticos.
36.6.	Dirección Xeral de Producción Agropecuaria.	Proponse modificar a súa redacción incluíndo que as características e requisitos de autorización se acrediten na solicitude.	NON	Neste punto do artigo quérese dicir que se establecerá por vía regulamentaria a definición do procedemento de autorización dos cercados cinexéticos, das súas características e requisitos.
36.6.	Dirección Xeral de Producción Agropecuaria.	Proponse a inclusión dos seguintes apartados: <ul style="list-style-type: none"> <li>O cercado cinexético que pretenda realizar movementos que teñan como orixe o dito cercado, contará cos medios necesarios para o manexo, illamento, toma de mostras e aplicación de medidas sanitarias, recollidos no Real decreto 1082/2009, do 3 de xullo.</li> <li>O cercado cinexético deberá estar dado de alta no Rexistro xeral de explotacións gandeiras e cumprir co establecido na normativa de referencia.</li> </ul>	NON	Si para realizar as actividades propias do cercado cinexético é necesario considerar outra normativa, non é necesario reproducila nesta Lei, dado que o único que trata é de definir esta figura en relación coa actividade que regula, e dicir a caza. O cercado non ten porque ser unha explotación gandeira.
36.7.	Particular.	Proponse engadir o seguinte apartado: “Nos terreos cercados non acollidos a réxime cinexético especial, a caza estará permanentemente prohibida”.	NON	Si os terreos están clasificados como zonas de exclusión, xa está prohibida a caza neles, e si son terreos non cinexéticos tamén está prohibida a caza nos mesmos.
36.7.	Particulares. Asociación de veciños San Breixo de Seixalbo.	Proponse engadir o seguinte apartado: “Nos terreos cercados non acollidos a réxime cinexético especial, a caza estará permanentemente prohibida”. Para a creación dun cercado cinexético será preciso elaborar o correspondente estudo de impacto medioambiental e de selo caso a aplicación efectiva das correspondentes medidas correctoras.	NON	Si os terreos están clasificados como zonas de exclusión, xa está prohibida a caza neles, e si son terreos non cinexéticos tamén está prohibida a caza nos mesmos. Parece esaxerado tal esixencia para todos os casos. De todos modos esa competencia é allea a normativa de caza.
<b>Unha vez realizados os cambios correspondentes ás alegacións estimadas, e os cambios propostos pola Asesoría Xurídica, o artigo que no borrador era o nº 36 pasa a ser o nº 39, coa seguinte redacción.</b>		Artigo 39. Cercados cinexéticos. 1. Os cercados cinexéticos son aqueles terreos cercados por muros, cercas ou valos que están integrados dentro dun terreo cinexético sometido a réxime especial e que se destinan a impedir o tránsito das especies cinexéticas de caza maior. O seu obxectivo non será albergar exemplares para a repoboación. 2. Os cercados cinexéticos poderán ser de aproveitamento, cando o seu fin sexa facilitar a actividade cinexética, e de protección cando teña por finalidade procurar amparo aos animais que se atopen no seu interior, e o seu réxime virá determinado regulamentariamente.		



		<p>3. Os cercados cinexéticos terán unha superficie mínima de 500 hectáreas e terán a consideración de explotación gandeira para os efectos da normativa reguladora de sanidade animal.</p> <p>4. A construción do peche dun cercado cinexético non exime o/a interesado/a da obriga de respectar as servidumes de paso ou de calquera outra natureza, xa sexan estas públicas ou privadas.</p> <p>5. En ningún caso, o cerramento material do terreo poñerá en risco ou perigo ás persoas ou animais silvestres. O deseño e os materiais empregados serán respectuosos co ámbito natural, dende o punto de vista do impacto ecolóxico.</p> <p>6. Regulamentariamente desenvolverase o procedemento de autorización, as características e requisitos dos cercados cinexéticos así como os casos en que proceda a supresión destes co obxecto de promover maiores unidades de aproveitamento e mellorar as condicións de vida dos animais.</p>		
Artigo	Alegacións de	Contido da alegación	Aceptación	Observacións
37	Amigos da Terra	<p>Propón a inclusión dun novo artigo que conteña as obrigas dos titulares dos terreos suxeitos réxime especial</p> <p>Igualmente propón, fora da sistemática da lei que inclúe esta materia no seu artigo 55, un réxime de indemnizacións por danos.</p> <ol style="list-style-type: none"> <li>1. En accidentes de tráfico ocasionados por atropelo de especies cinexéticas os danos persoais e patrimoniais ateranse ao disposto na normativa estatal en materia de seguridade vial existente ao respecto.</li> <li>2. Os titulares dos aproveitamentos cinexéticos de terreos suxeitos a réxime cinexético especial responderán nos demais casos dos danos ocasionados polas especies cinexéticas.</li> <li>3. Propón a suspensión cautelar da caza ou a anulación da autorización a un terreo de réxime cinexético especial por incumprimento das condicións, obrigas, limitacións ou prohibicións establecidas na autorización para o aproveitamento.</li> </ol>	NON	<p>Todos eses deberes son obrigas esixibles pola lei en todo o seu texto.</p> <p>A responsabilidade polos danos que causan as especies cinexéticas é competencia exclusiva do Estado, polo que non cabe separarse do seu réxime dende unha norma autonómica</p> <p>Esta sanción está contemplada no punto 2 do artigo 86 do anteproxecto.</p>
37	ADEGA	3. Substituír procurara ser por será	NON	<p>Para obrigar a esta actuación debería existir un catálogo ou sistema de referencia co que comparar para definir cando se é respectuoso co ámbito natural ao 100%, algo que se descoñece. É unha simple cuestión semántica.</p>
37.1.	Dirección Xeral de Producción Agropecuaria.	<p>Establece que as repoboacións con especies de caza maior unicamente as poida realizar a Consellería en materia de caza, coa supervisión sanitaria da autoridade competente en materia de sanidade animal.</p> <p>Considérase tamén que sería necesario establecer o tempo mínimo e máximo que precisa un cercado para ser considerado zona de aclimatación.</p>	NON	<p>Non se considera necesaria dita restrición a unha actuación de mellora que ten que estar planificada e aprobada. As condicións, características etc. das zonas de aclimatación serán obxecto de desenvolvemento regulamentario.</p> <p>Esta definición “choca” un pouco coa súa consideración de “establecemento” que figura na declaración explotacións cinexéticas comerciais.</p> <p>Este apartado será obxecto de regulación regulamentaria, porque non se poden establecer dun xeito único e indiscriminado prazos para todas as especies, medios e circunstancias.</p>
37.1.	Federación Galega de Caza	Propón engadir ao final do punto: “Non terán esta consideración as gaiolas de solta móbiles e os biótopos.”	NON	<p>As gaiolas non se poden considerar como terreos cercados, polo que non son zonas de aclimatación, no tocante aos biótopos si que poden cumpren as condicións dunha zona de aclimatación, polo que non se considera axeitada a súa exclusión.</p>
37.1.	APROCA Galicia	Proponse engadir o seguinte parágrafo: Non terán esta consideración as gaiolas de solta móbiles e os biotopos.	NON	<p>As gaiolas non se poden considerar como terreos cercados, polo que non son zonas de aclimatación, no tocante aos biótopos si que poden cumpren as condicións dunha zona de aclimatación, polo que non se considera axeitada a súa exclusión.</p>
37.2.	Particular.	Proponse realizar unha aclaración respecto as servidumes de paso, de xeito que se especifique que se respectarán aquelas servidumes de paso que existan e sexan públicas, no caso de ser privadas acordaranse cos propietarios dos terreos.	NON	<p>É unha cuestión do dereito privado, na lei establécese a obriga respecto ás servidumes que existan, sexan públicas ou privadas, enténdese que si existe unha servidume de paso privada xa teñen establecido o acordo entre as partes, do contrario esta non existiría.</p>
37.3.	Organización Galega de mvmc e Matar por matar non.	Proponse substituír o termo “procurarse ser respectuoso co ámbito natural” por “serase respectuoso....”	NON	<p>Para obrigar a esta actuación debería existir un catálogo ou sistema de referencia co que comparar para definir cando se é respectuoso co ámbito natural ao 100%, algo que se descoñece. É unha simple cuestión semántica.</p>
<p><b>Unha vez realizados os cambios correspondentes ás alegacións estimadas, e os cambios propostos pola Asesoría Xurídica, o artigo que no borrador era o nº 37 pasa a ser o nº 40, coa seguinte redacción.</b></p>		<p>Artigo 40. Zonas de aclimatación.</p> <ol style="list-style-type: none"> <li>1. As zonas de aclimatación son aqueles terreos cercados, que están integrados dentro dun TECOR ou dunha explotación cinexética comercial, e que se destinan a impedir o tránsito das especies cinexéticas de caza maior e menor co obxecto de adaptalos as condicións ecolóxicas do lugar.</li> <li>2. A instalación dunha zona de aclimatación non exime o/a interesado/a da obriga de respectar as servidumes de paso ou de calquera outra natureza, xa sexan estas públicas ou privadas.</li> <li>3. En ningún caso, o cerramento material da zona de aclimatación poñerá en risco ou perigo ás persoas ou animais silvestres. O deseño e os materiais empregados serán respectuosos co ámbito natural, dende o punto de vista do impacto ecolóxico.</li> <li>4. Regulamentariamente desenvolverase o réxime de autorización e funcionamento das zonas de aclimatación.</li> </ol>		
Artigo	Alegacións de	Contido da alegación	Aceptación	Observacións
38	Sociedade de cazadores de Portas.	Propón a mesma redacción que a da lei vixente.	SI	<p>Considérase que debe realizarse unha nova redacción deste artigo, para axustar á realidade de Galicia a consideración das zonas de seguridade en relación co exercicio da caza.</p>
38	Sociedade de caza Corzán	Alega que as zonas de seguridade deberíanse definir de forma máis explícita, xa que non está claro onde encadrar os camiños feitos na Concentración parcelaria	SI	<p>Considérase esta proposta facendo unha clasificación das zonas de seguridade en relación coas características destas zonas.</p>

38	Federación Galega de Caza	<p>Propón a seguinte redacción: “1. Son zonas de seguridade aquelas áreas nas que deban adoptarse medidas precautorias especiais co obxecto de garantir a integridade física e a axeitada protección das persoas e bens. Nesta zonas e só aos efectos de seguridade, entenderase que se está cazando, cando o cazador se achase en situación inmediata de disparar.</p> <p>2. Considéranse zonas de seguridade:</p> <p>a. Vías públicas. Considéranse vías públicas as vías férreas, autopistas, autovías, vías rápidas, corredores, estradas convencionais que se atopen debidamente sinalizados. Aos efectos do presente artigo, prohibese circular con armas cargadas e usalas nas autopistas, autovías, vías rápidas e corredores, así como nas estradas nacionais, autonómicas ou locais, que reúnan os requisitos legais de este carácter e se atopen debidamente sinalizadas. Nas marxes das mesmas prohibese a acción de cazar nunha franxa de 50 mts.</p> <p>b. O dominio público marítimo-terrestre e o dominio hidráulico, incrementado este último na franxa de 5 metros en cada unha das súas marxes. A estes efectos, da acción de cazar, non terán a consideración de zonas de seguridade as canles de auga e os ríos que non teñan, polo menos, de media 5mts. de ancho, durante a cacería</p> <p>c. Os perímetros dos núcleos urbanos e rurais e de outras zonas habitadas, ampliados nunha franxa de cen metros en todas as direccións.</p> <p>d. Os perímetros da poboacións, edificios habitables illados, xardíns e parques públicos, áreas recreativas, zonas de acampada, recintos deportivos, fábricas e establecementos industriais, ampliados nunha franxa de cen metros en todas direccións.</p> <p>e. Calquera outro lugar que polas súas características sexa declarado como tal polo titular da dirección xeral competente en materia de caza.</p> <p>A Consellería competente en materia de caza, por razóns sanitarias, técnicas, medio ambientais ou de orde social, poderá autorizar excepcionalmente a caza nesas zonas. A autorización entenderase concedida unha vez transcorra un mes desde a súa entrada no rexistro administrativo correspondente.</p> <p>Nos sendeiros e camiños rurais pouco transitados, destinados ao paso a pé e ao uso agrícola ou forestal, poderase cazar sempre que as condicións de seguridade o permitan. Nas demais vías e camiños, non incluídos dentro do primeiro parágrafo, se as condicións de visibilidade o permiten, poderanse situar postos para zapeos, ganchos ou monterías, cumprindo co establecido no artigo 56.”</p>	Parcialmente	Acéptase parcialmente a proposta realizada, dando unha nova redacción a este artigo.
38	Amigos da Terra	<p>Propón as seguintes modificacións do articulado:</p> <p>a) Ampliar a 200 metros a distancia de seguridade</p> <p>d) Ampliar a distancia dos perímetros a 200 metros</p> <p>e) Ampliar a distancia a 200 metros</p> <p>Un novo apartado que contemple as concentracións de persoas ou animais nas que a distancia de seguridade sexa de 250 metros.</p> <p>Eliminar o apartado 3</p> <p>Propón a inclusión dun novo artigo</p> <p>A caza nas zonas de seguridade</p> <p>1. Queda prohibido circular con armas de caza cargadas e usalas no interior dos núcleos urbanos e rurais e noutras zonas habitadas ata o límite que acaden as últimas edificacións ou instalacións habitables, ampliado nunha franxa de 200 metros en todas as direccións.</p> <p>2. Prohibese circular con armas cargadas e usalas no caso de autoestradas, autovías, vías rápidas, corredores autoestradas nacionais, autonómicas e locais, nunha franxa de 50 metros de ancho a ambos os dous lados da zona de seguridade. En ningún caso, se poderá disparar en dirección a outros camiños de uso público ou vías férreas.</p>	NON	<p>Parece a todas luces excesivo.</p> <p>Excesivo.</p> <p>Excesivo.</p> <p>Nas concentracións ocasionais a declaración administrativa fixará en cada caso o perímetro de seguridade.</p> <p>Trátase de autorizacións especiais, cando a seguridade quede en todo caso garantida. Esta prohibición está integramente contida no texto legal, aínda que con distancias máis curtas.</p>
38	Sociedade Galega de Historia Natural	<p>Nova redacción dos puntos 1 e 2:</p> <p>1. Son zonas de seguridade aquelas áreas nas que deban adoptarse medidas precautorias especiais co obxecto de garantir a integridade física e a axeitada protección das persoas e bens. Con carácter xeral prohibese netas o exercicio da caza (de acordo ca art.. 8.3. Le; 4/1997).</p> <p>2. Considéranse zonas de seguridade:</p> <p>a) As marxes e zonas de servidumes, que se encontren cercadas, das vías e camiños de uso públicos, inventariados e non inventariados, as vías férreas e os accesos a Bens de Interese Cultural (xacementos arqueolóxicos, monumentos en xeral, castelos, ermidas, igrexas) e paraxes pintorescos, ampliados nunha franxa de douscentos metros de ancho a ambos os dous lados do peche.</p>	NON	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. A prohibición de cazar nelas xa se relaciona no punto 4º.</li> <li>2. Novamente metese no mesmo saco as zonas de seguridade cos terreos non cinxéticos. Remítese ao comentario feito no artigo 13</li> <li>3. Debe subliñarse o carácter excepcional da medida, que a autorización faina de modo expreso o Xefe territorial e que, obviamente, se realiza o máximo de seguridade.</li> <li>5. A limitación da caza, a maiores do réxime establecido na lei con carácter xeral, por razón da seguridade que estime conveniente solicitar unha persoa pública ou privada, ten que facerse a súa costa, pois, en caso contrario, podería desembocarse nunha situación de todo punto inabordable economicamente. Non parece razoable que o que se solicita en beneficio particular deba ser costeado por todos os cidadáns.</li> </ol>

		<p>b) As demais vías e camiños de uso público, inventariados e non inventariados, e as vías férreas e os accesos a Bens de Interese Cultural (xacementos arqueolóxicos, monumentos en xeral, castelos, ermidas, igrexas) e paraxes pintorescas non cercadas ampliadas nunha franxa de douscentos metros dende o eixe da vía de circulación.</p> <p>d) Os perímetros das núcleos urbanos e rurais e doutras zonas habitadas ampliado nunha franxa de douscentos metros en todas as direccións.</p> <p>e) Os perímetros das poboacións, edificios habitables illados, xardíns e parques público, áreas recreativas, zonas de acampada recintos deportivas, fábricas e establecementos industriais, ampliados nunha franxa de douscentos metros en todas as direccións.</p> <p>3. Suprimir</p> <p>5. Nova redacción do punto 5:</p> <p>5. Calquera persoa física ou xurídica, pública ou privada, poderá solicitar, fundadamente, á Consellería competente en materia de caza a declaración como zona de seguridade dun determinado lugar. As devanditas zonas, en caso de ser declaradas así, deberán ser sinalizadas, pola Consellería competente en materia de caza, conforme se determine regulamentariamente</p>		
38	ADEGA	<p>4. Eliminar</p> <p>5. Que a sinalización afaga a Administración.</p>	NON	<p>Esa posibilidade está sometida a unha autorización administrativa, na que se valorará o debido aseguramento das persoas e dos bens.</p> <p>Quen pretenda esa vantaxe a maiores, parece lóxico que a costee.</p>
38	Tecor Societario de Xallas	Pide mas claridade no establecemento de zonas de seguridade, concretamente pregunta onde ubicar os camiños de concentración parcelaria	NON	<p>Son zonas de seguridade as que se relacionan 41.2. do anteproxecto, os camiños de concentración parcelaria si están sinalizados tamén o serán, son camiños públicos. En todo caso o exercicio da caza debe suxeitarse ao aseguramento das mellores condicións de seguridade.</p>
38	Asociación animalista LIBERA	<p>Proponse que a distancia para cazar respecto dunha zona de seguridade sexa de 300 metros, pois unha bala percorre mais dos 100 metros propostos.</p> <p>Proponse eliminar o apartado terceiro, que permite autorizar a caza en zonas de seguridade.</p>	NON	<p>A lonxitude que pode percorrer un proxectil non é un criterio adecuado para establecer esta distancia, dado que unha bala tamén pode percorrer os 300 metros propostos, motivo polo cal se considera que a distancia dos 100 metros é adecuada tendo en conta que tamén está prohibido disparar en dirección a estas zonas, tal e como se establece no apartado terceiro que se propón eliminar.</p> <p>Non se considera adecuado eliminar a posibilidade de poder autorizar a caza nas zonas de seguridade con carácter excepcional, cando as súas condicións permiten o seu exercicio seguro.</p>
38	Matar por matar non	Proponse incrementar as distancias para cazar respecto dunha zona de seguridade.	NON	<p>Non se considera a necesidade de incrementar ditas distancias dado que ademais establécese a prohibición de disparar na súa dirección de xeito que poidan ser alcanzadas ditas zonas de seguridade.</p>
38	Particular.	Proponse dar unha nova definición ao que se debe considerar como zona de seguridade e a acción de cazar a efectos de seguridade.	Parcialmente	<p>Acéptase parcialmente a proposta realizada, quedando redactado este artigo segundo se reflicte no anteproxecto.</p>
38	Particulares. Asociación de veciños San Breixo de Seixalbo.	Proponse incluír outro artigo que faga referencia á caza nas zonas de seguridade.	NON	<p>Non se considera necesario dito artigo, dado que no apartado 4 establécese que nas resolucións que se diten para permitir a caza nunha zona de seguridade, fixaranse as condicións aplicables en cada caso.</p>
38.1.	Sociedade Galega de Cetrería	Proponse que se permita a caza na modalidade de cetrería nas zonas de seguridade.	NON	<p>Non se considera necesario incluír esta petición.</p>
38.1.	CCOO	Proponse suprimir o texto "a integridade física e", pois co expresado no resto do texto xa se recolle o ámbito do artigo.	NON	<p>Considérase que debe facerse alusión específica á integridade física das persoas.</p>
38.1.	UNITEGA	<p>Propón a seguinte redacción:</p> <p>1. Son zonas de seguridade aquelas áreas nas que deban adoptarse medidas precautorias especiais co obxecto de garantir a integridade física e a axeitada protección das persoas e bens.</p> <p>2. Considéranse zonas de seguridade:</p> <p>a) As marxes e zonas de servidume, que se encontren cercadas, das estradas nacionais, autonómicas, provinciais e municipais debidamente sinalizadas con indicación da titularidade e as vías férreas.</p> <p>b) As estradas nacionais, autonómicas, provinciais e municipais debidamente sinalizadas con indicación da titularidade, ampliadas nunca franxa a ambos lados de cincuenta metros do eixo da vía de circulación. Non terán esta consideración as pistas resultantes de procesos de concentración parcelaria e aquelas outras cuxo fin principal sexa dar servizo agro-forestal, agás que estean asfaltadas e o seu fin sexa a comunicación principal entre dous ou máis núcleos de poboación.</p> <p>c) O dominio público marítimo-terrestre.</p> <p>d) O dominio hidráulico so cando as condicións das mesmas non permitan o exercicio</p>	NON	<p>Considérase que con esta definición, facendo referencia a que as vías estean ou non asfaltadas, non se recolle a realidade existente, dado que moitas vías de comunicación que non están asfaltadas teñen tráfico e son utilizadas en grao suficiente para ser consideradas como zonas de seguridade, mentres que outras aínda estando asfaltadas son moi pouco transitadas. O mesmo sucede co criterio da finalidade da vía, pois resulta interpretable a "finalidade de comunicación principal entre dous ou máis núcleos de poboación".</p> <p>Non se considera oportuno deixar para o desenvolvemento regulamentario determinar as condicións nas que se pode realizar unha autorización para cazar nunha zona de seguridade.</p>

		seguro da caza. Esta cuestión desenrolarase regulamentariamente. e) Os perímetros dos núcleos urbanos e rurais e doutras zonas habitadas ampliado nunca franxa de cen metros en todas direccións. f) Os perímetros das poboacións, edificios habitables illados, xardíns e parques públicos, áreas recreativas, zonas de acampada, recintos deportivos, fábricas e establecementos industriais, ampliados nunha franxa de cen metros, en todas direccións. g) Calquera outro lugar que polas súas características sexa declarado como tal polo titular da dirección xeral competente en materia de caza. 3. Non obstante o previsto nos apartados anteriores, o titular da xefatura territorial correspondente da consellería competente en materia de caza, con carácter excepcional, e logo de petición dos titulares cinexéticos interesados, poderá autorizar a caza. Esta cuestión desenrolarase regulamentariamente.		
38.2.	Clubs e cazadores de caza maior de Galicia	Advírtese do coidado que se debe ter coa denominación de vía pública. Realízanse unhas consideracións sobre os leitos de auga de regatos e ríos de pequena entidade.	NON	No artigo 41 do anteproxecto xa se define o que se consideraba vía pública para os efectos desta Lei. Ditos leitos e marxes xa están considerados ao establecer como zonas de seguridade o dominio hidráulico. Pode sinalarse anchura media mínima que deben ter os cursos de auga de 3 metros e sinalarse a distancia de seguridade tomando como referencia as súas marxes no momento da cacería.
38.2.	Federación ecoloxista galega.	Considérase que se produce unha redución importante das zonas de protección, propondo manter as distancias sobre as vías de uso público. Considérase que deben estar claros os marxes respecto aos dominios marítimos terrestres e dominio público hidráulico.	NON	Coa redacción dada mantéñense as marxes de protección ás zonas de seguridade.
38.2.	Organización Galega de mvmc	Proponse duplicar as distancias de seguridade establecidas nos apartados 38.2 a), b) e c), e no apartado d) e e), pasar de 100 metros a 300 metros, porque trátase de seguridade humana.	NON	Non se considera a necesidade de incrementar ditas distancias dado que ademais establécese a prohibición de disparar na súa dirección de xeito que poidan ser alcanzadas ditas zonas de seguridade.
38.2.	Particulares. Asociación de veciños San Breixo de Seixalbo.	Proponse duplicar as distancias de seguridade establecidas nos apartados 38.2 a), d) e e), e incluír un apartado novo establecendo unha zona de seguridade de 250 metros ante a concentración de persoas e animais.	NON	Non se considera a necesidade de incrementar ditas distancias dado que ademais establécese a prohibición de disparar na súa dirección de xeito que poidan ser alcanzadas ditas zonas de seguridade.
38.2.	APROCA Galicia	Considérase que sigue manténdose unha indefinición, dado que os camiños públicos son todos.	NON	Considérase oportuno dar outra redacción a este artigo, quedando redactado segundo se reflicte neste texto.
38.2.	APROCA Galicia	Proponse a seguinte redacción: a) As autoestradas, autovías, vías rápidas e corredores e as súas marxes nunha franxa de 50 metros a ambos os dous lados do peche. b) As vías férreas ampliadas nunha franxa a ambos os dous lados de cincuenta metros dende o eixe da vía de circulación. As estradas nacionais, autonómicas e locais debidamente sinalizadas con indicación da titularidade e expresión quilométrica mediante mojóns e as súas marxes nunha franxa de 50 metros. O resto das vías e camiños públicos. c) O dominio público marítimo-terrestre e o dominio hidráulico, incrementado este último nunha franxa de 5 metros en cada unha das súas marxes. A estes efectos non terán a consideración de zonas de seguridade os ríos que non teñan ao menos 5 metros de anchura.	NON	Considérase oportuno dar outra redacción a este artigo, quedando redactado segundo se reflicte neste texto.
38.2.a)	Sociedade de cazadores de Portas.	Propón que a franxa de cincuenta metros sexa medida dende o eixo da vía.	NON	Dado que se está a referir a vías de circulación pechadas, parece mais axeitado tomar a distancia respecto do peche.
38.2.b)	Sociedade de cazadores de Portas.	Propón a seguinte redacción: “As vías férreas, as estradas nacionais, autonómicas e locais debidamente sinalizadas con indicación da titularidade e expresión quilométrica mediante mojóns, ampliadas nunha franxa a ambos lados de cincuenta metros dende o eixo da vía de circulación.”	NON	Nesta redacción faltaría facer alusión ás demais vías de circulación de uso público.
38.2.a.b.d.e	Asociación Lobo	Proponse incrementar as distancias de seguridade.	NON	Non se considera a necesidade de incrementar ditas distancias dado que ademais establécese a prohibición de disparar na súa dirección de xeito que poidan ser alcanzadas ditas zonas de seguridade.
38.2.c)	Sociedade de cazadores de Portas.	Propón engadir ao final do parágrafo: “Terán consideración de ríos aquelas canles de máis de 5 m de ancho”	NON	Neste apartado non se pode facer referencia exclusiva aos ríos, dado que estase a referir ao dominio hidráulico.
38.2.c.	Presidentes de Tecores, Gardas particulares de campo e técnicos. Particular. Representantes dalgunhas sociedades de caza de A Coruña.	Proponse que se suprima este apartado	NON	Considérase que nestas zonas se debe restrinxir a actividade cinexética.

38.3.	Sociedade de cazadores de Portas.	Propón facer as seguintes modificacións: "...En todas as zonas de seguridade se prohíbe circular con armas cargadas, usalas ou disparar en dirección a elas, excepto cando a munición non as alcance, salvo que se dispoña de autorización expresa para cazar nese terreo".	NON	Considérase oportuno dar outra redacción a este artigo, quedando redactado segundo se reflicte neste texto.
38.3.	Clubs e cazadores de caza maior de Galicia	<p>Propónse a seguinte redacción: Nos sendeiros, camiños rurais e viales pouco transitados, destinados ao paso a pé ou rodado e ao uso agrícola ou forestal, poderase cazar sempre que as condicións de seguridade o permitan, sempre e cando o titular do aproveitamento teña sinalizado o exercicio venatorio coas correspondentes sinais.</p> <p>En todas as zonas de seguridade se prohíbe circular con armas cargadas, usalas ou disparar en dirección a elas, (debería establecerse unha distancia) salvo que se dispoña de autorización expresa para cazar nese terreo.</p> <p>Propónse incluír o seguinte parágrafo: "En casos especiais, para o control das especies, a Consellería correspondente autorizará excepcións na utilización de determinadas armas e municións no exercicio da caza, de xeito que se utilicen as máis adecuadas para a seguridade das persoas ou bens dentro destas zonas de seguridade, a criterio do responsable dos dereitos cinexéticos". Indícase así mesmo que regulamentariamente se establecerá a multa que corresponderá a quen faga caso omiso da sinalización dunha batida.</p>	NON	<p>Son zonas de seguridade as vías públicas sinaladas no artigo 41 do anteproxecto e todas as que estean sinaladas de acordo coa normativa de tráfico.</p> <p>Esta redacción que se propón resulta innecesaria porque xa se recolle que a Administración pode autorizar a caza neses ámbitos.</p> <p>As sancións non se poden establecer regulamentariamente, compre que a norma teña rango de lei por mandato constitucional.</p>
38.3.	Federación ecoloxista galega.	Propónse que estas autorizacións deben ser puntuais, sinalándose convenientemente.	NON	No propio artigo se establecen con carácter excepcional.
38.3.	CCOO	<p>Propónse que sexa obrigatorio a emisión de informes previos perceptivos antes da concesión ou denegación.</p> <p>Tamén se propón a eliminación do segundo parágrafo ao considerar que termos como "pouco transitados" e "sempre que as condicións de seguridade o permitan" implican risco para as persoas e bens.</p>	NON	<p>Dado que a autorización ou denegación debe estar motivada no exercicio seguro da caza cando as condicións destas zonas o permitan, para determinar estas circunstancias a xefatura territorial poderá solicitar a emisión de cantos informes considere oportunos, sen necesidade de establecer esta obriga na Lei.</p> <p>Neste apartado establécese a adopción desta medida con carácter excepcional e con autorización da xefatura territorial da Consellería competente en materia de caza, cando, obviamente esta debidamente asegurada a seguridade das persoas e dos seus bens.</p>
38.3.	Asociación Forestal de Galicia.	Propónse engadir neste apartado que para cazar en camiños pouco transitados sexa necesaria a autorización dos propietarios dos terreos lindeiros.	NON	Os propietarios de terreos particulares sexan estremeiros ou non coas vías de comunicación, non teñen competencia para autorizar a caza nelas. Os propietarios que ceden, non teñen competencia sobre os aproveitamentos cedidos.
38.3.	Organización Galega de mvmc e Matar por matar non.	Propónse eliminar este apartado por considerar que non se poden admitir rebaixas na seguridade das persoas.	NON	Neste apartado establécese a adopción desta medida con carácter excepcional e con autorización da xefatura territorial da Consellería competente en materia de caza.
38.3.	Asociación Lobo Jesús Núñez Campelo Asociación de veciños San Breixo de Seixalbo, Xosé Santos Otero	Propónse eliminar este apartado por razóns de seguridade.	NON	Neste apartado establécese a adopción desta medida con carácter excepcional e con autorización da xefatura territorial da Consellería competente en materia de caza, cando, obviamente esta debidamente asegurada a seguridade das persoas e dos seus bens.
38.3.	Sociedade Galega de Cetrería	Propónse incluír na súa redacción o seguinte parágrafo: "... e logo de petición polos titulares cinexéticos interesados, poderá autorizar a caza na modalidade de armas nos marxes..." .	NON	Na lei de caza non existe a "modalidade de armas". Tal e como se reflicte neste apartado, para poder cazar en estes terreos precísase dunha autorización da xefatura provincial, na se establezan as condicións que deben cumprirse non soamente en relación coas modalidades que poidan practicarse, sen necesidade de figurar no texto da Lei.
38.3.	APROCA Galicia	<p>Propónse engadir a este artigo o seguinte texto: Aos efectos do presente artigo prohíbese circular con armas cargadas e utilízalas nos perímetros que son zona de seguridade dos núcleos urbanos e rurais e doutras zonas habitadas, das poboacións, edificios habitables illados, xardíns e parques públicos, áreas recreativas zonas de acampada, recintos deportivos, fábricas e establecementos industriais.</p> <p>Prohíbese tamén circular cor armas cargadas e utilízalas en autoestradas, autovías, vías rápidas e corredores, así como nas estradas nacionais, autonómicas e locais. Nos marxes destas vías, que son zona de seguridade prohíbese a utilización das armas.</p> <p>Igualmente se prohíbe a utilización de armas no dominio público marítimo-terrestre e o dominio hidráulico, incrementado este último nunha franxa de 5 metros en cada unha das súas marxes.</p> <p>Nas marxes do resto de vías públicas, si as condicións das mesmas permiten o exercicio seguro da caza, poderase cazar ou situar postos nos zapeos, batidas ou monterías.</p> <p>Nos sendeiros e camiños rurais pouco transitados, destinados ao paso a pé e ao uso agrícola ou forestal, poderase cazar sempre que as condicións de seguridade o permitan. Prohíbese disparar cara calquera zona de seguridade de xeito que a munición alcance a mesma.</p>	NON	Neste apartado xa se establece que en todas as zonas de seguridade se prohíbe circular con armas cargadas, usalas ou disparar en dirección a elas, salvo que se dispoña de autorización expresa para cazar nese terreo.

38.5.	Asociación Forestal de Galicia.	Propónse incluír na redacción deste apartado que as comunidades de montes poidan solicitar a declaración dun determinado lugar como zona de seguridade.	NON	Na propia redacción do artigo establece que calquera persoa física ou xurídica pode solicitar a declaración dun lugar como zona de seguridade.
38.5.	Organización Galega de mvmc	Propónse que as zonas de seguridade declaradas por solicitude expresa se sinalicen pola Administración.	NON	A lei establece que o dereito de caza poderá exercerse en tódolos terreos cinexéticos excepto nos que está prohibido, polo tanto si o propietario dos mesmos non quere que se cace neles debe expresalo de modo manifesto.
<b>As zonas de seguridade</b>				
<p>Artigo 41. Definición.</p> <p>1. Son zonas de seguridade aquelas áreas nas que deban adoptarse medidas precautorias especiais co obxecto de garantir a integridade física e a axeitada protección das persoas e bens.</p> <p>2. Considéranse zonas de seguridade:</p> <p>a) As vías públicas, entendéndose por tales aos efectos desta lei, as vías férreas, as autoestradas, autovías, as vías rápidas e os corredores, as estradas nacionais, autonómicas, provinciais, comarcais e locais e as estradas convencionais, que se encontren debidamente sinalizadas como tales. Así como as súas marxes e zonas de servidume das vías públicas e das vías férreas, ampliados nunha franxa de cincuenta metros de anchura a ambos lados do eixo da vía e si se estivesen pechadas, a cincuenta metros do peche.</p> <p>b) O dominio público marítimo-terrestre e o dominio público hidráulico e as súas marxes, máis unha franxa de cinco metros, en cada unha das súas marxes. A estes efectos, exclúense os ríos, as masas de auga e as canles que presenten unha anchura inferior a 3 metros de media na zona na que se desenvolve a acción de caza.</p> <p>c) As zonas habitadas segundo a definición do artigo 34, ampliados os propios terreos cunha franxa de cen metros en todas direccións. Nos núcleos de poboación tomaranse como referencia as construcións máis exteriores.</p> <p>d) Os edificios habitables illados, xardíns e parques públicos, áreas recreativas, zonas de acampada, recintos deportivos e as áreas industriais segundo a definición do artigo 35, ampliados os propios terreos cunha franxa de cen metros, en todas direccións.</p> <p>e) Calquera outro lugar que polas súas características sexa declarado como tal polo/a titular da consellería competente en materia de caza, para asegurar a protección das persoas e dos seus bens.</p> <p>3. Non obstante o previsto no apartado anterior, o/a titular da xefatura territorial da consellería competente en materia de caza, con carácter excepcional, e logo de petición dos/as titulares cinexéticos/as interesados/as, informando ao concello correspondente, poderá autorizar a caza nas marxes das vías públicas, así como nas canles e marxes dos ríos, e regueiros que atravesen terreos cinexéticos ou constituían o límite entre os mesmos, se as condicións das mesmas permiten o exercicio seguro da caza ou situar os postos para os zapeos, ganchos e montaría. A autorización entenderase denegada unha vez transcorran tres meses, dende que a solicitude tivese entrada no rexistro do órgano competente para a súa tramitación.</p> <p>4. Nas resolucións que se diten para o efecto, se son afirmativas, fixaranse as condicións aplicables en cada caso para exercitar a caza baixo a responsabilidade dos/as titulares da autorización.</p> <p>5. Calquera persoa física ou xurídica, pública ou privada, poderá solicitar, fundadamente, á consellería competente en materia de caza a declaración como zona de seguridade dun determinado espazo no que concurran as circunstancias do apartado 1. Os devanditos espazos, en caso de ser declarados así, deberán ser sinalizados polo/a promotor/a, conforme se determine regulamentariamente.</p> <p>6. O exercicio da caza nas zonas de seguridade.</p> <p>Prohíbese en tódalas zonas de seguridade circular con armas cargadas, usalas ou disparar en dirección a elas, de xeito que poidan ser alcanzadas con perigo para as persoas ou os seus bens, salvo que se dispoña de autorización expresa para cazar nese terreo.</p>				
<b>Artigo</b>	<b>Alegacións de</b>	<b>Contido da alegación</b>	<b>Aceptación</b>	<b>Observacións</b>
39	ADEGA	Propónse desenvolver neste artigo as zonas de aclimatación	NON	As zonas de aclimatación serán obxecto de desenvolvemento regulamentario.
39	Tecor Societario de Xallas	Pide aclaración sobre a temporada de caza, durante a cal está prohibida a caza nas zonas de adestramento de cans	NON	Cando a lei fala de tempada de caza, refírese a tempada xeral de caza.
39	Dirección Xeral de Producción Agropecuaria.	<p>Propónse incluír os seguintes apartados:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>En cumprimento do establecido na lexislación de protección dos animais domésticos e salvaxes en catividade e de protección animal, non se poderán adestrar cans de caza utilizando outros animais vivos, se isto lles puidera supoñer a estes dano ou lesión.</li> <li>Non se poderá adestrar cans de caza utilizando o seguimento do rastro creado por individuos de especies cinexéticas de caza maior mantidos en catividade.</li> </ul>	NON	<p>Como se expón en apartados anteriores, a lexislación de benestar animal será aplicable nas condicións que nela se establezan sen necesidade de facela constar no texto desta Lei. Non se considera necesario prohibir o seguimento do rastro dun animal mantido en catividade, dado que si está permitida a súa tenza, (nas condicións que establece a lexislación que é de aplicación), non se aprecia motivo para facer diferenzas entre o rastro dun animal salvaxe e o dun animal mantido legalmente en catividade.</p> <p>Cando se autoriza a tenza dun animal salvaxe en catividade, autoriza as actividades que non supoñan un risco o unha diminución dos niveis de benestar para o mesmo.</p>
39	Sociedade de caza Corzán	Propón vedar as zonas de adestramento permanente durante toda a tempada hábil de caza menor pero non durante a época en que só está permitida a caza maior.	NON	Considérase que o exercicio da caza nestas zonas non pode permitirse con carácter xeral.
39	Federación Galega de Caza	Propón que o título do artigo sexa: "As zonas de adestramento de cans e aves de cetraría."	SI	Considérase esta proposta.
39.1.	Federación Galega de Caza	Propón realizar os seguintes cambios: "Co fin de que os cans de caza e as aves de cetraría poidan ser adestrados,..."	SI	Considérase esta proposta.
39.1.	Sociedade Galega de Cetrería APROCA Galicia	Propónse incluír expresamente que nas zonas de adestramento para cans se poidan adestrar tamén as aves de cetrería, así como obrigar a que no plan de ordenación cinexética conste a delimitación destas zonas.	SI	Considérase esta proposta..

39.2.	Federación Galega de Caza	Propón a seguinte redacción: “A zona terá unha axeitada e doada delimitación e igualmente quedará separada dos lindeiros do TECOR por unha distancia mínima de 100m, salvo que medie acordo entre os titulares dos dereitos cinexéticos e dos terreos lindeiros, limite cunha explotación cinexética comercial ou exista unha barreira natural.	NON	Considérase necesario establecer unha distancia destas zonas respecto aos tecores estremeiros para facilitar a recuperación dos cans e que esta actividade se desenvolva integramente nos terreos do propio Tecor. Habería que establecer o que se entende por barreira natural. Non se considera acertado eliminar as distancias de seguridade.
39.2.	Particular.	Propón que este punto se redacte da seguinte maneira: “A zona de adestramento de cans terá unha axeitada e doada delimitación, podendo situarse en calquera lugar do TECOR. Ao igual que nas zonas vedadas O Xefe Territorial competente poderá autorizar a práctica de actividades cinexéticas de control de depredadores, especies de caza maior e de ser o caso descastes de coello.	NON	Non corresponde á Lei establecer a posibilidade destas autorizacións especiais, que deberán ser recollidas, si se considera oportuno, nas normas que desenvolvan esta Lei.
39.2.	Sociedade de cazadores de Portas.	Propón a seguinte redacción: A zona terá unha adecuada e de fácil delimitación e quedará separada dos lindeiros do TECOR por unha distancia mínima de 250m, salvo que medie acordo entre os titulares dos TECOR lindantes.	NON	Considérase necesario establecer unha distancia destas zonas respecto aos tecores estremeiros para facilitar a recuperación dos cans e que esta actividade se desenvolva integramente nos terreos do propio Tecor. Habería que establecer o que se entende por barreira natural. Non se considera acertado eliminar as distancias de seguridade.
39.2.	Presidentes de Tecores, Gardas particulares de campo e técnicos. Particular. Representantes dalgunhas sociedades de caza de A Coruña.	Propónse non obrigar a separar as zonas de adestramento permanente para cans 500 m. dos lindeiros do Tecor.	NON	Considérase necesario establecer unha distancia destas zonas respecto aos tecores estremeiros para facilitar a recuperación dos cans e que esta actividade se desenvolva integramente nos terreos do propio Tecor. Habería que establecer o que se entende por barreira natural. Non se considera acertado eliminar as distancias de seguridade.
39.2.	APROCA Galicia	Propónse suprimir o texto que fai referencia á obriga de separar estas zonas dos núcleos habitados pola zona de seguridade. Propónse que non sexa necesario separar 500 metros estas zonas do límite dunha explotación cinexética comercial nin cando exista unha barreira natural.	NON	Considérase necesario establecer unha distancia destas zonas respecto aos tecores estremeiros para facilitar a recuperación dos cans e que esta actividade se desenvolva integramente nos terreos do propio Tecor. Habería que establecer o que se entende por barreira natural. Non se considera acertado eliminar as distancias de seguridade.
39.2.	UNITEGA	Propónse a seguinte redacción: A zona terá unha axeitada e doada delimitación e quedará separada dos lindeiros do TECOR por unha distancia mínima de 500 metros salvo que medie acordo entre os titulares dos terreos colindantes, que extreme cun cercado ou co curso dun río.	NON	Considérase necesario establecer unha distancia destas zonas respecto aos tecores estremeiros para facilitar a recuperación dos cans e que esta actividade se desenvolva integramente nos terreos do propio Tecor. Habería que establecer o que se entende por barreira natural. Non se considera acertado eliminar as distancias de seguridade.
39.2.	Particular.	Propónse que as zonas de adestramento de cans se poidan situar en calquera zona do Tecor.	NON	Considérase necesario establecer unha distancia destas zonas respecto aos tecores estremeiros para facilitar a recuperación dos cans e que esta actividade se desenvolva integramente nos terreos do propio Tecor. Habería que establecer o que se entende por barreira natural. Non se considera acertado eliminar as distancias de seguridade.
39.2.	APROCA Galicia	Propónse que as zonas de adestramento de cans teñan un límite natural, estradas, ríos, costa. etc., sen necesidade de separarala 500 m. dos lindeiros do Tecor.	NON	Considérase necesario establecer unha distancia destas zonas respecto aos tecores estremeiros para facilitar a recuperación dos cans e que esta actividade se desenvolva integramente nos terreos do propio Tecor. Habería que establecer o que se entende por barreira natural. Non se considera acertado eliminar as distancias de seguridade.
39.2.	Representantes dalgunhas sociedades de caza de Pontevedra	Propónse que as zonas de adestramento de cans se poidan situar en calquera zona do Tecor, podendo autorizarse a práctica de actividades cinexéticas de control de depredadores, especies de caza maior e de ser o caso descaste de coello	NON	Considérase necesario establecer unha distancia destas zonas respecto aos tecores estremeiros para facilitar a recuperación dos cans e que esta actividade se desenvolva integramente nos terreos do propio Tecor. Habería que establecer o que se entende por barreira natural. Non se considera acertado eliminar as distancias de seguridade.
39.2.	Particulares.	Pretenden que a localización das zonas de adestramento de cans se poida ubicar en calquera lugar do tecor e que, ao igual que os vedados, poida ser obxecto de xestión.	NON	Considérase necesario establecer unha distancia destas zonas respecto aos tecores estremeiros para facilitar a recuperación dos cans e que esta actividade se desenvolva integramente nos terreos do propio Tecor. Habería que establecer o que se entende por barreira natural. Non se considera acertado eliminar as distancias de seguridade.
39.3.	Sociedade de cazadores de Portas.	Propón a seguinte redacción: “Nas zonas de adestramento está prohibido cazar con armas durante a tempada hábil de caza, sen que poidan incluírse na superficie que o TECOR debe destinar a vedados de caza.”	NON	Considérase que nestas zonas está prohibido cazar, tanto con armas como sen armas.
39.3.	Federación Galega de Caza	Propón a seguinte redacción: “ Nas zonas de adestramento non se permitirá a caza con armas durante a tempada hábil de caza, sen que poida incluírse na superficie do TECOR debe destinar a vedados de caza. O plan de ordenación e aproveitamento poderá contemplar a posibilidade de incluír esas zonas en determinadas cacerías, durante a tempada hábil de caza, para previr os danos de determinadas especies.”	NON	Considérase que si durante a tempada hábil de caza xurde a necesidade de realizar controis de poboación nestas zonas, poden ser autorizados sen necesidade de contemplalo no texto da Lei.
39.3.	Clubs e cazadores de caza maior de Galicia	Propónse que durante a tempada hábil se poida cazar en estas zonas.	NON	A finalidade destas zonas é a de proporcionar un espazo idóneo e apto para o adestramento dos cans, polo que se considera necesario excluír ditas zonas da práctica xeral da caza.

39.3.	Clubs e cazadores de caza maior de Galicia	Propónse que neste apartado que prohibe o exercicio da caza nestas zonas se inclúa "salvo actuacións por danos ou superpoblación". Realízase a pregunta sobre o adestramento de cans en zonas baixo réxime cinexético común.	NON	Esta autorización xa está contemplada no artigo 69 do anteproxecto, (autorizacións especiais). Ao igual que sucede na actualidade na orde anual de vedas establece o período e condicións para o adestramento de cans nestas zonas.
39.3.	Particular.	Propónse que se especifique que se refire á tempada hábil ordinaria.	NON	Considérase que o exercicio da caza nestas zonas non pode permitirse con carácter xeral.
39.3.	APROCA Galicia	Propónse engadir ao final do parágrafo: O plan de ordenación e aproveitamento poderán contemplar a posibilidade de incluír esas zonas en determinadas cacerías, durante a tempada hábil de caza, para previr os danos de determinadas especies.	NON	Considérase que si durante a tempada hábil de caza xurde a necesidade de realizar controis de poboación nestas zonas, poden ser autorizados sen necesidade de contemplalo no texto da Lei.
39.4.	Sociedade Galega de Cetrería	Propónse cambiar a redacción de: "...Non se poderá adestrar cans..." por "...Estes espazo non se poderá utilizar..."	Parcialmente	Estímase parcialmente esta proposta, excluindo a referencia realizada aos cans unicamente.
39.5.	APROCA Galicia	Propónse incluír: "...para a caza e aves de cetrería..."	SI	Considérase esta proposta.
39.5.	Sociedade de cazadores de Portas. Federación Galega de Caza	Propón a seguinte redacción: "O adestramento de cans para a caza e das aves de cetraría regularase regulamentariamente."	SI	Considérase esta proposta.
<b>Unha vez realizados os cambios correspondentes ás alegacións estimadas, e os cambios propostos pola Asesoría Xurídica, o artigo que no borrador era o nº 39 pasa a ser o nº 42, coa seguinte redacción.</b>		<p>Artigo 42. As zonas de adestramento de cans e aves de cetraría.</p> <p>1. Nos terreos cinexéticos sometidos a réximen especial e co fin de que os cans de caza e aves de cetraría poidan ser adestrados, poderán delimitarse nos Plans de Ordenación Cinexética as zonas, épocas e condicións en que se poderá levar a cabo a devandita actividade.</p> <p>2. A zona terá unha axeitada e doada delimitación e quedará separada dos núcleos habitados pola zona de seguridade, e dos lindeiros doutro terreo sometido a dito réxime por unha distancia mínima de 500 m salvo que medie acordo entre os/as titulares lindantes.</p> <p>3. As zonas de adestramento permanecerán vedadas durante a tempada hábil de caza, sen que poidan incluírse na superficie que os TECOR deben destinar a vedados de caza.</p> <p>4. Non se poderá adestrar durante a época de maior sensibilidade na cría das especies silvestres, tanto cinexéticas coma non cinexéticas, presentes, na zona. Estas épocas determinaranse regulamentariamente.</p> <p>5. O adestramento de cans para a caza e das aves de cetraría regularase regulamentariamente.</p>		
Artigo	Alegacións de	Contido da alegación	Aceptación	Observacións
40	Asociación animalista LIBERA	Considérase que deben ampliarse os períodos non hábiles de caza. Considérase que non se reflicte cal é o organismo competente para levar as tarefas de control, decisión e avaliación destas zonas.	NON	Neste artigo establécese a prohibición de cazar durante o período de maior sensibilidade para a cría das especies silvestres, polo tanto non se poden producir as situacións descritas nas alegacións presentadas, así como obriga a que a caza se realice unicamente sobre exemplares procedentes de soltas autorizadas, non afectando aos exemplares silvestres. Dado que ditas zonas deben estar incluídas no plan de aproveitamento e a aprobación deste corresponde á xefatura territorial correspondente da consellería competente en materia de caza, está claro a quen corresponden as tarefas de control, decisión e avaliación destas zonas. O período hábil de caza considérase axeitado.
40	Particular.	Propónse que as zonas de caza permanente poidan situarse a unha distancia inferior aos 500 m. do lindeiro.	NON	Considérase necesario establecer unha distancia destas zonas respecto aos tecores estremeiros para facilitar a recuperación dos cans e pezas de caza, e que esta actividade se desenvolva integramente nos terreos do propio Tecor. Non se considera acertado eliminar as distancias de seguridade.
40	APROCA Galicia	Propónse que as zonas de caza permanente teñan un límite natural, estradas, ríos, costa, etc., sen necesidade de separarala 500 m. dos lindeiros do Tecor.	NON	Considérase necesario establecer unha distancia destas zonas respecto aos tecores estremeiros para facilitar a recuperación dos cans e pezas de caza, e que esta actividade se desenvolva integramente nos terreos do propio Tecor. Habería que establecer o que se entende por barreira natural. Non se considera acertado eliminar as distancias de seguridade.
40	UNITEGA	Propón a seguinte redacción: 1. Son zonas de caza permanente aquelas partes integradas dentro do territorio dun tecor, que se reserven para a caza durante todo o ano. Nestes espazos a caza realizarase sobre exemplares procedentes de soltas autorizadas. 2. Estas zonas deberán cumprir cos seguintes requisitos: a) Estarán perfectamente sinalizadas e os seus contornos delimitados. b) Gardarán unha distancia de 500 metros dos lindeiros do TECOR, salvo que medie acordo entre os titulares dos terreos colindantes ou que extreme cun cercado ou co curso dun río. c) Deberá incluírse no plan de aproveitamento cinexético.	NON	Considérase que deben respectarse os tres meses establecidos como época de maior sensibilidade para a cría das especies silvestres, dado que aínda que se autorizará unicamente a caza dos exemplares liberados previamente, é inevitable que o resto das especies e exemplares se vexan afectados. Deben protexerse as especies silvestres.
40	Clubs e cazadores de caza maior de Galicia	Propónse incluír un apartado e) de condicións para estas zonas redactado como: "Os requisitos que deben cumprir os exemplares que sirvan como pezas de caza e a súa solta serán os establecidos nesta Lei e regulamento que a desenvolva, para as explotacións	NON	Neste artigo trátase de definir as zonas de caza permanente, infraestrutura que poden ter os Tecores, as súas características e condicións, sen necesidade de entrar a establecer condicións que serán desenvolvidas regulamentariamente.



		cinexéticas comerciais”.		
40	Presidentes de Tecores, Gardas particulares de campo e técnicos. Particular. Representantes dalgunhas sociedades de caza de A Coruña.	Proponse que se suprima a prohibición de utilizar as zonas de caza permanente durante os tres meses de maior sensibilidade para a cría das especies silvestres.	NON	Considérase que deben respectarse os tres meses establecidos como época de maior sensibilidade para a cría das especies silvestres, dado que aínda que se autorizará unicamente a caza dos exemplares liberados previamente, é inevitable que o resto das especies e exemplares se vexan afectados. Deben protexerse as especies silvestres.
40	Tecor Societario de Xallas	Posicionase contra da duración de tres meses sen cazar nas zonas de caza permanente	NON	Considérase que deben respectarse os tres meses establecidos como época de maior sensibilidade para a cría das especies silvestres, dado que aínda que se autorizará unicamente a caza dos exemplares liberados previamente, é inevitable que o resto das especies e exemplares se vexan afectados. Deben protexerse as especies silvestres.
40	Sociedade Galega de Historia Natural	Nova redacción 1. Son zonas de caza. permanente aquelas partes integradas dentro do territorio dun tecor, que se reserven para a caza durante todo o ano, con excepción dos meses de abril, maio, xuño e xullo considerados como época de nidificación e/ou cría para unha gran parte das especies silvestres, nos que o exercicio da caza estará prohibido. Nestes espazos a caza realizarase sobre exemplares procedentes de soltas autorizadas	NON	Mantense o réxime establecido ata de agora de tres meses de suspensión da caza neses terreos por estímulo suficiente, parece innecesario alongar a prohibición nunha zona de caza sementada.
40	Particulares. Asociación de veciños San Breixo de Seixalbo. Amigos da Terra.	Proponse que os meses de maior sensibilidade para a cría das especies pasen de 3 a 4 meses.	NON	Considérase que os tres meses propostos cumpren co período mínimo que deben permanecer sen actividade estas zonas. Estimándose que con tres meses queda asegurado o obxectivo.
40	Sociedade de Caza e Pesca do Barbanza	Debe suprimirse o apartado c)	NON	Considérase necesario establecer unha distancia destas zonas respecto aos tecores estremeiros para facilitar a recuperación dos cans e pezas de caza, e que esta actividade se desenvolva integramente nos terreos do propio Tecor.
40	Sociedade de caza Corzán	Considera excesivo que sexan tres meses o tempo no que non se permite a caza nas zonas de caza permanente.	NON	Considérase que os tres meses propostos cumpren co período mínimo que deben permanecer sen actividade estas zonas.
40	Sociedade de cazadores de Portas.	Propón engadir un novo apartado no que se estableza unha distancia mínima a zonas habitadas.	NON	A distancia mínima xa está establecida indirectamente, dado que as zonas habitadas están consideradas como zonas de seguridade.
40.1.	Federación Galega de Caza	Propón eliminar: “con excepción dos tres meses de maior sensibilidade de cría das especies silvestres, nos que o exercicio da caza estará prohibido.”	NON	Considérase que deben respectarse os tres meses establecidos como época de maior sensibilidade para a cría das especies silvestres, dado que aínda que se autorizará unicamente a caza dos exemplares liberados previamente, é inevitable que o resto das especies e exemplares se vexan afectados
40.1.	CCOO	Proponse unha redacción mais flexible dado que para establecer os tres meses establecidos como de maior sensibilidade para a cría das especies silvestres, debería terse en conta os ciclos biolóxicos de tódalas especies.	NON	Considérase este período atendendo ao conxunto das especies silvestres, non particularizando, dado que neste caso provocaría unha imposibilidade de aplicación.
40.1.	APROCA Galicia	Proponse substituír “estará prohibido” por “poderá suspenderse”. No apartado c), proponse incluír o seguinte parágrafo: A non ser que medie acordo entre os Tecor estremeiros, limite cunha explotación cinexética comercial ou exista unha barreira natural.	NON	Considérase que debe prohibirse o exercicio da caza durante estes tres meses obrigatoriamente. Considérase necesario establecer unha distancia destas zonas respecto aos tecores estremeiros para facilitar a recuperación dos cans e pezas de caza, e que esta actividade se desenvolva integramente nos terreos do propio Tecor
40.2 a)	Sociedade de cazadores de Portas.	Propón modificar este apartado, xa que argumenta que sería moi difícil de cumprir.	NON	Podería darse outra redacción facendo referencia a que non se poña en risco a supervivencia ou a presenza das poboacións de especies silvestres presentes.
40.2.c)	Federación Galega de Caza	Propón engadira o final do punto: “ a non ser que medie acordo entre os TECOR lindantes, limiten cunha explotación cinexética comercialo u exista unha barreira natural.”	NON	Considérase necesario establecer unha distancia destas zonas respecto aos tecores estremeiros para facilitar a recuperación dos cans e pezas de caza, e que esta actividade se desenvolva integramente nos terreos do propio Tecor
<b>Unha vez realizados os cambios correspondentes ás alegacións estimadas, e os cambios propostos pola Asesoría Xurídica, o artigo que no borrador era o nº 40 pasa a ser o nº 43, coa seguinte redacción.</b>		Artigo 43. Zonas de caza permanente. 1. Son zonas de caza permanente aquelas partes integradas dentro do territorio dun TECOR, que se reserven para a caza durante todo o ano, con excepción dos tres meses de maior sensibilidade para a cría das especies silvestres, nos que o exercicio da caza estará prohibido. Nestes espazos a caza realizarase sobre exemplares procedentes de soltas autorizadas. 2. Estas zonas deberán cumprir cos seguintes requisitos: a) Deberán situarse en lugares nos que non se poña en risco as poboacións de especies silvestres. b) Estarán perfectamente sinalizadas e os seus contornos delimitados. c) Gardarán unha distancia de 500 metros dos lindeiros do TECOR. d) Deberá incluírse no Plan anual de aproveitamento cinexético.		
<b>Artigo</b>	<b>Alegacións de</b>	<b>Contido da alegación</b>	<b>Aceptación</b>	<b>Observacións</b>
41	Amigos da Terra	Avogan porque se prohiba cravar ou colocar sinais nas arbores ou noutra vexetación así	NON	É materia dun regulamento, a lei non pode descender ata eses detalles.

		como que os postes de sinalización sexan de madeira		
41	Tecor Societario de Xallas	O punto 3º debería na súa opinión situarse noutro lugar	NON	Enténdese que se trata de sinalizacións e do deber de respectalas
41	Particulares. Asociación de veciños San Breixo de Seixalbo.	Proponse que se engadan dous apartados facendo referencia á prohibición de colocar sinais en árbores, obrigando a utilizar estacas de madeira evitando impactos paisaxísticos.	NON	É materia dun regulamento, a lei non pode descender ata eses detalles.
41.3	UNITEGA	Propón a seguinte redacción: Regulamentariamente establecerase o réxime de aplicación á sinalización nos terreos cinexéticos.	NON	Xa se expresa literalmente no apartado 4.
41.4.	UNITEGA	Propón a seguinte redacción: A Consellería estudará as posibilidades que ofrece a tecnoloxía actual no campo do uso de apartados de xeolocalización (GPS), para desenvolver aplicacións informáticas que poidan usar os cazadores en aparatos electrónicos autónomos, de forma que se poida prescindir no futuro do sistema actual de sinalización con sinais visuais.	NON	Considérase que na lei non se poden establecer declaracións de intencións, así como a obriga de sinalización e a información que esta proporciona non está dirixida exclusivamente aos cazadores.
<b>Unha vez realizados os cambios correspondentes ás alegacións estimadas, e os cambios propostos pola Asesoría Xurídica, o artigo que no borrador era o nº 41 pasa a ser o nº 44, coa seguinte redacción.</b>		<p>Artigo 44. A sinalización dos terreos cinexéticos.</p> <ol style="list-style-type: none"> <li>Os/as titulares dos terreos cinexéticos sometidos/as a réxime especial están obrigados/as a sinalizar os seus límites, con carteis indicadores da súa condición cinexética.</li> <li>A consellería competente en materia de caza está obrigada a sinalizar as zonas libres nas que estea permitida a caza.</li> <li>Está prohibido destruír, alterar ou cambiar os sinais indicadores da condición cinexética dun terreo, así como colocar os sinais indicadores na vexetación.</li> <li>Regulamentariamente establecerase o réxime de aplicación á sinalización nos terreos cinexéticos.</li> </ol>		
Artigo	Alegacións de	Contido da alegación	Aceptación	Observacións
42	Colegio de Ingenieros de Montes	A referencia ao técnico universitario competente é excesivamente ambigua. Nada se di sobre quen debe subscribir os Plans Anuais de Aproveitamento cinexético. Os únicos titulados con competencias en materia de caza, e cos coñecementos necesarios para levar a cabo un proxecto de este tipo son os Enxeñeiros de Montes, e os Enxeñeiros Técnicos Forestais, polo que estes serán os único considerados como técnicos competentes tanto para levar a cabo os Plans de Ordenación Cinexética, como os Plans Anuais de Aproveitamento Cinexético.	NON	A competencia en materia de titulacións universitarias non lle corresponde a unha lei de caza nin ao seu regulamento
42	Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Forestais de Galicia	A lei de caza de Galicia debe definir ou establecer claramente que titulación debe posuír o técnico universitario competente que se contempla no artigo 42 do anteproxecto. Explicitar como técnico competente aos actuais titulados en Enxeñería de Montes, Enxeñería Técnica Forestal ou titulado universitario en grao e postgrao en materia forestal que substitúan ás anteriores titulacións.	NON	A competencia en materia de titulacións universitarias non lle corresponde a unha lei de caza nin ao seu regulamento
42	Sociedade Galega de Historia Natural	Nova redacción: 1. Os titulares dos TECOR deberán presentar obrigatoriamente un Plan de Ordenación Cinexético para un período mínimo de cinco anos redactado por técnicos universitarios competentes, <u>determinados regulamentariamente</u> , que, unha vez aprobado polo titular da xefatura territorial correspondente da consellería competente en materia de caza, se constituirá como norma de obrigado cumprimento, a partir da que se desenvolverá ordenadamente a actividade cinexética, dentro do marco dos períodos hábiles xerais.	NON	A competencia en materia de titulacións universitarias non lle corresponde a unha lei de caza nin ao seu regulamento
42	ADEGA	Engadir que o POC ten que contar co consentimento do titular das terras	NON	Os límites da cesión están no aproveitamento cinexético si non se pactaron outras cousas, esa é materia de orde xurídico privada.
42	Asociación animalista LIBERA	Considérase que non se contempla a revisión dos plans por parte da administración, nin a verificación dos seus datos, nin se establece que organismo competente os comprobará.	NON	No artigo 46 do anteproxecto establécense as condicións ás que se fai alusión nas alegacións presentadas.
42	Xunta rectora de m.v.m.c. Boa, (Noia)	Proponse que o plan de ordenación cinexética teña a obriga de contar co visto e prace das comunidades titulares dos montes veciñais afectados	NON	A aprobación do POC corresponde á Consellería competente en materia de caza, non considerándose necesario o informe ou autorización por parte das comunidades titulares dos montes veciñais para realizar dita aprobación.
42	Dirección Xeral de Producción Agropecuaria.	Proponse engadir un apartado facendo referencia a que as autoridades competentes en materia de caza serán responsables de realizar estudos poboacionais e de monitorización das especies cinexéticas.	NON	Esta tarefas xa están asumidas na actualidade, realizando os traballos e recollendo toda a información que é posible obter cos medios e persoal dispoñible, polo que non é necesario reflectilo na norma.
42	Clubs e cazadores de caza maior de Galicia	Proponse substituír "titulares dos tecores", por "titulares dos dereitos cinexéticos públicos e privados".	NON	O plan de ordenación cinexética débena presentar os titulares de determinadas figuras contempladas na Lei, non tódolos titulares de dereitos cinexéticos públicos e privados, o que debe incluírse son as explotacións cinexéticas comerciais que realizarán un aproveitamento da caza silvestre presente no seu territorio, dado que terán que planificar este aproveitamento.
42	Organización Galega de mvmc	Considérase que o Plan de ordenación cinexética debe ter o consentimento dos titulares	NON	Resultaría totalmente inviable que cada cinco anos se teña que contar coa autorización dos

		das terras.		propietarios das terras afectadas por un Tecor para poder aprobar o seu plan de ordenación cinexética. Os propietarios das terras ceden os dereitos a aproveitar o recurso cinexético nas súas terras, si no plan de ordenación cinexética se establecen actuacións sobre o terreo que poidan afectar negativamente ou ser contrarias a outra planificación existente, a simple cesión de dereitos cinexéticos realizada non faculta ao titular do Tecor para executar as mesmas, si o propio aproveitamento cinexético constitúe unha actividade prohibida por outro instrumento de planificación aprobado, debería establecerse nas condicións de cesión dos dereitos cinexéticos esta restrición ou ben simplemente non realizar dita cesión. O cedente, durante o período de cesión perde os dereitos de aproveitamento sobre as especies cinexéticas durante o período ao que se estenda dita cesión.
42	UNITEGA	<p>Propónse a seguinte redacción:</p> <p>1. Os titulares dos TECOR deberán presentar obrigatoriamente un Plan de Ordenación Cinexético para un período mínimo de 10 anos e máximo de 25 anos, redactado por técnico universitario competente, que, unha vez aprobado polo titular da xefatura territorial correspondente da consellería competente en materia de caza, se constituirá como norma de obrigado cumprimento, a partir da que se desenvolverá ordenadamente a actividade cinexética, dentro do marco dos períodos hábiles xerais.</p> <p>2. As titulación dos técnicos universitarios competentes para redactar os Plans de Ordenación Cinexética determinaranse regulamentariamente, e deberán acreditar a súa titulación e habilitación profesional na xefatura territorial correspondente da consellería competente en materia de caza.</p> <p>3. Os titulares dos TECOR deberán presentar obrigatoriamente, dirixido aos servizos competentes da xefatura territorial correspondente da consellería competente en materia de caza e cunha antelación mínima de dous meses o comezo de cada tempada de caza, para a súa aprobación, un Plan Anual de Aproveitamento Cinexético que desenvolva as previsións contidas no Plan de Ordenación Cinexético para esa tempada. O titular da dita xefatura territorial disporá dun prazo dun mes para aprobalo. En defecto de resolución expresa no prazo indicado, non se entenderá aprobado. Unha vez aprobado o Plan, será de obrigado cumprimento, salvo que se produzan circunstancias excepcionais que obriguen a modificalos.</p> <p>4. Os titulares de Explotacións Cinexéticas Comerciais deberán presentar obrigatoriamente, dirixido aos servizos competentes da xefatura territorial correspondente da consellería competente en materia de caza e cunha antelación mínima de dous meses ao comezo de cada tempada, para a súa aprobación, un Plan Anual de Aproveitamento Cinexético, para a nova tempada, conforme ao disposto no artigo 34º. 7 da presente Lei. O titular da xefatura territorial correspondente disporá dun prazo dun mes para aprobalo. En defecto de resolución expresa no prazo indicado o plan non se entenderá aprobado. Unha vez aprobado o devandito Plan será de obrigado cumprimento.</p> <p>5. Os titulares de Explotacións Cinexéticas Comerciais nas que se practique a caza sobre especies silvestres, ou simultaneamente sobre especies procedentes de granxas autorizadas e silvestres, deberán presentar un Plan de Ordenación Cinexética coas mesmas esixencias que se establecen nos puntos 1 e 2 deste artigo para os TECOR.</p>	NON	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Considérase axeitado o prazo de 5 anos.</li> <li>- Corresponde a outra lei determinar a titulación adecuada e a súa comprobación corresponde a quen ten que aprobar o plan.</li> <li>- Xa o indica o sentido do silencio, pedir a modificación é unha posibilidade aberta en todo caso.</li> <li>- Xa se indica no sentido do silencio.</li> <li>- Esta proposta xa foi aceptada.</li> </ul>
42.1.	Sociedade de cazadores de Portas.	Propón establecer un período máximo de vixencia do Plan de Ordenación Cinexético, e concretar que tipo de técnico universitario podería redacta estes de plans.	Parcialmente	Considérase esta proposta parcialmente, establecendo unha duración mínima para o plan de ordenación de 5 anos e máxima de 10 anos, deixando a criterio da administración o establecemento da data de renovación do mesmo. Non é competencia da lei de caza establecer cal é a titulación adecuada para realizar as tarefas de planificación e xestión cinexética.
42.1.	Federación Galega de Caza	Propón eliminar: “da xefatura territorial correspondente”	NON	Considérase que corresponde a este órgano a aprobación dos plans.
42.1.	Particular.	Propónse que aquela persoa que redacte o POC sexa un universitario con graduación competente en materia cinexética, e que dito Plan sexa aprobado polo Director Xeral competente en materia cinexética.	NON	No propio texto deste apartado se cita que o POC debe ser redactado por técnico universitario competente, polo que si se está esixindo que sexa competente, indirectamente estase obrigando a que teña os coñecementos necesarios para redactar este documento. Para unha maior axilidade da Administración na tramitación da aprobación do POC, considérase necesario facultar á xefatura territorial para que realice esta aprobación.
42.1.	Particulares. APROCA Galicia	Propónse que os POC teñan unha duración de 5 anos e as súas modificacións teñan que estar asinadas por técnico competente.	Parcialmente	Considérase esta proposta establecendo unha duración mínima para o plan de ordenación de 5 anos e máxima de 10 anos, deixando a criterio da administración o establecemento da data de renovación do mesmo.
42.1.	APROCA Galicia	Propónse que se estableza un máximo para a vixencia dos POC.	SI	Considérase esta proposta establecendo unha duración mínima para o plan de ordenación de 5 anos e máxima de 10 anos, deixando a criterio da administración o establecemento da data de renovación do mesmo.

42.1.	Asociación Lobo	Propónse que se definan que titulacións se consideran como técnicos competentes universitarios.	NON	No propio texto deste apartado se cita que o POC debe ser redactado por técnico universitario competente, polo que si se está esixindo que sexa competente, indirectamente estase obrigando a que teña os coñecementos necesarios para redactar este documento. Non se debe poñer un listado de titulacións dado que no futuro poderían incluírse nos plans de estudos de determinadas carreiras universitarias a ensinanza dos coñecementos necesarios para redactar o POC, quedando excluídos ao non figurar neste listado.
42.2.	Sociedade de cazadores de Portas. Federación Galega de Caza	Propón realizar as seguintes modificacións: "...En defecto de resolución en prazo o plan entenderase aprobado."	NON	Non se considera axeitado asumir esta posibilidade porque dada a cantidade de plans e os prazos para resolver, podería provocar a aprobación de plans por silencio administrativo que en realidade non poderían ser aprobados.
42.2. e 42.3.	Particular.	Alégase que en ausencia de resolución si o plan de ordenación non se entende aprobado, terase que especificar porqué non se aproba.	NON	O que se establece neste apartado é o sentido do silencio administrativo, non eximindo á Administración da súa obriga de resolver.
42.2. e 42.3.	APROCA Galicia	Propónse que o silencio sexa positivo en caso de aprobar o POC en prazo.	NON	Non se considera axeitado asumir esta posibilidade porque dada a cantidade de plans e os prazos para resolver, podería provocar a aprobación de plans por silencio administrativo que en realidade non poderían ser aprobados.
42.3.	Sociedade de cazadores de Portas.	Propón engadir ao final do primeiro parágrafo: "e elaborado por un técnico competente." e realizar as seguintes modificacións: "...En defecto de resolución en prazo o plan entenderase aprobado."	NON	Non se considera axeitado asumir esta posibilidade porque dada a cantidade de plans e os prazos para resolver, podería provocar a aprobación de plans por silencio administrativo que en realidade non poderían ser aprobados.
42.3.	Federación Galega de Caza	Propón realizar as seguintes modificacións: "...En defecto de resolución en prazo o plan entenderase aprobado."	NON	Non se considera axeitado asumir esta posibilidade porque dada a cantidade de plans e os prazos para resolver, podería provocar a aprobación de plans por silencio administrativo que en realidade non poderían ser aprobados.
42.4.	Particulares.	Propónse engadir un apartado 4 neste artigo, no que se faga referencia ao plan anual de aproveitamento.	NON	O Plan anual de aproveitamento cinexético trátase no artigo 48 do anteproxecto, especificando que regulamentariamente se determinará o seu contido mínimo.
<b>Unha vez realizados os cambios correspondentes ás alegacións estimadas, e os cambios propostos pola Asesoría Xurídica, o artigo que no borrador era o nº 42 pasa a desenvolverse nos artigos nº 45 e 46, coa seguinte redacción.</b>		<p>Artigo 45. Definición.</p> <p>A ordenación cinexética de terreos cinexéticos ten como fin a organización da súa produción cinexética, atendendo sempre ás exixencias ecolóxicas, a sostibilidade e os beneficios indirectos que produce.</p> <p>Artigo 46. Obriga da ordenación.</p> <p>1. Os/as titulares dos TECOR e das explotacións cinexéticas comerciais nas que se cacen especies silvestres, deberán presentar obrigatoriamente un Plan de Ordenación Cinexético para un período mínimo de cinco anos e máximo de 10 anos redactado por técnico/a universitario/a competente, que, unha vez aprobado polo/a titular da dirección xeral competente en materia de caza, será de obrigado cumprimento para o ordenado desenvolvemento da actividade cinexética, dentro do marco dos períodos hábiles xerais. Non obstante, os/as titulares de TECOR que voluntariamente quixeran revisalo, poderán solicitar a súa revisión en calquera momento, antes de que finalice o seu período de vixencia.</p> <p>2. Os/as titulares dos TECOR e das explotacións cinexéticas comerciais nas que se cacen especies silvestres, deberán presentar obrigatoriamente, dirixido á xefatura territorial da consellería competente en materia de caza e cunha antelación mínima de dous meses ao comezo de cada tempada de caza, un Plan Anual de Aproveitamento Cinexético que desenvolva as previsións contidas no Plan de Ordenación Cinexético para esa tempada. O/a titular da dita xefatura territorial disporá dun prazo dun mes para ditar e notificar a correspondente resolución. En defecto de resolución expresa no prazo indicado, non se entenderá aprobado.</p> <p>Unha vez aprobado o plan, será de obrigado cumprimento.</p> <p>3. O incumprimento das obrigas contidas nos plans regulados nos puntos anteriores determinará a falta de dilixencia na conservación dos terreos afectados polos mesmos, por parte do/a seu/súa titular.</p>		
Artigo	Alegacións de	Contido da alegación	Aceptación	Observacións
43	Sociedade de cazadores de Portas.	Propón abordar todos os aspectos relacionados co control de predadores e a figura do controlador de predadores.	NON	Esta figura e a súa actividade, ten que ser desenvolvida noutra norma, tal e como se expresa na disposición adicional segunda desta Lei.
43	ADEGA	2 h) Incluir as accións de prevención de danos de cultivos e na rede viaria das especies cinexéticas presentes no tecor	NON	Cando se fai o POC non se pode saber cando nin onde vai a haber danos polo que facer a 5 anos esa previsión parece aventurado. A planificación A planificación das accións de prevención débese facer dende un nivel territorial mais amplo.
43	Asociación animalista LIBERA	Considérase necesario incluír un apartado referente ao control das capturas coa colaboración de grupos ecoloxistas neste proceso.	NON	O control das capturas autorizadas, é un procedemento común que establece a administración para tódolos Tecores, non tendo que figurar na redacción dun plan de ordenación cinexética redactado para un Tecor individual e por un técnico en concreto. Este control soamente o poderá facer a Administración a través dos seus funcionarios.
43	Subdirección Xeral de Coordinación Ambiental.	Propónse engadir un apartado terceiro co seguinte texto: "... Con carácter previo á aprobación do plan de ordenación cinexético, a xefatura territorial dará traslado do mesmo ao órgano autonómico competente para a tramitación da avaliación dos efectos de determinados planes e programas no medio ambiente, ao obxecto de que dito órgano ambiental determine si o plan en cuestión debe ser avaliado...".	NON	Dadas as actuacións sobre o medio que normalmente se recollen dentro deste instrumento de planificación, que coinciden con traballos que normalmente está realizando ou realizou no pasado o home en relación coa produción agrícola ou forestal, así como a extensión afectada por estas actuacións, que en xeral de ser realizadas polo labrego como actividade propia da súa profesión non precisarían para a súa execución dunha aprobación ou avaliación ambiental, indica que non parece lóxico incrementar o procedemento de aprobación dun plan de ordenación cinexética mediante o trámite proposto, dado que no caso daqueles plans redactados sobre terreos incluídos en espazos naturais protexidos ou nos ámbitos territoriais obxecto de plans de ordenación de recursos naturais, de acordo co establecido no artigo 5 do decreto 284/2001, do 11 de outubro, polo que se aprobou o regulamento de caza de Galicia,

				estes plans de ordenación cinexética terán que redactarse suxeitándose ás directrices fixadas no correspondente Plan de Ordenación de Recursos Naturais. Non procede atender esta alegación porque incrementa innecesariamente a tramitación administrativa porque non aporta utilidade algunha, toda vez que a xestión das poboacións fainas a propia Administración seguindo criterios de sustentabilidade.
43	Organización Galega de mvmc	Proponse incluír un apartado para que no plan de ordenación cinexética se contemplen as accións de prevención dos danos que ocasionan as especies cinexéticas.	NON	Cando se fai o POC non se pode saber cando nin onde vai a haber danos polo que facer a 5 anos esa previsión parece aventurado. A planificación A planificación das accións de prevención débese facer dende un nivel territorial mais amplo.
43.1.	Asociación Lobo	Proponse aclarar a que se refire o termo capacidade de carga	NON	Si o que se está ordenando é o aproveitamento das especies cinexéticas, todo indica que o termo de capacidade de carga se refire as poboacións destas especies cinexéticas.
43.2.	Asociación Forestal de Galicia.	Proponse incluír a obriga de que o plan de ordenación cinexético sexa compatible cos instrumentos de xestión forestal rexistrados.	NON	Cando no plan de ordenación cinexética se planifica algunha actuación que supoña a alteración ou modificación da vexetación existente ou das condicións dos terreos, para a súa execución o titular do aproveitamento cinexético debe contar coa autorización do propietario, dado que a cesión da titularidade cinexética dos terreos non afecta nin condiciona os demais usos ou aproveitamentos dos mesmos. Coa a mesma argumentación podería invocarse o contrario, que os plans de ordenación forestal deberan ser compatibles co aproveitamento cinexético, porque por razón da súa transcendencia en moitos casos o valor cinexético dun monte e superior aos demais valores do mesmo. Dado que os recursos cinexéticos son do monte, sería esixible aos plans de xestión forestal que contemplen as outras producións do monte e non ao contrario.
43.2.d.	CCOO	Proponse a súa eliminación, dado que non corresponde esta función ao POC.	NON	Si a Lei pretende un aproveitamento sostible do recurso, na planificación do seu aproveitamento deben abordarse accións de conservación e/ou recuperación do mesmo, así como doutras especies asociadas que lle afecten.
43.2.e.	Sociedade Galega de Cetrería	Considérase necesario incluír tamén a planificación do adestramento das aves de cetrería.	SI	Estímase esta proposta.
43.2.e)	Sociedade de cazadores de Portas.	Propón eliminar : “desenvolvidas en espazo e tempo.”	NON	Dado que no plan de ordenación se está a planificar tanto o aproveitamento como as accións de mellora que se consideren necesarias, é lóxico que esta planificación se concrete no espazo e no tempo de vixencia do plan.
43.2.e)	Federación Galega de Caza	Propón a seguinte redacción: “As accións e modalidades complementarias tales como o adestramento de cans e aves de cetraría, a sota- captura e outras similares.”	SI	Pódese aceptar a proposta no referente ás aves de cetrería.
43.2.f)	Sociedade de cazadores de Portas.	Propón a seguinte redacción: “As medidas de xestión que se levará a cabo nos vedados de caza.”	NON	Xa se establece a necesidade de incluír a xestión dos vedados como contido mínimo no plan.
43.2.f.	Particular. APROCA Galicia	Arguméntase que si ten que ser o xefe territorial quen autorice a caza nos vedados, non se entende que se poida realizar a xestión dos mesmos, pois de nada serve xestionar si non se aproba esa xestión.	NON	Considérase que a xestión proposta debe ser aprobada previamente, e no caso de non selo, a resolución que a denegue debe estar motivada.
43.2.i.	Particular.	Proponse incluír este novo apartado facendo obrigatorio realizar unha avaliación da capacidade de carga.	SI	Considérase esta proposta no apartado 2.a) do artigo 47 do anteproxecto.
Unha vez realizados os cambios correspondentes ás alegacións estimadas, e os cambios propostos pola Asesoría Xurídica, o artigo que no borrador era o nº 43 pasa a ser o nº 47, coa seguinte redacción.		<p>Artigo 47. Plan de Ordenación Cinexético.</p> <p>1. O Plan de Ordenación Cinexético é a norma que rexerá toda a actividade cinexética e que buscará a consecución dos obxectivos da ordenación cinexética.</p> <p>2. O plan deberá ter, como mínimo, o seguinte contido:</p> <p>a) O estado cinexético do terreo sometido a réxime especial, a definición e descrición das unidades de xestión e inventario e a estima dos parámetros poboacionais así como unha avaliación da capacidade de carga cinexética do hábitat.</p> <p>b) O establecemento dos obxectivos de ordenación, de acordo coa información recollida na fase de inventario.</p> <p>c) A estimación da extracción sostible en función da evolución prevista das poboacións cinexéticas.</p> <p>d) A zonificación da área, un sistema de seguimento da propia planificación e unha previsión de mecanismos correctores, con previsión do desaxuste a que se refire o artigo 49 da presente lei.</p> <p>e) As accións de conservación e/ou de recuperación das especies cinexéticas, así como, se procede, doutras especies silvestres.</p> <p>f) As accións complementarias tales como o adestramento de cans, aves de cetraría, a solta-captura e outras similares, desenvolvidas en espazo e tempo.</p> <p>g) A xestión dos vedados de caza.</p> <p>h) O estudo dos hábitats e das especies e a súa compatibilidade coa acción cinexética.</p> <p>i) A sinalización do TECOR sometido a réxime especial, atendendo ás súas características físicas, cinexéticas e sociais.</p> <p>j) Calquera outro aspecto que regulamentariamente se determine en relación coa sanidade das especies ou dos posibles danos causados pola fauna cinexética.</p>		
Artigo	Alegacións de	Contido da alegación	Aceptación	Observacións
44	Sociedade Galega de Historia Natural	Nova redacción 1. Regulamentariamente determinarase o contido mínimo do primeiro Plan Anual de Aproveitamento Cinexético. Nos seguintes, a maiores, constará obrigatoriamente unha	NON	Non se fai necesario porque a Administración xa dispón desa información

		táboa resumo, detallada por especies, coa previsión anterior e coas capturas realizadas		
44	Particulares.	<p>Proponse engadir os seguintes apartados:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Os plans anuais de aproveitamento, realizaranse con base no plan de ordenación cinexética e nas táboas de capturas de anos anteriores.</li> <li>- Se se comprobare que un plan de aproveitamento aprobado contén datos falsos ou se está aplicando indebidamente, logo da incoación do oportuno expediente sancionador, poderá ser anulado ou suspendida cautelarmente a actividade cinexética, sen prexuízo de que a Consellería competente en materia cinexética emprenda as demais accións que correspondan contra o titular do Tecor e contra que subscriba o plan, se é o caso.</li> <li>- Ó final de cada temporada de caza, e antes da data que regulamentariamente se estableza, os titulares dos aproveitamentos cinexéticos comunicaranlle á Consellería competente en materia cinexética os datos que sobre ela lles requira.</li> </ul>	NON	<p>O primeiro apartado está incluído no artigo 49 do anteproxecto.</p> <p>O segundo apartado está incluído como unha infracción grave.</p> <p>O terceiro apartado xa está recollido en parte no artigo 50 do anteproxecto que fai referencia ao desenvolvemento e execución da ordenación.</p>
44.1.	UNITEGA	<p>Proponse a seguinte redacción:</p> <p>Reglamentariamente determinarase o contido mínimo do Plan Anual de Aproveitamento Cinexético, que se plasmará nun mesmo documento para todos os Servizos Provinciais. Así mesmo, todos os impresos de autorizacións ou comunicación de resultados, estarán unificados.</p>	NON	Esta condición non se considera necesario incluíla no texto da Lei.
44.3.	Particular. APROCA Galicia Federación Galega de Caza	Proponse substituír o termo “suspender a actividade cinexética” por “modificar a actividade cinexética”.	NON	Dado que se está tratando dunha situación na que se da por feito que existen desaxustes, é lóxico que debe modificarse a actividade cinexética que se está levando a cabo, e mentres non se aprobe esta modificación, na redacción do apartado establécese a posibilidade de que o xefe territorial poida suspender a actividade cinexética.
<p><b>Unha vez realizados os cambios correspondentes ás alegacións estimadas, e os cambios propostos pola Asesoría Xurídica, o artigo que no borrador era o nº 44 pasa a desenvolverse nos artigos nº 48 e 49, coa seguinte redacción.</b></p>		<p>Artigo 48. Plan Anual de Aproveitamento Cinexético.</p> <p>É a norma que rexerá toda a actividade cinexética durante unha tempada concreta suxeitándose ás directrices fixadas no correspondente Plan de Ordenación Cinexético e tendo en conta as capturas dos anos anteriores. Regulamentariamente determinarase o contido mínimo do Plan Anual de Aproveitamento Cinexético que deberá contemplar as especies cazables, os días de caza e os cupos, as modalidades, as actuacións de mellora do hábitat.</p> <p>Artigo 49. Revisión do Plan de de Ordenación Cinexético e do Plan Anual de Aproveitamento Cinexético.</p> <p>Cando por circunstancias non imputables ao/a titular dun TECOR ou dunha explotación cinexética comercial na que se cacen especies silvestres, se orixinen desaxustes graves entre as previsións do Plan de Ordenación Cinexético ou do Plan Anual de Aproveitamento Cinexético e a realidade do aproveitamento cinexético, incendios ou epizootías, o/a titular da xefatura territorial correspondente da consellería competente en materia de caza poderá requirir o/a titular do TECOR ou da explotación cinexética comercial na que se cacen especies silvestres, para que no prazo de tres meses proceda á revisión do plan ou plans que se vexan afectados polo devandito desaxuste, podendo o/a devandito/a xefe/a territorial suspender a actividade cinexética en tanto non se aproben a revisión ou revisións que procedan.</p>		
Artigo	Alegacións de	Contido da alegación	Aceptación	Observacións
45	Colegio de Ingenieros de Montes	<p>Non se alude a quen será o técnico que redacte a memoria de desenvolvemento e execución do plan que debe entregarse na Consellería antes da data que regulamentariamente se estableza.</p> <p>Os únicos titulados con competencias en materia de caza, e cos coñecementos necesarios para levar a cabo un proxecto de este tipo son os Enxeñeiros de Montes, e os Enxeñeiros Técnicos Forestais, polo que estes serán os único considerados como técnicos competentes tanto para levar a cabo as Memorias as que se refire o artigo 45 do Anteproxecto</p>	NON	Non é competencia da lei de caza establecer cal é a titulación adecuada para realizar as tarefas de planificación e xestión cinexética.
45	Asociación animalista LIBERA. Sociedade Galega de Cetrería.	Considérase que non se establece cal é o organismo competente para verificar os resultados proporcionados polos titulares dos Tecor.	NON	Si no apartado 1 se estable a obriga aos titulares dos Tecor de entregar á Consellería competente en materia de caza unha memoria que conteña unha información determinada, corresponderá a esta mesma Consellería a verificación da mesma.
45	Clubs e cazadores de caza maior de Galicia	Proponse substituír “titulares dos tecores”, por “titulares dos dereitos cinexéticos públicos e privados”.	NON	Considérase que non é o mesmo a titularidade do dereito que ten alguén a aproveitar un recurso e a titularidade do aproveitamento que se realice dese recurso.
45.1	Sociedade de cazadores de Portas. Federación Galega de Caza	Propón eliminar este punto.	NON	Considérase necesario realizar un seguimento da planificación, comprobando si a execución da mesma se acerca ou adapta ao planificado.
45.1.	UNITEGA	<p>Proponse a seguinte redacción:</p> <p>Antes da data que regulamentariamente se estableza, os titulares dos TECOR deberán entregar á Consellería competente en materia de caza unha Memoria que conteña os datos relativos ao desenvolvemento e execución do Plan Anual de Aproveitamento Cinexético e a súa adecuación ás previsións contidas no Plan de Ordenación Cinexético, e que se plasmará nun mesmo documento para todos os Servizos Provinciais.</p>	NON	Esta memoria non ten porqué ser un modelo ou documento único e igual para tódolos espazos obrigados a planificar o aproveitamento cinexético, dado que poderán abordar actuacións diferentes. En todo caso podería ser materia de desenvolvemento regulamentario.

45.1.	Particular.	Proponse a seguinte redacción: "...a súa adecuación, sempre que non se produciran modificacións respecto ao POC. De presentarse modificacións ao POC durante a tempada, o PAC terá que ser asinado e presentado por técnico competente...".	NON	Este apartado non está regulando o procedemento que debe seguirse no caso de non existir correspondencia entre o POC e o PAC, senón que trata de obrigar a realizar un seguimento da planificación realizada.
45.2	Sociedade de cazadores de Portas.	Propón engadir ao final do parágrafo “, revisión do plan, por petición da Consellería competente.”	NON	Neste apartado non se está tratando a posible revisión do plan de ordenación cinexética solicitada pola Administración, esta posibilidade xa se regula no artigo 49 do anteproxecto.
45.2.	Federación Galega de Caza	Propón eliminar: “Sen prexuízo da Memoria a que se fai referencia ao apartado anterior.”	NON	Non se considera esta proposta, dado que a memoria á que se fai referencia no artigo 45.1. debe entregarse obrigatoriamente, motivo polo cal neste apartado se cita que independentemente da obriga establecida no apartado anterior, os titulares dos Tecores deben cumprir coa esixencia establecida neste apartado.
<b>Unha vez realizados os cambios correspondentes ás alegacións estimadas, e os cambios propostos pola Asesoría Xurídica, o artigo que no borrador era o nº 45 pasa a ser o nº 50, coa seguinte redacción.</b>		<p>Artigo 50. Desenvolvemento e execución da ordenación.</p> <p>1. Antes da data de presentación do Plan de Aproveitamento Cinexético, os/as titulares dos TECOR e das explotacións cinexéticas comerciais nas que se cacen especies silvestres, deberán presentar na xefatura territorial da consellería competente en materia de caza unha memoria que conteña os datos relativos ao desenvolvemento e execución do Plan Anual de Aproveitamento Cinexético e a súa adecuación ás previsións contidas no Plan de Ordenación Cinexético.</p> <p>2. Sen prexuízo da memoria a que se fai referencia no apartado anterior, os/as titulares dos TECOR e das explotacións cinexéticas comerciais están obrigados/as a comunicar á xefatura territorial da consellería competente en materia de caza calquera dato que lles sexa requirido en relación ao desenvolvemento e execución do Plan de Ordenación Cinexético.</p> <p>3. A non comunicación de datos que impida facer o seguimento da execución do Plan de Ordenación Cinexético ou do Plan Anual de Aproveitamento suporá a denegación da aprobación do Plan Anual de Aproveitamento Cinexético da tempada seguinte a aquela da cal non se proporcionasen datos na forma legalmente establecida.</p>		
Artigo	Alegacións de	Contido da alegación	Aceptación	Observacións
47	Sociedade Galega de Historia Natural	Nova redacción 1. O inicio da xornada hábil de caza terá en conta o horario solar das diferentes épocas anuais nas que se exercita e determinárase regulamentariamente	NON	A regra tradicional e admitida por todos os cazadores é a que se reflicte no borrador. Pretender o establecemento diario da xornada de caza complica e burocratiza enorme e esterilmente a caza, porque xa existen táboas oficiais do horario astronómico que serven de referencia para todos.
47	Amigos da Terra	Propón reducir en media hora o comezo e remate da xornada de caza	NON	Non se xustifica a proposta
47	Clubs e cazadores de caza maior de Galicia	Proponse modificar a redacción do apartado 2.b), incluíndo a dobre obriga de que os axentes encargados da vixilancia dean a orde de finalización da mesma e que sexa porque se cometeu unha falta grave.	NON	Na redacción actual xa se impón esta dobre condición, (falta grave e que a xuízo do axente se estime conveniente a finalización da xornada), ademais cando se especifica que: si a xuízo do axente con competencia en materia de caza, estima conveniente finalizar a xornada, está claro que ten que expresar este xuízo realizado mediante unha orde de finalización, pois o cazador non adiviña os pensamentos dos axentes.
47.1.	Clubs e cazadores de caza maior de Galicia	Proponse incluír neste apartado, no que se establece a duración da xornada hábil, o texto: salvo autorización expresa en contrario, “o modalidades nocturnas como la espera”.	NON	A caza nocturna mediante esperas precisa dunha autorización expresa.
47.1.	Particulares. Asociación de veciños San Breixo de Seixalbo.	Proponse que a duración sexa dende 0,5 horas antes da saída do sol ata 0,5 horas despois do solpor.	NON	Considérase adecuado para a xornada hábil de caza o período expresado neste apartado.
47.1.	Asociación Lobo	Considérase que está mal redactado, dado que tal e como está podería cazarse de noite.	NON	Considérase adecuado para a xornada hábil de caza o período expresado neste apartado.
47.2 a	Tecor Societario de Xallas	Propón alongar o período de persecución das pezas feridas	NON	A recuperación das pezas feridas non supón un alongamento da xornada de caza, sendo tratada esta tarefa no correspondente apartado da Lei.
47.2.a.	Presidentes de Tecores, Gardas particulares de campo e técnicos. Particular.	Proponse que se matice que a xornada remata cando se acada o cupo de especies de caza maior.	NON	A xornada de caza para unha especie en concreto, rematará cando se acade o cupo establecido para esa especie, independentemente de que sexa de maior ou menor.
47.2.a.	APROCA Galicia	Proponse a seguinte redacción: Cando se cobre a cota establecida das especies obxecto da cacería. Non obstante, cando se advirta que unha peza quedou ferida poderase seguir o seu rastro, co fin de cobrala mentres dure a xornada hábil e coa arma descargada. Si a peza é de caza maior, o seguimento do rastro poderá ampliarse á xornada seguinte da cacería, podendo auxiliarse cun can.	NON	A recuperación das pezas feridas non supón un alongamento da xornada de caza, sendo tratada esta tarefa no correspondente apartado da Lei.
47.2.a)	Sociedade de cazadores de Portas.	Propón as seguintes modificacións: “Cando se cubrise a cota establecida en todas e cada unha das especies....”	NON	A xornada de caza para unha especie en concreto, rematará cando se acade o cupo establecido para esa especie, independentemente de que sexa de maior ou menor.
47.2.a)	Federación Galega de Caza	Propón a seguinte redacción: “Cando se cobre a cota establecida das especies obxecto da cacería. Non obstante, cando se advirta que unha peza quedou ferida poderase seguir o seu rastro, co fin de cobrala mentres dure a xornada hábil e coa arma descargada. Se a peza é de caza maior o seguimento do rastro poderá ampliarse á xornada seguinte da cacería, podendo auxiliarse cun can.	NON	A recuperación das pezas feridas non supón un alongamento da xornada de caza, sendo tratada esta tarefa no correspondente apartado da Lei.
<b>Unha vez realizados os cambios correspondentes ás alegacións estimadas, e os cambios propostos pola Asesoría Xurídica, o artigo que no borrador era o nº 47</b>		<p>Artigo 53. A xornada hábil de caza.</p> <p>A xornada hábil de caza iniciárase unha hora antes da saída do sol e finalizará unha hora despois do seu ocaso, salvo na modalidade de espera nocturna ou autorización expresa en contrario.</p>		

<b>pasa a desenvolverse nos artigos nº 53 e 54, coa seguinte redacción.</b>		<p>Artigo 54. Finalización da actividade cinexética.</p> <p>A actividade cinexética darase por concluída:</p> <p>a) Cando conclúa a xornada hábil de caza.</p> <p>b) Cando se cobre a cota establecida. Non obstante, cando se advirta que unha peza quedou ferida poderase seguir o seu rastro, co fin de cobrala mentres dure a xornada hábil e coa arma descargada.</p> <p>c) Cando a xuízo dos axentes da autoridade, con competencia en materia de caza, os participantes incorresen nunha conduta que puidera ser constitutiva dunha infracción grave o moi grave, que puxera en perigo o aproveitamento cinexético ou a seguridade das persoas ou dos seus bens.</p> <p>d) Cando así o dispoña o responsable da cazaría.</p>		
Artigo	Alegacións de	Contido da alegación	Aceptación	Observacións
48.	Tecor Societario de Xallas	Propón que se autorice aos batedores nas batidas portar armas brancas	NON	O remate das pezas está reservado no apartado 3º precisamente aos batedores, nas batidas os batedores poden ir armados, polo que carece de sentido esta alegación.
48.2.	Clubs e cazadores de caza maior de Galicia	Propónse que este apartado quede redactado como: “Os acompañantes, olladores, batedores ou auxiliares que asistan en condición de tales a calquera modalidade de caza non poderán cazar nin portar ningún tipo de armas, que non estén descargadas e enfundadas.”	NON	Enténdese que o texto proposto é inexacto, confuso e non mellora ao actual.
<b>Unha vez realizados os cambios correspondentes ás alegacións estimadas, e os cambios propostos pola Asesoría Xurídica, o artigo que no borrador era o nº 48 pasa a ser o nº 55, coa seguinte redacción.</b>		<p>Artigo 55. Definición de cazador/a.</p> <p>É cazador/a quen exercita a acción de cazar, reunindo os requisitos esixidos polas leis e disposicións de aplicación para iso.</p>		
Artigo	Alegacións de	Contido da alegación	Aceptación	Observacións
49	Asociación animalista LIBERA	Considérase fóra da Lei de tenza de armas que os menores poidan usalas, dado que en moitas leis de caza autonómicas para usar armas de fogo é necesario ser maior de idade ou ter unha idade mínima de 16 anos.	Parcialmente	Considérase que para cazar tanto con armas como sen armas débense adquirir uns coñecementos básicos, demostrados na obtención da licenza de caza, así como ter unha idade mínima, que se establece nos 16 anos.
49	Sociedade Galega de Historia Natural	Propón elevar a idade mínima para cazar aos 16 anos e que o responsable dos menores sexa de xeito xeral o maior de idade que o acompaña e vivía	SI	Acéptase esta proposta, establecendo a idade mínima para obter a licenza de caza nos 16 anos.
49	Organización Galega de mvmc	Propónse establecer a idade mínima para obter licenza aos 18 anos.	NON	Parece excesivo os establecer a idade mínima nos 18 anos.
49	Asociación Lobo Particulares. Asociación de veciños San Breixo de Seixalbo. CCOO Amigos da Terra	Propónse establecer os 16 anos como idade mínima para practicar a caza.	NON	Acéptase esta proposta, establecendo a idade mínima para obter a licenza de caza nos 16 anos.
49	Clubs e cazadores de caza maior de Galicia	Propónse que o apartado f) quede redactado como: “Ter a autorización do titular do aproveitamento cinexético, se é o caso, ou estar inscrito no listado da batida ou montería”.	NON	Estar anotado no listado dunha batida é unha obriga para que un cazador poida participar na mesma, para que poida practicar esta modalidade en concreto, pero non exime de que dita persoa conte coa autorización do titular do aproveitamento cinexético, (si se precisa), para poder practicar a caza neses terreos.
49.1.	Sociedade Galega de Cetrería	Propónse facer unha diferenza para poder practicar a caza con armas ou sen elas, establecendo a necesidade de contar coa idade mínima de 14 anos para cazar con armas e sen idade mínima para cazar sen armas.	NON	Considérase que para cazar tanto con armas como sen armas débense adquirir uns coñecementos básicos, demostrados na obtención da licenza de caza, así como ter unha idade mínima, que se establece nos 16 anos.
<b>Unha vez realizados os cambios correspondentes ás alegacións estimadas, e os cambios propostos pola Asesoría Xurídica, o artigo que no borrador era o nº 49 pasa a ser o nº 56, coa seguinte redacción.</b>		<p>Artigo 56. Requisitos para o exercicio da caza.</p> <p>1. Para poder practicar a caza é preciso cumprir os seguintes requisitos:</p> <p>a) Ter dezaseis anos cumpridos. Para practicar a caza con armas, os/as menores de idade deberán ter a idade requirida pola normativa de armas e ir acompañados/as e vixiados/as por un/unha maior de idade a unha distancia máxima de cincuenta metros.</p> <p>b) Ser titular dunha licenza de caza en vigor.</p> <p>c) Ter concertado un contrato de seguro de responsabilidade civil do/a cazador/a en contía mínima que se determine regulamentariamente que cubra os danos e prexuízos dimanantes do uso da arma ou de calquera outro medio e do exercicio da caza en xeral.</p> <p>Para practicar a caza con arco, o seguro de responsabilidade civil do/a cazador/a deberá incluír expresamente o arco como arma de caza.</p> <p>d) Posuír un documento oficial acreditativo da identidade do/a cazador/a.</p> <p>e) Posuír a licenza de armas e guía de pertenza, en caso de empregar armas, ou as correspondentes autorizacións que sexan esixibles no suposto de utilizar outros medios de caza, de conformidade coa lexislación sectorial aplicable.</p> <p>f) Ter a autorización do/a titular do aproveitamento cinexético, se é o caso.</p>		



		g) Ter calquera outro permiso ou autorización que por razón do lugar, dos métodos ou das especies esixise a normativa aplicable. h) Non estar inhabilitado/a por resolución firme en vía administrativa ou por sentenza firme en vía xudicial, para practicar a caza ou para obter licenza de caza durante o prazo que dure a inhabilitación. 2. Durante o desenvolvemento da actividade de caza, o/a cazador/a deberá portar cantos documentos, permisos ou autorizacións sexan esixidos nesta lei.		
Artigo	Alegacións de	Contido da alegación	Aceptación	Observacións
50	ADEGA	Propón elevar a idade para cazar a 18 anos 3. Eliminar 7. Propón que teñan seguro de responsabilidade civil 8. Eliminar	NON	Na lei do Estado do 1970 e en todas as leis autonómicas está en 14, non apreciándose razóns para elevar a idade mínima establecida nos 16 anos. Son auxiliares que soamente colaboran na captura dos animais por iso non precisan licenza, canto menos seguro de responsabilidade civil. A participación do concursante é puntual e parece pouco razoable ter que expedirle unha licenza e esixirle o cumprimento de todos os requisitos que se establecen nesta lei para obtela a alguén que ven un día para participar nun campionato.
50	Sociedade de cazadores de Portas.	Propón contemplar unha licenza de caza para menores de 14 anos, sempre que non se use ningún tipo de arma.	NON	Non se considera a posibilidade de que un menor de 14 anos poida cazar, e polo tanto de obter a licenza de caza.
50	Sociedade Galega de Historia Natural	Nova redacción 6. Recoñeceranse como válidos para obter a licenza de caza de Galicia as licenzas de caza ou os certificados de aptitude expedidos por calquera outra Comunidade Autónoma, así como a documentación de caza equivalente aos cazadores pertencentes á Comunidade Europea, sempre que exista bilateralidade. Os estranxeiros seguiran os trámites, nos termos en que regulamentariamente se determine. 7. Os acompañantes, olladores, canceiros e secretarios necesitarán licenza de caza e seguro de responsabilidade civil.	NON	O principio de reciprocidade preside a validación das licenzas de caza con outras CC.AA. e cos demais países. Non se pode establecer unha reciprocidade lineal con todos países da UE porque teñen peculiaridades que convén analizar, dende a óptica da igualdade de dereitos dos cidadáns da Unión, pero tamén dende a normativa dos seus respectivos estados. Os cidadáns doutros países axustaranse a normativa de reciprocidade que en cada caso teña establecida, no seu caso, o Estado Español. É materia regulamentaria. 7. Están excluídos da obriga de portar licenza e polo tanto seguro de responsabilidade civil, dado que son auxiliares que soamente colaboran na captura de animais.
50.1.	Particular.	Proponse engadir ao final deste apartado o seguinte parágrafo: "...de caza, e acredite a aptitude e os coñecementos precisos e reúna os requisitos legais necesarios..."	NON	No apartado 5 xa se especifica que para obter a primeira licenza de caza será necesario superar as probas que se determinen regulamentariamente.
50.2.	Sociedade Galega de Cetrería	Proponse eliminar a idade mínima de 14 anos para obter a licenza de caza.	SI	Considérase que para cazar tanto con armas como sen armas débense adquirir uns coñecementos básicos, demostrados na obtención da licenza de caza, así como ter unha idade mínima, que se establece nos 16 anos.
50.2.	Organización Galega de mvmc Matar por matar non. Asociación Lobo	Proponse eliminar este punto ao considerar que non deberían obter licenza os menores de 18 anos.	NON	Na lei do Estado do 1970 e en todas as leis autonómicas está en 14, non apreciándose razóns para elevar a idade mínima establecida nos 16 anos.
50.2.	Particulares. Asociación de veciños San Breixo de Seixalbo. CCOO	Proponse eliminar este punto ao considerar que non deberían obter licenza os menores de 16 anos.	SI	Na lei do Estado do 1970 e en todas as leis autonómicas está en 14, non apreciándose razóns para elevar a idade mínima establecida nos 16 anos.
50.4.	Matar por matar non	Proponse eliminar este apartado por considerar que se autoriza unha licenza única a persoas que non son veciños da zona e que sobreexplotan os recursos.	NON	A alegación realizada non garda relación co regulado neste artigo.
50.5.	Asociación Lobo	Proponse incluír a obriga de superar o exame do cazador	NON	Neste apartado xa se fai referencia á superación das probas que se determinen regulamentariamente.
50.5.	Representantes dalgunhas sociedades de caza de Pontevedra Particulares.	Proponse que as probas para obter por primeira vez a licenza de caza se convoquen tódolos meses.	NON	A norma que desenvolve o procedemento para a obtención da licenza de caza por primeira vez non é a Lei de caza.
50.5.	Particular.	Propón engadir: "Para obter por primeira vez a licenza de caza será necesario superar as probas que se determinen e que serán convocadas tódolos meses do ano"	NON	A norma que desenvolve o procedemento para a obtención da licenza de caza por primeira vez non é a Lei de caza.
50.6.	Sociedade de cazadores de Portas.	Expón que en non todas as comunidades autónomas é obrigatorio o exame.	NON	Nas comunidades autónomas que posúen lei de caza propia, teñen a obriga recollida, si ben é certo que algunha delas aínda non a puxo en práctica.
50.6.	UNITEGA	Propón a seguinte redacción: Recoñeceranse como válidos para obter a licenza de caza de Galicia as licenzas de caza ou os certificados de aptitude expedidos por calquera outra Comunidade Autónoma, así como a documentación de caza equivalente aos cazadores estranxeiros, nos termos en que regulamentariamente se determine. Impulsarase a creación dun sistema de Licenza única de Caza a nivel estatal.	NON	Non procede incluír esta anotación na Lei de caza.
50.7.	Sociedade de cazadores de Portas.	Expón que lle parece arriscado, xa que considera que están participando na actividade da caza.	NON	Quen debe posuír licenza e seguro serán os cazadores pois coa práctica da caza son os que poden ocasionar algún dano ás persoas. Os acompañantes, olladores, canceiros e secretarios, están excluídos da obriga de portar licenza e polo tanto seguro de responsabilidade civil, dado que son auxiliares que soamente colaboran na captura de animais.

50.7	UNITEGA	Propón a seguinte redacción: Os acompañantes, olladores e secretarios non necesitarán licenza de caza nin seguro de responsabilidade civil.	NON	Non se xustifica a exclusión dos canceiros.
50.7.	Organización Galega de mvmc	Propónse que os acompañantes, olladores, canceiros e secretarios necesiten un seguro de responsabilidade civil.	NON	Atendendo ao establecido no artigo 48 do borrador, estas persoas non portan ningún tipo de armas, polo que carece de sentido obrigar a que contraten un seguro de responsabilidade civil para unha actividade que non comporta risco.
50.7.	CCOO	Propónse que os secretarios como poden portar armas, tamén teñan a obriga de ter licenza de caza e seguro de responsabilidade civil.	NON	Os secretarios de acordo co disposto no artigo 48.3 do borrador poden portar armar “enfundadas, considerándose que para realzar a súa función non é necesario que estean en posesión de licenza de caza e seguro de responsabilidade civil.
50.7.	Particulares. Asociación de veciños San Breixo de Seixalbo.	Propónse que os acompañantes, olladores, canceiros e secretarios necesiten licenza.	NON	Quen debe posuír licenza e seguro serán os cazadores pois coa práctica da caza son os que poden ocasionar algún dano ás persoas. Os acompañantes, olladores, canceiros e secretarios, están excluídos da obriga de portar licenza e polo tanto seguro de responsabilidade civil, dado que son auxiliares que soamente colaboran na captura de animais.
50.8.	Sociedade de cazadores de Portas.	Propón a seguinte redacción: “Cando un cazador procedente de fora de Galicia participe nesta Comunidade en campionato ou probas oficiais de categoría nacional ou autonómica non necesitará licenza.”	NON	Considérase que non ten porqué facerse unha discriminación ás persoas galegas que participen en campionatos respecto ao resto de participantes chagados de fóra da Comunidade Autónoma.
50.8.	Sociedade Galega de Cetrería	Propónse eliminar a obriga de que as competicións teñan o carácter de “oficiais” para non esixir aos participantes a tenza de licenza de caza.	NON	Non se considera esta proposta, dado que precisamente para poder permitir que os participantes nunha competición non teñan licenza, estas deben ser organizadas por un organismo responsable, condición que se supón a aquelas competicións cualificadas como oficiais.
50.8.	UNITEGA	Propónse a eliminación deste apartado.	NON	Quen debe posuír licenza e seguro serán os cazadores pois coa práctica da caza son os que poden ocasionar algún dano ás persoas. Os acompañantes, olladores, canceiros e secretarios, están excluídos da obriga de portar licenza e polo tanto seguro de responsabilidade civil, dado que son auxiliares que soamente colaboran na captura de animais.
50.8.	Federación Galega de Caza APROCA Galicia	Propón a seguinte redacción: “Os cazadores participantes en campionatos oficiais de ámbito interautonómico, nacional ou internacional estarán exentos de posuír a licenza de caza de Galicia.”	NON	Considérase que o expresado na alegación xa está incluída na redacción actual.
50.8.	Organización Galega de mvmc	Propónse eliminar este apartado, dado que se poderían conceder licenzas temporais.	NON	A propia Lei de caza establece que para obter a primeira licenza de caza é necesario superar unhas probas, motivo polo cal non se considera oportuno obrigar a este trámite a unha persoa doutra comunidade autónoma que unicamente pretenda participar nun campionato en Galicia, cando o que si debe coñecer e cumprir son os requisitos e normas establecidas para participar nese campionato.
50.8.	Matar por matar non	Propónse eliminar este apartado, ao considerar que para cazar tense que ter licenza.	NON	A propia Lei de caza establece que para obter a primeira licenza de caza é necesario superar unhas probas, motivo polo cal non se considera oportuno obrigar a este trámite a unha persoa doutra comunidade autónoma que unicamente pretenda participar nun campionato en Galicia, cando o que si debe coñecer e cumprir son os requisitos e normas establecidas para participar nese campionato.
50.8.	Clubs e cazadores de caza maior de Galicia	Propónse incluír neste apartado o termo “cazador foráneo”.	NON	Para incluír este termo primeiro teríase que definir o que se entende por cazador foráneo, e segundo aclarar que a Constitución española non consinte diferenzas de trato entre os españois.
50.9.	UNITEGA	Propónse incluír outro apartado co seguinte contido: Co obxecto de incentivar a incorporación de novos cazadores, aplicarase unha redución do 75% sobre a taxa da licenza de caza aos cazadores que non superen os 20 anos de idade.	NON	En materia tributaria a competencia non lle corresponde á Lei de caza.
50.10.	UNITEGA	Propónse incluír outro apartado co seguinte contido: O contido mínimo das autorizacións para cazar no terreos cinexéticos sometidos a réxime cinexético especial desenrolarse regulamentariamente.	NON	Non é competencia da lei de caza establecer o tipo de autorización que debe proporcionar o titular do aproveitamento cinexético.
<b>Unha vez realizados os cambios correspondentes ás alegacións estimadas, e os cambios propostos pola Asesoría Xurídica, o artigo que no borrador era o nº 50 pasa a ser o nº 57, coa seguinte redacción.</b>		<p>Artigo 57. Licenzas. Validez e clases.</p> <p>1. A licenza de caza da Comunidade Autónoma de Galicia é o documento persoal e intransferible que acredita a habilitación do/a seu/súa titular para practicar a caza na Comunidade Autónoma de Galicia. As licenzas de caza serán expedidas pola consellería competente en materia de caza.</p> <p>2. O/a menor de idade non emancipado/a que cumprise dezaseis anos, necesitará autorización escrita da persoa que legalmente o/a represente para obter a licenza de caza.</p> <p>3. Regulamentariamente estableceranse os distintos tipos de licenzas que terán en conta se é para a práctica cinexética ou a utilización de medios, a residencia da persoa titular e súa idade, o seu prazo de validez, que poderá ser dun ano ou dun mes e os procedementos de expedición destas.</p> <p>4. A comunidade autónoma, no exercicio das súas competencias, poderá establecer convenios de colaboración coas Administracións doutras comunidades autónomas, baseados na equivalencia dos requisitos necesarios das respectivas licenzas de caza, co fin de arbitrar procedementos que faciliten a obtención,</p> <p>5. Para obter por primeira vez a licenza de caza será necesario superar as probas que acrediten a aptitude e os coñecementos precisos, e que se determinarán regulamentariamente. A comunidade autónoma poderá establecer acordos con outras comunidades para o recoñecemento mutuo da validez dos certificados expedidos por ambas administracións.</p> <p>6. Recoñecerase como válida para obter a licenza de caza de Galicia a documentación de caza equivalente aos/ás cazadores/as estranxeiros/as, nos termos en que os tratados e acordos internacionais e</p>		

		na normativa que poida resultar aplicable, determinen. 7. Os/as acompañantes, olladores/as, canceiros/as e secretarios/as non necesitarán licenza de caza nin seguro de responsabilidade civil cando actúen como auxiliares das cacerías. 8. Cando un/unha deportista federado/a participe en campionatos e probas oficiais, non necesitará licenza de caza.		
Artigo	Alegacións de	Contido da alegación	Aceptación	Observacións
52.2.	Federación Galega de Caza	Propón a seguinte redacción: “ A Consellería competente en materia de caza poderá suspender cautelarmente a licenza ao incoarse un expediente sancionador por falta moi grave.	NON	Considérase que tamén se pode incoar por falta grave, establecendo a posibilidade de suspender non a obriga.
52.2.	Clubs e cazadores de caza maior de Galicia	Proponse suprimir este apartado, ao considerar que se vulnera a presunción de inocencia.	NON	Tal e como se reflicte na súa redacción “podrá suspender cautelarmente a licenza de caza”, é unha medida cautelar, que se recolle en todos os procedementos sancionadores como posibilidade, precisamente para asegurar o cumprimento da resolución sancionadora que no seu caso se fora interpoñer ou para evitar a reiteración nas condutas infractoras e nos danos que elas provocan.
52.2.	APROCA Galicia	Proponse que se redacte: “...por falta grave no seu máximo grado...”	NON	Considérase que tamén se pode incoar por falta grave, establecendo a posibilidade de suspender non a obriga.
52.3.	Matar por matar non	Proponse que a aquelas persoas ás que se lle retirou a licenza por falta grave non se lles poida volver a conceder.	NON	Non se considera oportuno aplicar esta medida, considerándose mais axeitado o disposto neste apartado para estes casos, as sancións a perpetuidade non existen no dereito administrativo sancionador español.
<b>O contido deste artigo está incluído na redacción dada ao artigo 86 do anteproxecto.</b>		Artigo 86. Sancións aplicables. 1. As infraccións tipificadas na presente lei poderán ser sancionadas polas autoridades competentes coas sancións seguintes: a) Multa de 100 a 600 euros para as infraccións leves. b) Multa de 601 a 6.000 euros para as infraccións graves, podendo levar aparellada a retirada da licenza de caza e inhabilitación para obtela dun ano e un día a cinco anos nos supostos contemplados no artigo 83 puntos: 3, 4, 9, 14, 15, 22, 24, 31, 32, 34, 39 e 40. En todo caso, acordarase a retirada da licenza e a inhabilitación para obtela naqueles supostos nos que se impoña a sanción de multa no seu grao máximo. c) Multa de 6.001 a 30.000 de euros para as infraccións moi graves e retirada da licenza de caza e inhabilitación para obtela de cinco anos e un día a dez anos, para obter novamente a licenza, o/a infractor/a deberá someterse ás mesmas probas de aptitude, que resulten necesarias para obtela por primeira vez. Nos casos de inhabilitación, o/a titular da licenza deberá entregar o documento acreditativo e absterse de solicitar unha nova, en tanto dure esta. 2. Nos supostos de comisión de infraccións moi graves das contempladas no artigo 84 puntos 7, 11, 12, 13, 14 e 17 por parte do/a titular cinexético/a, a sanción levará aparellada, a suspensión ou anulación da actividade cinexética por un período dun a cinco anos ou a inhabilitación para ser titular de terreos sometidos a réxime cinexético especial dun a cinco anos. A suspensión poderá consistir na declaración de vedado temporal, ou a prohibición temporal para comercializar pezas de caza; a anulación do réxime especial poderá dar lugar a un vedado, á declaración dun TECOR autonómico ou doutra figura que impida a caza indiscriminada das especies cinexéticas existentes.		
Artigo	Alegacións de	Contido da alegación	Aceptación	Observacións
53	Sociedade de cazadores de Portas.	Propón substituír este artigo por un código de boas prácticas cinexéticas.	NON	Prefírese tratar estas recomendacións como deberes para o cazador, por ser mais adecuado ao formato da Lei.
53	Asociación animalista LIBERA	Considera innecesario o apartado 1.f), dado que o trato aos animais está establecido na normativa de protección de animais e no propio código penal.	NON	Nestes apartados establécense unhas obrigas uns comportamentos éticos para o cazador en relación co trato que debe dar aos animais obxecto de caza nunha situación en concreto, no exercicio da caza, o que non quere dicir que se poida vulnerar a demais normativa de protección de animais.
53	Clubs e cazadores de caza maior de Galicia	Proponse incluír no apartado f) a frase: “como ás pezas abatidas”.	NON	Dar un trato axeitado ás pezas abatidas recóllese no apartado 1 deste mesmo artigo.
53	UNITEGA	Propón eliminar o artigo na súa totalidade.	NON	Considérase necesario nesta Lei establecer como deberes para o cazador adoitar determinadas condutas e comportamentos.
53.1.	Dirección Xeral de Producción Agropecuaria.	Engadir un apartado mais coa seguinte redacción: <ul style="list-style-type: none"><li>• Proceder á vixilancia de enfermidades e á toma de mostras sanitarias se así fose requirido pola autoridade en materia de sanidade animal.</li></ul>	NON	A lei de caza ten por obxecto tal e como se enuncia no seu artigo 1º, regular o exercicio da caza na Comunidade Autónoma coas finalidades nel reflectidas, polo tanto considérase que as obrigas establecidas nesta modificación proposta están fora do ámbito de aplicación desta Lei. En relación coa detección de enfermidades na fauna salvaxe, no artigo 81.g) do anteproxecto, establece a obriga de colaborar Administración Pública na protección e fomento da fauna cinexética, subministrando os datos estatísticos que aquela lle solicite, realizando os controis sobre as especies susceptibles de captura, poñendo en coñecemento da consellería competente en materia de caza a aparición de epizootías e adoptando as medidas sanitarias que se establezan.
53.1.	Sociedade de Caza e Pesca do Barbanza	Debe especificarse máis a segunda parte do apartado b), pola manifesta dificultade para identificar idade e/ou sexo en determinadas modalidades de caza.	NON	Enténdese que se incumpre este deber cando se dispara sobre un exemplar cuxo sexo ou idade difire de xeito notorio respecto ao que está autorizado para cazar.
53.1.a)	Sociedade de cazadores de Portas.	Argumenta que este punto pode levar a diversas interpretacións.	NON	A interpretación que cabe das condicións expostas, é aquela baseada no comportamento ético do cazador que pretende capturar unha peza infrinxíndolle o menor dano posible.

53.1.c)	Sociedade de cazadores de Portas	Propón eliminar o seguinte. “e absterse de disparar ante situacións de imposible cobramento”	NON	A caza ten por obxecto a captura, non a morte, si aquela é imposible debería absterse de efectuar o disparo.
53.1.e)	Sociedade de cazadores de Portas	Argumenta este punto e subxectivo e pode ter diferentes interpretacións.	NON	Este apartado non da lugar a interpretacións, pois estaría incumprindo cando tendo a posibilidade de proporcionar unha morte sen sufrimento a unha peza de caza non o fai.
53.1.f)	Sociedade de cazadores de Portas	Entende que este punto non está claro.	NON	Considérase que o especificado na redacción é moi claro. Axeitado enténdese por un trato acorde coa normativa de tenza de animais domésticos.
53.1.f)	Dirección Xeral de Producción Agropecuaria.	Propónse ampliar este apartado engadindo: “conforme ao establecido na lexislación de protección animal de referencia”.	NON	Como se expón en apartados anteriores, a lexislación de protección animal será aplicable nas condicións que nela se establezan sen necesidade de facela constar no texto da Lei. É evidente que o é esixible por outra norma mantense en vigor con independencia da normativa de caza.
53.1.f.	Asociación Lobo	Considérase que está mal redactado, debendo dicir: Non dar maltrato aos animais que participan na cacería.	NON	Considérase que tal e como está redactado, o respecto aos animais vai mais alá que facendo referencia unicamente ao maltrato.
<b>Unha vez realizados os cambios correspondentes ás alegacións estimadas, e os cambios propostos pola Asesoría Xurídica, o artigo que no borrador era o nº 53 pasa a ser o nº 59, coa seguinte redacción.</b>		<p>Artigo 59. Deberes do/a cazador/a.</p> <p>1. Os animais obxecto de caza serán abatidos ou capturados nas condicións menos cruentas e dolorosas posibles. Para iso, os/as cazadores/as están obrigados/as a tomar as medidas oportunas para garantir o axeitado trato do animal, antes, durante, e mesmo tras a súa morte ou captura.</p> <p>2. O/a cazador/a, no exercicio da caza con armas, queda obrigado/a a:</p> <p>a) Coñecer as peculiaridades da arma e munición empregada en canto ás prestacións e alcance destas, absténdose de disparar cando a traxectoria efectiva de impacto da munición empregada poida poñer en perigo as persoas, animais ou bens. Así mesmo, está obrigado/a a descargar a arma ante a presenza próxima de persoas alleas á caza, así como nos momentos de descanso ou reunión entre os/as cazadores/as.</p> <p>b) Empregar munición e armas apropiadas para procurar unha morte rápida e co menor sufrimento posible.</p> <p>c) Disparar só cando sexa recoñecida a especie. A obriga do recoñecemento da peza esténdese ao sexo ou a idade cando a autorización de caza refira algo nestes extremos.</p> <p>d) Procurar o cobramento das pezas mortas ou feridas e absterse de disparar ante situacións de imposible cobramento.</p> <p>e) Proporcionar unha morte rápida e apropiada aos exemplares abatidos e feridos.</p> <p>f). Dar un trato axeitado aos animais que participen na cazaría.</p> <p>g) O/a cazador/a, tanto nos espazos cinexéticos coma nos traxectos de ida e volta destes queda obrigado/a a facilitar a acción dos/as axentes da autoridade encargados de inspeccionar a actividade cinexética.</p> <p>h) Todos os animais de caza maior, que sexan abatidos, deberán ser identificados do xeito que regulamentariamente se estableza.</p>		
Artigo	Alegacións de	Contido da alegación	Aceptación	Observacións
54	Clubs e cazadores de caza maior de Galicia	Propónse incluír un parágrafo que fai referencia ás funcións e atribucións que ten o responsable da cazaría nas modalidades colectivas de caza.	NON	Ditas atribucións e funcións xa están establecidas neste artigo.
54	Federación ecoloxista galega.	Propónse que este artigo sexa mais concreto, pois considérase que tal e como está redactado o cazador nunca ten culpa dos danos e non ten responsabilidade.	NON	O propio título do artigo fai referencia á responsabilidade do cazador, desenvolvéndose esta nos 5 apartados do artigo.
54.3	Sociedade de cazadores de Portas	Propón dotar ao responsable de cazaría de titulación outorgada despois de recibir formación e demostrando a súa capacitación.	NON	Esta é unha tarefa que de ser considerada terá que ser desenvolvida por outras normas, na lei abunda con establecer esta figura.
54.3.	Particular. APROCA Galicia	Exponse que a aptitude dos participantes na cacería supón algo ao que resulta complicado de responder.	NON	Considérase que o responsable da cacería na súa organización non debe permitir a participación de persoas que non presenten as aptitudes mínimas, e que poidan comprometer a seguridade da cazaría.
54.3.	UNITEGA	Propónse a seguinte redacción: O responsable da cazaría, con carácter xeral, responde do cumprimento dos requisitos e medidas concernentes á preparación e desenvolvemento daquelas, especialmente no que se refire á identificación e aptitude dos participantes, colocación dos cazadores nos seus postos e adopción das medidas de seguridade necesarias para o desenvolvemento da actividade. A devandita responsabilidade non será esixible ao responsable ou ao Tecor cando os participantes sexan os culpables do incumprimento das normas establecidas, por negligencia ou desobediencia das ordes do responsable da cazaría.	NON	Este parágrafo que se engade á redacción non é necesario incluílo, pois está claro que o responsable da cacería non será responsable dos incumprimentos das normas realizados polos cazadores por motivación propia. As funcións do responsable de cazaría, serán obxecto de desenvolvemento regulamentario.
54.5.	Dirección Xeral de Producción Agropecuaria.	Propónse engadir o seguinte texto: Os titulares dos Tecores tamén serán responsables de requirir as autorizacións oportunas ás autoridades administrativas pertinentes, previamente a proceder ao transporte e solta de especies cinexéticas, se fora o caso.	NON	Como se cita en parágrafos anteriores, para o desenvolvemento dunha actividade que está regulada ou afectada tamén por outras lexislacións, non se considera necesario reproducir os seus contidos no texto desta Lei.
<b>Unha vez realizados os cambios correspondentes ás alegacións estimadas, e os cambios propostos pola Asesoría Xurídica, o artigo que no borrador era o nº 54 pasa a ser o nº 81, coa seguinte redacción.</b>		<p>Artigo 81. Suxeitos responsables.</p> <p>1. Os/as cazadores/as serán responsables das contravencións á presente lei polos seus actos individuais, incluído o cumprimento das instrucións que para o bo desenvolvemento da cazaría lles dese o/a responsable da cazaría cando participen en modalidades colectivas.</p> <p>2. Todo/a cazador/a estará obrigado/a a indemnizar polos danos e prexuízos que ocasione por consecuencia do exercicio da caza, agás cando o feito causante fose debido a culpa ou negligencia do/a prexudicado/a ou por causas de forza maior.</p>		

		<p>3. O/a responsable da cazaría, que será nomeado/a polo/a titular do terreo sometido a réxime especial, é o/a responsable de organizar a actividade cinexética de acordo coa normativa legal e con respecto aos principios de prudencia e seguridade, respondendo do cumprimento dos requisitos e medidas concernentes á preparación e desenvolvemento daquelas, especialmente no que se refire á identificación e aptitude dos/as participantes, colocación dos/as cazadores/as nos seus postos e adopción das medidas de seguridade necesarias para o desenvolvemento da actividade.</p> <p>4. Os/as titulares dos terreos sometidos a réxime especial serán en todo caso, responsables:</p> <p>a) De cumprir as condicións establecidas na resolución de declaración e nas autorizacións que se obteñan posteriormente.</p> <p>b) De axustar a actividade cinexética ao Plan de Ordenación Cinexético e ao Plan Anual de Aproveitamento Cinexético unha vez aprobados pola consellería competente en materia de caza.</p> <p>c) De proporcionar a información sobre a execución do contido dos plans, previsto no artigo 50.</p> <p>d) De dotar aos devanditos terreos da sinalización prevista no artigo 44.</p> <p>e) Da obtención das autorizacións necesarias para o exercicio da actividade cinexética que así o requiran.</p> <p>f) Da organización e correcta execución das actividades cinexéticas que se leven a cabo no seu terreo cinexético sometido a réxime especial.</p> <p>g) De colaborar coa Administración Pública na protección e fomento da fauna cinexética, subministrando os datos estatísticos que aquela lle solicite, realizando os controis sobre as especies susceptibles de captura, poñendo en coñecemento da consellería competente en materia de caza a aparición de epizootías e adoptando as medidas sanitarias que se establezan.</p> <p>h) De calquera outra establecida ou que se estableza pola consellería competente en materia de caza.</p>		
Artigo	Alegacións de	Contido da alegación	Aceptación	Observacións
55	Unións Agrarias	Neste artigo debe de figurar unha porcentaxe mínima de dotación do Fondo de Corresponsabilidade, a partires das taxas que proceden da actividade cinexética, do 75%.	NON	A dotación deste fondo determinarase regulamentariamente.
55	Sociedade de cazadores de Portas	Propón que os danos caudados pola fauna cinexética non sexan responsabilidade do titular dos dereitos cinexéticos e de non ser así enfocar esta lei cara a unha mellor posibilidade de defensa do titular dos mesmos.	NON	O réxime de responsabilidade patrimonial polos danos que ocasionen as especies cinexéticas é competencia da lexislación estatal.
55	Federación Galega de Caza	<p>Propón a seguinte redacción:</p> <p>“1. A responsabilidade polos danos causados polas especies cinexéticas que irrompen nas vías de circulación rexerese polo disposto na lexislación de tráfico.</p> <p>2.Os titulares dos aproveitamentos cinexéticos, en terreos suxeitos a réxime cinexético especial, responderán polos danos que causen as especies cinexéticas que procedan de devanditos terreos, salvo que o dano sexa debido a culpa ou negligencia do prexudicado ou dun terceiro.</p> <p>3.A Consellería competente en materia de caza responderá polos danos agrarios, causados polas especies cinexéticas procedentes dos terreos de aproveitamento cinexético común, tecores autonómicos da súa administración, reservas de caza, refuxios de fauna e calquera outro terreo nos que na administración e xestión correspondan á devandita consellería.</p> <p>4.Cando se pretenda a exacción da responsabilidade patrimonial polos danos causados por especies cinexéticas, o prexudicado, nun prazo máximo de 5 días desde que se produciu o dano, deberá poñer en coñecemento do responsable dos danos tal circunstancia, aos efectos de que esta poida entrar en coñecemento dos mesmos e de realizar, no seu caso as actuacións de comprobación dos feitos que estime conveniente. Na devandita comunicación deberá constar, as características dos danos, identificación do lugar no que se produciron e de tratarse de accidentes de circulación, indicación da estrada e punto quilométrico, así como lugar onde se atopa o vehículo para a súa valoración.</p> <p>5. A Xunta de Galicia, no exercicio das competencias que lle son propias, constituirá un Fondo de Corresponsabilidade para contribuír á prevención e a compensación dos danos que causan as especies cinexéticas nas explotacións agrarias. Dito fondo nutrirase coas achegas económicas da Administración Autonómica, e as provenientes das taxas que proceden da actividade cinexética.”</p>	NON	<p>O réxime de responsabilidade patrimonial polos danos que ocasionen as especies cinexéticas é competencia da lexislación estatal.</p> <p>De acordo co informe da Asesoría Xurídica Xeral, non é posible aceptar a proposta realizada.</p>
55	ADEGA	5. Falar da prevención de danos das especies cinexéticas sobre os cultivos e nos accidentes de tráfico	NON	Este artigo refire temas de responsabilidade. Dende a súa consideración sistemática non é o lugar axeitado.
55	Particular.	Proponse a adición dun novo punto que faga referencia á comunicación inmediata ao titular dos danos, para darlle a oportunidade de realizar unha taxación dos mesmos no momento no que poden estimarse, e polo tanto non crearlle indefensión.	NON	De acordo co informe da Asesoría Xurídica Xeral, non é posible aceptar a proposta realizada.
55	Organización Galega de mvmc	Proponse incluír un apartado sobre a prevención activa dos danos que ocasionan as especies cinexéticas.	NON	Neste artigo non ten sentido falar da prevención dos danos de especies cinexéticas, pois trata de regular a responsabilidade patrimonial polos danos que se ocasionen.
55.1	Sociedade de Caza e Pesca do Barbanza	Débese considerar o dano causado pola irrupción de especies cinexéticas nas vías de circulación coma un risco común a cubrir polas Aseguradoras, como xa se fai na maioría da comunidade europea.	NON	O réxime de responsabilidade patrimonial polos danos que ocasionen as especies cinexéticas é competencia da lexislación estatal.

		En todo caso débese imputar responsabilidade aos titulares dos dereitos cinexéticos cando os danos sexan producidos polas especies cinexéticas coas que se repoboa o acoutado, das que si son responsables directos ditos titulares, non en ningún outro caso. Tamén se debe especificar que os danos producidos polas especies procedentes de terreos xestionados pola Administración, serán imputables a esta última.		
55.1	Sociedade de cazadores de Portas	Propón a seguinte redacción. “A responsabilidade polos danos causados polas especies cinexéticas que irrompen nas vías de circulación rexeranse polo disposto na lexislación de tráfico. Nos terreos de aproveitamento cinexético especial, o titular dos dereitos cinexéticos só será responsable dos danos causados por especies cinexéticas que irrompan nas vías de circulación cando o dano provocado sexa consecuencia directa da acción de cazar o da falta de dilixencia na xestión de devanditos terreos.”	NON	O réxime de responsabilidade patrimonial polos danos que ocasionen as especies cinexéticas é competencia da lexislación estatal.
55.1.	Representantes dalgunhas sociedades de caza de Pontevedra Particulares.	Propónse a seguinte redacción: A responsabilidade dos danos ocasionados polas especies cinexéticas que irrompen nas vías de circulación, serán a cargo do Tecor, só cando os mesmos sexan causados por consecuencia directa da acción de cazar.	NON	O réxime de responsabilidade patrimonial polos danos que ocasionen as especies cinexéticas é competencia da lexislación estatal.
55.1.	UNITEGA	Propón incrementar a redacción incluíndo: Aos efectos de precisar, no seu caso, a responsabilidade dos titulares dos aproveitamentos cinexéticos, e ata que non se proceda a revisión da disposición adicional novena da Lei 17/2005 de tráfico e seguridade vial enténdese por "consecuencia directa da acción de cazar" cando o sinistro sexa consecuencia dunha acción de caza colectiva, levada a cabo no mesmo día de producido aquel e sobre unha especie ou especies de caza maior.	NON	O réxime de responsabilidade patrimonial polos danos que ocasionen as especies cinexéticas é competencia da lexislación estatal.
55.2	Sociedade de cazadores de Portas	Propón a seguinte redacción. “ Os titulares dos aproveitamentos cinexéticos, en terreos suxeitos a réxime cinexético especial, os das explotacións comerciais e aqueles que exerceran a facultade de exclusión dos seus terreos do Tecor responderán polos danos que causen as especies cinexéticas que procedan dos devanditos terreos.”	NON	O réxime de responsabilidade patrimonial polos danos que ocasionen as especies cinexéticas é competencia da lexislación estatal.
55.2.	Sociedade de Caza e Pesca do Barbanza	Igual ao segundo parágrafo do punto anterior (En todo caso débese imputar responsabilidade aos titulares dos dereitos cinexéticos cando os danos sexan producidos polas especies cinexéticas coas que se repoboa o acoutado, das que si son responsables directos ditos titulares, non en ningún outro caso)	NON	O réxime de responsabilidade patrimonial polos danos que ocasionen as especies cinexéticas é competencia da lexislación estatal.
55.2.	Sociedade de Cazadores de Vilar de Barrio	Propón suprimir o parágrafo do punto 2 e engadir o seguinte parágrafo: O resto dos danos causados polas especies cinexéticas rexerase polo preceptos establecidos no Código Civil.	NON	O réxime de responsabilidade patrimonial polos danos que ocasionen as especies cinexéticas é competencia da lexislación estatal.
55.2.	Clubs e cazadores de caza maior de Galicia	Propónse suprimir este apartado ao considerar que os cazadores non son os responsables dos danos ocasionados por especies a cuxa existencia non contribuíron.	NON	O réxime de responsabilidade patrimonial polos danos que ocasionen as especies cinexéticas é competencia da lexislación estatal.
55.2.	Federación ecoloxista galega.	Considérase que este apartado non di nada, propónse que se fagan responsables dos danos do seu Tecor.	NON	Enténdese que nas alegacións se está a referir aos titulares do aproveitamento cinexético, e discrúpase sobre a afirmación de que neste artigo non se díx nada, pois estase establecendo a quen lle corresponde responsabilidade patrimonial polos danos que ocasionen as especies cinexéticas dependendo do tipo de danos e da clasificación a efectos cinexéticos que teña o terreo no que se produciron os mesmos.
55.2.	UNITEGA	Propón a seguinte redacción: Os titulares dos aproveitamentos cinexéticos, en terreos suxeitos a réxime cinexético especial, responderan polos danos que causan as especies cinexéticas nas explotacións agrarias que procedan dos devanditos terreos cando se neguen a realizar as batidas solicitadas polo titular da explotación e autorizada pola Administración.	NON	O réxime de responsabilidade patrimonial polos danos que ocasionen as especies cinexéticas é competencia da lexislación estatal.
55.2.	Clubs e cazadores de caza maior de Galicia	Propónse incluír neste apartado o seguinte parágrafo: “sempre que estas especies sexan resultado da repoboación ou fomento da súa poboación polos titulares cinexéticos”.	NON	O réxime de responsabilidade patrimonial polos danos que ocasionen as especies cinexéticas é competencia da lexislación estatal.
55.2.	Particular.	Propónse engadir ao final do apartado: “...dos devanditos terreos en acción de caza...”.	NON	O réxime de responsabilidade patrimonial polos danos que ocasionen as especies cinexéticas é competencia da lexislación estatal.
55.2.	APROCA Galicia	Propónse engadir a obriga para o prexudicado polos danos ocasionados polas especies cinexéticas, de comunicar os mesmos ao titular do aproveitamento no prazo máximo de 5 días dende que se produciron os danos.	NON	De acordo co informe da Asesoría Xurídica Xeral, non é posible aceptar a proposta realizada.
55.2.	Representantes dalgunhas sociedades de caza de Pontevedra Particulares.	Propónse que os titulares dos aproveitamentos cinexéticos respondan dos danos agrarios que ocasionen as especies cinexéticas que procedan dos terreos dos que son titulares, unicamente cando non se acaden os cupos de capturas estimados no POC.	NON	O réxime de responsabilidade patrimonial polos danos que ocasionen as especies cinexéticas é competencia da lexislación estatal.
55.2.	Particular.	Realízase a seguinte matización: “...responderán polos danos que ocasionen as especies cinexéticas nos seus terreos...”.	NON	No propio apartado se está referindo aos terreos dos que é titular e que ademais están sometidos a un réxime cinexético especial.
55.2.	Representantes dalgunhas sociedades de caza de A Coruña	Propónse que se suprima este apartado, dado que as sociedades de caza non poden facerse cargo duns danos que ocasionan especies que non lles pertencen.	NON	O réxime de responsabilidade patrimonial polos danos que ocasionen as especies cinexéticas é competencia da lexislación estatal.
55.3	Sociedade de Caza e Pesca do	Tamén se deben facer cargo dos danos producidos nas áreas de influencia dos terreos	NON	O réxime de responsabilidade patrimonial polos danos que ocasionen as especies cinexéticas

	Barbanza	mentados, atendendo á natureza e ao comportamento vital das especies que poboan ditos espazos.		é competencia da lexislación estatal.
55.3.	UNITEGA	Propón a seguinte redacción: A Consellería competente en materia de caza responderá polos danos nas explotacións agrarias causados polas especies cinexéticas procedentes dos terreos de aproveitamento cinexético común, TECOR autonómico da súa administración, reservas de caza, refuxios de fauna e calquera outro terreo nos que a administración e xestión correspondan á devandita consellería. En tanto en canto estes non estean cubertos polo seguro agrario combinado ou similar que deben concertar todas as explotacións agrarias.	NON	O réxime de responsabilidade patrimonial polos danos que ocasionen as especies cinexéticas é competencia da lexislación estatal.
55.3.	CCOO	Debería facerse constar que estarían excluídos do establecido neste apartado os Tecor autonómicos de xestión privada e os Tecores de carácter local.	NON	Na redacción dada a este apartado cítase textualmente "...terreo nos que a administración e xestión correspondan á devandita Consellería...".
55.4.	Sociedade de Caza e Pesca do Barbanza	Débase expoñer con claridade en que vai consistir este Fondo.	NON	Xa se establece no texto a finalidade de dito fondo, o seu funcionamento determinarase regulamentariamente.
55.4	Sociedade de cazadores de Portas Sociedade de Cazadores de Vilar de Barrio	Propón suprimir este punto.	NON	Non se considera esta achega, dado que é necesario establecer un procedemento para atender a compensación dos danos que ocasionan as especies cinexéticas nas explotacións agrarias, de xeito que tódolos sectores afectados contribúan dalgún xeito nesta tarefa.
55.4.	Clubs e cazadores de caza maior de Galicia	Propónse que o fondo non sexa de corresponsabilidade senón de responsabilidade, así como que se nutrirá dos fondos da Consellería correspondente.	NON	Polas razóns expostas anteriormente, considérase que para facer fronte aos danos ocasionados polas especies cinexéticas, parte dos aportes económicos necesarios deben provir das taxas que proceden da actividade cinexética. O que se pretende coa redacción que se lle deu a este precepto legal é a de que os ingresos tributarios que procedan da caza, se destinen a nutrir ese fondo, restándolle a Administración Galega de autonomía para darlle un destino diferente.
55.4.	Particular. APROCA Galicia	Considérase que debe desenvolverse mais a figura do Fondo de Corresponsabilidade, realizando a seguinte proposta: - Dito fondo nutrirase das achegas económicas da Administración autonómica. - A maiores, tamén se destinarán a este fondo os importes que procedan das taxas da actividade cinexética. - Regulamentariamente desenvolverse o seu funcionamento, así como os mecanismos de prevención e compensación.	NON	Non parece razoable regular este fondo na Lei, polas posibles modificacións futuras ás que pode estar sometida esta figura.
55.4.	Clubs e cazadores de caza maior de Galicia	Propónse incluír neste apartado o seguinte parágrafo: "ou do valor engadido que puidese resultar da comercialización das especies que ocasionan os danos. Sen prexuízo de que tamén participen outros axentes sociais mais amplos, mediante a posible creación de algunha taxa sustentadora da biodiversidade á que está obrigada, desgraciadamente, a manter o sector agrícola e gandeiro".	NON	As medidas propostas son de difícil ou imposible execución.
55.4.	UNITEGA	Propón a seguinte redacción: A Xunta de Galicia, no exercicio das competencias que lle son propias, constituirá un Fondo de Corresponsabilidade, para contribuír á prevención e a compensación dos danos que causen as especies cinexéticas nas explotacións agrarias. Sexa cal sexa o titular do terreo. O devandito fondo nutrirase coas achegas económicas da Administración Autonómica, así como das taxas provenientes da actividade cinexética.	NON	O fondo ao nutrirse coas taxas provenientes da actividade cinexética xa se está nutrido á súa vez con achegas económicas da Administración Autonómica. No texto da lei non se establece discriminación algunha respecto ás explotacións agrarias.
55.5.	UNITEGA	Propón incluír este apartado coa seguinte redacción: Os titulares dos terreos que configuren unha zona de exclusión responderán polos danos nas explotacións agrarias causados polas especies cinexéticas procedentes dos devanditos terreos.	NON	O réxime de responsabilidade patrimonial polos danos que ocasionen as especies cinexéticas é competencia da lexislación estatal.
<b>Unha vez realizados os cambios correspondentes ás alegacións estimadas, e os cambios propostos pola Asesoría Xurídica, o artigo que no borrador era o nº 55 pasa a ser o nº 60, coa seguinte redacción.</b>		Artigo 60. A responsabilidade polos danos que causan as especies cinexéticas. 1. A responsabilidade polos accidentes de tráfico causados pola irrupción de especies cinexéticas nas vías de circulación, rexerese polo disposto na lexislación de tráfico. 2. Nos demais casos, os/as titulares dos aproveitamentos cinexéticos, en terreos suxeitos réxime cinexético especial, responderán polos danos, que causen as especies cinexéticas, que procedan dos devanditos terreos. 3. A consellería competente en materia de caza responderá polos danos causados polas especies cinexéticas procedentes dos terreos sometidos a réxime común, TECOR autonómicos da súa administración, reservas de caza, refuxios de fauna e calquera outro terreo nos que a administración e xestión correspondan á devandita consellería. 4. A Xunta de Galicia, no exercicio das competencias que lle son propias, constituirá un Fondo de Corresponsabilidade para contribuír á prevención e á compensación dos danos que causan as especies cinexéticas nas explotacións agrarias. O devandito fondo nutrirase coas achegas económicas da Administración autonómica.		
Artigo	Alegacións de	Contido da alegación	Aceptación	Observacións
56	Tecor Societario de Xallas	É partidario de que se estableza unicamente acordo visual nas batidas	NON	Considérase unha nova redacción para este artigo.
56	Amigos da Terra	Elevar de 50 a 100 metros a distancia citada neste precepto.	NON	Parece excesivo.

		Que os controis aos cazadores que podan atoparse baixo a influencia de substancias descritas neste precepto, as podan realizar os axentes facultativos medioambientais		Esa actuación parece mais propias dos funcionarios da policía xudicial ao interesarse o ámbito íntimo das persoas.
56	Sociedade Galega de Historia Natural	Nova redacción 1. Sempre que se avisten persoa ou grupos de persoas alleos á cacería que marchen en sentido contrario ou que exista perigo de que se crucen entre elas, será obrigatorio para todas descargar as súas armas cando se atopen a menos de cen metros uns doutros e mentres se manteñan de fronte respecto ao outro grupo. 9. Prohíbese a caza baixa a influencia de estupefacientes, alcohol, substancias psicotrópicas ou calquera outra droga que poida alterar ou altere sensiblemente as facultades normais do cazador pola súa capacidade de reacción. Os cazadores que sexan sorprendidos cazando con síntomas de encontrarse baixo a influencia de estupefacientes, alcohol, substancias psicotrópicas ou calquera outra droga deberán someterse ás oportunas probas de detección, cando sexan requiridos para iso polos membros de seguridade do Estado e/ou da Xunta de Galicia. Por vía regulamentaria determinaranse o procedemento, as dilixencias a levar a cabo e, en xeral, as regras a que deberá axustarse esta actuación.	NON	Parece excesiva a distancia dos 100 metros. Eses controis, segundo xurisprudencia do Tribunal Constitucional, afectan a intimidade das persoas e soamente pode facerse por funcionarios pertencentes a policía xudicial.
56	Asociación animalista LIBERA	Considérase que neste artigo debe establecerse a realización dos pertinentes controis de alcoholemia.	NON	Na norma establécese a prohibición de cazar baixo a influencia de alcohol, correspondendo a autoridade competente para a realización das probas de detección do grao de alcoholemia a súa realización e o establecemento do procedemento necesario para realizalas.
56	Clubs e cazadores de caza maior de Galicia	Propónse incluír un apartado 11 coa seguinte redacción: “Fomentárase a utilización de emisoras e os seus auriculares para o exercicio seguro de tódalas modalidades colectivas de caza, sen prexuízo do cumprimento debido da normativa reguladora do espazo radioeléctrico”.	NON	Si a administración quere no futuro fomentar como medida de seguridade a utilización de emisoras ou calquera outro instrumento, non ten porqué establecelo la Lei, pode desenvolver esta acción de fomento a través doutra normativa como por exemplo unha orde.
56.1.	Sociedade de cazadores de Portas Asociación Lobo	Propón eliminar : “mentres se manteñan de fronte respecto ao outro grupo.”	NON	Dado que no propio artigo se establece unha distancia mínima, considérase que dentro da mesma débese proceder a adoitar esta medida de seguridade.
56.1.	Federación Galega de Caza APROCA Galicia	Propón substituír “perigo” por “posibilidade”.	NON	Considérase unha nova redacción para este apartado.
56.1.	Clubs e cazadores de caza maior de Galicia	Propónse engadir o seguinte parágrafo “... cando se trate de cacerías de caza maior, os cazadores advertirán ás persoas que se absteñan de introducirse na zona que se está cazando e que deben alonxarse dela...”.	NON	Considérase que os cazadores non poden prohibir o paso a outra persoa a uns terreos dos que non son propietarios nin en vías de comunicación que son públicas.
56.1.	Federación ecoloxista galega.	Dubídase do cumprimento do establecido neste apartado.	NON	Neste artigo establece unha obriga para os cazadores, o seu incumprimento supón unha infracción e ten a correspondente sanción.
56.1.	UNITEGA	Propón a seguinte redacción: Sempre que se avisten persoas ou grupos de persoas alleos á cazaría que marchen en sentido contrario ou que exista perigo de que se crucen entre elas, será obrigatorio para todas descargar as súas armas cando se encontren a menos de cincuenta metros uns doutros e mentres se manteñan de fronte respecto ao outro grupo. Nas modalidades colectivas de caza maior que se organicen con notificación previa á Administración, os grupos de persoas alleos, sempre que non estean a realizar un aproveitamento agrícola ou forestal do terreo ou se dirixan á realización dos mesmos, terá a obriga de abandonar a zona onde se celebre a batida ou montaría unha vez sexan advertidos polos cazadores ou cando existan sinais que informen da celebración destas.	NON	Non se considera esta proposta, dado que non poden restrinxirse os dereitos que teñen as demais persoas.
56.1.	Matar por matar non Particulares. Asociación de veciños San Breixo de Seixalbo.	Propónse que incrementar a distancia ata os 100m	NON	Considérase dita distancia como excesiva.
56.3.	Clubs e cazadores de caza maior de Galicia	Propónse un cambio neste apartado, no que se establece que nas batidas e monterías, os postos deben quedar sempre desenfíados.	NON	Considérase unha nova redacción para este artigo.
56.3.	Particular. APROCA Galicia	Propónse que o contacto entre dous postos sexa visual ou verbal pero que non se obrigue a manter os dous.	NON	Considérase unha nova redacción para este artigo.
56.3.	UNITEGA	Propón a seguinte redacción: Nas montaría e batidas colocaranse os postos, sempre que o terreo o permita, de forma que queden sempre desenfíados ou protexidos dos disparos dos demais cazadores, procurando aproveitar, para tal efecto, os accidentes do terreo. En todo caso, cada cazador queda obrigado a establecer comunicación visual o verbal cos máis próximos para sinalar a súa posición, para o que poderá utilizar emisoras, dispositivos móbiles ou calquera outro medio de comunicación autorizado.	NON	Considérase unha nova redacción para este artigo.



56.3.	Sociedade de cazadores de Portas	Propón redactar este punto da seguinte forma: “Nas montaría ou batidas colocaranse os postos procurando aproveitar, a tal efecto, os accidentes do terreo. En todo caso cada cazador queda obrigado a establecer acordo visual e /ou verbal cos máis próximos para sinalizar a súa posición. Podendo utilizar para elo transmisores de radiofrecuencia.	NON	Considérase unha nova redacción para este artigo.
56.3.	Federación Galega de Caza	Propón a seguinte redacción. “Nas montaría e batidas colocaranse os postos de forma que as condicións de seguridade o permitan. En todo caso, cada cazador queda obrigado a establecer acordo visual ou verbal cos máis próximos para sinalizar a súa posición.”	NON	Considérase unha nova redacción para este artigo.
56.4.	Sociedade de cazadores de Portas	Propón redactar este artigo da seguinte forma: “Prohíbese o cambio ou abandono dos postos polos cazadores e os seus auxiliares durante a cacería, unicamente poderá facelo nas batidas coa autorización do responsable da mesma.”	NON	A redacción proposta ben a establecer o mesmo que a reflectida na Lei.
56.4.	Clubs e cazadores de caza maior de Galicia	Propónse incluír neste apartado as seguintes frases: Prohíbese o cambio ou abandono dos postos polos cazadores “de caza maior” e os seus auxiliares durante a caza, “batida ou montería” agás “nos ganchos”, debendo facelo unicamente coa autorización do responsable desta, “sempre en posición de arma enfundada e descargada”.	NON	A modalidade de gancho desaparece sendo substituída pola batida, polo que non se pode facer referencia unicamente aos cazadores de caza maior, dado que por exemplo o raposo cázase na modalidade de batida e os cazadores non están cazando especies de caza maior. Independentemente das matizacións anteriores, pode ser conveniente que nos desprazamentos autorizados polo responsable de cacería nun gancho así como no traxecto de colocación dos postos sexa obrigatorio que a arma ademais de descargada teña que estar enfundada, (para unha maior seguridade para o cazador).
56.6.	Sociedade de cazadores de Portas	Propón a seguinte redacción: “Nas batidas e montaría todos os participantes deberán levar obrigatoriamente prendas de alta visibilidade ou prendas de cores rechamantes que permitan ou favorezan a mellor visualización do cazador.”	Parcialmente	Considérase necesario tamén incluír esta obriga na modalidade de Zapeo para o raposo, considerando oportuno aceptar a alegación que fai referencia a alta visibilidade das prendas.
56.6.	Federación Galega de Caza	Propón a seguinte redacción: “Nas batidas e montaría, todos os participantes deberán levar obrigatoriamente elementos ou prendas de alta visibilidade que permitan ou favorezan a mellor visualización do cazador.”	Parcialmente	Considérase necesario tamén incluír esta obriga na modalidade de Zapeo para o raposo, considerando oportuno aceptar a alegación que fai referencia a alta visibilidade das prendas.
56.6.	Clubs e cazadores de caza maior de Galicia	Neste apartado propónse incluír que as prendas de alta visibilidade sexan “prendas técnicas”.	NON	Non se considera a necesidade de tal especificidade para estas prendas. nin consta terminoloxicamente a significación da consideración de “prendas técnicas”.
56.6.	UNITEGA	Propón a seguinte redacción: Nas batidas e montaría, todos os participantes deberán levar obrigatoriamente elementos reflectantes ou pezas de alta visibilidade que permitan ou favorezan a mellor visualización do cazador.	Parcialmente	Considérase necesario tamén incluír esta obriga na modalidade de Zapeo para o raposo, considerando oportuno aceptar a alegación que fai referencia a alta visibilidade das prendas.
56.6.	APROCA Galicia	Propónse eliminar o termo “reflectantes”.	SI	Estímase esta proposta.
56.8.	Particular.	Propón a seguinte redacción: “Nas monterías ou batidas será recomendable sinalizar os camiños e vías máis transitados, onde se desenvolva a actividade”.	NON	Considérase que a sinalización debe ser unha obriga para proporcionar información polo tanto seguridade as persoas alleas á cacería..
56.8.	Sociedade de cazadores de Portas Federación Galega de Caza	Propón eliminar a palabra “batidas”	NON	Por seguridade considérase que tamén deben sinalizarse as batidas.
56.8.	Representantes dalgúns sociedades de caza de Pontevedra Particulares.	Propónse que sexa recomendable a sinalización de camiños e vías máis transitados.	NON	Esta lei ten un decidido empeño en potenciar a seguridade e este caso é un expoñente claro dese propósito
56.8.	UNITEGA	Propón a seguinte redacción: Nas montaría será obrigatorio sinalizar as vías públicas, que se internen na zona onde se desenvolva a actividade, na forma en que se determine regulamentariamente.	NON	Por seguridade considérase que tamén deben sinalizarse as batidas.
56.8.	APROCA Galicia	Propónse que a obriga de sinalizar os camiños sexa unicamente para a modalidade de montería.	NON	Por seguridade considérase que tamén deben sinalizarse as batidas.
56.9.	Clubs e cazadores de caza maior de Galicia	Propónse como complemento a este apartado incluír o seguinte parágrafo: “esta medida será de aplicación a partir do momento no que queden determinados os procedementos e grados de afección por vía regulamentaria.	NON	No apartado 9 xa se establece que por vía regulamentaria se establecera o procedemento, polo tanto mentres non se estableza non se poderá aplicar.
56.9.	Matar por matar non	Considérase que a redacción non é adecuada pois unicamente se deben someter ás oportunas probas aqueles cazadores que sexan sorprendidos cazando con síntomas.... , mentres que en tráfico se someten todos.	NON	Considérase que é unha medida de seguridade que non ten sentido aplicar a tódolos cazadores indiscriminadamente.
56.9.	Asociación Lobo	Considérase a redacción ambigua, propoñendo que se apliquen as mesmas medidas e parámetros que en tráfico.	NON	Na Lei unicamente se establece a obrigatoriedade de someterse ás probas, deixando para outras normas o desenvolvemento do procedemento para realizalas, enténdese que os riscos, como demostran os resultados, non son comparables entre a caza e o tráfico.
56.9.	Particulares. Asociación de veciños San Breixo de Seixalbo CCOO	Propónse que tamén os axentes facultativos medioambientais poidan realizar as probas de detección de alcohol, etc.	NON	Esta competencia que afecta ao ámbito da privacidade das persoas soamente pode desenvolverse por funcionarios da policía xudicial.
56.10	APROCA Galicia	Propónse rematar o apartado co termo “excepcionais”.	NON	Considérase que debe abordarse todo tipo de precaucións
56.10	Federación ecoloxista galega.	Propónse engadir o caso de perigo a terceiros.	NON	Considérase unha nova redacción para este apartado.

<p><b>Unha vez realizados os cambios correspondentes ás alegacións estimadas, e os cambios propostos pola Asesoría Xurídica, o artigo que no borrador era o nº 56 pasa a ser o nº 61, coa seguinte redacción.</b></p>		<p>Artigo 61. A seguridade nas cazarías.</p> <p>1. Prohíbese a caza baixo a influencia de estupefacientes, alcohol, substancias psicotrópicas ou calquera outra droga que poida alterar ou altere sensiblemente as facultades normais do/a cazador/a ou a súa capacidade de reacción.</p> <p>Os/as cazadores/as que sexan sorprendidos/as cazando con síntomas de encontrarse baixo a influencia de estupefacientes, alcohol, substancias psicotrópicas ou calquera outra droga que altere sensiblemente as facultades normais do cazador/a ou a súa capacidade de reacción, deberán someterse ás oportunas probas de detección, cando sexan requiridos/as para iso polos membros dos corpos e forzas de seguridade que teñan atribuída esta competencia. Por vía regulamentaria determinaranse o procedemento, as dilixencias a levar a cabo e, en xeral, as regras a que deberá axustarse esta actuación.</p> <p>2. Cando os/as cazadores/as se atopen a menos de cincuenta metros, con persoas alleas a cazaría, haberán de descargar as súas armas.</p> <p>3. Nos olleos de caza menor, os postos deberán quedar á vista uns doutros sempre que se encontren ao alcance dos disparos. Se a distancia de separación é inferior a cincuenta metros, será obrigatoria a colocación de pantallas a ambos os dous lados de cada posto á altura conveniente para que queden a cuberto dos postos inmediatos.</p> <p>4. Nas modalidades colectivas de caza prohíbese portar as armas cargadas e desenfundadas antes de chegar á postura ou despois de abandonala, e non poderán dispararse as armas ata tanto non se dese o sinal convido para iso, nin o facer despois que se dese por rematada a cazaría, cuxo momento e forma deberá sinalarse polo/a responsable da cazaría en forma axeitada.</p> <p>5. Nas montarías e batidas o/a responsable colocará os postos de forma que queden sempre protexidos dos disparos dos/as demais cazadores/as, procurando aproveitar, para tal efecto, os accidentes do terreo. En todo caso, cada cazador/a queda obrigado/a a coñecer a posición dos postos máis próximos. Os/as titulares de explotacións cinexéticas comerciais deberán nomear un/unha organizador/a para cada cazaría colectiva que se realice dentro do seu ámbito de actuación, que terá a condición de responsable da cazaría</p> <p>6. Prohíbese o cambio ou abandono dos postos polos/as cazadores/as e os/as seus/súas auxiliares durante a cazaría, agás nas batidas, debendo facelo unicamente coa autorización do/a responsable desta.</p> <p>7. Nas montarías e batidas será obrigatorio sinalizar os camiños de uso público, que se internen na zona onde se desenvolva a actividade, na forma en que se determine regulamentariamente.</p> <p>8. Nas batidas, montarías e zapeos de raposo, todos/as os/as participantes deberán levar obrigatoriamente prendas de alta visibilidade que permitan ou favorezan a mellor visualización do/a cazador/a.</p> <p>9. O/a responsable da cazaría colectiva deberá adoptar as medidas de seguridade indicadas e calquera outra complementaria ás anteriores, que se deriven da especificidade do lugar ou cazaría concreta, debendo poñer estas en coñecemento de todos/as os/as participantes e sendo de obrigado cumprimento para estes/as.</p> <p>10. Nas modalidades que entrañen máis risco, tales como as esperas nocturnas, poderán establecerse medidas precautorias complementarias nas autorizacións.</p>		
Artigo	Alegacións de	Contido da alegación	Aceptación	Observacións
57	Sociedade Galega de Historia Natural	Nova redacción dos puntos 2 e 5: 2. A práctica da caza con axuda..... en todo caso obrigatoriamente evitará que danen as crías ou niños de calquera especie non cinexética. 5. Os que transiten por terreos cinexéticos acompañados de cans baixo a súa custodia estarán obrigados a impedir que estes persigan ou danen as especies silvestres, de calquera especie, as pezas de caza, ás súas crías e aos niños.....	Parcialmente	2. Xa se establece a prohibición e ademais estendese a todos os animais 5. Considérase esta proposta.
57	Asociación animalista LIBERA	Considérase que non se fai alusión á normativa autonómica de protección animal e ás súas disposicións e regulamentos.	NON	Non se considera necesario reproducir no texto o contido doutra normativa xa existente.
57.1	Sociedade de cazadores de Portas UNITEGA	Propón eliminar “matriculación” e no seu lugar engadir “identificación”.	SI	Considérase esta proposta.
57.1	Federación Galega de Caza	Propón os seguintes cambios: “... prescricións xerais que sobre a súa tenza, diten as autoridades...”	NON	Non se considera facer alusión unicamente á tenza. Non difire no substancial.
57.2.	UNITEGA	Propón a seguinte redacción: A práctica da caza con axuda de cans, as accións preparatorias da caza, o adestramento de cans sen captura de pezas e o rastrexo das pezas feridas con cans de sangue atrelados só poderá realizarse en terreos onde por razón de época, especie e lugar estea o cazador facultado para facelo. Este será responsable das accións daqueles en canto se vulnere a presente Lei ou as normas que se diten para a súa aplicación.	Parcialmente	Acéptase en parte esta achega, excluindo o termo “de sangue”, pois non está determinado que cans son os de sangue, así como considérase que ten que figurar o último parágrafo referido a evitar en todo caso que os cans danen ás crías ou aos niños.
57.3.	Sociedade de cazadores de Portas	Pensa que existe contradición con outros artigos.	NON	Non se considera que exista contradición, unicamente porque nas modalidades de caza non se establece unha en concreto para a caza con cans exclusivamente.
57.3.	Federación Galega de Caza	Propón engadir ao final do punto. “salvo os canceiros na montaría”.	NON	Non é necesario volver a dicir o mesmo que xa se establece no artigo 57.7. do anteproxecto.
57.3.	UNITEGA	Propón a seguinte redacción: Os que practiquen a caza con can, realicen accións preparatorias da caza, practiquen o adestramento de cans sen captura de pezas ou realicen rastrexo das pezas feridas con cans de sangue atrelados, aínda que non porten armas ou outros medios para cazar, precisan estar en posesión da licenza de caza correspondente.	NON	Considérase que existe unha redundancia co exposto en artigos anteriores..
57.3.	APROCA Galicia	Proponse que ao final do parágrafo se inclúa: “excepto os canceiros na montería”.	NON	Non é necesario volver a dicir o mesmo que xa se establece no artigo 57.7. do anteproxecto.

57.3.	Particular.	Proponse engadir ao final deste apartado o seguinte parágrafo: "...correspondente. Non estarán obrigados a ter esta os batedores, axexadores e encargados dos cans cando actúen como auxiliares das cacerías...".	NON	Esta condición xa está exposta no artigo 57.7. do anteproxecto.
57.4.	UNITEGA	Propón a seguinte redacción: Para o emprego de rehalas será necesario estar en posesión de licenza expedida polo organismo competente; para tales efectos considerárase rehala toda agrupación composta entre 15 e 25 cans do mesmo propietario. O contido e modelo da licenza especial para rehalas establecerase mediante orde da Consellería competente en materia de caza.	NON	Considérase que para obter a licenza de uso de rehala, é necesario que previamente se acredite a tenza de autorización como núcleo zoolóxico. Non se aprecia modificación substancial do texto proposto.
57.1. e 57.4.	Dirección Xeral de Produción Agropecuaria.	57.1. Proponse dar unha redacción nova na que se substitúe o termo "matriculación" por "identificación e rexistro", así como inclúense "as condicións sanitarias e de benestar animal que diten as autoridades competentes".  57.4. Proponse incluír o seguinte texto: "O solicitante deberá xustificar previamente a posesión da correspondente autorización que acredite que o establecemento onde se albergan os animais está autorizado e rexistrado conforme á lexislación autonómica e nacional de referencia, se fose o caso".  Proponse incluír o seguinte punto: "Ningún can poderá ser utilizado para a práctica da caza se presenta signos de enfermidade".	Parcialmente	57.1. Considérase esta proposta. 57.4. Non se considera necesario facer referencia á normativa de aplicación en cada caso.
57.4.	Federación Galega de Caza	Propón substituír "entre 15" por "por máis de".	NON	Considérase oportuno que debe establecerse un máximo no número de cans do mesmo propietario que compoñen unha rehala, dado que do contrario non tería sentido a definición dada a algunhas modalidades de caza nas que se limitan o número de rehalas que se poden utilizar.
57.5	Sociedade de cazadores de Portas	Propón engadir ao final do parágrafo. " , así como do dano causado."	NON	No procedemento sancionador xa se establece unha valoración das infraccións segundo o dano causado.
57.5.	Sociedade de Caza e Pesca do Barbanza	Debe dicir. "Os que transiten por terreos cinexéticos acompañados de cans baixo a súa custodia estarán obrigados a impedir que estes persigan ou danen ás pezas de caza, ás súas crías e aos niños", o segundo parágrafo debe ser eliminado.	NON	Trata de establecer criterios para entender que os cans están en disposición de causar dano.
57.5.	Federación Galega de Caza	Propón engadir ao final do punto " , e segundo o dano causado"	NON	No procedemento sancionador xa se establece unha valoración das infraccións segundo o dano causado.
57.5.	UNITEGA	Propón a seguinte redacción: Tódalas persoas que non estean cazando ou realizando accións preparatorias da caza con seus cans ou non practiquen o adestramento de cans sen captura de pezas ou non realicen rastrexo das pezas feridas con cans de sangue atrelados, conforme o establecido nesta lei, e transiten por terreos cinexéticos acompañados de cans baixo a súa custodia estarán obrigados a impedir que estes danen ás pezas de caza, ás súas crías ou refuxios e zonas de cría das pezas de caza.	NON	Parece farragosa a redacción proposta
57.5.	Matar por matar non	Proponse que neste apartado se aclare que unicamente afecta aos cans de caza.	NON	Neste apartado regúlase o tránsito por terreos cinexéticos de persoas acompañadas de cans, afectando a tódolos cans, independentemente de que se utilicen ou non para cazar.
57.5.	Particular.	Proponse non establecer distancias para determinar si o can está baixo control do dono.	NON	Precisamente para non deixar lugar a interpretacións sobre si o can está ou non controlado, é polo que se establecen as distancias, dado que en caso contrario esta determinación estaría a criterio do axente denunciante.
57.6.	Particular.	Proponse engadir o seguinte apartado: Tódolos cans de caza serán identificados debidamente no correspondente censo, no que se consignarán os datos seguintes: a) Identificación do animal, que se verificará mediante implantación subcutánea dunha cápsula lexible por medios físicos, portadora do código emitido e adxudicado polo rexistro. b) Identificación do titular ou posuidor do animal. c) Domicilio do propietario ou posuidor.	NON	A identificación dos cans está regulada noutra norma, non sendo competencia da Lei de caza.
57.7.	Particular.	Proponse engadir o seguinte apartado: O propietario ou posuidor de cans de caza deberá cumprir en todo momento as obrigas que a normativa sobre protección de animais domésticos establece e deberá mantelos en perfectas condicións hixiénico-sanitarias, sendo obxecto do oportuno expediente sancionador en caso da súa contravención.	NON	Non é necesario reproducir ou facer referencia ás obrigas establecidas na norma que regula dita materia.
57.8.	Particular.	Proponse engadir o seguinte apartado: As trellas, que consisten en utilizar un ou varios cans atados cunha corda ou correa e que seguen o rastro da caza ata encontrala, poderanse utilizar unicamente para a localización de especies de caza maior.	NON	Podería considerarse en vía regulamentaria.
<b>Unha vez realizados os cambios correspondentes ás alegacións estimadas, e os cambios propostos pola</b>		Artigo 62. Uso e tenza de cans de caza e aves de cetraría.		

<b>Asesoría Xurídica, o artigo que no borrador era o nº 57 pasa a ser o nº 62, coa seguinte redacción.</b>		<p>1. Os/as donos/as de cans e aves de cetraría utilizados para a práctica da caza quedarán obrigados/as a cumprir as prescricións xerais que sobre tenza, identificación e vacinación diten as autoridades competentes.</p> <p>2. A práctica da caza con axuda de cans e aves de cetraría, a utilización de cans nas accións preparatorias da caza, o adestramento de cans e aves de cetraría sen captura de pezas e o rastrexo das pezas feridas con cans atrelados só poderá realizarse en terreos onde por razón de época, especie e lugar estea o/a cazador/a facultado/a para facelo. Este/a será responsable das accións daqueles en canto se vulnere a presente lei ou as normas que se diten para a súa aplicación; en todo caso evitará que danen ás crías ou aos niños.</p> <p>3. Os/as que practiquen a caza con can e aves de cetraría, aínda que non porten armas ou outros medios para cazar, precisan estar en posesión da licenza de caza correspondente.</p> <p>4. Para o emprego de rehalas será necesario estar en posesión de licenza expedida pola consellería competente en materia de caza. Para tales efectos, considerárase rehala toda agrupación composta entre 15 e 25 cans do/a mesmo/a propietario/a.</p> <p>5. Os/as que transiten por terreos cinexéticos acompañados de cans ou aves de cetraría baixo a súa custodia estarán obrigados/as a impedir que estes vaguen sen control, evitando que danen ás especies silvestres, ás súas crías e aos niños. Considérase que vagan sen control cando se afasten máis de 100 m en terreos sen vexetación e 50 m cando a vexetación poida ocultalo.</p> <p>6. Os/as responsables dos cans ou aves de cetraría poderán entrar naqueles terreos nos que non lle estea permitido cazar, coa finalidade de recuperar os cans ou as aves de cetraría. Cando o terreo alleo estivese cercado, o/a responsable necesitará autorización do/a titular do dereito cinexético do terreo para entrar a recuperala, o/a que se negase a conceder o seu consentimento para o acceso estará obrigado a entregar os cans ou as aves.</p>		
Artigo	Alegacións de	Contido da alegación	Aceptación	Observacións
59	Sociedade de Cazadores de Vilar de Barrio	Propón suprimir os puntos. 3,8,9 e 10, e engadir no punto 5:salvo que se trate para o control de predadores, para o cal deberá contar en calquera caso coa autorización da consellería de Medio Ambiente, previa solicitude do titular do tecor onde presten servizo. Propón tamén no punto 7 engadir: e das baixas que se produzan.	NON	Non se corresponde co precepto
59	Clubs e cazadores de caza maior de Galicia	Proponse ampliar o apartado g) engadindo: Armas con intensificadores de imaxe superiores a quince aumentos, visores de iluminación nocturna e silenciadores ou redutores das detonacións.	NON	Estas restricións xa figuran no artigo 66 do anteproxecto.
59.2.	Clubs e cazadores de caza maior de Galicia	Proponse que neste apartado se inclúa que está prohibido o transporte en calquera tipo de vehículo “ou durante o recorrido ao posto en modalidades colectivas” de armas desenfundadas cargadas ou descargadas...	NON	Establecer o proposto na alegación non corresponde a este artigo.
<b>Unha vez realizados os cambios correspondentes ás alegacións estimadas, e os cambios propostos pola Asesoría Xurídica, o artigo que no borrador era o nº 59 pasa a ser o nº 64, coa seguinte redacción.</b>		<p>Artigo 64. Armas prohibidas para o exercicio da caza.</p> <p>Quedan prohibidos os seguintes tipos de armas para o exercicio da caza:</p> <p>a) Armas accionadas por aire e outros gases comprimidos.</p> <p>b) Armas de fogo automáticas ou armas semiautomáticas cuxo cargador poida conter máis de dous cartuchos.</p> <p>c) Armas de inxección anestésica.</p> <p>d) Armas de fogo curtas e armas de guerra.</p> <p>e) Armas de fogo longas raiadas de calibre 5,6 milímetros, de percusión anular.</p> <p>f) Aquelas cuxo uso estea prohibido conforme á normativa de armas vixente.</p> <p>g) Armas que dispoñan de mira telescópica, agás para as modalidades de caza maior.</p>		
Artigo	Alegacións de	Contido da alegación	Aceptación	Observacións
60	Sociedade Galega de Historia Natural	Quere que se estenda a prohibición a todos os humedais, estean ou non en zona Ramsar	NON	Estímase que o plumbismo soamente afecta a humedais que albergan aves acuáticas.
60	Amigos da Terra	Que se prohiban os cartuchos con perdigóns en todas as zonas húmidas	NON	Estímase que o plumbismo soamente afecta a humedais que albergan aves acuáticas.
60	Clubs e cazadores de caza maior de Galicia	Proponse que se especifique que está prohibida a tenza e uso de cartuchos con munición de postas “en espazos cinexéticos”.	NON	Trátase dunha munición da que se prohibe o uso e a tenencia en relación coa caza. Lémbrese que esta lei ten por obxecto (art. 1º) regular o exercicio da caza... fora do seu ámbito material non pode invocarse.
60.2.	Sociedade de Caza e Pesca do Barbanza	Deberíase autorizar, por norma xeral, o emprego e tenza de munición de bala, no exercicio da caza menor, aínda que fora en número limitado, polos cada vez máis frecuentes encontros dos cans con pezas de maior, co risco que leva para os mesmos.	NON	Cando se está a cazar menor ten que usarse munición de menor e os encontros con outras especies non xustifican nin a súa caza nin a tenencia de munición de maior.
60.2.	Clubs e cazadores de caza maior de Galicia Presidentes de Tecores, Gardas particulares de campo e técnicos.	Proponse engadir a este apartado o seguinte parágrafo: “excepto autorización especial para as batidas de corzo que soliciten en zonas próximas ás de seguridade que desaconsellen a utilización de proxectís de gran alcance, por exclusivos motivos de seguridade.	NON	Non se considera na Lei a posibilidade de cazar unha especie de caza maior con munición de perdigón, polo que esta actuación non debe considerarse aceptable eticamente.
60.2.	Representantes dalgunhas sociedades de caza de A Coruña	Proponse engadir a este apartado o seguinte parágrafo: “excepto autorización expresa, para determinados lugares onde a vexetación sexa moi espesa, e se garanta deste xeito maior seguridade para os participantes na cacería”.	NON	Non se considera na Lei a posibilidade de cazar unha especie de caza maior con munición de perdigón, polo que esta actuación non debe considerarse aceptable eticamente.

60.4.	Asociación Lobo Particulares. Asociación de veciños San Breixo de Seixalbo. CCOO	Considera que este apartado contravén a lexislación estatal que prohibe a utilización de chumbo en tódolos humedais.	NON	Estímase que o plumbismo soamente afecta a humidais que albergan aves acuáticas.
60.4.	Federación ecoloxista galega.	Considérase que este apartado contradí o establecido na Lei 42/2007, dado que unicamente se refire aos humidais do convenio Ramsar,, mentres que na citada Lei inclúense as zonas da Rede Natura 2000 e espazos protexidos.	NON	Estímase que o plumbismo soamente afecta a humidais que albergan aves acuáticas.
60.4.	UNITEGA	Propón a seguinte redacción: Queda prohibida a tenza e o emprego de cartuchos con perdigóns de chumbo no exercicio da caza nas zonas húmidas incluídas na Resolución do 10 de outubro de 2008, da Dirección Xeral de Conservación da Natureza (D.O.G. 201 do 16 de outubro do 2008).	NON	Non procede incluír no texto da lei o contido dunha resolución administrativa.
60.5.	Clubs e cazadores de caza maior de Galicia	Proponse neste apartado que as sancións se establezan regulamentariamente	NON	O réxime sancionador establécese na Lei por mandato constitucional.
60.5.	UNITEGA	Propón a seguinte redacción: Queda prohibido o abandono dos cartuchos baleiros e vaíñas, sempre e cando non sexan biodegradables.	NON	Non unicamente se xustifica esta prohibición por razóns de degradación dos materiais, senón tamén por razóns estéticas.
60.5.	APROCA Galicia	Proponse eliminar o parágrafo: "...así como calquera outro residuo usado nas prácticas cinexéticas..."	NON	Non unicamente se xustifica esta prohibición por razóns de degradación dos materiais, senón tamén por razóns estéticas.
60.5.	Federación Galega de Caza	Propón suprimir: "así como calquera outro residuo usado nas prácticas cinexéticas".	NON	Non unicamente se xustifica esta prohibición por razóns de degradación dos materiais, senón tamén por razóns estéticas.
60.6.	Federación Galega de Caza	Propón a seguinte redacción: "Queda prohibido o uso e tenza de balas explosivas"	SI	Considérase esta alegación.
60.6.	Clubs e cazadores de caza maior de Galicia	Proponse que neste apartado se inclúa un texto para definir o que se entende por bala explosiva.	NON	Neste apartado prohibese o uso e tenza de balas explosivas, este tipo de balas xa está definido na súa normativa específica.
60.6.	APROCA Galicia	Proponse incluír tamén que queda prohibido "a tenza".	SI	Considérase esta alegación.
60.7.	Federación Galega de Caza	Propón as seguintes modificacións "Queda prohibido o uso e tenza de calquera tipo..."	SI	Considérase esta alegación.
60.7.	Clubs e cazadores de caza maior de Galicia	Proponse modificar este apartado, incluíndo: "a excepción daqueles que foran recargados artesanalmente por persoal titulado mediante os útiles de recarga precisos e aprobados polos organismos competentes en materia de explosivos"	NON	No caso descrito non hai manipulación
60.7.	APROCA Galicia	Proponse incluír tamén que queda prohibido "a tenza".	SI	Considérase esta alegación
60.7.	UNITEGA	Proponse a eliminación deste apartado por non corresponder a esta Lei esta competencia.	NON	Insístese que faise aos efectos da caza
60.7.	Clubs e cazadores de caza maior de Galicia	Proponse modificar este apartado, incluíndo: "cando esta Consellería o considere adecuado baixo estritos motivos de seguridade, de sufrimento animal ou de seguridade a terceiros".	NON	Non se considera necesario cerrar os motivos polos cales se pode prohibir a utilización dunha determinada munición.
60.8.	UNITEGA	Proponse a eliminación do parágrafo: Así mesmo, regulamentariamente especificaranse as medidas de seguridade que debe adoptarse no uso das armas de fogo na práctica da caza. Dado que xa existe un regulamento de armas.	NON	Debe distinguirse o uso das armas de fogo e o que se concreta para a práctica cinexética.
<b>Unha vez realizados os cambios correspondentes ás alegacións estimadas, e os cambios propostos pola Asesoría Xurídica, o artigo que no borrador era o nº 60 pasa a ser o nº 65, coa seguinte redacción.</b>		Artigo 65. Municións. 1. Queda prohibida a tenza e o uso de cartuchos con munición de postas, entendéndose por postas os proxectís introducidos nos cartuchos cuxo peso unitario sexa igual ou superior a dous gramos e medio ou cuxo diámetro sexa igual ou superior a catro milímetros e medio. 2. No exercicio da caza menor, queda prohibido o emprego e tenza de munición de bala, salvo autorización expresa. 3. No exercicio da caza maior, queda prohibido o emprego e tenza de cartuchos con munición de perdigón, entendéndose por perdigóns os proxectís introducidos nos cartuchos cuxo peso unitario sexa inferior a dous gramos e medio e cuxo diámetro sexa inferior a catro milímetros e medio. 4. Queda prohibido o abandono dos cartuchos baleiros, vaíñas ou calquera outro resto ou material utilizado durante a práctica da actividade cinexética, así como calquera outro residuo usado nas prácticas cinexéticas. 5. Queda prohibido o uso e tenza de balas explosivas. 6. Queda prohibido o uso e tenza de calquera tipo de bala, cartucho ou proxectil que fose manipulado con posterioridade á súa fabricación. 7. Nas modalidades de caza maior colectivas as autorizacións poderán impoñer medidas de seguridade máis restrictivas no que respecta á munición e armas de fogo.		
Artigo	Alegacións de	Contido da alegación	Aceptación	Observacións
61	Clubs e cazadores de caza maior de Galicia	Proponse eliminar o apartado d) por impreciso.	NON	Non se entende que se quere dicir por impreciso, o único que fai a lei e autorizar a Administración a sinalar novas prohibicións nesta materia.
61	Asociación Lobo	Proponse prohibir a utilización de radiotransmisores, radioteléfonos e móbiles durante a caza.	NON	Non se aprecian motivos para tal prohibición.

<p><b>Unha vez realizados os cambios correspondentes ás alegacións estimadas, e os cambios propostos pola Asesoría Xurídica, o artigo que no borrador era o nº 61 pasa a ser o nº 66, coa seguinte redacción.</b></p>		<p>Artigo 66. Dispositivos auxiliares prohibidos.</p> <p>Quedan prohibidos os seguintes dispositivos auxiliares no exercicio da caza:</p> <p>a) Silenciadores.</p> <p>b) Dispositivos de mira dos que forme parte un convertedor ou un amplificador electrónico de luz para tiro nocturno.</p> <p>c) O láser ou calquera outro dispositivo que sinalice o branco.</p> <p>d) Calquera outros que se declaren contrarios ao exercicio ético da caza.</p>		
Artigo	Alegacións de	Contido da alegación	Aceptación	Observacións
62	Amigos da Terra	<p>Propón a inclusión dun novo artigo :” 4. Só se poderá circular con vehículos de motor polos camiños que legalmente se estableza.</p> <p>a) Queda prohibida a circulación de vehículos a motor por sendeiros, corredeiras, devasas, vías de saca, campo a través</p> <p>b) A velocidade máxima permitida nos camiños habilitados para acceder as zonas de caza será de 30 km/hora</p>	NON	Tendo en conta a inmensidade de vías de todo tipo que existen en Galicia, esa medida devén absolutamente imposible a non ser que o que se pretenda sexa limitar a uns poucos as vías de acceso para os cazadores o que non é aceptable de ningún xeito.
62	Dirección Xeral de Producción Agropecuaria.	Solicítase que se realice unha definición de “biotopo artificial”.	NON	Dentro do contexto da Lei de caza cando se nomea concepto “biotopo artificial”, considérase que calquera persoa infire ao que se está a referir.
62	Clubs e cazadores de caza maior de Galicia	Propónse que se poña unha definición do que se considera cercado electricificado, dado que pode confundirse co peche cun pastor eléctrico.	NON	O que se está prohibindo é o establecemento dun cercado electricificado como instrumento, medio ou procedemento de caza, non o cercado dunha finca cun pastor eléctrico para gardar o gando. O pastor eléctrico se o usan para cazar tamen estará prohibido. Se insiste en que esta norma regula a caza e o que a ela se refira.
62.1.	Clubs e cazadores de caza maior de Galicia	Propónse que desapareza a última frase deste apartado, ao considerar que un rifle ou unha escopeta segundo está redactado pode entenderse como un procedemento de captura masivo e non selectivo.	NON	Na redacción dada na lei establécese a condición “cando o seu emprego fose susceptible de causar a captura ou morte indiscriminada de exemplares de varias especies”, unha escopeta ou rifle non ocasiona a captura ou morte indiscriminada, (sen a debida diferenciación ou selección) de diversas especies, pois en todo caso facilitará a captura ou provocará a morte do exemplar ou exemplares aos que disparemos.
62.2.a.	Clubs e cazadores de caza maior de Galicia	Propónse que desapareza este apartado, ao carecer de sentido, porque se prohibe a tenza de substancias que normalmente calquera persoa posúe e utiliza.	NON	Este apartado refírese ao emprego e tenza con fins cinexéticos, ao mellor habería que especificalo no texto.
62.2.a.	UNITEGA	Propónse a seguinte redacción: O emprego e tenza de todo tipo de gases, substancias venenosas, tranquilizantes, atraentes e os explosivos.	NON	Non se explica por qué se exclúen os repelentes e as sustancias para crear olor.
62.2.b.	UNITEGA	Propónse a seguinte redacción: O emprego de reclamos de animais, vivos, mortos ou naturalizados, así como todo tipo de reclamos eléctricos, incluídas as gravacións sen autorización expresa ou en contra das disposicións establecidas nesta, coa excepción dos reclamos manuais e bucais.	NON	Non se entende a inclusión desta aclaración, parece que o texto é suficientemente claro.
62.2.b.	Asociación Lobo	Propónse que se matice que a autorización expresa debe realizala a Consellería responsable da caza.	NON	Enténdese que a autorización será dada polo organismo que ten a competencia.
62.2.b,e,f.	Clubs e cazadores de caza maior de Galicia	Propónse que desapareza o apartado 2.b, 2.e. e 2.f, ao entrar en conflito coa caza por exemplo de frinxílicos, de depredadores e carroñeiros.	NON	A caza de frinxílicos non é obxecto desta lei por que non son especies cinexéticas. Non se entende a eliminación do apartado 2º b), 2ºe) e 2º f)
62.2.e.	CCOO	Propónse que se prohiba non soamente a utilización senón tamén a tenza.	SI	Considérase esta alegación
62.2.d.	Asociación Lobo	Considerase que as esperas nocturnas nunca se deberían autorizar.	NON	A espera é unha modalidade mais de caza, non habendo razóns que motiven a súa prohibición.
62.2.c,f.	Clubs e cazadores de caza maior de Galicia	Propónse que desapareza o apartado 2.c e 2.f, ao carecer de sentido, porque se prohibe a tenza de aparellos que se poden utilizar para outros fins.	NON	Este apartado refírese ao emprego e tenza con fins cinexéticos.
62.2.f.	Clubs e cazadores de caza maior de Galicia	Propónse que desapareza o apartado 2.f, ao carecer de sentido, porque se prohibe a tenza de aparellos que se poden utilizar para outros fins.	NON	Este apartado refírese ao emprego e tenza con fins cinexéticos.
62.2.h.	Federación ecoloxista galega.	Propónse que a utilización de embarcacións, estas nunca serán a motor.	NON	Neste apartado estase a referir a prohibicións, polo tanto ao prohibir a utilización de embarcacións está incluído todo tipo de embarcacións.
62.2.j.	Asociación Lobo	Propónse que esta prohibición teña efectos retroactivos ao considerar que existen cercados electricificados funcionando nos montes de Galicia.	NON	Estas prohibicións refírense a instrumentos, medios e procedementos que se utilicen para cazar, non para outras actividades.
62.2.j.	UNITEGA	Propónse a seguinte redacción: Os cercados cinexéticos electricificados.	NON	No título do artigo xa se especifica que se refire á súa prohibición para ser utilizados na caza.
62.2.k.	Federación Galega de Caza	Propón a seguinte redacción: “Os cercados electricificados con fins cinexéticos.”	NON	No título do artigo xa se especifica que se refire á súa prohibición para ser utilizados na caza.
62.2.k.	Sociedade de cazadores de Portas	Propón excluír os pastores eléctricos.	NON	Os pastores eléctricos non están prohibidos cando se utilizan para a súa finalidade ordinaria.
62.2.k.	APROCA Galicia	Propónse especificar que se trata de cercados eléctricos “con fins cinexéticos”.	NON	Parece obvio.
62.3.	Clubs e cazadores de caza maior	Propónse que neste apartado se establezan as superficies e condicións dos cercados.	NON	Os cercados a efectos cinexéticos están definidos e clasificados nos artigos 37, 38 e 39 do

	de Galicia			anteproxecto.
62.3.	CCOO	Considérase que o establecido neste apartado tamén debe figurar no artigo 36.5.	NON	Non ten sentido repetir
62.4.	Particulares. Asociación de veciños San Breixo de Seixalbo.	Proponse engadir este novo apartado facendo referencia á obriga de circular con vehículos a motor unicamente polos camiños que legalmente se estableza, limitando a velocidade, etc.	NON	Non é competencia desta Lei regular o tráfico a motor.
62.4.	UNITEGA	Proponse engadir un novo apartado coa seguinte redacción: Regulamentariamente desenrolarase o catalogo de métodos selectivos e ós requisitos para a súa tenza e utilización.	NON	Baste con dicir que son os autorizados.
<b>Unha vez realizados os cambios correspondentes ás alegacións estimadas, e os cambios propostos pola Asesoría Xurídica, o artigo que no borrador era o nº 62 pasa a ser o nº 67, coa seguinte redacción.</b>		<p>Artigo 67. Outros instrumentos, medios e procedementos de caza prohibidos.</p> <p>1. Queda prohibido con carácter xeral a tenza, utilización e comercialización de todos os procedementos masivos ou non selectivos para a captura ou morte de exemplares de especies cinexéticas, así como daqueles que poidan causar localmente a desaparición ou perturbar gravemente a tranquilidade das poboacións dunha especie cinexética. Para estes efectos, enténdese que un procedemento de caza é non selectivo cando o seu emprego fose susceptible de causar a captura ou morte indiscriminada de exemplares de diversas especies e particularmente:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>-Animais vivos, mortos ou naturalizados, ciegos ou mutilados utilizados como reclamos.</li> <li>-Gravadores e magnetófonos, aparatos electrocutantes, dispositivos eléctricos e electrónicos que poidan matar ou atordar.</li> <li>-Fontes luminosas artificiais, espellos, dispositivos para iluminar os blancos. Exceptúase desta prohibición as esperas nocturnas, nas que poderán utilizarse os devanditos elementos co fin de potenciar a seguridade da actividade cinexética.</li> <li>-Trampas non selectivas no seu principio ou nas condicións de emprego.</li> <li>-Redes, lazos, cepos, trampas-cepos, venenos, cebos envelenados ou tranquilizantes.</li> <li>-Ligas, explosivos, aparatos que produzan asfixia con gas ou fume, ballestas, anzois.</li> </ul> <p>2. Queda prohibido o emprego de aeronaves de calquera tipo, de vehículos terrestres motorizados e de embarcacións en movemento, como medio de transporte de armas desenfundadas ou calquera outro medio de caza listo para o seu uso en calquera época do ano, así como lugares dende onde realizar os disparos, salvo autorización expresa.</p> <p>3. Quedan prohibidos os cercados con mallas que non permitan o libre tránsito das especies silvestres, na totalidade do seu perímetro, con excepción das especies cinexéticas de caza maior, agás cando a súa utilización se realice nas zonas de aclimatación definidas no artigo 40 e nos biótotos artificiais. Igualmente se prohíbense os cercados electricificados e abrir portelos en cercas ou valados ou construír artificios, trampas, barreiras ou calquera outro dispositivo que sirva ou poida servir para beneficiarse da caza allea.</p>		
Artigo	Alegacións de	Contido da alegación	Aceptación	Observacións
63	Clubs e cazadores de caza maior de Galicia	Proponse que non se autorice a introdución de especies alóctonas nos cercados de caza maior.	Parcialmente	Estímase que procede a eliminación deste apartado, que será obxecto de regulación por outra norma.
63	Amigos da Terra	c) Propón rebaxar media hora a hora de comezo e de remate da xornada de caza d) Propón establecer unha franxa de 500 metros en torno as zonas afectadas por incendios forestais nos 5 anos seguintes a que se produciran	NON	Non se xustifica. Este réxime é común a todas as CC.AA. e forma parte da nosa tradición. Unha zona perimetral aos incendios é inxustificable e amais delo obriga a sinalalos todos porque pasados 5 anos non queda nin rastro do incendio na meirande parte das veces polo que o cazador non pode saber si está a cazar nun terreo autorizado ou prohibido. Xa tres anos resulta un período amplo que obriga en moitas ocasións a autorizar individualmente a caza por estar totalmente recuperada a flora e a fauna do lugar.
63	ADEGA	1.o) Nas hortas, viñedos, campos de frutais, cultivos de regadío e montes de repoboación recente, a consellería competente en materia de caza poderá condicionar ou prohibir o exercicio da caza durante determinadas épocas 1 p) A consellería competente en materia de caza e pesca establecerá igualmente de forma regulamentaria o aproveitamento cinexético das masas de auga cuxas características aconsellen aplicar un réxime especial, previo inform dos organismos con competencia sobre os mesmos.	NON	Para que tal se produza ten que mediar algunha circunstancia xustificativa e nese caso, pódense invocar as facultades que teñen os particulares ou as que a Administración Autonómica se reserva nesta lei para prohibir o exercicio da caza. (art. 16 ; art. 33 ; art. 36 ; etc.) O dominio hidráulico marítimo terrestre incrementado en 5 metros a cada un dos seus marxes é zona de seguridade e nel está prohibida a caza (art. 41.2 b) coas salvedades establecidas nos puntos 3 e 4 do mesmo artigo).
63	Sociedade Galega de Historia Natural	Nova redacción d). Cazar fora do horario solar das diferentes épocas anuais, a determinar regulamentariamente, agás nas modalidades de caza para as que regulamentariamente se establezan períodos diferentes. ñ) Prohíbese cazar nunha franxa de 500 metros arredor das zonas afectadas por incendios forestais nos 5 anos posteriores a que se produzan. 2. Prohíbese a introdución de fauna alóctona. 3. Prohíbese a manipulación xenética de especies cinexéticas destinadas para a súa liberación no medio natural, polo risco incontrolable de contaminación xenética que supón.	Parcialmente	e) O horario segue a ser unha hora antes de saír o sol e outra despois de poñerse ñ) Parece excesivo, toda vez que resulta moi difícil en moitos casos identificalos, pasados os dous ou tres primeiros anos, canto mais a franxa perimetral. Cumpriría sinalizar todos os incendios. 2. Estímase que procede a eliminación deste apartado, que será obxecto de regulación por outra norma. 3. Esta materia é competencia doutra normativa.
63	Tecor Societario de Xallas	Propón reducir a distancia de visibilidade esixida para caza maior e menor	NON	Son distancias máximas porque non é posible determinar o defecto de visibilidade existente.
63	Organización Galega de mvmc	Proponse incluír un apartado establecendo que nas hortas, viñedos, campos de frutais,	NON	Para que tal se produza ten que mediar algunha circunstancia xustificativa e nese caso,

		cultivos de regadío e montes de repoboación recente, a Consellería competente en materia de caza poderá condicionar ou prohibir a caza en determinadas épocas.  Propónse incluír un apartado establecendo que a Consellería competente en materia de caza e pesca establecerá regulamentariamente o aproveitamento cinexético das masas de auga cuxas características aconsellan aplicar un réxime especial, previo informe dos organismos competentes en materia de augas.		pódense invocar as facultades que teñen os particulares ou as que a Administración Autonómica se reserva nesta lei para prohibir o exercicio da caza. (art. 16 ; art. 33 ; art. 36 ; etc.) O dominio hidráulico marítimo terrestre incrementado en 5 metros a cada un dos seus marxes é zona de seguridade e nel está prohibida a caza (art. 41.2 b) coas salvedades establecidas nos puntos 3 e 4 do mesmo artigo).
63.1	Federación Galega de Caza	Propón un novo punto coa seguinte redacción: “Calquera práctica que pretenda entorpecer o normal funcionamento das cacerías.”	NON	Estas son disposicións para a protección e conservación das especies, aquí non cabe.
63.1.	Federación ecoloxista galega.	Propónse incluír un apartado que faga referencia á prohibición de cazar en terreos afectados por incendios forestais.	NON	As actividades neste tipo de terreos xa están reguladas pola lei de incendios.
63.1.a.	Clubs e cazadores de caza maior de Galicia	Propónse engadir ao apartado 1.a) o seguinte texto: “a excepción dos naturalizados presentes en ámbitos privados e que non pertencen a especies con protección especial CITES”.	NON	Este apartado refírese a animais non naturalizados, dado que esta a referirse a “pezas de caza” concretando ademais en época de veda.
63.1.b.	Federación Galega de Caza	Propón engadir ao final do parágrafo. “Non se entende como tal cando a neve non cubra de forma continua, con polo menos 5 ctms, de espesor, no terreo de caza.”	NON	Remítese ao comentario feito no artigo 77.29
63.1.b.	Clubs e cazadores de caza maior de Galicia	Propónse engadir que por vía regulamentaria se establecerá para tódalas especies cinexéticas a altura crítica de neve que debe considerarse para que represente unha imposibilidade para que desenvolvan as súas facultades normais de defensa.	NON	Nesta alegación unicamente se fai referencia á neve establecendo a posibilidade de determinar un espesor por especie, cando este apartado refírese aos días de fortuna, que non son consecuencia unicamente da presenza de neve, senón doutras causas como incendios, inundacións etc, obrigando tamén a establecer un rango de valores para cada especie en función da súa capacidade de defensa fronte ás mesmas, algo que de considerarse no futuro pode desenvolverse por unha norma de rango inferior á Lei de Caza non sendo necesario reflectilo no seu texto. Parece obvio que utilizar a neve como elemento para estimar que se esta a cazar con vantaxe dependerá do tipo de neve, do seu grosor, dos animais aos que se refire, etc. non resulta sinxelo determinalo a priori e para todos os casos e ademais desto, non pode ser considerado como materia de lei.
63.1.b.	APROCA Galicia	Propónse engadir o seguinte parágrafo: “...Non se entende como tal, para as pezas de caza maior, cando a neve non cubra de xeito continuo o terreo de caza, cun espesor mínimo duns 5 centímetros...”	NON	Remítese ao comentario feito no artigo 77.29
63.1.c.	Clubs e cazadores de caza maior de Galicia	Propónse engadir ao apartado 1.c) o seguinte texto: “con neve continua de mais de 10 centímetros de espesor”.	NON	Este apartado está a prohibir o exercicio da caza pola falta de visibilidade non polo espesor que poida ter a neve nunha superficie continua da que non se precisa a súa extensión.
63.1.c.	UNITEGA	Propónse a seguinte redacción: Cazar cando pola néboa, nevadas, fumes ou outras causas se reduza a visibilidade de forma que poida resultar perigoso para as persoas ou os seus bens. En todo caso, prohibese a caza maior cando a visibilidade sexa inferior a 250 metros, e a caza menor cando a visibilidade sexa inferior a 125 metros.	NON	O elemento condicionante é a visibilidade, en relación cunha caza segura.
63.1.c.	Matar por matar non	Propónse incrementar a distancia dos 250 metros.	NON	Considérase que esta distancia é suficiente.
63.1.c.	Particular. APROCA Galicia	Propónse rebaixar a distancia dos 250 metros en caza menor.	NON	O elemento condicionante é a visibilidade, en relación cunha caza segura.
63.1.d.	Asociación Lobo	Considerase que existe un erro de redacción ao referirse a unha hora antes da saída do sol e unha hora despois do seu ocaso.	NON	Non existe ningún erro, dado que ese período de tempo é o que se considera como xornada hábil de caza segundo o establecido no artigo 53 do anteproxecto.
63.1.d.	Particulares. Asociación de veciños San Breixo de Seixalbo.	Considerase que este apartado debe prohibir a caza fóra do período comprendido entre 0,5h. antes da saída do sol e 0,5 h. despois do seu ocaso.	NON	Non se inclúe esta prohibición dado que este período de tempo é o que se considera como xornada hábil de caza segundo o establecido no artigo 53 do anteproxecto.
63.1.e.	Clubs e cazadores de caza maior de Galicia	Propónse engadir ao apartado 1.e) o seguinte texto: “entendéndose por liña de retranca a segunda liña de tiradores próxima á outra sen que coñezan a súa mutua situación”.	NON	Enténdese que non é oportuno definir tódolos conceptos utilizados, sobre todo nos casos como este, no que se refire a conceptos acuñados pola tradición, que en todo caso pode ser obxecto de desenvolvemento regulamentario.
63.1.f.	Federación ecoloxista galega.	Considérase que non ten sentido este apartado, dado que para que se vai a circular con armas cando non se pode cazar.	NON	Non está prohibido que o dono dunha arma de caza poida realizar o seu transporte en día non hábil de caza, por ese motivo se establece a prohibición recollida neste apartado.
63.1.i.	Clubs e cazadores de caza maior de Galicia	Propónse modificar ao apartado 1.i), dando unha definición do termo “cría”.	NON	O termo “cría” ten o seu significado acuñado polo dicionario da lingua (animal que se está criando), non habendo motivo para reflectilo no texto da Lei.
63.1.i.	UNITEGA	Propónse a seguinte redacción: Cazar crías ou as femias seguidas de crías, salvo que a Consellería competente en materia de caza así o autorice, logo de solicitude do titular do Tecor, e co obxectivo de reducir o tamaño das poboacións que ocasións danos á agricultura.	NON	Basta con que a Consellería o autorice, as razóns poderían ser outras a maiores, (ver artigo 69 do anteproxecto).
63.1.i	Asociación Lobo	Considera que actualmente o establecido neste apartado non se está aplicando.	NON	É unha consideración que nada aporta a esta Lei.
63.1.i.	APROCA Galicia	Propónse que se matice que este apartado afecta soamente ás especies de caza maior.	NON	A prohibición esténdese a tódalas especies de caza.
63.1.l.	Federación Galega de Caza	Propón engadir ao final do parágrafo: “e en caso de discapacidade física.”	SI	Pódese estimar cando a discapacidade é motora.
63.1.l.	Clubs e cazadores de caza maior de Galicia	Propónse engadir ao apartado 1.l) o seguinte texto: “caza con galgos, ou minusvalía física e problemas de mobilidade”.	Parcialmente	A caza con galgos non é unha modalidade que se contemple nesta Lei.



63.1.l.	UNITEGA	Proponse a seguinte redacción: Cazar a cabalo, salvo no exercicio da cetrería, con cans sen arma ou persoas con mobilidade reducida.	Parcialmente	Estímase a alegación que fai referencia ás persoas con mobilidade reducida.
63.1.n.	Federación ecoloxista galega.	Considérase que é unha prohibición etérea, dado que na Lei non se definen estas instalacións.	NON	Non é necesario definir tódalas instalacións que poidan desempeñar unha función para que estas poidan ser identificadas.
63.1.ñ.	Clubs e cazadores de caza maior de Galicia	Proponse engadir un apartado 1.ñ) coa seguinte redacción: “cazar con reclamos químicos ou atraentes químicos, así como todo tipo de reclamos eléctricos incluídas as gravacións”.	NON	Esta prohibición xa esta contemplada no artigo 67 do anteproxecto.
63.1.ñ.	Particular.	Proponse engadir un apartado coa redacción: “...Cazar servíndose de animais ou de calquera vehículo como medio de ocultación...”.	NON	Esta prohibición está recollida no artigo 67 do anteproxecto, excepto o referido aos animais, considerándose que non é unha práctica que poida ser utilizada habitualmente en Galicia.
63.1.ñ.	Particulares. Asociación de veciños San Breixo de Seixalbo.	Proponse engadir un apartado no que se prohiba cazar nunha franxa de 500 m. arredor das zonas afectadas por lumes forestais, propoñendo tamén prohibir a caza nos 5 anos seguintes á data do lume.	NON	Parece excesivo, toda vez que resulta moi difícil en moitos casos identificalos, pasados os dous ou tres primeiros anos, canto mais a franxa perimetral. Cumpriría sinalizar todos os incendios.
63.1.ñ.	APROCA Galicia	Proponse engadir un apartado coa seguinte redacción: “Calquera práctica que pretenda entorpecer o normal funcionamento das cacerías”.	NON	Estas son disposicións para a protección e conservación das especies, aquí non cabe.
63.2.	Dirección Xeral de Producción Agropecuaria.	Proponse a seguinte redacción: Prohíbese a introdución de fauna alóctona salvo nos cercados de caza maior. O propietario de exemplares de fauna alóctona cuxa introdución fose previamente autorizada, tras comprobar que as instalacións contan coas medidas necesarias para evitar a fuga destes animais, estará obrigado no xeito e prazos que se determine regulamentariamente a comunicar a fuga de exemplares. Neste caso, o responsable do cercado poñerá os medios para capturar os animais fugados e asumirá as responsabilidades medioambientais que se xeren, así como as responsabilidades patrimoniais que puideran existir.	NON	Estímase que procede a eliminación deste apartado, que será obxecto de regulación por outra norma.
63.2.	Clubs e cazadores de caza maior de Galicia	Proponse que se inclúa o seguinte parágrafo: “... a estos efectos, a Consellería, nos anexos regulamentarios, confeccionará unha lista de especies consideradas alóctonas de Galicia...”.	NON	Estímase que procede a eliminación deste apartado, que será obxecto de regulación por outra norma.
63.2.	Federación ecoloxista galega.	Considérase que este apartado está en contra do establecido na Lei 42/2007 de Conservación do Patrimonio Natural, ao permitir a introdución de especies alóctonas nos cercados de caza maior.	NON	Estímase que procede a eliminación deste apartado, que será obxecto de regulación por outra norma.
63.3.	Sociedade de Caza e Pesca do Barbanza	Debería distinguirse entre maior e menor, polo alcance da munición, e a propia acción da caza.	NON	Non se corresponde a alegación co precepto, esta materia será obxecto de regulación pola súa normativa específica.
63.3.	Asociación Lobo	Considérase que é un apartado ambiguo.	NON	Non se corresponde a alegación co precepto, esta materia será obxecto de regulación pola súa normativa específica.
63.3.	Federación ecoloxista galega.	Considérase que non hai motivos para autorizar a solta de especies manipuladas xenéticamente.	NON	Non se corresponde a alegación co precepto, esta materia será obxecto de regulación pola súa normativa específica.
63.3.	UNITEGA	Proponse a seguinte redacción: Prohíbese a manipulación xenética e a liberación de híbridos de especies cinéticas destinadas para a súa liberación no medio natural, salvo autorización expresa do titular da dirección xeral competente en materia de caza.	NON	Non se corresponde a alegación co precepto, esta materia será obxecto de regulación pola súa normativa específica.
63.3.	Particular.	Proponse engadir neste apartado o termo hábitats, de xeito que a redacción quede como: ...facultades e hábitats normais...	NON	Non se corresponde a alegación co precepto, esta materia será obxecto de regulación pola súa normativa específica.
<b>Unha vez realizados os cambios correspondentes ás alegacións estimadas, e os cambios propostos pola Asesoría Xurídica, o artigo que no borrador era o nº 63 pasa a ser o nº 68, coa seguinte redacción.</b>		<p>Artigo 68. Protección e conservación das especies de caza.</p> <p>1. Con carácter xeral establécense, ademais das contidas con carácter xeral no punto 3º do artigo 62 da Lei 42/ 2007 do 13 de decembro, salvo autorización excepcional, as seguintes prohibicións:</p> <p>a) Cazar ou estar en posesión de pezas de caza vivas ou mortas cuxa procedencia non poida xustificarse nos períodos de vedas que se establezan na correspondente disposición xeral de períodos hábiles.</p> <p>b) Cazar nos chamados días de fortuna; entendendo estes como aqueles nos que como consecuencia de incendios, nevadas, epizootias, inundacións, secas ou outras causas, as pezas de caza se ven privadas das súas facultades normais de defensa ou obrigadas a concentrarse en determinados lugares.</p> <p>c) Cazar cando pola néboa, nevadas, fumes ou outras causas se reduza a visibilidade de forma que poida resultar perigoso para as persoas ou os seus bens. En todo caso, prohíbese cazar cando a visibilidade sexa inferior a 250 metros.</p> <p>d) Cazar fóra da xornada hábil de caza establecida no artigo 53</p> <p>e) Cazar en liña de retranca en caza maior facendo uso de armas de fogo.</p> <p>f) Portar armas de caza desenfundadas ou dispostas para o seu uso cando se circule polo campo en época de veda ou día non hábil para a caza.</p> <p>g) Calquera práctica que tenda a atraer ou espantar a caza en terreos alleos ou zonas protexidas.</p> <p>h) Cazar ocultándose na maquinaria agrícola ou forestal.</p> <p>i) Cazar crías ou as femias seguidas de crías ou machos sen corna.</p>		

		<p>j) Cazar en montarías ou batidas en postos interiores a menos de 200 metros de cerramentos cinexéticos coñecibles.</p> <p>k) Cazar con furón.</p> <p>l) Cazar a caballo, salvo no exercicio da cetraría, así como no caso de discapacidade física que impida practicar a caza a pé.</p> <p>m) Cazar pombas nos seus bebedoiros habituais ou a menos de 1000 metros dun pombal debidamente sinalizado.</p> <p>n) Destruír ou danar instalacións destinadas á protección e fomento da caza.</p> <p>2. Prohíbese a introducción de especies alóctonas e a manipulación xenética de especies cinexéticas destinadas para a súa liberación no medio natural, salvo autorización expresa do/a titular da dirección xeral competente en materia de caza.</p> <p>3. Prohíbese a comercialización, vivas ou mortas, das especies que regulamentariamente se determinen, de acordo cos Convenios Internacionais e a normativa da Unión Europea.</p>		
Artigo	Alegacións de	Contido da alegación	Aceptación	Observacións
64	ADEGA	<p>2 f). Xustificárase a necesidade da acción e a imposibilidade de optar por outras medidas. Ao mesmo tempo deberá quedar constancia que se tentou outras alternativas sen éxito.</p> <p>5. Periodicamente informárase aos membros dos comités de caza das autorizacións especiais concedidas e dos seus resultados, ao mesmo que se farán informes trimestrais que serán publicados na páxina web da consellería competente en materia de caza.</p>	NON	<p>As garantías de que as accións que se emprendan con carácter especial parecen xustificadas abondo.</p> <p>As reunións do comité de caza non ten esa frecuencia temporal.</p> <p>A Administración Pública Galega da periodicamente conta destas autorizacións nos numerosos foros nos que participa, sen que se entenda necesario facer unha prohibición específica, considerando ademais a escaseza de solicitudes realizadas ata o momento.</p>
64	Dirección Xeral de Producción Agropecuaria.	<p>Propónse incluír os seguintes apartados:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>Dentro do apartado 64.2, “As características das instalacións onde se albergarán os animais capturados, así como as autorizacións pertinentes das mesmas, de ser o caso”.</li> <li>Dentro do apartado 64.2, “A xustificación técnica da inexistencia doutra alternativa diferente á captura”.</li> <li>Un apartado novo coa redacción: “A utilización de drogas anestésicas ou de inmovilización, así como de medicamentos veterinarios en xeral, requirirá da prescrición dun veterinario. Nestes casos a utilización das mesmas será realizada en todo momento baixo control veterinario, en cumprimento do establecido na lexislación de referencia”.</li> </ul>	NON	<p>Como se expoñía anteriormente, na autorización administrativa que se realice para autorizar deixar sen efecto as prohibicións establecidas na Lei, pódense establecer as condicións particulares que se estimen oportunas para cada caso, sen facer referencia na Lei a todas as condicións que poderían impoñerse.</p> <p>Que non é obxecto desta Lei regular a utilización de substancias anestésicas, nin de ningún outro procedemento que teña a súa propia normativa.</p>
64	Organización Galega de mvmc	<p>Propónse incluír no apartado 2 un punto f) no que se estableza a imposibilidade de optar por outras medidas, quedando constancia de intentar outras medidas sen éxito.</p> <p>Propónse incluír un apartado establecendo a obriga de dar traslado periodicamente ao comité de caza das autorizacións especiais adoitadas así como a súa publicación trimestral na páxina web da Consellería.</p>	NON	<p>As garantías de que as accións que se emprendan con carácter especial parecen xustificadas abondo.</p> <p>As reunións do comité de caza non ten esa frecuencia temporal.</p> <p>A Administración Pública Galega da periodicamente conta destas autorizacións nos numerosos foros nos que participa, sen que se entenda necesario facer unha prohibición específica, considerando ademais a escaseza de solicitudes realizadas ata o momento.</p>
64.1.	Particular.	<p>Propónse engadir a este apartado o seguinte texto:</p> <p>A solicitude de autorización deberá presentarse no servizo provincial correspondente, estar debidamente xustificada e conter os datos necesarios para poderse resolver. Esta entenderase desestimada se transcorrido o prazo dun mes desde a data da súa presentación non recaera resolución, conforme o disposto no artigo 2 da Lei 6/2001, do 29 de xuño, de adecuación da normativa da Comunidade Autónoma de Galicia á Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de modificación da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.</p>	NON	A tramitación administrativa séguese polas súas propias normas.
64.1.c	Particular.	<p>Propón engadir ao apartado c) o seguinte: Nos casos en que por medio de unha acción de caza sexa necesario o control de determinadas especies fora de época hábil establecida pola Orden de Vedas correspondente ou, aínda sendo dentro do seu período hábil de caza, fora autorizada unha batida, gancho ou espera con armas cos citados fins de control sobre unha determinada especie, autorízase dita acción sobre calquera animal da mesma sen discriminación de sexo ou idade.</p>	NON	A captura de determinados espécimes dunha mesma especie, distinguidos por razón do seu sexo e idade requiren autorización expresa do Director Xeral
64.1.d.	Dirección Xeral de Producción Agropecuaria.	<p>Neste apartado establécese que quedarán sen efecto as prohibicións establecidas na Lei de caza para combater enfermidades ou epizootias que afecten ás especies cinexéticas. Propónse incrementar a súa redacción para que afecte non soamente ás especies cinexéticas.</p>	NON	<p>Cando enfermidades ou epizootias afecten a especies non cinexéticas, poderán aplicarse métodos recollidos na Lei de caza para combatelas, pero non corresponde á Lei de caza recoller no seu texto a posibilidade de aplicar ditos métodos prohibidos para outras especies que non sexan as cinexéticas, dado que no obxecto da Lei establécese: “regular o exercicio da caza na Comunidade Autónoma de Galicia coa finalidade de protexer, conservar, fomentar e aproveitar ordenadamente os seus recursos cinexéticos de xeito compatible co equilibrio natural e cos distintos intereses afectados.”</p>
64.1.e.	Dirección Xeral de Producción Agropecuaria.	<p>Propónse incrementar a redacción deste apartado engadindo: “Neste caso argumentáranse na solicitude as razóns e obxectivos anteriormente expostos e a</p>	NON	<p>Considérase que á Lei lle corresponde a obriga de establecer en que casos poden quedar sen efecto as súas prohibicións, sen entrar a desenvolver o procedemento e condicións para</p>

		inexistencia dunha solución alternativa”.		solicitalos, debendo quedar estes aspectos para a normativa que desenvolva a Lei.
64.1.e.	Clubs e cazadores de caza maior de Galicia	Proponse considerar no apartado e) a seguridade vial.	NON	Esta condición xa está recollida indirectamente no apartado a), ao referirse á seguridade das persoas.
64.2.	Particular.	Proponse engadir a este apartado o seguinte texto: A autorización administrativa, será persoal, intransferible e de carácter temporal, deberá ser motivada e especificar:	NON	Non hai razón para elo, porque do que se trata é de facer fronte a uns problemas, non tanto que os faga. Se o solicitante non pode, nada se opón a que tome esas medidas outra persoa.
64.2.b.	Dirección Xeral de Producción Agropecuaria.	Proponse incrementar a súa redacción incluíndo: “así como o número de individuos de cada unha, con especificación de sexo e idade sempre que sexa posible”.	NON	Na autorización administrativa que se realice para autorizar deixar sen efecto as prohibicións establecidas na Lei, pódense establecer as condicións particulares que se estimen oportunas para cada caso, polo tanto no texto da Lei deben figurar unicamente as condicións que necesariamente deben esixirse en tódolos casos.
64.2.c.	Dirección Xeral de Producción Agropecuaria.	Proponse esixir a presenza de persoal cualificado para supervisar as capturas.	NON	Coa redacción proposta estase a restrinxir as autorizacións unicamente aos procedementos de captura, e o mesmo que se expoñía no apartado anterior é de aplicación neste, na autorización administrativa que se realice para autorizar deixar sen efecto as prohibicións establecidas na Lei, pódense establecer as condicións particulares que se estimen oportunas para cada caso.
64.3.	Dirección Xeral de Producción Agropecuaria.	Proponse incrementar a súa redacción engadindo: “intentando en todo momento que non ocasione sufrimento innecesario ao animal ou animais”.	NON	Estas obrigas xa están recollidas no artigo referente aos deberes do cazador, (artigo 59 do anteproxecto).
64.4.	Clubs e cazadores de caza maior de Galicia	Proponse incluír o parágrafo: “...Se por razón de urxente necesidade non puidese obterse a previa autorización administrativa en calquera dos supostos citados, ou ante o perigo de ameaza inminente para a seguridade das persoas ou os seus bens.....”.	NON	Esta condición xa está recollida en parte no apartado a), ao referirse á seguridade das persoas, non considerándose adecuado incluír os bens polas numerosas situacións nas que se poderían aplicar estas medidas fóra do ámbito de aplicación para o que foron establecidas.
<b>Unha vez realizados os cambios correspondentes ás alegacións estimadas, e os cambios propostos pola Asesoría Xurídica, o artigo que no borrador era o nº 64 pasa a ser o nº 69, coa seguinte redacción.</b>		<p>Artigo 69. Autorizacións especiais.</p> <p>1. Poderán quedar sen efecto as prohibicións previstas neste capítulo, logo de autorización da dirección xeral competente en materia de caza, cando concorra algunha das circunstancias seguintes:</p> <p>a) Cando da súa aplicación se derivasen efectos prexudiciais para a saúde e seguridade das persoas.</p> <p>b) Cando da súa aplicación se derivasen efectos prexudiciais para especies protexidas.</p> <p>c) Para previr prexuízos importantes aos cultivos, o gando, os bosques, a propia caza, a pesca ou a calidade das augas.</p> <p>d) Para protexer a flora e a fauna silvestres e os hábitats naturais.</p> <p>e) Cando sexa necesario por razón de investigación, educación, repoboación ou reintrodución, ou cando se precise para a cría en cativeiro orientada a ditos fins.</p> <p>f) Para previr accidentes en relación coa seguridade aérea.</p> <p>2. A autorización administrativa, que será persoal, intransferible e de carácter temporal deberá ser motivada e especificar:</p> <p>a) O obxecto ou razón da acción.</p> <p>b) A especie ou especies a que se refira.</p> <p>c) Os medios, os sistemas ou métodos a empregar e os seus límites, así como o persoal cualificado, no seu caso.</p> <p>d) As condicións de risco e as circunstancias de tempo e lugar.</p> <p>e) Os controis que se exercerán, se é o caso.</p> <p>3. O medio ou método autorizado será proporcionado á fin que se persiga.</p> <p>4. Se por razóns de urxente necesidade non puidese obterse a previa autorización administrativa en calquera dos supostos citados, darase conta nun prazo non superior ás vinte e catro horas, da acción realizada á xefatura territorial competente en materia de caza, que abrirá expediente administrativo para determinar a urxencia alegada e a xustificación do medio empregado, podendo, como resultado das devanditas actuacións informativas, ordenar a incoación do correspondente procedemento sancionador.</p>		
Artigo	Alegacións de	Contido da alegación	Aceptación	Observacións
65	Sociedade Galega de Historia Natural	Propón unha definición de montería e de cetrería seguindo o dicionario da lingua	NON	O que academicamente puidera significar cada unha destas modalidades de caza resulta insuficiente, como é de ver, para definila aos efectos da súa regulación legal.
65	ADEGA	2 b). Eliminar	NON	Modalidade con tradición en Galicia que se inclúe como novidade nesta lei.
65	Amigos da Terra	Propón que se eliminen as batidas contra do raposo e a súa caza en tobos.	NON	O raposo ten unha capacidade de adaptación e de reprodución elevada polo que cando se disparan as súas poboación produce moitos problemas no medio porque pode depredar dende ovos, crías ata animais de pequeno e mediano porte. Os ganchos de raposo teñen unha fonda tradición en Galicia e non representan unha modalidade máis efectiva que outras, polo que non se entende a proposta de eliminación desta modalidade. A caza en tobo resulta moi eficaz se se fai cos cans axeitados e non deixa de ser unha modalidade tradicional de caza desta especie.
65	Clubs e cazadores de caza maior de Galicia	Proponse incluír un artigo ou apartado que se titule “A caza por interese público e de control de especies”.	NON	As motivacións deste artigo que se propón xa están incluídas no propio texto da Lei, no artigo 1 “Obxecto e finalidade”.

65.1.	Asociación Lobo	Propónse reducir o número de cazadores e cans utilizados nestas dúas modalidades de caza.	NON	Considérase que as modalidades descritas precisan para a súa correcta execución do número de cazadores e cans propostos.
65.1.a.	Clubs e cazadores de caza maior de Galicia	Propónse que na redacción da modalidade de “montaría”, se reflecta que será obrigatorio utilizar prendas de seguridade e as armas enfundadas ata a colocación nos postos, non debendo limitarse o número de rehalas.	NON	Estas obrigas xa están establecidas no texto da Lei, considerándose necesario limitar o número de rehalas e polo tanto o número de cans que se poden utilizar, porque se trata dunha modalidade deportiva e polo tanto teñen que ser proporcionais os medios que se van utilizar coa modalidade de caza que se practique. A obriga proposta de levar as armas enfundadas ata a colocación nos postos xa está recollida.
65.1.a.	Particular.	Propónse engadir ao final deste apartado: “...ata 5 rehalas por cada 200 has. de superficie monteada...”.	NON	En Galicia pode resultar complicado esa determinación
65.1.a.	UNITEGA	Propónse a seguinte redacción: Montaría: consiste en bater con axuda de cans unha mancha ou extensión de monte pechada por cazadores distribuídos en armadas e colocados en postos fixos. Os cazadores situados nos postos fixos non poderán moverse destes mentres dure a montaría. Neste caso os batedores só poderán portar armas brancas para o remate das pezas. O número de cazadores en postos será entre 20 e 150 e o de cans, ata 5 rehalas.	NON	Se son fixos, tal como se di, non se poden mover, 150 cazadores resulta excesivo
65.1.a.b.	Matar por matar non. Particulares. Asociación de veciños San Breixo de Seixalbo.	Propónse eliminar estas dúas modalidades de caza por o número de cazadores e de cans no caso da montería, e a batida para o raposo por non xustificarse ao non haber danos.	NON	Considérase que as modalidades descritas precisan para a súa correcta execución do número de cazadores e cans propostos, así como que o raposo como especie cinxética está suxeita a aproveitamento das súas poboacións sen que para elo teñan que producirse danos.
65.1.a.	Federación Galega de Caza	Propón os seguintes cambios. “...O número de cazadores en postos será entre 20 e 60 e de cans, ata 6 rehalas.	NON	Non se xustifica o incremento de cans e cazadores
65.1.b.	Sociedade de cazadores de Portas	Propón realizar os seguintes cambios: “Batida: é unha modalidade de caza colectiva para a caza maior e a caza do raposo, na que participarán un mínimo de 10 cazadores e un máximo de 30 en postos fixos, que poden variarse durante o desenvolvemento da actividade, sempre que así o indique o responsable da cacería. Poderanse utilizar ata 30 cans, en dous grupos como máximo, sen prexuízo dunha posterior confusión. Os cans poden ser...”	NON	O responsable da cacería dirixe o seu desenvolvemento e toma as decisións que considere oportunas para a boa marcha da cacería
65.1.b.	Particular.	Propón que a definición de batida ou gancho sexa a seguinte: “É unha modalidade de caza colectiva para a caza maior e caza do raposo, na que participarán un mínimo de 10 cazadores e un máximo de 30 postos. Ademais cando así o indique ou aconselle a zona de monta a bater e sempre coa autorización expresa da autoridade competente; poderase ampliar ata 40 postos e utilizar 40 cans. Os cans poden ser acompañados polos cazadores no exercicio da caza”.	NON	Non se xustifica ese incremento de cans e cazadores
65.1.b.	Federación Galega de Caza	Propón a seguinte redacción: “ Batida: É unha modalidade de caza colectiva para a caza maior e a caza do raposo, na que participarán un mínimo de 10 cazadores e un máximo de 30, podendo no caso do raposo participar un mínimo de 6, en postos que poden variarse durante o desenvolvemento da actividade. Poderanse utilizar ata 50 cans. Os cans poden ser acompañados polos cazadores, no exercicio da caza. Nesta modalidade non hai auxiliares de caza. A acción consistente no rastrexo polos cazadores da zona batida con cans atraillados para localizar o encame da pezas considérase acción preparatoria da caza. Excepcionalmente e cando así o aconsellen as características da zona, previa autorización, poderán ampliarse os postos ata un máximo de 40.”	NON	Variar o número mínimo de cazadores e cans desnatura a definición de batida.
65.1.b.	Clubs e cazadores de caza maior de Galicia	Propónse que na redacción da modalidade de “batida”, se inclúa o seguinte texto: un mínimo de 10 cazadores e un máximo de 30 en postos, “fixos que non deberán moverse ata que o autorice o xefe de batida, para poder situarse noutro posto determinado por este”. Tamén se propón que non se limite o número de cans.	NON	Si os postos son fixos, non se poden variar, polo tanto a redacción actual permiten modificar a situación dos postos, con autorización do xefe de cuadrilla. No tocante ao número de cans, considérase necesario limitar este, porque se trata dunha modalidade deportiva e polo tanto teñen que ser proporcionais os medios que se van utilizar coa modalidade de caza que se practique.
65.1.b.	APROCA Galicia	Propónse excluír da redacción o parágrafo: “en dous grupos como máximo, sen prexuízo dunha posterior confusión”.	NON	Considérase que nesta modalidade de caza os cans deben ir agrupados para producir o efecto de mover a caza.
65.1.b.	UNITEGA	Propónse a seguinte redacción: Batida: É unha modalidade de caza colectiva para a caza maior e a caza do raposo, na que participarán un mínimo de 10 cazadores para a caza maior ou de 6 cazadores para a caza do raposo, e un máximo de 30 en postos, que poden variarse durante o desenvolvemento da actividade. Poderanse utilizar ata 30 cans, en dous grupos como máximo, sen prexuízo dunha posterior confusión. Os cans poden ser acompañados por cazadores, no exercicio da caza. Nesta modalidade non hai auxiliares de caza. A acción consistente no rastrexo polos cazadores da zona da batida con cans atrelados para localizar o encame das pezas considérase acción preparatoria da caza.	NON	Variar o número mínimo de cazadores e cans desnatura a definición de batida.
65.1.b.	Representantes dalgunhas sociedades de caza de Pontevedra	Propónse incrementar a redacción incluíndo: “... cando así o indique ou aconselle a zona de monte a bater e sempre con autorización expresa da autoridade competente; poderase ampliar ata 40 postos e utilizar 40 cans. Os cans poden ser acompañados polos cazadores no exercicio da caza...”.	NON	Variar o número mínimo de cazadores e cans desnatura a definición de batida.

<b>65.1b.</b>	Particulares.	Propón que se mateña a definición dobre de gancho ou batida. Ampliar en determinadas condicións a 40 o número de postos e de cans, coa autorización expresa da autoridade competente.	NON	Unifícase a denominación desta modalidade de caza para evitar confusións e harmonizar esta denominación coa que se usa no resto de Estado español.. Non se considera xustificada a ampliación do número de postos e de cans.
<b>65.1.b.</b>	Presidentes de Tecores, Gardas particulares de campo e técnicos. Particular. Representantes dalgunhas sociedades de caza de A Coruña.	Propónse que esta modalidade cando se aplique para o raposo, se estableza un mínimo de 6 participantes.	NON	Considérase que a modalidade de batida precisa para a súa correcta execución do número de cazadores propostos, existindo outras modalidades para a caza do raposo que precisan dun menor número de participantes.
<b>65.1.b.</b>	Particular.	Propónse que se estableza un mínimo de 7 participantes para esta modalidade, así como que se especifique que as accións preparatorias non son acción de caza.	NON	Considérase que a modalidade de batida precisa para a súa correcta execución do número de cazadores propostos. No texto do borrador xa se establece que as accións preparatorias non son acción de caza.
<b>65.1.b.</b>	APROCA Galicia	Propónse que se estableza un mínimo de 6 participantes para esta modalidade.	NON	Considérase que a modalidade de batida precisa para a súa correcta execución do número de cazadores propostos.
<b>65.1.c.</b>	Federación Galega de Caza	Propón engadir ao final do apartado: “,si ben a criterio do titular do aproveitamento poderá facelo en solitario.”	NON	Non se pode deixar a un cazador que cace como queira e o que queira, hai unha legalidade que atender.
<b>65.1.c.</b>	Particular.	Propónse que nesta modalidade de caza o guía sexa opcional deixando a criterio do titular do aproveitamento cinexético a obriga de levar guía ou non.	NON	Non se pode deixar a un cazador que cace como queira e o que queira, hai unha legalidade que atender.
<b>65.2.b.</b>	Asociación Lobo Particulares. Asociación de veciños San Breixo de Seixalbo.	Propónse eliminar esta modalidade de caza.	NON	Trátase dunha modalidade de caza moi especializada e utilizada tradicionalmente, tendo que ser considerada como unha posible modalidade para a caza desta especie.
<b>65.2.b.</b>	Organización Galega de mvmc	Propónse a eliminación da modalidade de caza menor en tobo, ao considerar que non é tradicional en Galicia, con repercusións negativas para os raposos e os cans.	NON	Non está acreditado que non sexa tradicional esta modalidade de caza en Galicia, pero independentemente do número de afeccionados que teña nesta Comunidade, trátase dunha modalidade de caza moi especializada e utilizada tradicionalmente, tendo que ser considerada como unha posible modalidade para a caza desta especie.
<b>65.2.d.</b>	Federación Galega de Caza	Propón substituír: “disparar sobre”por “dar caza a”	SI	Pódese estimar
<b>65.2.e.</b>	Federación Galega de Caza	Propón substituír: “pezas” por “aves”	NON	Poden acudir animais de pelo
<b>65.2.e.</b>	Sociedade de cazadores de Portas	Propón a utilización de cimbeles só no caso de caza de acuáticas.	NON	Non se fundamenta esa proposición
<b>65.2.e.</b>	Clubs e cazadores de caza maior de Galicia	Advértese que este apartado pode entrar en contradición co 62.2.b). Dado que o Címbel pode ser un animal vivo.	NON	Os cimbeles autorizados na modalidade de posto fixo ou espera serán figuras de animais que non corresponden con exemplares vivos ou naturalizados.
<b>65.2.e.</b>	APROCA Galicia	Propónse substituír o termo “pezas” por “aves”. Tamén se propón a posibilidade de modificar a zona de seguridade cando se cacen acuáticas mediante esta modalidade.	NON	Poden acudir animais de pelo
<b>65.2.e.</b>	Asociación Lobo	Propónse que non se autorice a caza con cimbeles.	NON	Non hai motivos para non autorizar a utilización dos cimbeles.
<b>65.2.f.</b>	APROCA Galicia	Propónse eliminar “os postos”.	SI	Considérase esta proposta.
<b>65.2.f.</b>	Sociedade de cazadores de Portas	Propón eliminar: “nos postos”.	SI	Considérase esta proposta.
<b>65.2.f.</b>	Federación Galega de Caza	Propón eliminar: “nos postos” e engadir ao final do apartado “no caso do coello.”.	NON	Trátase de limitar o número máximo de cazadores para ambas especies.
<b>65.2.g.</b>	Federación Galega de Caza	Propón engadir un novo apartado coa seguinte redacción.: “g.- Caza ao dente: trátase dunha modalidade tradicional de caza sen armas, onde un grupo de cans buscan e seguen as pezas con intención de capturalas. Desenvolveríase sempre en tempada hábil de caza.”	SI	Estímase a proposta coas modificacións expostas na redacción dada a este apartado.
<b>65.2.g.</b>	Sociedade de cazadores de Portas	Propón un novo apartado redactado da seguinte forma: “g.- Caza ao dente: trátase dunha modalidade tradicional de caza sen armas, onde un grupo de cans buscan e seguen as pezas (coellos) con intención de capturalas. Desenvolveríase sempre en tempada hábil de caza.”	SI	Estímase a proposta coas modificacións expostas na redacción dada a este apartado.
<b>65.3</b>	Asociación española de cetrería.	Propónse definir a modalidade de caza incluíndo “... con ou sen a axuda de cans.”.	NON	Na definición actual non se está excluindo a utilización de cans.
<b>65.3.a</b>	UNITEGA	Propónse a seguinte redacción: Caza con arco: é a que se realiza con este método de captura.	SI	Estímase esta proposta.
<b>65.3.a.</b>	Particular.	Propónse que a caza con arco non sexa considerada como unha modalidade de caza diferente, senón como un arma coa que se poida practicar as diferentes modalidades de caza permitidas. Así mesmo tamén se propón que se permita a utilización deste arma nos terreos baixo réxime cinexético común e que para cazar con arco non sexa necesario incluílo no POC, dado que si se deixa a elección das xuntas directivas do Tecor incluír no plan de ordenación cinexética o arco como arma de caza permitida, provoca unha discriminación do arqueiro fronte ao cazador que utiliza arma de fogo.	Parcialmente	A caza con arco considérase unha modalidade de caza e o arco como un instrumento ou método de captura. O resto de alegacións realizadas estímense.
<b>65.3.c</b>	UNITEGA	Propónse incluír unha nova modalidade denominada:	NON	Considérase como unha modalidade de caza menor.

		Caza a dente: Esta é unha forma tradicional de caza sen armas, onde un grupo de cans busca e persegue as pezas (coellos) coa intención de darlle morte ou capturalos.		
65.4.	UNITEGA	Propónse incluír este novo apartado no que se faga alusión a: <u>Modalidades tradicionais</u> . Entenderase como tal os procedementos de caza utilizados en Galicia, documentados antes da metade do século XX e usados ininterrumpidamente. Estas modalidades de caza tradicionais na comunidade Autónoma serán obxecto de especial regulación e protección administrativa.	NON	Sería boo coñecer cales son esas modalidades tradicionais, en calquera caso non se exclúe a posibilidade de que sexan desenvolvidas regulamentariamente.
<p><b>Unha vez realizados os cambios correspondentes ás alegacións estimadas, e os cambios propostos pola Asesoría Xurídica, o artigo que no borrador era o nº 65 pasa a ser o nº 70, coa seguinte redacción.</b></p>		<p>Artigo 70. Modalidades de caza.</p> <p>1. As modalidades autorizadas para a caza maior son as seguintes:</p> <p>a). Montaría: consiste en bater con axuda de cans unha mancha ou extensión de monte pechada por cazadores/as distribuídos/as en armadas e colocados/as en postos fixos. Neste caso os/as batedores/as só poderán portar armas brancas para o remate das pezas. O número de cazadores/as en postos será entre 20 e 50 e o de cans, ata 5 rehalas.</p> <p>b). Batida: É unha modalidade de caza colectiva para a caza maior e a caza do raposo, na que participarán un mínimo de 10 cazadores/as e un máximo de 30, podendo variarse os postos durante o desenvolvemento da actividade. Poderanse utilizar ata 30 cans, en dous grupos como máximo, sen prexuízo dunha posterior confusión. Os cans poden ser acompañados por cazadores/as, no exercicio da caza. Nesta modalidade non hai auxiliares de caza. A acción consistente no rastrexo polos/as cazadores/as da zona da batida con cans atrelados para localizar o encame das pezas considérase acción preparatoria da caza.</p> <p>c). Rececho: consiste en que o/a cazador/a, co ánimo de abatela, busca a peza con axuda dun/dunha garda ou dun/dunha guía.</p> <p>d). Agardo ou espera: consiste en que o/a cazador/a espera apostado nun lugar a que a peza acuda espontaneamente a el/ela.</p> <p>En todas as modalidades de caza maior, as pezas de caza cobradas haberán de ir identificadas cun precinto de caza.</p> <p>2. As modalidades autorizadas para a caza menor son as seguintes:</p> <p>a). En man: consiste nun grupo de cazadores/as que, con ou sen a axuda de cans, colocados en liña e separados entre si por unha distancia variable, avanza cazando nun terreo.</p> <p>b). Tobo: técnica de caza utilizada para a caza do raposo, nos seus lugares de refuxio, baseada no traballo dos cans especializados na persecución e acoso a esta especie nas súas tobeiras ou refuxios subterráneos.</p> <p>c). Olleo: consiste en bater un determinado terreo por olladores sen cans para que a caza pase por unha liña de cazadores/as apostados/as en lugares fixos.</p> <p>d). Ao salto: consiste en que o/a cazador/a en solitario ou con can, percorre o terreo para dar caza ás pezas de caza que encontre.</p> <p>e). Ao paso ou en posto fixo ou espera: consiste en que o/a cazador/a, dende un posto fixo, espera a que as pezas pasen polo lugar ou acudan a el espontaneamente ou con axuda de cimbeles.</p> <p>f.) Zapeo: Modalidade usada exclusivamente para o coello e o raposo, consistente en bater un determinado terreo por cazadores/as con ou sen axuda de cans, para que os coellos ou raposos escorrentados pasen por onde están apostados os/as outros/as cazadores/as do grupo. O número máximo de cazadores/as deberá ser inferior a 10.</p> <p>g). Caza ao dente: trátase dunha modalidade tradicional de caza sen armas, onde un/unha ou varios/as cazadores/as acompañados/as de cans buscan e levantan as pezas con intención de que as capturen os cans.</p> <p>3. As modalidades autorizadas para a caza maior ou menor indistintamente son as seguintes:</p> <p>a). Caza con arco: é a que se realiza con este método de captura.</p> <p>b). Cetraría: entenderase por cetraría a modalidade de caza que utiliza as aves rapaces mantidas en catividade, para o seu uso como medio de caza.</p> <p>4. Regulamentariamente determinaranse as condicións e requisitos para a práctica das modalidades de caza.</p> <p>5. No caso de que xurdan modalidades non tradicionais en Galicia que non supoñan risco para as poboacións das especies cinexéticas sobre as que se practiquen, poderanse definir e autorizar regulamentariamente.</p>		
Artigo	Alegacións de	Contido da alegación	Aceptación	Observacións
66	Amigos da Terra	Propón que se realicen soio en los terreos cinexético-deportivos. Propon eliminar o apartado 3º.	NON	Polas dimensións deles e porque non se xustifica a proposta non debe estimarse. A autoridade administrativa, si o estime pertinente poderá autorizar competicións fora da tempada hábil de caza, valorando as circunstancias que median para que tal se faga.
66	Sociedade Galega de Historia Natural	Prohibir as competicións fora da tempada	NON	Faise con carácter excepcional e cando as circunstancias, en opinión do Director Xeral correspondente, o consintan
66	ADEGA	3. Eliminar	NON	Esta é unha posibilidade especial que se reserva a Administración para circunstancias determinadas.
66	Organización Galega de mvmc	Propónse que se elimine, dado que a temporada de caza é o suficientemente ampla sen necesidade de celebrar competicións fóra dela.	NON	Considérase que a amplitude da temporada de caza non supón un criterio a ter en conta para prohibir as competicións cinexéticas.
66.1.	Sociedade Galega de Cetrería	Propónse que todas as competicións realizadas pola Federación Galega de Caza teñan a consideración de oficiais.	NON	Non existe razón para que todas as probas organizadas pola Federación Galega de Caza teñan que considerarse oficiais. Soamente teñen carácter oficial as competicións organizadas pola Federación Galega de Caza, pero non necesariamente todas elas teñen que ter esa condición.
66.1.	UNITEGA	Propónse a seguinte redacción: Teñen a consideración de competicións cinexéticas as probas cualificadas como tales	NON	Soamente pode organizar competicións oficiais, segundo a lei do deporte, a Federación Galega de Caza

		polas Federaci3ns deportivas e Asociaci3ns, cuxa pr3ctica haber3 de ser conforme 3s disposici3ns da presente Lei e as s3as normas de desenvolvemento		
66.2.	Matar por matar non Particulares. Asociaci3n de veci3os San Breixo de Seixalbo. Federaci3n ecoloxista galega.	Proponse que os campionatos unicamente se autoricen en terreos cinex3ticos deportivos.	NON	A realizaci3n de probas deportivas nun Tecor 3 unha actividade que se considera admisible e compatible coa s3a xesti3n.
66.3.	Matar por matar non Particulares. Asociaci3n de veci3os San Breixo de Seixalbo.	Proponse que se elimine a posibilidade de autorizar a celebraci3n de competici3ns f3ra do per3odo h3bil de caza.	NON	Cont3mplase esta posibilidade por tratarse dunha autorizaci3n especial, polo que no caso de realizarse ser3 baixo as condici3ns impostas na s3a autorizaci3n.
66.3.	UNITEGA	Proponse suprimir esta apartado ao considerar que a caza debe estar por riba da s3a pr3ctica deportiva, non debendo permitirse a celebraci3n dun campionato f3ra dos d3as h3biles de caza.	NON	3 unha posibilidade excepcional sometida a autorizaci3n administrativa
<b>Unha vez realizados os cambios correspondentes 3s alegaci3ns estimadas, e os cambios propostos pola Asesor3a Xur3dica, o artigo que no borrador era o n3 66 pasa a ser o n3 71, coa seguinte redacci3n.</b>		<p>Artigo 71. Competici3ns cinex3ticas.</p> <p>1. Te3en a consideraci3n de competici3ns cinex3ticas as probas cualificadas como tales pola Federaci3n Galega de Caza, cuxa pr3ctica, no que non se refire as regras deportivas, haber3 de ser conforme 3s disposici3ns da presente lei e 3s s3as normas de desenvolvemento.</p> <p>2. As competici3ns cinex3ticas s3 poder3n realizarse en terreos cinex3ticos sometidos a r3xime especial e previa autorizaci3n do/a titular da xefatura territorial da conseller3a competente en materia de caza cando o 3mbito sexa unha provincia e o/a director/a xeral competente en materia de caza cando o 3mbito sexa auton3mico.</p> <p>3. Con car3cter xeral as competici3ns realizaranse durante o per3odo h3bil de caza, non obstante os 3rganos citados no apartado anterior poder3n autorizar competici3ns f3ra deste sempre que sexa con caza sementada.</p>		
Artigo	Alegaci3ns de	Contido da alegaci3n	Aceptaci3n	Observaci3ns
67	UNITEGA	Proponse que o t3tulo deste artigo sexa: A caza con fins cient3ficos e formativos.	NON	A formaci3n non xustifica ning3n r3xime especial
67.1.	Direcci3n Xeral de Produci3n Agropecuaria.	Proponse incluír na redacci3n as raz3ns sanitarias para autorizar a caza con fins cient3ficos.	SI	Est3mase que poden incluírse esas raz3ns.
67.1.	UNITEGA	Proponse a seguinte redacci3n: Cando existan raz3ns de orde t3cnica ou cient3fico que o aconsellen, o titular da xefatura territorial correspondente da conseller3a competente en materia de caza poder3 capturar ou autorizar a captura de determinados exemplares da fauna cinex3tica. Tam3n se poder3 autorizar a captura de exemplares da fauna cinex3tica f3ra das s3as 3pocas de caza para realizar acci3ns formativas dirixidas aos cazadores.	NON	Non hai raz3n para cazar por este motivo fora da tempada de caza
<b>Unha vez realizados os cambios correspondentes 3s alegaci3ns estimadas, e os cambios propostos pola Asesor3a Xur3dica, o artigo que no borrador era o n3 67 pasa a ser o n3 72, coa seguinte redacci3n.</b>		<p>Artigo 72. A caza con outros fins.</p> <p>1. Cando existan raz3ns de orde t3cnica, sanitaria ou cient3fica que o aconsellen, a xefatura territorial da conseller3a competente en materia de caza poder3 autorizar a captura de determinados exemplares da fauna cinex3tica con consentimento do/da titular do dereito cinex3tico.</p> <p>2. As autorizaci3ns conter3n polo menos as seguintes especificaci3ns:</p> <p>a) A finalidade da actividade cinex3tica e o destino dos exemplares obxecto de captura.</p> <p>b) As especies e n3mero de exemplares que poden ser obxecto de captura.</p> <p>c) D3as e horas h3biles para a caza.</p> <p>d) M3todos ou medios autorizados.</p> <p>e) Terreos nos que pode practicarse a caza con outros fins.</p> <p>f) Prazo polo que se outorga a autorizaci3n.</p> <p>3. Finalizado o prazo concedido para a caza con outros fins, as persoas autorizadas deber3n presentar ante o 3rgano autorizante memoria descritiva do desenvolvemento da actividade, con expresi3n dos d3as e horas nos que se desenvolveu, medios de captura utilizados, n3mero de exemplares capturados por especies e resultados da actuaci3n.</p>		
Artigo	Alegaci3ns de	Contido da alegaci3n	Aceptaci3n	Observaci3ns
68	Direcci3n Xeral de Produci3n Agropecuaria.	Proponse engadir os seguintes apartados dentro do punto 68.3, referido as funci3ns que poder3n realizar os axentes da autoridade: <ul style="list-style-type: none"> <li>Aportar informaci3n e colaborar na toma de mostras biol3xicas e sanitarias, a petici3n da autoridade competente en materia de sanidade animal, en cumprimento do establecido nos programas nacionais de vixilancia e control de enfermidades animais.</li> <li>Po3er en co3ecemento da autoridade sanitaria calquera situaci3n ou actuaci3n que vulnere a normativa da s3a competencia.</li> </ul>	NON	Son funci3ns que poder3n realizar os axentes da autoridade, independentemente de que figure ou non no texto da Lei.  Hai actuaci3ns que requiren de co3ecementos e materiais de protecci3n especiais que non poden realizar os axentes, tendo que asumir o risco de contaxio ao transportar animais mortos ou enfermos, desco3ecen a normativa de sanidade animal e non poden diferenciar a existencia de enfermidades infecciosas.

		<ul style="list-style-type: none"> <li>Comunicar a sospeita ou existencia de enfermidade infecto-contaxiosa.</li> </ul>		
68	Matar por matar non	Exponse que falta eficacia neste artigo.	NON	Non se considera esta alegación dada a ambigüidade da mesma.
68	Particular.	Proponse engadir un apartado no que se faga constar que como parte do fomento da actividade cinexética a Administración promocionará a contratación dos gardas nos Tecores.	NON	Esa é una orientación que pode dar o goberno como unha medida de natureza política
68.1.	Federación Galega de Gardas e Asociación de empresas e expertos de seguridade de Galicia	Proponse que neste artigo se inclúa a figura do garda particular de campo como figura que ten encomendadas as tarefas de vixilancia da actividade cinexética, baixo a denominación de “garda de caza autonómico”.	Parcialmente	Parece mais adecuada a denominación de gardas de caza, polo seu contido competencial.
68.1.	Federación ecoloxista galega.	Proponse que se poña o plural de Administración Pública en lugar do singular.	NON	O concepto en singular engloba a tódalas Administracións Públicas.
68.1.	CCOO	Proponse suprimir o parágrafo: “dependentes da consellería competente en materia de caza, e polos demais corpos e institucións da Administración pública que, con carácter xeral, teñan encomendadas funcións de custodia dos recursos naturais”, posto que na Lei 2/2000 non se fai distinción entre axentes dependentes dunha consellería concreta.	NON	A vixilancia e coidado da caza lle corresponde aos funcionarios que teñen competencias específicas na materia.
68.2.	Asociación de veciños San Breixo de Seixalbo. Particular.	Proponse que os axentes facultativos medioambientais, no exercicio das súas funcións teñan a consideración de Policía Xudicial, de acordo co disposto no art. 283 da Lei de Enxuízamento criminal e ostentan o carácter de axentes da autoridade.	NON	Xa o son porque o di a lei, pero non se deben confundir cos funcionarios da policía xudicial
68.3.a)	Federación Galega de Caza	Propón eliminar. “e entrar libremente, en calquera momento e sen previo aviso”, “e a permanecer neles”, e “a menos que considere que a devandita comunicación poida prexudicar o éxito das súas funcións.”.	NON	Trátase de facilitar a súa labor de vixilancia e de control da actividade cinexética dacordo coa lei.
68.3.b)	Federación Galega de Caza	Propón a seguinte redacción: “Proceder a practicar as dilixencias de investigación, exame ou proba necesarias para comprobar que as disposicións legais se observan correctamente.”	NON	Non se advirten diferenzas de fondo
68.3.c)	Federación Galega de Caza	Propón eliminar este apartado.	NON	Non se entende a razón de eliminar este apartado.
<p><b>Unha vez realizados os cambios correspondentes ás alegacións estimadas, e os cambios propostos pola Asesoría Xurídica, o artigo que no borrador era o nº 68 pasa a ser o nº 73, coa seguinte redacción.</b></p>		<p>Artigo 73. A vixilancia da actividade cinexética.</p> <p>1. A vixilancia da actividade cinexética e do cumprimento dos preceptos da presente lei e da normativa que a desenvolva, serán desempeñados polos/as axentes facultativos/as medioambientais e os/as axentes forestais dependentes da consellería competente en materia de caza, polos demais corpos e institucións da Administración Pública que, con carácter xeral, teñan encomendadas funcións de custodia dos recursos naturais e polos/as gardas de caza.</p> <p>2. No exercicio das súas funcións, os/as axentes facultativos/as medioambientais e axentes forestais terán a consideración de axentes da autoridade.</p> <p>3. Os/as axentes da autoridade, no exercicio das funcións de vixilancia, inspección e control poderán:</p> <p>a) Solicitar a exhibición da documentación obrigatoria para o exercicio da caza.</p> <p>b) Examinar, ocupar e reter, cando proceda, as pezas cobradas e os medios de caza empregados.</p> <p>c) Acceder e entrar libremente, en calquera momento e sen previo aviso, en todo tipo de terreos e instalacións suxeitos a inspección e a permanecer neles, con respecto, en todo caso, á inviolabilidade do domicilio. Ao efectuar unha visita de inspección, deberán identificarse e comunicar a súa presenza á persoa inspeccionada ou ao/á seu/súa representante, a menos que considere que a devandita comunicación poida prexudicar o éxito das súas funcións.</p> <p>d) Proceder a practicar calquera dilixencia de investigación, exame ou proba que consideren necesaria para comprobar que as disposicións legais en materia de caza, se observan correctamente.</p> <p>e) Tomar ou sacar mostras de substancias e materiais, realizar medicións, obter fotografías, vídeos, gravación de imaxes, e levantar esbozo e planos, sempre que se notifique ao/á titular ou ao/á seu/súa representante, salvo casos de urxencia, entendida por tal aquela na que non sendo posible localizalos o retraso poidera limitar ou impedir a súa eficacia, nos que a notificación poderá efectuarse con posterioridade.</p> <p>4. No exercizo das súas funcións terán prohibido o exercizo da caza.</p>		



		5. Calquera cidadán/cidadá poderá solicitar a intervención dos/as axentes da autoridade cando detecte actuacións prohibidas ou advirta circunstancias perigosas para a fauna silvestre. 6. Nos procedementos sancionadores que se instrúan como consecuencia de infraccións tipificadas na presente lei, as denuncias formuladas polos/as axentes da autoridade no exercizo das súas funcións, que presenciaren os feitos, gozarán da presunción de veracidade.		
Artigo	Alegacións de	Contido da alegación	Aceptación	Observacións
69	Sociedade Galega de Historia Natural	Propón que a vixilancia privada sexa obrigatoria e que o número de gardas estea en función da superficie a vixiar	NON	Estímase, como a meirande parte das Autonomías españolas, que esta esixencia resulta moi gravosa para os tecores. Os tecores, en función das súas posibilidades e circunstancias particulares deberá decidir se opta por tela o por non tela. Os custes de mantemento dun servizo de gardería privada son para algúns titulares de todo punto inasumibles.
69	Amigos da Terra	Pretende que se constitúan os axentes facultativos medioambientais como Policía xudicial 10) propón que o parte se remita ao responsable territorial da consellería en lugar de facelo ao titular do terreo cinexético	NON	Teñen esa consideración para a persecución dos delitos e o aseguramento dos delinquentes, xa o di a Lei de Enxuízamento Criminal. Esa é unha competencia do Estado en todo caso.  Esta é unha competencia que corresponde ao titular cinexético, que terá que valorar a conveniencia da súa comunicación á Administración.
69	ADEGA.	Que a vixilancia privada sexa obrigatoria	NON	Estímase, como a meirande parte das Autonomías españolas, que esta esixencia resulta moi gravosa para os tecores. Os tecores, en función das súas posibilidades e circunstancias particulares deberá decidir se opta por tela o por non tela. Os custes de mantemento dun servizo de gardería privada son para algúns titulares de todo punto inasumibles.
69	Amigos da Terra	Que os gardas de caza estean en posesión do ciclo formativo de grao medio en traballos forestais e conservación do medio ambiente.	NON	O nivel académico determinarase en vía regulamentaria.
69	Asociación animalista LIBERA	Considérase necesario que ter a condición de cazador sexa excluínte para poder ser garda de caza.	NON	No apartado 5 establéceneselles a incompatibilidade do exercicio da actividade cinexética no ámbito territorial para o que foron contratados coa labor de garda de caza. O que non se pode é prohibir a realización dunha actividade lúdica en función da profesión que teña unha persoa.
69	Federación ecoloxista galega.	Propónse que se faga mención expresa á Lei estatal de seguridade privada como a lexislación que regula os gardas de caza, así como que se denomine a esta figura como Gardas de Campo.	NON	Non procede facer remisión para cada profesional do servizo da vixilancia da súa normativa de aplicación.
69	Dirección Xeral de Producción Agropecuaria.	Propónse engadir uns apartados a este artigo co seguinte contido: <ul style="list-style-type: none"> <li>Aportar información e colaborar na toma de mostras biolóxicas e sanitarias, a petición da autoridade competente en materia de sanidade animal, en cumprimento do establecido nos programas nacionais de vixilancia e control de enfermidades animais.</li> <li>Poñer en coñecemento da autoridade sanitaria calquera situación ou actuación que vulnere a normativa da súa competencia.</li> <li>Comunicar a sospeita ou existencia de enfermidade infecto-contaxiosa.</li> </ul>	NON	No apartado 4.c deste artigo xa se establece con carácter xeral a habilitación dos gardas de caza para realizar aquelas labores a favor da caza que puideran encomendáselles, sen necesidade de especificar cada unha das funcións que poderían realizar.
69	Clubs e cazadores de caza maior de Galicia	Propónse que se lles outorgue a condición de axentes auxiliares da autoridade.	NON	É unha figura que non aporta ningún beneficio substantivo á labor de vixilancia.
69	Organización Galega de mvmc	Propónse que debe ser obrigatoria a gardería privada para os tecores.	NON	Considérase que dentro da tarefa de vixilancia e coidado da caza que está a desenvolver os axentes da autoridade, a gardería privada é unha opción máis á que o titular pode recorrer si o considera necesario, por este motivo se contempla no texto do anteproxecto, pero nunca se lle debe obrigar.
69	Presidentes de Tecores, Gardas particulares de campo e técnicos. Representantes dalgunhas sociedades de caza de A Coruña.	Propónse que aqueles tecores que contén con gardería se primen nas axudas concedidas pola Administración, así como se recoñeza a figura de garda como axente da autoridade no desempeño das súas funcións.	NON	Terá que ser na correspondente convocatoria das axudas, onde se ten que establecer o baremo a utilizar para a súa concesión. A condición de axente da autoridade é un privilexio que se lle concede aos funcionarios públicos con competencias nesa materia.
69.1.	Sociedade de cazadores de Portas.	Propón engadir ao final do parágrafo:“específicas”.	NON	Non se entende ben o sentido da alegación.
69.1.	Federación Galega de Caza	Propón substituír “por medio de empresas” por “mediante contrato de servizo con gardas ou empresas.”.	SI	Estímase a proposta.
69.1	Federación Galega de Gardas e Asociación de empresas e expertos de seguridade de Galicia	Propónse que a vixilancia privada para os tecores sexa obrigatoria e non opcional.	NON	Non se considera necesario impoñer esta obriga aos titulares dos tecores, posibilitando o contratar este servizo ao contemplalo como opcional na Lei.
69.1.	APROCA Galicia	Propónse substituír: “...por medio de empresas...” por “...mediante contrato de servizo con gardas ou empresas...”.	SI	Estímase a proposta.

69.2.	CFEA Becerreá Particulares. Asociación de veciños San Breixo de Seixalbo.	Proponse engadir un novo apartado facendo obrigatorio para o garda de caza estar en posesión do ciclo formativo en grado medio en traballos forestais e conservación do medio natural.	NON	A titulación dos gardas de caza establecerase regulamentariamente.
69.5.	Particular.	Non se entende porque a un garda de caza se lle prohiba cazar fora do horario da súa actividade.	NON	Ao garda prohibéselle cazar, tal e como se reflicte neste artigo, durante o exercicio das súas funcións.
69.7.	Federación Galega de Caza	Propón substituír: “federacións” por “a Federación Galega de Caza”.	NON	Pode haber outras federacións de tecores diferentes a FGC.
69.7.	APROCA Galicia	Proponse substituír o termo “federacións” por “a federación galega de caza”.	NON	Pode haber outras federacións de tecores diferentes a FGC.
69.10	CCOO	Proponse eliminar o texto: “se é o caso”, dado que as incidencias graves deben poñerse en coñecemento de xeito obrigatorio a Administración pública.	NON	Esta é unha competencia que corresponde ao titular cinexético, que terá que valorar a conveniencia da súa comunicación á Administración.
69.10.	Sociedade de cazadores de Portas.	Propón a seguinte redacción: “O garda de caza, no exercicio das súas funcións, deberá elevar un parte de incidencia ante a administración competente e entregar unha copia ao titular do terreo cinexético, por se houberse lugar a iniciar accións dentro do ámbito da sociedade de caza.”	NON	Esta é unha competencia que corresponde ao titular cinexético, que terá que valorar a conveniencia da súa comunicación á Administración.
69.10	Federación Galega de Caza	Propón eliminar este punto.	NON	Se non pon en coñecemento os feitos obxecto da denuncia carece de sentido o seu traballo.
69.10.	APROCA Galicia	Expón que a denuncia ante o titular non parece ser unha fórmula adecuada, dado que pode converterse nun filtro das mesmas.	NON	Esta é unha competencia que corresponde ao titular cinexético, que terá que valorar a conveniencia da súa comunicación á Administración.
<p><b>Unha vez realizados os cambios correspondentes ás alegacións estimadas, e os cambios propostos pola Asesoría Xurídica, o artigo que no borrador era o nº 69 pasa a ser o nº 74, coa seguinte redacción.</b></p>		<p>Artigo 74. Os/as gardas de caza.</p> <p>1. Os terreos cinexéticos sometidos a réxime especial poderán dotarse de vixilancia privada para o coidado e control da actividade cinexética.</p> <p>2. A función de vixilancia poderá ser individual ou compartirse entre varios tecores. Dito servizo poderá ser individual ou compartido, propio ou prestado por particulares ou empresas, de acordo co previsto nas normas específicas.</p> <p>3. Para acceder á condición de garda de caza deberanse cumprir os seguintes requisitos:</p> <p>a) Ser maior de idade.</p> <p>b) Non ter sido sancionado/a por resolución administrativa firme por infracción administrativa grave ou moi grave ou por condena penal por infracción á normativa relacionada coa caza, a pesca fluvial, o patrimonio natural ou a biodiversidade, nos últimos 5 anos.</p> <p>c) Superar as probas de aptitude establecidas para o efecto.</p> <p>4. Os/as gardas de caza serán nomeados/as polo/a titular da dirección xeral competente en materia de caza.</p> <p>5. A condición de garda de caza habilita para realizar nos terreos cinexéticos as seguintes funcións:</p> <p>a) Vixilancia da caza e dos seus hábitats.</p> <p>b) Colaboración na execución e seguimento dos plans de ordenación e de aproveitamento cinexéticos e, en particular, na práctica da caza selectiva e no control de poboacións.</p> <p>c) Cantos outros labores a favor da caza puideran encomendárselle.</p> <p>6. O exercicio da súa actividade está restrinxido ao ámbito territorial dos terreos cinexéticos para os que fosen contratados/as, sendo incompatible co exercicio da actividade cinexética nestes.</p> <p>7. Os/as gardas de caza, colaborarán coas forzas e corpos de seguridade do Estado e cos/coas axentes facultativos/as medioambientais e gadas forestais de Galicia, para o efectivo cumprimento da normativa cinexética dentro do territorio desta Comunidade Autónoma de Galicia.</p> <p>8. Para exercer as súas funcións deberán estar contratados/as polos/as titulares dos terreos cinexéticos citados, polas súas asociacións ou federacións, sendo necesario poñer en coñecemento da consellería competente en materia de caza, a formalización dos contratos.</p> <p>9. O incumprimento das súas funcións producirá a revogación do seu nomeamento que será acordada polo/a director/a xeral competente en materia de caza, en resolución motivada e previa audiencia do/a interesado/a.</p> <p>10. Os/as gardas de caza, no exercicio das súas funcións, deberán portar a documentación que os/as acredite como tales, e facer uso do uniforme e distintivos previstos que se determinen regulamentariamente para todo o territorio de Galicia.</p> <p>11. De toda incidencia da que teña coñecemento, relacionada coas súas funcións que poida resultar de interese para o mellor coñecemento e conservación da natureza, o/a garda de caza elevará un parte ao/á titular do terreo cinexético, quen, se é o caso, o poñerá a disposición da Administración competente.</p>		
Artigo	Alegacións de	Contido da alegación	Aceptación	Observacións
70.1.	Clubs e cazadores de caza maior de Galicia	Proponse que se considere entidades colaboradoras tamén a aquelas que realicen actividades formativas para os cazadores.	NON	Impartir unha actividade formativa non ten porqué ter ligazón directa coa consideración de entidade colaboradora, dado que calquera academia, ou centro de estudos pode impartir esta formación e non necesariamente ten que ter a consideración de entidade colaboradora.
70.1.	UNITEGA	Proponse a seguinte redacción: Consideraranse entidades colaboradoras aquelas que realicen accións en favor da riqueza cinexética, a conservación das especies e o seu hábitat e o seu ordenado aproveitamento, ademais ou indistintamente das que lles correspondan, se é o caso,	NON	Esa figura de entidades de custodia, nin existe nin se coñece moi ben o que se pretende con ela.

		como titulares de terreos de réxime cinexético especial. Terán tamén esta condición as Entidades de cazadores, que desenvolvan programas con accións de custodia do territorio e do Patrimonio Natural Cinexético, no territorio Galego, e que estean recoñecidas como entidades de custodia pola Administración competente.		
<b>Unha vez realizados os cambios correspondentes ás alegacións estimadas, e os cambios propostos pola Asesoría Xurídica, o artigo que no borrador era o nº 70 pasa a ser o nº 75, coa seguinte redacción.</b>		<p>Artigo 75. As entidades colaboradoras.</p> <p>1. Consideraranse entidades colaboradoras aquelas que realicen accións en favor da riqueza cinexética, a conservación das especies e o seu hábitat e o seu ordenado aproveitamento, ademais ou indistintamente das que lles correspondan, se é o caso, como titulares de terreos de réxime cinexético especial.</p> <p>2. Serán declaradas polo/a titular da dirección xeral competente na materia e regulamentariamente determinaranse os requisitos necesarios para a obtención da condición de entidade colaboradora, entre os que se atoparán o ter a sede social en Galicia, non ter ánimo de lucro e ter desenvolvidas actividades de colaboración coa citada dirección xeral así como os seus beneficios e obrigas.</p>		
Artigo	Alegacións de	Contido da alegación	Aceptación	Observacións
71	Sociedade Galega de Historia Natural	Nova redacción A composición dos comités de caza, incluírá no seu ámbito representantes das federacións, sociedades colaboradoras e asociacións de cazadores, no ámbito territorial da súa competencia, así como das institucións dedicadas á investigación e das organizacións que teñan como fin a conservación da natureza e dos intereses socioeconómicos relacionados coa actividade cinexética. (Tal como indica o artº. 52. 3. Lei 4/1997). A maiores, representantes dos propietarios e sindicatos agrarios	NON	Remite a desenvolvemento regulamentario, pero xa se asegura a presenza dos que representen o mundo da caza en sentido amplo.
71	Amigos da Terra	Propón que na constitución dos comités de caza estea presentes unha representación dos propietarios, dos sindicatos agrarios e das organizacións en defensa da natureza	NON	É materia regulamentaria.
71	ADEGA	1. 3. Asegurar a participación nos comités de caza das organizacións que teñan por fin a conservación da natureza, organizacións de propietarios, sindicatos agrarios, asociacións de persoas usuarias de recursos naturais e institucións dedicadas a investigación	NON	Esta é materia regulamentaria.
71	Dirección Xeral de Producción Agropecuaria.	Propónse modificar o apartado 71.3, incluíndo na composición dos comités de caza a presenza do ámbito científico e as asociacións conservacionistas.	NON	Os dous colectivos citados están relacionados co mundo da caza e polo tanto son susceptibles de seren incluídos.
71	Organización Galega de mvmc	Propónse que se inclúan como compoñentes dos comités de caza os sindicatos agrarios, os movementos medioambientalistas e as comunidades de montes.	NON	No apartado 4 deste artigo cítase textualmente que a composición e funcións destes comités se determinará regulamentariamente.
71	Federación ecoloxista galega.	Propónse que nos comités de caza estean presentes as asociacións ecoloxistas, así como aqueles sectores que o soliciten.	NON	Tal e como se reflicte no apartado 4 deste artigo, será regulamentariamente onde se determine a composición dos comités de caza.
71.1	Matar por matar non	Propónse incluír como órganos de asesoramento á Administración a propietarios das terras, micólogos, senderistas ou quen o solicite.	NON	Considérase que na labor de asesoramento á Administración no aproveitamento cinexético deben participar aquelas entidades que interveñen neste aproveitamento e non calquera que o solicite.
71.2.	Matar por matar non	Propónse que formando parte dos comités de caza figuren entidades relacionadas co mundo da agricultura, da gandería, das actividades no monte e quen o solicite xustificadamente.	NON	Tal e como se reflicte no apartado 4 deste artigo, será regulamentariamente onde se determine a composición dos comités de caza.
71.3.	Asociación Lobo Particulares. Asociación de veciños San Breixo de Seixalbo.	Considérase que a redacción é ambigua, debendo estar formando parte dos comités tódolos estamentos implicados.	NON	Tal e como se reflicte no apartado 4 deste artigo, será regulamentariamente onde se determine a composición dos comités de caza.
71.3.	UNITEGA	Propónse a seguinte redacción: A composición dos comités de caza, incluírá no seu ámbito unha representación ampla das entidades relacionadas co mundo da caza e das administracións públicas, garantindo unha representación equitativa das entidades que representan á caza social, comercial e deportiva.	NON	Hai outras entidades que non citan e que poderían integrar os comités de caza. De todos os xeitos esta é materia regulamentaria
<b>Unha vez realizados os cambios correspondentes ás alegacións estimadas, e os cambios propostos pola Asesoría Xurídica, o artigo que no borrador era o nº 71 pasa a ser o nº 76, coa seguinte redacción.</b>		<p>Artigo 76. Os órganos consultivos.</p> <p>1. A función de información á Administración autonómica galega en representación das organizacións de cazadores/as e outros grupos vinculados á actividade cinexética e das organizacións non gubernamentais relacionadas coa conservación da natureza, realizarase a través do Comité Galego de Caza, de ámbito autonómico, e os comités provinciais de caza de ámbito provincial.</p> <p>2. Ambos os dous comités, de carácter informativo, analizarán e farán proposta de cantas materias sexan de interese para a caza, no seu respectivo ámbito territorial, e de modo particular, debaterán sobre as propostas de resolucións anuais de períodos hábiles, e calquera outra cuestión de interese cinexético.</p> <p>3. A composición dos comités de caza, incluírá no seu ámbito unha representación ampla das entidades relacionadas co mundo da caza, da conservación da natureza e das administracións públicas.</p> <p>4. Regulamentariamente determinaranse a composición e funcións do Comité Galego de Caza e dos comités provinciais de caza.</p> <p>5. Na composición dos comités de caza procurarase acadar unha presenza equilibrada de mulleres e homes.</p>		
Artigo	Alegacións de	Contido da alegación	Aceptación	Observacións
72	Particular.	Propónse incluír o contido do artigo 55 da Lei 4/1997, sobre "matriculas".	NON	Esta é materia fiscal e polo tanto allea a unha lei de caza.

<b>Unha vez realizados os cambios correspondentes ás alegacións estimadas, e os cambios propostos pola Asesoría Xurídica, o artigo que no borrador era o nº 72 pasa a ser o nº 77, coa seguinte redacción.</b>		<p>Artigo 77. A Xunta de Homologación de Trofeos de Caza.</p> <p>1. A Xunta de Homologación de Trofeos de Caza é un órgano adscrito á consellería competente en materia de caza cuxa función principal é a homologación dos trofeos de caza, conforme ás fórmulas e baremos establecidos polos organismos nacionais e internacionais e que vén a substituír á actual Comisión de Homologación de Trofeos de caza.</p> <p>2. A súa composición e réxime de funcionamento determinarase regulamentariamente.</p> <p>3. Na composición da Xunta de Homologación de Trofeos de Caza procurarase acadar unha presenza equilibrada de mulleres e homes.</p>		
Artigo	Alegacións de	Contido da alegación	Aceptación	Observacións
73	Federación Galega de Caza	Propón substituír “sempre que exista unha petición ao respecto do inculpado sobre extremos concretos desta” por “no caso de que o denunciado negase os feitos”.	NON	Non soio a negativa dos feitos pode xustificar a ratificación
<b>Na revisión realizada inclúese o texto deste artigo como un apartado do artigo 73 do ante proxecto.</b>		<p>Artigo 73.6 A vixilancia da actividade cinexética.</p> <p>6. Nos procedementos sancionadores que se instrúan como consecuencia de infraccións tipificadas na presente lei, as denuncias formuladas polos/as axentes da autoridade no exercicio das súas funcións, que presenciaren os feitos, gozarán da presunción de veracidade.</p>		
Artigo	Alegacións de	Contido da alegación	Aceptación	Observacións
74.1.	Federación Galega de Caza	Propón eliminar: “e precinto de vehículos ou embarcacións” e engadir ao final do punto: “e precinto de vehículos ou embarcacións no caso de infraccións moi graves.”.	NON	Para garantir a eficacia do proceso debese deixarse marxe de manobra o instrutor, quen en cada caso decidira o que estime mais conveniente a tal fin
74.3.	Federación Galega de Caza	Propón a seguinte modificación: “...presunta comisión de unha infracción moi grave.”.	NON	Para garantir a eficacia do proceso debese deixarse marxe de manobra o instrutor, quen en cada caso decidira o que estime mais conveniente a tal fin
<b>Unha vez realizados os cambios correspondentes ás alegacións estimadas, e os cambios propostos pola Asesoría Xurídica, o artigo que no borrador era o nº 74 pasa a ser o nº 78, coa seguinte redacción.</b>		<p>Artigo 78. Medidas provisionais.</p> <p>1. Antes da iniciación do procedemento sancionador os/as axentes da autoridade, ou, no seu caso, o órgano competente para inicialo, poderán adoptar as medidas de carácter provisional que xulguen necesarias para asegurar a eficacia da resolución que no seu día se dite e que poden consistir en comisos da caza, viva ou morta, incautacións das armas, útiles, instrumentos, substancias e precinto de vehículos ou embarcacións empregados para a comisión dalgún dos feitos tipificados como infraccións graves no artigo 83 puntos 10, 11, 13, 23, 24 e 31, ou moi graves no artigo 84 puntos 1, 2, 3, 7, 8, 9, 11, 14, 16 e 17.</p> <p>2. As medidas provisionais do apartado anterior deberán ser confirmadas, modificarse ou levantarse no acordo de iniciación do procedemento, que deberá efectuarse dentro dos 15 días seguintes á súa adopción. En todo caso, as mencionadas medidas quedarán sen efecto, se non se inicia o procedemento no devandito prazo ou cando o acordo de iniciación non conteña un pronunciamiento expreso acerca destas.</p> <p>3. Iniciado o expediente, o órgano que ordenara a súa incoación poderá acordar a adopción de medidas provisionais para evitar a continuidade da infracción ou o agravamento dos danos. As devanditas medidas haberán de ser proporcionais á natureza e gravidade da infracción.</p> <p>4. O órgano competente para resolver poderá adoptar en calquera momento, mediante acordo motivado, as medidas de carácter provisional que resulten necesarias para asegurar a eficacia da resolución que poidera recaer, o bo fin do procedemento, evitar o mantemento dos efectos da infracción e as esixencias dos intereses xerais.</p> <p>Cando así veña esixido por razóns de urxencia inaplazable, o órgano competente para iniciar o procedemento ou o órgano instrutor poderán adoptar as medidas provisionais que resulten necesarias.</p> <p>As medidas provisionais poderán ser alzadas ou modificadas durante a tramitación do procedemento, de oficio ou a instancia de parte, en todo caso extinguíranse logo que sexa ditada a correspondente resolución.</p> <p>5. Na resolución do procedemento sancionador o órgano competente determinará o destino definitivo das armas, útiles, instrumentos, substancias ou outros elementos comisados, que deberá axustarse as seguintes prescricións:</p> <p>a) Cando o seu uso fose declarado como ilícito, serán destruídos, levantándose a correspondente acta.</p> <p>b) Cando o seu uso fose declarado lícito depositaranse na consellería competente en materia de caza, salvo as armas, para dirixilo a algún dos destinos que se fixen na resolución do procedemento: devolución, rescate ou venda en pública poxa.</p>		
Artigo	Alegacións de	Contido da alegación	Aceptación	Observacións
75	Sociedade Galega de Historia Natural	Propón incluír as faltas graves	NON	Poden que algunhas das faltas graves o recomendaran pero dende logo non é así con moitas outras.
75	Asociación animalista LIBERA	Considérase que falta contemplar neste artigo os cans que se encontran en malas condicións, infrinxindo a normativa de protección animal.	NON	Aos cans faise referencia directa no apartado 3 deste artigo e de xeito indirecto no apartado 1, cando os mesmos servisen para cometer unha infracción moi grave en materia de caza.
75.1	Sociedade de cazadores de Portas.	Propón realizar os seguintes cambios: “...así como de cantas artes e medios que de forma ilícita, servisen para cometer o feito....”	NON	A redacción do borrador resulta mais explícita.
75.1.	Particular.	Propónse a seguinte redacción para este apartado: Toda infracción administrativa grave ou moi grave, en materia de caza, levará consigo o comiso da caza, viva ou morta, que lle fose ocupada ó infractor, así como de cantas artes, medios ou animais, vivos ou mortos, que de forma ilícita servisen para cometer o feito. Ós bens ocupados daráselles o destino que se sinala regulamentariamente.	NON	Considérase que o comiso da caza, artes, etc. se debe realizar cando a infracción cometida sexa unicamente moi grave.
75.2.	Dirección Xeral de Producción Agropecuaria.	Propónse modificar o punto 75.2, incluíndo a obriga de liberar as pezas vivas e con posibilidade de seguir vivindo, “no lugar mais apropiado para a súa supervivencia”.	NON	Esta redacción supón a obriga de coñecer cal é o lugar entre todos os posibles para soltar a ese exemplar, e como se especifica que ten que ser o lugar mais apropiado para a súa

				supervivencia, ao mellor este lugar é adecuado para que sobreviva o animal pero non é o lugar mais adecuado para libéralo.
75.2.	CCOO	Proponse que se elimine a última frase neste artigo ou no 75.4. para non repetirse.	SI	Estímase esta proposta.
75.2.	UNITEGA	Proponse a seguinte redacción: As pezas capturadas que se encontren vivas e con posibilidade de seguir vivindo serán postas en liberdade e devoltas ao seu medio natural unha vez adoptadas as medidas necesarias para a súa correcta identificación, se iso fose preciso. Ás pezas que estiveran feridas proporcionaráselles os coidados necesarios para a súa recuperación.	SI	Estímase esta proposta.
75.3.	Asociación española de cetrería.	Proponse dar unha redacción a este apartado para que as aves de cetrería cuxa tenza estivese autorizada e sexan comisadas, quedarán en depósito do seu dono baixo a súa responsabilidade, (debido aos coidados especiais que deben ter estas aves).	NON	No artigo non se establece a obriga de realizar o comiso.
75.3.	UNITEGA	Proponse a eliminación deste apartado, dado que os animais non teñen culpa do que fagan os seus donos, podendo crearlles traumas ao separalos.	NON	No artigo non se establece a obriga de realizar o comiso.
75.3.	Federación Galega de Caza	Propón substituír “ e posterior traslado a un centro zoolóxico” por “quedando en depósito do denunciado”.	NON	No artigo non se establece a obriga de realizar o comiso.
75.4.	Federación Galega de Caza	Propón eliminar este punto.	NON	Debe declararse o destino dos animais mortos.
75.4.	Dirección Xeral de Producción Agropecuaria.	Proponse unha modificación do texto, (“a caza morta útil para o consumo será entregada nun centro benéfico”), ao considerar que pode entrar en conflito coa lexislación actual en materia de hixiene alimentaria, propoñendo:  - A caza morta que, a priori, se pretenda destinar a consumo humano deberá ser declarada “apta para consumo” pola unidade competente (Servizos Veterinarios Oficiais de Saúde Pública). - A caza morta non útil para o seu consumo deberá eliminarse conforme á normativa relativa aos subprodutos de orixe animal non destinados a consumo humano.	NON	O destino dos animais para o consumo humano réxese polas normas sanitarias correspondentes.
75.4.	APROCA Galicia	Proponse eliminar este apartado dado que xa está incluído no apartado 2.	SI	Estímase que é certo o reflectido nas alegacións realizadas, polo que procede suprimir a referencia realizada no apartado 2.
<b>Unha vez realizados os cambios correspondentes ás alegacións estimadas, e os cambios propostos pola Asesoría Xurídica, o artigo que no borrador era o nº 75 pasa a ser o nº 79, coa seguinte redacción.</b>		Artigo 79. Comisos.  Cando se adopten as medidas provisionais establecidas no artigo 78, ao comisado daráselle algún dos seguintes destinos:  1. As pezas capturadas que se encontren vivas e con posibilidade de seguir vivindo serán postas en liberdade e devoltas ao seu medio natural unha vez adoptadas as medidas necesarias para a súa correcta identificación, se iso fose preciso. Ás pezas que estiveran feridas proporcionaráselles os coidados necesarios para a súa recuperación.  2. A caza morta útil para o consumo será entregada nun centro benéfico.  3. Os trofeos serán postos a disposición da xefatura territorial competente en materia de caza.  4. En todos os casos o/a axente da autoridade denunciante expedirá recibo do comisado ao/á denunciado/a, no que constará o seu destino e posta a disposición da autoridade correspondente.		
Artigo	Alegacións de	Contido da alegación	Aceptación	Observacións
76	Clubs e cazadores de caza maior de Galicia	Proponse substituír o termo “Utilizadas” por “Usadas” e engadir : “...despois de producir a morte ou ferida...”	Parcialmente	No contexto deste artigo non se aprecia diferenza en usar un termo ou outro, no caso de incluír o termo ferida, pode considerarse esta inclusión.
76	Clubs e cazadores de caza maior de Galicia	No caso de retirar un arma e se proceda ao sobresemento do expediente, pregúntase ¿quén, como e cando se compensa ao denunciado indebidamente?	NON	Trátase dunha medida cautelar, disposta para asegurar a eficacia da resolución administrativa que no seu caso se dite, e polo tanto non procede compensación de ningún tipo.
76.1.	CCOO	Considérase que non está ben redactado en relación co 76.2.	NON	Non se propón redacción alternativa. A do borrador parece axeitada
76.4.e	Particular.	Proponse engadir este novo apartado co seguinte contido: No suposto de ocupación de cans utilizados como medio de captura ou acoso de animais, aqueles quedarán en depósito do denunciado, que deberá aboar unha cantidade en concepto de rescate.	NON	No artigo non se establece a obriga de realizar o comiso.
<b>Unha vez realizados os cambios correspondentes ás alegacións estimadas, e os cambios propostos pola Asesoría Xurídica, o artigo que no borrador era o nº 76 pasa a ser o nº 80, coa seguinte redacción.</b>		Artigo 80. Retirada e devolución de armas.  1. O/a axente da autoridade denunciante procederá á retirada das armas e da súa correspondente guía, só naqueles casos en que fosen utilizadas para cometer a presunta infracción, por disparo directo, despois de producir a ferida ou morte de animais non cazables ou o seu uso en lugar ou tempo non autorizados. En todo caso, darase recibo en que conste a clase, marca, número e posto da Garda Civil onde quedará depositada.  2. O uso ou tenza durante o exercicio da caza de armas ou medios non autorizados dará lugar á súa retirada polo/a axente da autoridade denunciante. As armas serán depositadas no posto da Garda Civil máis próximo a onde se producisen os feitos denunciados.  3. A negativa á entrega da arma ou medios, cando o/a presunto/a infractor/a sexa requirido/a para iso, poderá dar lugar a denuncia ante o Xulgado competente para os efectos previstos na lexislación penal.		

		4. As armas ou medios retirados, se son de lícita tenza e utilización conforme a esta lei, serán devoltos por algúns dos seguintes procedementos: a). De forma gratuíta, cando o procedemento sancionador incoado non conclúa coa imposición de sanción algunha. b). Gratuitamente, ou mediante rescate por disposición expresa do/a instructor/a do expediente, logo de alzamento das medidas provisionais consonte o establecido no artigo 78.3 e sempre que este non teña pendente de pagamento sancións por infraccións da presente lei. c). Cando se fagan efectivas as sancións e indemnizacións impostas nos supostos de infracción grave ou moi grave. d). Ás armas comisadas non rescatadas, daráselles o destino establecido na lexislación do Estado na materia. Os demais medios materiais non rescatados serán alleados ou destruídos.		
Artigo	Alegacións de	Contido da alegación	Aceptación	Observacións
77	Amigos da Terra	Propón que se elimine o apartado 15.	NON	Accións realizadas en terreo propio que teñan por obxecto espantar a caza obstaculizando o normal desenvolvemento dunha cacería, non poden considerarse aceptables porque supón deixar en mans de calquera que unha actividade lícita e lexítima quede o albur do capricho de calquera. O propietario non pode impedir o exercicio dos dereitos lexítimos doutras persoas nas súas propiedades.
77	ADEGA	15. Eliminar	NON	Accións realizadas en terreo propio que teñan por obxecto espantar a caza obstaculizando o normal desenvolvemento dunha cacería, non poden considerarse aceptables porque supón deixar en mans de calquera que unha actividade lícita e lexítima quede o albur do capricho de calquera. O propietario non pode impedir o exercicio dos dereitos lexítimos doutras persoas nas súas propiedades.
77	Sociedade Galega de Historia Natural	Propón elevar a gravidade de un listado de faltas leves e propón que se suprima a contemplada no punto 15. Modificar o punto 18 para que constitúa infracción portar calquera medio de caza, excepto armas, os batidores, acompañantes, olleadores ou os auxiliares de caza e que pase a ser grave.	NON	Non se xustifica a elevación da gravidade as condutas reflectidas. Non se pode obstruír o lexítimo dereito a cazar cando se é titular dun dereito Parece excesivo elevar a gravidade da infracción.
77	Dirección Xeral de Producción Agropecuaria.	Propónse unha infracción que faga referencia á falta de colaboración na toma de mostras sanitarias cando así fose requirido pola autoridade sanitaria competente.	NON	No caso de que se estime conveniente darlle entrada a esta obriga, debería sinalarse a infracción polo incumprimento.
77	Particular.	Propónse engadir as seguintes infraccións:  1. Non vixiar eficazmente as actividades cinexéticas do menor que utilice armas de fogo o cazador maior de idade encargado desa vixilancia. 2. Establecer pombais agroindustriais sen autorización. 3. Cazar pombas mensaxeiras, deportivas ou bochonas que teñan as marcas establecidas para o efecto. 4. Transitar con cans sen a debida dilixencia para evitarlles molestias ás pezas de caza, ás crías ou ós seus ovos. 5. Non exerce-la debida vixilancia sobre os cans pastores de gando para evitar que lles causen prexuízos ou molestias ás pezas de caza. 6. Incumpri-las normas que se establezan sobre a actividade cinexética en relación con determinados terreos por razón de cultivos ou repoboacións forestais. 7. Entrar con armas ou cans en terreos abertos sometidos a réxime cinexético especial, para cobrar unha peza de caza menor ferida fóra del, sempre que se encontre en lugar visible desde o lindeiro. 8. Infrinxi-las limitacións ou prohibicións que regulen o exercicio da caza en terreos sometidos a réxime cinexético especial, cando o infractor estea en posesión do correspondente permiso para exercitar a caza neles. 9. Incumpri-lo que se estableza regulamentariamente sobre a caza de aves migratorias.	NON	1. Esta infracción está tipificada como grave. 2. e 3. Non é competencia desta lei. 4. e 5. Faise alusión a tódolos cans, (82.9 do anteproxecto). 6. Non se considera esta infracción, dadas as facultades que teñen os particulares ou as que a Administración Autonómica se reserva nesta lei para prohibir o exercicio da caza. 7. O proposto non n constitúe unha infracción. 8. Esta infracción xa está recollida no texto, (82.16 do anteproxecto). 9. non se establece especialidade algunha respecto ás especies migratorias.
77.1.	Asociación Lobo	Considérase que esta infracción debería tipificarse como grave.	NON	Considérase que dada a idade na que se comete a infracción, está correctamente tipificada.
77.2. e 77.6.	Matar por matar non.	Propónse pasar estas infraccións de leves a graves	NON	Parece excesivo que deban ser tipificadas como graves estas infraccións.
77.2.	Asociación Lobo	Considérase que sobra este apartado ao considerar a idade mínima para poder cazar aos 16 anos.	NON	O establecido neste apartado non ten ningunha relación co establecemento da idade mínima para poder cazar en 16 anos.
77.15.	Federación Galega de Caza	Propón eliminar “ se desenvolva en terreos propios”.	NON	Suprímese este apartado.
77.15.	Matar por matar non Particulares. Asociación de veciños San Breixo de Seixalbo.	Propónse eliminar este apartado, dado que os que non son cazadores teñen dereito a utilizar o mesmo espazo.	NON	Nesta infracción imponse a condición de que o obxecto sexa obstaculizar o normal desenvolvemento dunha cazaría.
77.15	APROCA Galicia	Propónse eliminar o parágrafo: “...que se desenvolva en terreos propios...”.	NON	Suprímese este apartado.
77.15	Organización Galega de mvmc	Propónse eliminar este apartado, pois os titulares nas súas terras poden desenvolver as	NON	Nesta infracción imponse a condición de que o obxecto sexa obstaculizar o normal

		accións que consideren oportunas.		desenvolvemento dunha cazaría.
77.20	UNITEGA	Proponse a seguinte redacción: Abandonar os cartuchos baleiros, vañas, sempre e cando non sexan biodegradables.	NON	Esa é unha invitación a deixar o monte cheo de lixo, con tal de que sexa biodegradable
77.20.	APROCA Galicia Federación Galega de Caza	Proponse substituír o termo “residuo” por “material”.	NON	Os residuos expresan a vontade inequívoca de abandonalos, outro material pode terse esquecido.
77.22.	Matar por matar non	Proponse pasar esta infracción de leve a grave, por afectar á seguridade.	NON	Na propia redacción da infracción se reflicte “...naqueles aspectos que non afecten directamente á seguridade...”
77.26.	CCOO	Non se entende este apartado.	NON	Está suficientemente claro na súa redacción.
77.28.	Particular.	Considérase que o establecido neste apartado é o mesmo que o reflectido no 78.10	NON	No artigo 77.28 do borrador faise referencia a día hábil e no artigo 78.10 do borrador faise referencia a día inhábil.
77.29	Federación Galega de Caza	Propón engadir ao final do punto: “Non se entende como tal, cando a neve non cubra de forma continua con polo menos 5cmts. de espesor, o terreo de caza.	NON	E complicado establecer regras que sirvan para esas circunstancias, pois habería que determinar si o espesor citado mídese en promedio ou no lugar da captura, se se pode cazar nunha calva (espazo sen neve no medio dunha paisaxe totalmente nevada)....
77.29.	APROCA Galicia	Proponse engadir o seguinte parágrafo: “...Non se entende como tal, para as pezas de caza maior, cando a neve non cubra de xeito continuo o terreo de caza, cun espesor mínimo duns 5 centímetros...”.	NON	E complicado establecer regras que sirvan para esas circunstancias, pois habería que determinar si o espesor citado mídese en promedio ou no lugar da captura, se se pode cazar nunha calva (espazo sen neve no medio dunha paisaxe totalmente nevada)....
77.31.	Federación Galega de Caza	Propón un novo punto coa seguinte redacción: “ 31. O adestramento de cans ou aves de cetraría en terreos sometidos a un réxime cinexético especial cando o infractor non estea en posesión do correspondente permiso.”.	SI	Estímase esta proposta.
<p><b>Unha vez realizados os cambios correspondentes ás alegacións estimadas, e os cambios propostos pola Asesoría Xurídica, o artigo que no borrador era o nº 77 pasa a ser o nº 82, coa seguinte redacción.</b></p>		<p>Artigo 82. Infraccións leves.</p> <p>Son infraccións leves:</p> <ol style="list-style-type: none"> <li>1. Cazar sendo menor de dezaseis anos.</li> <li>2. Cazar con armas de fogo sen alcanzar a maioría de idade, cando se faga a máis de 50 metros do/a maior de idade encargado da vixilancia.</li> <li>3. Non levar consigo durante o exercicio da caza a documentación preceptiva, aínda sendo titular desta.</li> <li>4. Cazar sen renovar a licenza.</li> <li>5. Abater ou intentar abater unha peza que fose levantada e sexa perseguida por outro/a ou outros/as cazadores/as axudados/as ou non polos seus cans ou aves de cetraría, en tanto dure a persecución.</li> <li>6. Non abrir ou descargar a arma cando se aproxime ao/á cazador/a persoas ou grupos de persoas alleas á cazaría, así como nos momentos de descanso ou reunión entre os/as cazadores/as.</li> <li>7. Practicar a caza a cabalo, salvo no exercicio da cetraría ou no caso de discapacidade física.</li> <li>8. Cazar pombas nos seus bebedoiros habituais ou a menos de 1.000 metros dun pombal debidamente sinalizado.</li> <li>9. Non impedir que os cans propios vaguen sen control, evitando que danen ás especies silvestres, ás súas crías e aos niños en calquera época do ano.</li> <li>10. Incumprir o establecido no artigo 5 desta lei sobre a entrada e o cobramento de pezas en terreos de titularidade allea.</li> <li>11. Incumprir as normas que regulen o adestramento de cans e aves de cetraría nas zonas que se establezan para o efecto recollidas nos plans de ordenación cinexéticos, facelo na época de maior sensibilidade na cría das especies silvestres ou facelo fóra destas.</li> <li>12. Non cumprir o establecido no artigo 41.3 sobre caza en camiños e augas públicas que atravesen ou linden con terreos cinexéticos.</li> <li>13. Incumprir o establecido no artigo 61.8 no referente ás prendas de alta visibilidade que permitan ou favorezan a mellor visualización do/a cazador/a.</li> <li>14. Calquera práctica que tenda a atraer ou espantar a caza en terreos alleos ou zonas protexidas.</li> <li>15. Infrinxir o disposto no artigo 5.3 desta lei respecto á entrega de pezas de caza feridas ou mortas que entren en terreos cinexéticos doutra titularidade, cando o/a petionario/a de acceso acredite que a peza foi ferida en terreo onde lle estaba permitido cazar.</li> <li>16. Infrinxir o/a cazador/ra as limitacións ou prohibicións que regulen o exercicio da caza nas resolucións anuais que establecen os períodos hábiles en terreos sometidos a réxime cinexético especial, cando o/a infractor/a estea en posesión do correspondente permiso para exercitar a caza nestes.</li> <li>17. Incumprir, os/as acompañantes, olleadores/as, batidores/as ou auxiliares de caza, o establecido no artigo 63.2 salvo os/as secretarios/as que deberán transportalas enfundadas e os/as batedores/as nas montañas aos/ás cales se autoriza o uso de armas brancas para o remate das pezas de caza.</li> <li>18. Estar en posesión de armas ou municións legais non permitidas para a modalidade de caza que se estea a practicar.</li> <li>19.No precintar as pezas de caza maior ao remate da cazaría</li> <li>20. Incumprir o establecido no artigo 65.5 respecto do abandono dos cartuchos baleiros, vañas, así como calquera outro residuo usado nas prácticas cinexéticas.</li> <li>21. Incumprir as responsabilidades que lles atribúe o artigo 61 os/as responsables das cazarías e os/as titulares dos terreos sometidos a réxime especial salvo que estea tipificado como infracción grave ou moi grave.</li> <li>22. Incumprir, por parte dos/as cazadores/as, as indicacións do/a responsable da cazaría naqueles aspectos que non afecten directamente á seguridade das persoas.</li> </ol>		

		<p>23. Non presentar a memoria descritiva do desenvolvemento da actividade, con expresión dos días e horas nos que se desenvolveu, medios de captura utilizados, número de exemplares capturados por especies e conclusións da actividade que se establece no artigo 72.3 desta lei.</p> <p>24. Incumprir os/as cazadores/as as limitacións contidas no Plan Anual de Aproveitamento Cinexético oficialmente aprobado ou no Plan de Ordenación Cinexético, salvo que estivese tipificado como infracción específica de maior gravidade na presente lei.</p> <p>25. Incumprir o establecido no artigo 67.3 cos cercados.</p> <p>26. Empregar aeronaves de calquera tipo, vehículos terrestres motorizados e embarcacións en movemento, como medio de transporte de armas desenfundadas ou calquera outro medio de caza listo para o seu uso en día hábil de caza.</p> <p>27. Cazar nos chamados días de fortuna, segundo a definición que fai o artigo 68.1.b) sen autorización.</p> <p>28. O adestramento de cans ou aves de cetraría en terreos sometidos a un réxime cinexético especial cando o/a infractor/a non estea en posesión do correspondente permiso do/a titular dos dereitos cinexéticos.</p> <p>29. A vulneración das prohibicións ou o incumprimento de obrigas previstas nesta lei cando non sexa constitutivo de infracción grave ou moi grave.</p>		
Artigo	Alegacións de	Contido da alegación	Aceptación	Observacións
78	Sociedade Galega de Historia Natural	Propón elevar a gravidade dalgunhas condutas tipificadas como graves O punto 5 quere tipificar non solo portar esas substancias senón tamén usalas	NON	Non se xustifica a pretendida elevación. Califícase o uso como sanción moi grave no punto 4 do artigo seguinte do borrador.
78	ADEGA	<p>44. Arrendar ou ceder a título oneroso ou gratuíto as autorizacións para o aproveitamento cinexético de terreos sometidos a réxime cinexético especial. A sanción levará aparellada a anulación da autorización</p> <p>45. Falsar datos nos POC de maneira a declarar censos de fauna superiores aos reais para poder seguir cazando onde a escaseza de individuos recomendaría a suspensión da actividade cinexética</p> <p>46. Cazar, comercializar, posuír ou transportar pezas de caza, vivas ou mortas, calquera que sexa a súa idade ou sexo, en caso de que sexan notorios, cando non concorden cos legalmente permitidos”</p> <p>47. Cazar servíndose de animais ou vehículos como medio de ocultación</p>	NON	<p>As autorizacións administrativas para o aproveitamento cinexético correspóndelle a Administración Galega, polo tanto as que non proceden directamente dela son nulas de pleno dereito e o seu comercio constitúe materia penal.</p> <p>Os censos de poboación aportados para a aprobación dun POC teñen que valoralos a Administración e polo tanto responde deles. Falsar un plan de ordenación ou de aproveitamento non pode considerarse como infracción a lei de caza, porque como tal trataríase da falsificación de documento público o que constitúe un delito.</p> <p>Enténdese referidas as prohibicións a todo menos a cazar, pois as pezas mortas non son susceptíbeis diso. Estas prohibicións están incluídas nos apartados 1); 23) do anteproxecto.</p> <p>Ocultarse servíndose de animais elimínase do texto actual por estimarse moi dificultosa a proba e porque esta posibilidade resulta de posibilidade bastante remota . A utilización de vehículos esta recollido no apartado 39) do anteproxecto.</p>
78	Amigos da Terra	<p>8) quere que se limite aos humidais do Convenio Ramsar Engadir: 44) cazar a menos de 500 metros da franxa de zonas queimadas nos 5 anos posteriores a producirse o incendio</p> <p>45) Disparar a arbores ou a vexetación</p> <p>46) Cravar sinais dos terreos cinexéticos en arbores ou en calquera tipo de vexetación viva</p> <p>47) Circular con vehículo de motor fora das zonas permitidas e habilitadas</p> <p>Incluír o artigo 58, apartado 3º da actual lei de caza</p>	Parcialmente	<p>É materia doutra normativa con rango de lei.</p> <p>Xa se amosou a oposición a esa proposta.</p> <p>Resulta difícil comprobar esa infracción pois as veces tentando cobrar unha peza alcánzase unha árbore, ás veces incluso é imposible non facelo si a peza esta situada nela.</p> <p>Estímase parcialmente esta proposta estando tipificada como leve no artigo 83.19 do anteproxecto.</p> <p>Como se indicou anteriormente non parece posible establecer ese tipo de limitacións aos desprazamentos dos cazadores ou doutros usuarios do monte.</p> <p>As autorizacións administrativas non poden ser obxecto de cesión nin a título oneroso nin gratuíto sen o consentimento da propia Administración polo que esa cesión é en si mesma nula de propio dereito.</p>
78	Dirección Xeral de Producción Agropecuaria.	Propónse modificar o punto 78.25 que fai referencia á comunicación de fuga de fauna alóctona.	NON	Este punto non se corresponde co establecido no borrador da Lei nin con ningún outro dentro deste artigo.
78	Dirección Xeral de Producción Agropecuaria.	<p>Propónse incluír os seguintes apartados dentro deste artigo:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Oposición, obstrución na toma e mostras ou na actividade inspectora da autoridade competente en materia de sanidade animal.</li> <li>• Tenza dunha peza de caza maior viva ou morta se poder acreditar a súa orixe legal.</li> <li>• Utilización de animais, domésticos ou silvestres, para o adestramento de cans de caza, (incluíndo o seguimento de rastro).</li> </ul>	NON	<p>No réxime sancionador xa se inclúe unha infracción que afecta a tódolos axentes da autoridade, non se considera necesario particularizar na autoridade competente en materia de sanidade animal. A tenza de animais salvaxes en catividade regúlase pola súa propia normativa, e si resulta que se trata dunha peza de caza morta, no texto do borrador de Lei xa se contempla a obriga de identificar a peza coa súa correspondente sanción, (83.23 do anteproxecto).</p> <p>O adestramento de cans é unha actividade autorizada, polo tanto non podemos autorizar e despois no réxime sancionador incluír unha sanción para o que temos autorizado e regulado anteriormente.</p>
78	Clubs e cazadores de caza maior de Galicia	Propónse incluír na redacción: “salvo autorización expresa”.	NON	A autorización expresa é unha “autorización especial”, é dicir un caso excepcional, non tendo que estar recollido neste artigo que trata das infraccións á norma xeral.
78	Organización Galega de mvmc	<p>Propónse incluír un apartado no que se sancione o arrendamento ou cesión a título oneroso ou gratuíto as autorizacións para o aproveitamento cinexético en terreos sometidos a réxime cinexético especial.</p> <p>Propónse incluír un apartado no que se sancione o falsar os datos do plan de ordenación cinexética.</p> <p>Propónse incluír un apartado no que se sancione cazar, comercializar, posuír e</p>	NON	<p>Non se pode considerar unha infracción a venda de xornadas de caza porque o autoriza a Lei no seu texto.</p> <p>Non se poden ceder ou arrendar dereitos cinexéticos cedidos, porque tal conduta inscríbese mais como unha infracción de natureza penal que administrativa.</p> <p>O plan de ordenación debe ser aprobado pola Consellería competente sendo de obrigado cumprimento de acordo co establecido no artigo 46 do anteproxecto. Falsar un plan de</p>



		transportar pezas de caza vivas ou mortas, calquera que sexa a súa idade e sexo, en caso de que sexan notorios, cando non concorden cos legalmente permitidos.  Proponse incluír un apartado no que se sancione cazar servíndose de animais como medio de ocultación .		ordenación ou de aproveitamento non pode considerarse como infracción a lei de caza, porque como tal trataríase da falsificación de documento público o que constitúe un delito.  Enténdese referidas as prohibicións a todo menos a cazar, pois as pezas mortas non son susceptíbeis diso. Estas prohibicións están incluídas nos apartados 1); 23) do anteproxecto. O texto proposto resulta confuso, considerándose que non se pode incluír como está redactado, dado que as condutas punibles propostas xa se atopan no texto do anteproxecto. Ocultarse servíndose de animais elimínase do texto actual por estimarse moi dificultosa a proba e porque esta posibilidade resulta de posibilidade bastante remota.
78	Particulares. Asociación de veciños San Breixo de Seixalbo.	Proponse incluír como infraccións propostas realizadas a artigos anteriores, como son: - Prohibir a caza nunha faixa de 500 m. arredor de zonas queimadas, e durante 5 anos dende a data do lume. - Disparar a árbores e vexetación. - Cravar sinais sobre vexetación. - Circular con vehículos por zonas non permitidas.	NON	Dado que non se consideraron ditas achegas, tampouco se poden incluír como infraccións, agás a que fai referencia á colocación de sinais sobre a vexetación, que se atopa recollida no artigo 83.19 do anteproxecto.
78.1.	Asociación Lobo	Considérase que sobra este apartado ao considerar a idade mínima para poder cazar aos 16 anos.	NON	Esta infracción non pode desaparecer, dado que corresponde cunha obriga establecida no texto da lei.
78.2.	Federación Galega de Caza	Propón a seguinte redacción: “Cazar as crías ou as femias seguidas de crías de especies de caza maior así como os machos sen corna, salvo autorización expresa.” e pasar esta infracción a leve.	NON	A lei prohibe cazar femias seguidas de crías, indistintamente de que se trate de especies de caza maior ou menor, estimando que esta infracción corresponde cunha falta grave.
78.2.	APROCA Galicia	Proponse engadir “...crías de especies de caza maior...”. Propoñendo que se considere como falta leve e non grave.	NON	A lei prohibe cazar femias seguidas de crías, indistintamente de que se trate de especies de caza maior ou menor, estimando que esta infracción corresponde cunha falta grave.
78.3.	Federación Galega de Caza	Propón a seguinte redacción: “Circular con armas de caza cargadas e usalas en lugares prohibidos ou disparar nas zonas de seguridade de forma que a munición poida alcanzar as mesmas, salvo que se dispoña de autorización para elo.	Parcialmente	Considérase esta proposta parcialmente no referente ás armas cargadas, dado que o resto que se propón está recollido no apartado 12 do borrador.
78.3.	Sociedade de cazadores de Portas.	Expón que debería estar permitido circular con armas nas zonas de seguridade, e disparar en dirección as estas zonas sempre que a munición non as alcance.	NON	O proposto xa está permitido.
78.3.	CCOO	Proponse que se realice unha redacción mais clara e concisa.	NON	Non se ve de que xeito se pode clarear mais
78.3.	APROCA Galicia	Proponse a seguinte redacción para este apartado: Circular con armas de caza e usalas en lugares prohibidos ou disparar cara ás zonas de seguridade, de xeito que a munición poida alcanzalas, salvo que se dispoña de autorización para iso.	Parcialmente	Considérase esta proposta parcialmente no referente ás armas cargadas, dado que o resto que se propón está recollido no apartado 12 do borrador.
78.5.	Federación Galega de Caza	Propón eliminar: “atraentes ou repelentes, produtos para crear rastros de olor”, e que a utilización de atraentes ou repelentes sexa unha infracción leve.	NON	Tendo en conta que a caza é unha actividade deportiva, o proposto supón cazar con vantaxe que diminúe as capacidades de defensa da peza de caza.
78.5.	CCOO	Proponse que esta infracción sexa considerada como moi grave.	NON	Parece excesivo equiparar o seu uso á súa mera portación.
78.7.	Federación Galega de Caza	Propón engadir ao final do punto: “salvo autorización expresa”.	NON	Considérase que o proposto xa está contemplado como unha autorización especial en caso de necesidade.
78.8.	Particular. CCOO	Proponse incluír unha infracción por utilizar chumbo en calquera humidal, non soamente nas zonas incluídas no convenio Ramsar.	NON	Non se considera incluír esta infracción dado que non se considera prohibir con carácter xeral a utilización de perdigóns de chumbo en tódolos humidais. Restrínxese aos humidais do convenio Ramsar, dado que en Galicia existen humidais se presenza de aves acuáticas.
78.8.	Federación ecoloxista galega.	Proponse adaptar este apartado considerando as alegacións realizadas ao artigo 60.	NON	De acordo co dito naquel precepto, mantense a precisión establecida neste.
78.9.	CCOO	Proponse que esta infracción sexa considerada como moi grave.	NON	Parece excesivo.
78.10.	Federación Galega de Caza	Propón eliminar. “ou calquera outro método de caza listo para o seu uso”.	NON	Parece excesivo, non xustificándose o proposto.
78.13.	Federación Galega de Caza	Propón eliminar: “ou portar”.	NON	A simple tenencia nesas espazos comporta a presunción dun uso ilegal.
78.14.	CCOO	Proponse que esta infracción sexa considerada como moi grave.	NON	Parece excesivo.
78.2. e 78.25	Asociación Lobo	Considérase que esta actividade debe estar prohibida expresamente.	NON	Neste artigo estanse a tratar as infraccións graves, polo tanto estase a tipificar como grave a realización dunha actividade que está prohibida no texto da lei, en concreto nos artigos 63.1.i. e 63.1.k. do borrador.
78.10	UNITEGA	Proponse eliminar este apartado dado que xa está regulado no regulamento de armas.	NON	Os intereses que defenden estas dúas normativas é diferente, aquí toca referirse ao orde cinexético.
78.22	Unión de cazadores de montes libres de Pontevedra	“Non sinalizar debidamente os terreos cinexéticos, cando unha resolución administrativa impoña a súa obrigatoriedade”. Non sinalizar os tecores debería ser unha falta moi grave.	NON	Parece excesivo.
78.22	Sociedade de cazadores de Portas.	Propón que se catalogue como infracción leve.	NON	É unha obriga que se establece dende a autorización do tecor e o seu incumprimento supón unha contravención da propia autorización administrativa.
78.22.	Federación Galega de Caza	Propón que se catalogue como infracción leve.	NON	É unha obriga que se establece dende a autorización do tecor e o seu incumprimento supón unha contravención da propia autorización administrativa.
78.22	UNITEGA	Proponse que se considere unha falta leve e non grave.	NON	É unha obriga que se establece dende a autorización do tecor e o seu incumprimento supón unha contravención da propia autorización administrativa.

78.22.	CCOO	Exponse que non se entende que se tipifique como falta grave a non sinalización de terreos cinexéticos, “cando unha resolución impoña a súa obrigatoriedade”, contradicándose co establecido no artigo 41.1. onde non se expresa nada de resolucións impositivas.	NON	Da lectura do artigo 41 queda patente a obrigatoriedade.
78.23	Sociedade de cazadores de Portas.	Considera que se deberían tratar en puntos diferentes as enfermidades e os envelenamentos.	NON	Non se entende o sentido da alegación, dado que ambas actuacións encádranse dentro das obrigas que se establecen no artigo 81.4.g) do anteproxecto.
78.23	Federación Galega de Caza	Propón eliminar este punto.	NON	Non se entende o sentido da alegación, dado que ambas actuacións encádranse dentro das obrigas que se establecen no artigo 81.4.g) do anteproxecto.
78.23.	UNITEGA	Propónse a seguinte redacción: Non poñer en coñecemento da autoridade administrativa competente os titulares ou xestores de terreos sometidos a un réxime cinexético especial as epizootias non recurrentes ou envelenamentos que coñeza e afecten á fauna existente nestes, ou incumprir as medidas que se diten para a súa prevención ou erradicación.	NON	Non se entende o sentido da alegación, dado que ambas actuacións encádranse dentro das obrigas que se establecen no artigo 81.4.g) do anteproxecto.
78.23.	CCOO	Propónse que esta infracción sexa considerada como moi grave.	NON	Parece excesivo.
78.30	CCOO	Propónse que esta infracción sexa considerada como moi grave.	NON	Parece excesivo.
78.31	CCOO	Propónse que esta infracción sexa considerada como moi grave.	NON	Parece excesivo.
78.33.	Federación Galega de Caza	Propón eliminar: “ou con armas semiautomáticas provistas de cargador que poida conter máis de dous cartuchos.” e que esto sexa unha infracción leve.	NON	Sendo tan sinxelo limitar a capacidade do cargador para adecualo á legalidade, quen o leva así ten que supoñerse que o quere levar así.
78.35	CCOO	Propónse que esta infracción sexa considerada como moi grave.	NON	Parece excesivo, sobor de todo si se considera que en todo caso, mantense a súa responsabilidade.
78.35	Particular.	Propónse a seguinte redacción para este apartado: Cazar sen ter contratado ou caducado o seguro obrigatorio do cazador.	NON	Si o seguro está caducado é como si non tivera seguro.
78.40	CCOO	Propónse que esta infracción sexa considerada como moi grave.	NON	Parece excesivo, na normativa de tráfico que lle é semellante non ten tal consideración.
78.40	Sociedade de cazadores de Portas.	Considera que unha vez regulamentada a taxa de alcoholemia esta infracción debería ser tipificada como moi grave.	NON	Parece excesivo.
78.41	Sociedade de cazadores de Portas.	Considera que esta infracción debería ser moi grave e un delito.	NON	Parece excesivo, na normativa de tráfico que lle é semellante non ten tal consideración.
78.43	CCOO	Propónse que esta infracción sexa considerada como moi grave.	NON	Parece excesivo.
<p><b>Unha vez realizados os cambios correspondentes ás alegacións estimadas, e os cambios propostos pola Asesoría Xurídica, o artigo que no borrador era o nº 78 pasa a ser o nº 83, coa seguinte redacción.</b></p>		<p>Artigo 83. Infraccións graves.</p> <p>Son infraccións graves:</p> <ol style="list-style-type: none"> <li>1. Cazar crías ou as femias seguidas de crías así como os machos sen corna, salvo autorización expresa.</li> <li>2. Circular con armas de caza cargadas, usalas ou disparar en dirección ás zonas de seguridade, salvo que se dispoña de autorización para iso.</li> <li>3. Usar postas, segundo a definición que fai o artigo 65.1.</li> <li>4. Portar reclamos, produtos e aparatos dos descritos no artigo 67.1 en calquera tipo de terreo sen autorización.</li> <li>5. No exercicio da caza menor, usar munición de bala, salvo autorización expresa.</li> <li>6. No exercicio da caza maior, usar cartuchos con munición de perdigón.</li> <li>7. Usar munición que conteña chumbo contraviniendo a Lei 42/2007 do 13 de decembro.</li> <li>8. Incumprir as condicións que se fixen nas autorizacións para celebrar batidas ou incumprir as indicacións do/a responsable da cazaría naqueles aspectos que afecten directamente á seguridade das persoas. Enténdese en calquera caso que, a contravención do disposto no artigo 61 da presente lei, afecta directamente á seguridade das persoas</li> <li>9. Empregar aeronaves de calquera tipo, vehículos terrestres motorizados e embarcacións en movemento, como medio de transporte de armas desenfundadas ou calquera outro medio de caza listo para o seu uso, en día inhábil de caza.</li> <li>10. Cazar ou portar medios dispostos para a caza sen autorización do/a titular do dereito cinexético ou sen cumprir a normativa legal por veda, épocas, horas, lugares ou circunstancias prohibidas.</li> <li>11. Usar en terreos cinexéticos armas accionadas por aire e outros gases comprimidos.</li> <li>12. Portar en terreos cinexéticos sen autorización instrumentos, medios e procedementos de caza prohibidos polo artigo 64 e seguintes.</li> <li>13. Cazar sen obter a licenza anteriormente, sin tela renovada mais dun ano ou estando inhabilitado/a para obtela.</li> <li>14. Cazar os/as axentes da autoridade e os/as gardas de caza durante o exercicio das súas funcións.</li> <li>15. Impedir aos/ás axentes da autoridade facultativos/as medioambientais e os/as axentes forestais dependentes da consellería competente en materia de caza, e demais corpos e institucións da Administración Pública que, con carácter xeral, teñan encomendadas funcións de custodia dos recursos naturais realizar as actuacións previstas no artigo 73.3.</li> <li>16. Negarse a exhibir a documentación establecida no artigo 56.1 aos/as axentes da autoridade cando esta sexa solicitada.</li> </ol>		

		<p>17. O incumprimento por parte do/a titular cinexético/a das condicións establecidas nas resolucións de declaración de TECOR, terreo cinexético-deportivo ou explotación cinexética comercial.</p> <p>18. Incumprir por parte do/a titular cinexético/a o establecido nos Plans de ordenación cinexético e anuais de aproveitamento cinexético, unha vez aprobados estes polos órganos competentes.</p> <p>19. Incumprir o disposto no artigo 44.1 sobre sinalización os/as titulares dos dereitos cinexéticos ou cando unha resolución administrativa imponha a súa obrigatoriedade.</p> <p>20. Incumprir por parte do/a titular cinexético/a as obrigas de comunicación establecidas no artigo 50</p> <p>21. Explotar comercialmente a caza sen autorización ou incumprir as condicións fixadas nesta.</p> <p>22. Cazar con furóns sen autorización, así como vulnerar as condicións de autorización outorgada para a utilización destes animais.</p> <p>23. Estar en posesión de pezas de caza vivas ou mortas cuxa procedencia non poida xustificarse nos períodos de vedas que se establezan na correspondente disposición xeral de períodos hábiles.</p> <p>24. O exercicio da caza en terreos sometidos a un réxime cinexético especial cando o/a infractor/a non estea en posesión do correspondente permiso para exercitar a caza nestes.</p> <p>25. Pechar ou cercar terreos con fins cinexéticos sen autorización ou sen cumprir os requisitos establecidos nesta, así como danar ou alterar os que estean autorizados.</p> <p>26. Cazar con armas de fogo sen cumprir as medidas de seguridade que regulamentariamente se especifiquen.</p> <p>27. Cazar en liña de retranca en caza maior facendo uso de armas de fogo.</p> <p>28. Abrir portelos en cercas ou valados ou construír artificios, trampas, barreiras ou calquera outro dispositivo que sirva ou poida servir para beneficiarse da caza allea.</p> <p>29. Destruír ou danar as instalacións destinadas á protección e fomento da caza.</p> <p>30. Cazar con armas de fogo automáticas ou semiautomáticas cuxo cargador poida conter máis de dous cartuchos ou rifle anestésico sen autorización.</p> <p>31. Cazar con armas ou medios que precisen de autorización especial sen estar en posesión do correspondente permiso.</p> <p>32. Cazar sen ter concertado un contrato de seguro de responsabilidade civil do/a cazador/a en contía mínima que se determine regulamentariamente que cubra os danos e prexuízos dimanantes do uso da arma ou de calquera outro medio e do exercicio da caza en xeral.</p> <p>33. Destruír, alterar ou cambiar os sinais indicadores da condición cinexética dun terreo.</p> <p>34. Alterar os precintos e marcas regulamentarios utilizados para as pezas cobradas ou para instrumentos de caza autorizados.</p> <p>35. Atribuírse indebidamente a titularidade de terreos sometidos a réxime cinexético especial.</p> <p>36. Incumprir as condicións dunha autorización especial das previstas no artigo 69.</p> <p>37. Cazar baixo a influencia de estupefacientes, alcohol, substancias psicotrópicas ou calquera outra droga que poida alterar ou altere sensiblemente as facultades normais do/a cazador/a ou a súa capacidade de reacción.</p> <p>38. Non se someter durante o exercicio da caza ás probas para a comprobación da influencia de estupefacientes, alcohol, substancias psicotrópicas ou calquera outra droga, cando estas sexan requiridas por os/as membros dos corpos de seguridade.</p> <p>39. Cazar aproveitándose de maquinaria agrícola ou forestal.</p> <p>40. Negarse á entrega da arma ou outros medios de caza cando o/a presunto/a infractor/a fose requirido/a para iso por un/unha axente da autoridade.</p> <p>41. Realizar repoboacións cinexéticas sen autorización administrativa ou incumprindo as condicións establecidas nesta.</p>		
Artigo	Alegacións de	Contido da alegación	Aceptación	Observacións
79	Amigos da Terra	Incluír novos tipos infractores: 20) Cazar dentro das zonas consideradas como de seguridade ou disparar cara a elas. 21) Falsar datos nos POC de maneira a declarar censos de fauna superiores aos reais para poder seguir cazando don de a escaseza de individuos recomendaría a suspensión de actividade cinexética	NON	Xa se tipifica como grave no apartado 2 do artigo 83. Non se entende ben o que se quere dicir con falsear os datos. Aportar datos falsos para a redacción do POC con ese obxecto, habería que valorar se responde a unha conduta voluntaria ou froito dunha mala cuantificación técnica, pero en calquera caso a Administración, antes de aprobalo ten que facer as comprobacións oportunas. Facelo despois de terse aprobado o POC é unha falsificación dun documento público o que constitúe un delito.
79	Sociedade Galega de Historia Natural	Propón extender a prohibición do punto 6 a todas as especies.	NON	As especies cinexéticas si poden ser obxecto de caza.
79	Asociación Forestal de Galicia.	Propónse incluír nas infraccións moi graves os danos á propiedade forestal, incluíndo os danos a peches, infraestruturas e ao arborado.	NON	No artigo 54 do borrador sobre a responsabilidade do cazador, xa se establece a obriga de indemnizar polos danos e prexuízos que se ocasionen como consecuencia do exercicio da caza, agás cando o feito causante fose debido a culpa ou negligencia do prexudicado ou por causas de forza maior. Non tería sentido incluír unha infracción polos danos ocasionados á propiedade forestal en exclusiva, e non citar os danos que se poderían producir a outras propiedades ou bens, polo que o mais correcto será tratar tódolos danos en conxunto obrigando á súa indemnización. En todo caso trátase dunha cuestión do orde xurídico civil.
79	Asociación Forestal de Galicia.	Propónse incluír un apartado que obrigue aos cazadores a indemnizar aos propietarios forestais cuxas repoboacións sufran danos ocasionados pola fauna cinexética.	NON	No artigo 55 do borrador xa se establece a responsabilidade patrimonial polos danos que causan as especies cinexéticas.
79	Dirección Xeral de Producción	Propónse modificar o apartado 79.8, eliminando o termo asilvestrado, dado que non	NON	No artigo 79.8 do borrador, non se fai referencia aos animais domésticos asilvestrados. O

	Agropecuaria.	existe unha definición de animal doméstico asilvestrado.		apartado 6º dese artigo fala de animais domésticos
79	Asociación Lobo	Proponse engadir un apartado coa seguinte redacción: “o emprego do lume con calquera intención”.	NON	A lei de caza non se considera o instrumento adecuado para prohibir a utilización do lume e máximo cando se especifica que se prohiba con calquera intención.
79.4.	UNITEGA	Proponse a seguinte redacción: Usar con fins de cazar en terreos cinexéticos gases, substancias velenosas, tranquilizantes, atraentes e os explosivos.	NON	Non se xustifica a exclusión dos repelentes.
79.4.	CCOO	Proponse a súa eliminación pois está recollido no artigo 336 do Código Penal.	NON	É perfectamente compatible a existencia de infracción na orde penal e administrativa
79.5.	Federación Galega de Caza	Propón catalogar esta infracción como grave.	Parcialmente	Modifícase a redacción pola establecida no 84.4 do anteproxecto.
79.6	Tecor Societario de Xallas	Entende excesiva a sanción por matar un animal doméstico, pon como exemplo un gato, que pode causar moitos danos a caza	NON	Os animais domésticos son de moitas clases e esta prohibición os alcanza a todos. Se se quere eliminar algun tipo deles pódese pedir autorización, xustificando o dano. De xeito contrario, calquera animal doméstico podería ser obxecto de caza.
79.6.	Asociación española de cetrería e Sociedade Galega de Cetrería.	Proponse que a infracción que fai referencia a abater animais domésticos, sen a debida autorización, sexa considerada como tal unicamente cando se realice con armas de caza, e como falta leve cando o abatemento se realice por aves utilizadas na práctica da cetrería.	NON	Considérase que este feito supón unha infracción independentemente de que sexan abatidos os animais domésticos con armas ou con calquera outro medio durante a práctica da caza.
79.6.	UNITEGA	Proponse que considere unha falta grave e non moi grave.	NON	Os animais domésticos son de moitas clases e esta prohibición os alcanza a todos. Se se quere eliminar algún tipo deles pódese pedir autorización, xustificando o dano. De xeito contrario, calquera animal doméstico podería ser obxecto de caza.
79.6.	Particular.	Considérase desproporcionado o exposto, dado que por exemplo cazar un gato “silvestre” sería unha falta grave.	NON	Os animais domésticos son de moitas clases e esta prohibición os alcanza a todos. Se se quere eliminar algún tipo deles pódese pedir autorización, xustificando o dano. De xeito contrario, calquera animal doméstico podería ser obxecto de caza.
79.6.	APROCA Galicia	Considérase que debería acoutarse mais este apartado.	NON	Os animais domésticos son de moitas clases e esta prohibición os alcanza a todos. Se se quere eliminar algún tipo deles pódese pedir autorización, xustificando o dano. De xeito contrario, calquera animal doméstico podería ser obxecto de caza.
79.6.	Asociación Lobo	Proponse que debe estar prohibida a caza de especies non cinexéticas e dos animais domésticos.	NON	Está claro que as especies sobre as que se pode realizar a actividade cinexética serán aquelas que se declaren como tales, así como tamén está prohibido cazar animais domésticos, segundo se establece no artigo 3 do anteproxecto.
79.7.	CCOO	Proponse que esta infracción sexa considerada como grave.	NON	A conduta obstrutiva da acción do labor de investigación pode impedir a averiguación de condutas moi graves, rebaixar a sanción podería constituír un estímulo para eses comportamentos ilegais.
79.10.	Federación Galega de Caza	Propón os seguintes cambios: “...estivese expresamente prohibido e sinalizado sen estar en posesión...”.	SI	Estímase esta proposta.
79.13.	UNITEGA	Proponse a eliminación deste apartado ao considerar que non entra dentro do que se pode considerar como sancións administrativas.	NON	É perfectamente compatible a existencia de infracción na orde penal e administrativa.
79.13	CCOO	Proponse a súa eliminación pois está recollido no artigo 550 do Código Penal.	NON	É perfectamente compatible a existencia de infracción na orde penal e administrativa.
79.13	Tecor Societario de Xallas	Propón suprimir este punto por entender que teñen a consideración de delito ou de falta xa	NON	É perfectamente compatible a existencia de infracción na orde penal e administrativa.
79.18.	Sociedade de cazadores de Portas.	Propón eliminar: “ou portar”	NON	Considérase necesario proporcionar outra redacción que aclare o contido deste apartado.
79.18.	Federación Galega de Caza	Propón que portar armas de fogo longas raiadas de calibre 5,6 mm (22 americano) de percusión anular, se considere unha infracción grave.	NON	A intensidade do ilícito xustifica a gravidade da sanción.
79.20.	Particulares. Asociación de veciños San Breixo de Seixalbo.	Proponse incluír este novo apartado facendo referencia a cazar en zonas de seguridade ou disparar cara elas.	NON	Esta infracción xa está tipificada como grave no texto.
<p><b>Unha vez realizados os cambios correspondentes ás alegacións estimadas, e os cambios propostos pola Asesoría Xurídica, o artigo que no borrador era o nº 79 pasa a ser o nº 84, coa seguinte redacción.</b></p>		<p>Artigo 84. Infraccións moi graves.</p> <p>Son infraccións moi graves:</p> <ol style="list-style-type: none"> <li>1. Usar en terreos cinexéticos sen autorización instrumentos, medios e procedementos de caza prohibidos polo artigo 67.1.</li> <li>2. Usar ou portar en terreos cinexéticos sen autorización calquera tipo de bala, cartucho ou proxectil que fose manipulado con posterioridade á súa fabricación, ou balas explosivas.</li> <li>3. Usar con fins de cazar en terreos cinexéticos gases, substancias velenosas, tranquilizantes, atraentes ou repelentes, ou produtos para crear olor e os explosivos.</li> <li>4. Utilizar calquera medio de transporte para disparar con armas en día, período, lugar ou circunstancias prohibidas.</li> <li>5. Cazar animais domésticos.</li> <li>6. Impedir aos/ás axentes da autoridade realizar as actuacións de investigación do paradoiro de pezas de caza ilegalmente cobradas.</li> <li>7. Cazar especies con aparatos electrocutantes ou paralizantes capaces de matar ou atordar.</li> <li>8. Cazar con armas ou outras artes autorizadas en terreos con prohibición permanente de cazar, cando existan nos seus accesos sinais ou carteis indicativos de tal condición.</li> </ol>		

		<p>9. Cazar en refuxios de fauna ou vedados de caza ou naquelas zonas dos espazos naturais protexidos onde o exercicio da caza estivese expresamente prohibido e sinalizado sen estar en posesión dunha especial autorización, aínda que non se cobrase peza algunha.</p> <p>10. A introducción de especies alóctonas e a manipulación xenética de especies cinexéticas destinadas para a súa liberación no medio natural, salvo autorización expresa do/a titular da dirección xeral competente en materia de caza.</p> <p>11. Cazar servíndose do lume.</p> <p>12. Agredir ou ameazar aos/ás axentes da autoridade cando se encontren no exercicio das súas funcións.</p> <p>13. Instalar cercados electrificados con fins cinexéticos.</p> <p>14. Cazar empregando faros, lanternas, espellos e outras fontes luminosas artificiais, salvo nas esperas nocturnas autorizadas.</p> <p>15. Incumprir o/a titular das explotacións cinexéticas comerciais o establecido no artigo 27 no referente ao seguro de responsabilidade civil.</p> <p>16. Usar ou portar con fins de caza por terreos cinexéticos armas de fogo das prohibidas polo artigo 64 ou armas con munición non autorizada ou prohibida cuxo uso non estea contemplado como infracción específica nesta lei.</p> <p>17. Usar os dispositivos auxiliares que se relacionan no artigo 66.</p>		
Artigo	Alegacións de	Contido da alegación	Aceptación	Observacións
80.1.	UNITEGA	<p>Propónse a seguinte redacción:</p> <p>As infraccións previstas nesta Lei prescribirán nos seguintes prazos:</p> <p>a) Aos seis meses as infraccións leves</p> <p>b) Ao ano as infraccións graves</p> <p>c) Aos dous anos as infraccións moi graves</p>	NON	A prescrición das infraccións considerado axeitado e proporcionado.
80.1.a)	Federación Galega de Caza	Propón a seguinte redacción: Aos seis meses as infraccións leves.	NON	A prescrición das infraccións considerado axeitado e proporcionado.
80.1.b)	Federación Galega de Caza	Propón a seguinte redacción: Ao ano as infraccións graves.	NON	A prescrición das infraccións considerado axeitado e proporcionado.
80.1.c)	Federación Galega de Caza	Propón a seguinte redacción: Aos dous anos as infraccións moi graves.	NON	A prescrición das infraccións considerado axeitado e proporcionado.
		<p>Artigo 85. Prescrición das infraccións.</p> <p>1. As infraccións previstas nesta lei prescribirán nos seguintes prazos:</p> <p>a) Ao ano as infraccións leves.</p> <p>b) Aos tres anos as infraccións graves.</p> <p>c) Aos cinco anos as infraccións moi graves.</p> <p>2. O prazo de prescrición comezará a contar dende o día en que se cometese a infracción.</p> <p>3. Nas infraccións derivadas dunha actividade continuada, o momento inicial do cómputo será o da finalización da actividade ou do último acto no que se consume a infracción.</p> <p>4. Interromperá a prescrición da infracción a iniciación, con coñecemento do/a interesado/a, do procedemento sancionador reanudándose o prazo de prescrición se o expediente sancionador estivera paralizado máis dun mes por causa non imputable ao/á presunto/a responsable.</p>		
Artigo	Alegacións de	Contido da alegación	Aceptación	Observacións
81	ADEGA	Propónse incrementar os tramos superiores das sancións.	NON	Considérase que os intervalos para os importes das sancións están correctamente asignados.
81	Organización Galega de mvmc e Matar por matar non.	Propónse incrementar os tramos superiores das sancións.	NON	Considérase que os intervalos para os importes das sancións están correctamente asignados.
81.1.a.	Particular. UNITEGA Federación Galega de Caza	Propónse que esta multa sexa de 60 a 600 €	NON	A contía da sanción estímase axeitada.
81.1.b)	Sociedade de cazadores de Portas.	Propón realizar os seguintes cambios: “ Multa de 601 a 6.000 euros para as infraccións graves, que unicamente levará aparelhada a retirada da licenza de caza e inhabilitación para obtela de un ano e un día a cinco anos, naqueles supostos en que se aplique a sanción no seu grao máximo.	NON	É unha agravación inxustificada da sanción.
81.1.b)	Federación Galega de Caza	Propón substituír “necesariamente” por “unicamente”	NON	Dáse unha nova redacción ao apartado.
81.1.b.	APROCA Galicia	Propónse substituír “necesariamente” por “unicamente”.	NON	Dáse unha nova redacción ao apartado.
81.1 e 81.3.	CCOO	Considérase que son o mesmo, polo que se propón unha nova redacción ou a eliminación dun deles.	NON	O apartado 3 estase a referir exclusivamente ao titular cinexético, mentres que no apartado 1 engloba a todos. Un refírese aos terreos cinexéticos e outro á responsabilidade do infractor.
81.2.	UNITEGA	<p>Propónse a seguinte redacción:</p> <p>Así mesmo, a comisión das infraccións tipificadas nesta lei poderá, nos casos de maior gravidade, dar lugar ás seguintes sancións non pecuniarias.</p>	NON	Pola natureza das infraccións soamente se poderían aplicar as infraccións graves e moi graves.

<p><b>Unha vez realizados os cambios correspondentes ás alegacións estimadas, e os cambios propostos pola Asesoría Xurídica, o artigo que no borrador era o nº 81 pasa a ser o nº 86, coa seguinte redacción.</b></p>		<p>Artigo 86. Sancións aplicables.</p> <p>1. As infraccións tipificadas na presente lei poderán ser sancionadas polas autoridades competentes coas sancións seguintes:</p> <p>a) Multa de 100 a 600 euros para as infraccións leves.</p> <p>b) Multa de 601 a 6.000 euros para as infraccións graves, podendo levar aparellada a retirada da licenza de caza e inhabilitación para obtela dun ano e un día a cinco anos nos supostos contemplados no artigo 83 puntos: 3, 4, 9, 14, 15, 22, 24, 31, 32, 34, 39 e 40. En todo caso, acordarase a retirada da licenza e a inhabilitación para obtela naqueles supostos nos que se impoña a sanción de multa no seu grao máximo.</p> <p>c) Multa de 6.001 a 30.000 de euros para as infraccións moi graves e retirada da licenza de caza e inhabilitación para obtela de cinco anos e un día a dez anos, para obter novamente a licenza, o/a infractor/a deberá someterse ás mesmas probas de aptitude, que resulten necesarias para obtela por primeira vez.</p> <p>Nos casos de inhabilitación, o/a titular da licenza deberá entregar o documento acreditativo e absterse de solicitar unha nova, en tanto dure esta.</p> <p>2. Nos supostos de comisión de infraccións moi graves das contempladas no artigo 84 puntos 7, 11, 12, 13, 14 e 17 por parte do/a titular cinexético/a, a sanción levará aparellada, a suspensión ou anulación da actividade cinexética por un período dun a cinco anos ou a inhabilitación para ser titular de terreos sometidos a réxime cinexético especial dun a cinco anos.</p> <p>A suspensión poderá consistir na declaración de vedado temporal, ou a prohibición temporal para comercializar pezas de caza; a anulación do réxime especial poderá dar lugar a un vedado, á declaración dun TECOR autonómico ou doutra figura que impida a caza indiscriminada das especies cinexéticas existentes.</p>		
Artigo	Alegacións de	Contido da alegación	Aceptación	Observacións
82	Particular.	Proponse eliminar o apartado 3.dado que por a súa aplicación, podería ser recorrible nos casos de grave ou moi grave ao consideralo así o infractor.	NON	Esta é unha atribución que lle dá a lei o órgano sancionador para adecuar a corrección a gravidade da sanción.
82.2.	CCOO	Considera que non se recolle o valor ou peso de cada apartado, algo que debe facerse para establecer a súa gradación.	NON	No dereito sancionador as circunstancias que poden influír na graduación das sancións establécense na lei para que en cada caso sexan valoradas polo órgano sancionador, non pode establecerse unha regra xeral, como parece mas que obvio.
82.3.	CCOO	Proponse a eliminación deste apartado ao considerar que non pode figurar a expresión "resulta excesivamente onerosa".	NON	Trátase de evitar que a corrección derivada dunha sanción aplicada na súa literalidade resulte superior a querida polo lexislador.
<p><b>Unha vez realizados os cambios correspondentes ás alegacións estimadas, e os cambios propostos pola Asesoría Xurídica, o artigo que no borrador era o nº 82 pasa a ser o nº 87, coa seguinte redacción.</b></p>		<p>Artigo 87. Criterios para a graduación das sancións.</p> <p>1. As sancións pecuniarias poderán impoñerse en tres graos, mínimo, medio ou máximo, en función dos criterios sinalados no apartado seguinte.</p> <p>2 Para a graduación das sancións teranse en conta os seguintes criterios:</p> <p>a). A intencionalidade.</p> <p>b). A transcendencia social, o prexuízo causado aos recursos cinexéticos ou aos hábitats, o prazo de recuperación ou a irreversibilidade dos prexuízos causados aos recursos cinexéticos ou aos hábitats.</p> <p>c). A situación de risco creada para as persoas ou os bens.</p> <p>d). O ánimo de lucro e o beneficio obtido.</p> <p>e). A natureza e volume dos medios ilícitos empregados.</p> <p>f). A reincidencia, por comisión no termo dun ano de máis dunha infracción da mesma natureza cando así fose declarado por resolución firme. Se se apreciase esta circunstancia o importe da multa que corresponda impoñer incrementarase nun 50%.</p> <p>g). A agrupación ou organización de persoas para cometer a infracción.</p> <p>3. En atención ás circunstancias específicas do caso, cando o/a infractor/a procedese a corrixir a situación creada pola comisión da infracción ou restaure o dano causado durante a tramitación do procedemento sancionador, de forma motivada, poderase determinar a imposición da sanción no seu grao mínimo.</p>		
Artigo	Alegacións de	Contido da alegación	Aceptación	Observacións
83.5.	CCOO	Solicita a eliminación deste apartado, é inasumible a adaptación das normas aos infractores.	NON	Non se entende o sentido da alegación.
<p><b>Unha vez realizados os cambios correspondentes ás alegacións estimadas, e os cambios propostos pola Asesoría Xurídica, o artigo que no borrador era o nº 83 pasa a ser o nº 88, coa seguinte redacción.</b></p>		<p>Artigo 88. Reparación do dano e indemnizacións.</p> <p>1. As sancións serán compatibles coa esixencia ao/á infractor/a da reposición da situación alterada por el ao seu estado orixinario, así como coa indemnización polos danos e perdas causados.</p> <p>2. Os danos ocasionados ao ecosistema cinexético e o prazo para a súa reparación determinarase segundo criterio técnico debidamente motivado na resolución que poña fin ao procedemento sancionador. Cando non se poida determinar nesta resolución, a indemnización polos danos e prexuízos causados determinarase mediante un procedemento complementario, cuia resolución será inmediatamente executiva. Este procedemento será susceptible de terminación convencional, pero nin ésta nin a aceptación polo/a infractor/a da resolución que poidera recaer implicará o recoñecemento voluntario da súa responsabilidade. A resolución do procedemento poñerá fin á vía administrativa.</p> <p>3. A reparación terá como obxectivo a restauración do ecosistema cinexético á situación previa á comisión da infracción.</p> <p>4. Poderá requirirse así mesmo indemnización nos casos en que o beneficio económico do/a infractor/a sexa superior á máxima sanción prevista. Esta indemnización será como máximo do dobre da contía do devandito beneficio.</p> <p>5. O deber de restaurar o medio natural ao estado anterior á comisión da infracción non prescribe nunca.</p>		

Artigo	Alegacións de	Contido da alegación	Aceptación	Observacións
84.1.	UNITEGA	Propónse a seguinte redacción: As sancións previstas na presente Lei prescribirán nos seguintes prazos: a) Ao ano as impostas por infracción leves. b) Aos dous anos as impostas por infracción graves. c) Aos tres anos as que se impoñan por infracción moi graves.	NON	Os prazos de prescrición están acomodados a gravidade das sancións.
84.1.b)	Federación Galega de Caza	Propón substituír “tres” por “dous”.	NON	Os prazos de prescrición están acomodados a gravidade das sancións.
84.1.c)	Federación Galega de Caza	Propón substituír “cinco” por “tres”.	NON	Os prazos de prescrición están acomodados a gravidade das sancións.
<b>Unha vez realizados os cambios correspondentes ás alegacións estimadas, e os cambios propostos pola Asesoría Xurídica, o artigo que no borrador era o nº 84 pasa a ser o nº 89, coa seguinte redacción.</b>		<p>Artigo 89. A prescrición das sancións.</p> <p>1. As sancións previstas na presente lei prescribirán nos seguintes prazos:</p> <p>a) Ao ano as impostas por infraccións leves. b) Aos tres anos as impostas por infraccións graves. c) Aos cinco anos as que se impoñan por infraccións moi graves.</p> <p>2. O prazo de prescrición comezará a contarse dende o día seguinte a aquel en que a resolución pola que se impoña a sanción adquiera firmeza en vía administrativa.</p> <p>3. Interromperá a prescrición a iniciación, con coñecemento do/a interesado/a, do procedemento de execución, volvendo a transcorrer o prazo se aquel está paralizado durante máis dun mes por causa non imputable ao/á infractor/a.</p>		
Artigo	Alegacións de	Contido da alegación	Aceptación	Observacións
85.5.	Federación Galega de Caza	Propón substituír “nove meses” por “seis meses”.	NON	Son prazos máximos que en moitos casos son necesarios para tramitar.
<b>Unha vez realizados os cambios correspondentes ás alegacións estimadas, e os cambios propostos pola Asesoría Xurídica, o artigo que no borrador era o nº 85 pasa a ser o nº 90, coa seguinte redacción.</b>		<p>Artigo 90. O expediente sancionador e a súa caducidade.</p> <p>1. Para impoñer as sancións previstas na presente lei, será precisa a incoación e instrución do correspondente expediente sancionador de acordo co previsto na normativa vixente, aplicando no non previsto expresamente a Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e o Real decreto 1398/1993, do 4 de agosto polo que se aproba o Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.</p> <p>2. A competencia para incoar o expediente sancionador en materia de caza atribúese ao/á xefe/a territorial correspondente da consellería competente en materia de caza por razón de territorio.</p> <p>3. A iniciación dos procedementos sancionadores, que se debe notificar á persoa ou persoas presuntamente responsables, formalizaranse co contido mínimo seguinte:</p> <p>a) Identificación da persoa ou persoas presuntamente responsables. b) Os feitos sucintamente expostos que motivan a incoación do procedemento, a súa posible cualificación e as sancións que poideran corresponder, sen prexuízo do que resulte da instrución. c) Instrutor/a e, no seu caso, secretario/a do procedemento, con expresa indicación do réxime de recusación dos/as mesmos/as. d) Órgano competente para a resolución do expediente e norma que lle atribúa tal competencia, indicando a posibilidade de que o/a presunto/a responsable poida recoñecer voluntariamente a súa responsabilidade, cos efectos previstos no artigo 8 do Real decreto 1398/1993, do 4 de agosto. e) Medidas de carácter provisional que se teñan acordado polo órgano competente para iniciar o procedemento sancionador, sen prexuízo das que se poidan adoptar durante o mesmo de conformidade co artigo 15 do Real decreto 1398/1993, do 4 de agosto. f) Indicación do dereito a formular alegacións e á audiencia no procedemento e dos prazos para o seu exercicio.</p> <p>4. O prazo máximo para resolver e notificar a resolución expresa que poña fin ao procedemento será de nove meses, contados dende a data de inicio do procedemento sancionador, que corresponde coa data do acordo de incoación. Unha vez transcorrido ese prazo sen que se notificase a resolución, producirase a caducidade deste. A resolución que declare a caducidade ordenará o arquivo das actuacións.</p> <p>5. Nos supostos nos que o procedemento se paralizase por causa imputable ao/á interesado/a, interromperase o cómputo do prazo para resolver e notificar a resolución.</p> <p>Excepcionalmente, poderá acordarse a ampliación do prazo máximo de resolución e notificación mediante motivación clara das circunstancias concorrentes e só unha vez agotados todos os medios a disposición posibles.</p> <p>A caducidade non producirá por sí soa a prescrición das accións do particular ou da Administración, pero os procedementos caducados non interromperán o prazo de prescrición.</p>		
Artigo	Alegacións de	Contido da alegación	Aceptación	Observacións
86.1.	CCOO	Considérase que vulnera o establecido na Lei de axuízamento criminal	NON	Non se entende por que se di isto, cando precisamente é o que di esa lei.
<b>Unha vez realizados os cambios correspondentes ás alegacións estimadas, e os cambios propostos pola Asesoría Xurídica, o artigo que no borrador era o nº 86 pasa a ser o nº 91, coa seguinte redacción.</b>		<p>Artigo 91. A presunción de existencia de delito ou falta.</p> <p>1. En calquera momento do procedemento sancionador no que os órganos competentes estimen que os feitos tamén poideran ser constitutivos de ilícito penal, o comunicarán ao Ministerio Fiscal,</p>		

		solicitándolle testemuña sobre as actuacións practicadas respecto da comunicación. Recibida a comunicación de que puidera ser constitutiva de delito ou de falta do órgano xurisdiccional e se se estima que existe identidade de suxeito, feito e fundamento entre a infracción administrativa e a infracción penal que poidera corresponder, o órgano competente para a resolución do procedemento acordará a súa suspensión ata que recaia resolución xudicial. 2. Se non se estimase a existencia de delito ou falta, continuarase o expediente administrativo ata a súa resolución definitiva, en base, se é o caso, aos feitos que a xurisdición penal considerase probados. 3. A tramitación das dilixencias penais interromperá o prazo de prescrición da infracción.		
Artigo	Alegacións de	Contido da alegación	Aceptación	Observacións
Disposición adicional 1ª	Federación Galega de Caza	Propón eliminar: “nas xefaturas territoriais”.	NON	Precisamente tratase de atribuírle directamente a competencia para axilizar a tramitación.
Disposición adicional 1ª	Sociedade Galega de Historia Natural	Nova redacción: Os procedementos de ampliación e segregación dos terreos cinexéticos serán tramitados e resoltos nas xefaturas territoriais da Consellería competente en materia de caza, oídos os Comités provincias de caza.	NON	Pola frecuencia de convocatoria dos comités de caza non é posible, sen retardar extraordinariamente estes procesos.
Disposición adicional 1ª	ADEGA	Proponse que os cambios nos terreos cinexéticos por posibles ampliacións ou segregacións deben contar coa aprobación dos titulares dos terreos.	NON	Nesta disposición non se está regulando os procedementos de ampliación ou segregación dos terreos cinexéticos, unicamente se faculta ás xefaturas territoriais da Consellería competente en materia de caza para tramitar e resolver ditos procedementos.
Disposición adicional 1ª	Organización Galega de mvmc	Proponse que os cambios nos terreos cinexéticos por posibles ampliacións ou segregacións deben contar coa aprobación dos titulares dos terreos.	NON	Nesta disposición non se está regulando os procedementos de ampliación ou segregación dos terreos cinexéticos, unicamente se faculta ás xefaturas territoriais da Consellería competente en materia de caza para tramitar e resolver ditos procedementos.
Disposición adicional 1ª	UNITEGA	Proponse a seguinte redacción: Os procedementos de ampliación e segregación dos terreos cinexéticos serán tramitados e resoltos nas xefaturas territoriais da Consellería competente en materia de caza. Estableceranse os devanditos procedementos regulamentariamente.	NON	Resulta innecesario.
Disposición adicional 1ª	Matar por matar non	Proponse eliminar o parágrafo que fai referencia á exclusión do ámbito competencial desta Lei a actividade de control de especies daniñas.	NON	Non se considera esta alegación dado que non corresponde a esta Lei regular o control de especies daniñas, dado que tanto as especies como os procedementos a utilizar poden ser cinexéticos ou non cinexéticos.
<b>Considerando a nova redacción, o contido desta disposición incorporouse no artigo 15.1.</b>		Artigo 15.1 Modificación do ámbito territorial dun TECOR. 1. Os procedementos de ampliación e segregación dos terreos cinexéticos serán tramitados e resoltos nas xefaturas territoriais da consellería competente en materia de caza.		
Artigo	Alegacións de	Contido da alegación	Aceptación	Observacións
Disposición adicional 2ª	Sociedade de cazadores de Portas.	Propón os seguintes cambios: “... a actividade de control de especies daniñas, non cinexéticas aínda cando...”	NON	Exclúense todas.
Disposición adicional 2ª	Federación Galega de Caza	Propón os seguintes cambios: “... a actividade de control de especies daniñas (non cinexéticas), aínda cando...”	NON	Exclúense todas.
Disposición adicional 2ª	Clubs e cazadores de caza maior de Galicia	Proponse a eliminación desta disposición, ao considerar que a mesma outorga á Consellería carta branca para facer o que lle dea a gana pasando por riba dos dereitos dos tecores.	NON	A declaración dunha especie como daniña, sexa o non sexa cinexética, pode e debe ser obxecto de control por aplicación da normativa que lle corresponda, pero que en ningún caso será a cinexética, aínda que se utilicen técnicas de esta natureza.
Disposición adicional 2ª	UNITEGA	Proponse a seguinte redacción: Autorízase a caza de especies exóticas invasoras, co fin de colaborar na súa posible erradicación, nos períodos autorizados de caza.	NON	Constitúe materia doutra normativa.
Disposición adicional 2ª	Clubs e cazadores de caza maior de Galicia	Proponse que a redacción sexa: “Exclúese do ámbito competencial desta Lei a actividade de control de especies daniñas <b>non cinexéticas...</b> ”	NON	A declaración dunha especie como daniña, sexa o non sexa cinexética, pode e debe ser obxecto de control por aplicación da normativa que lle corresponda, pero que en ningún caso será a cinexética, aínda que se utilicen técnicas de esta natureza.
<b>Unha vez realizados os cambios correspondentes ás alegacións estimadas, e os cambios propostos pola Asesoría Xurídica, esta disposición adicional pasa a ser a disposición adicional primeira, coa seguinte redacción.</b>		Disposición adicional primeira. Exclusión do ámbito de aplicación da lei. Exclúese do ámbito de aplicación desta lei a actividade de control de especies non cinexéticas, que estean a causar danos nalgures ou nunha época determinada, aínda cando se utilizase medios ou procedementos cinexéticos a tal fin.		
Artigo	Alegacións de	Contido da alegación	Aceptación	Observacións
Disposición adicional 3ª	UNITEGA	Proponse a eliminación desta disposición, dado que o índice de prezos ao consumo non é unha realidade económica de Galicia.	SI	No texto do anteproxecto suprimíuse esta disposición.
Artigo	Alegacións de	Contido da alegación	Aceptación	Observacións
Disposición adicional 5ª	ADEGA	Proponse incluír unha disposición adicional quinta coa redacción: Os dereitos de cesión dos aproveitamentos cinexéticos, teñen que facerse mediante un contrato que terá que conter como mínimo, as seguintes cuestións: Data do acordo asambleario no que se decide ceder os dereitos dos aproveitamentos	NON	Isto é materia de dereito privado e inscríbese no dereito a liberdade de contratación que proclama o Dereito Civil Español.



		<p>cinexéticos.  Tempo de duración do contrato de cesión  Carácter gratuito ou oneroso  Esixencia dun seguro de responsabilidade civil aos beneficiarios, que cubra tanto os accidentes causados polo exercicio da caza, como dos derivados de animais procedentes de terreos cedidos.  Prevalencia dos traballos definidos nos plans de ordenación ou de xestión dos montes e prevalencia dos acordos tomados pola asemblea xeral da comunidade de montes para a posta en valor dos seus montes.  Condicións en como ten que ser devolto o monte veciñal, unha vez rematado o período de cesión.</p>		
Artigo	Alegacións de	Contido da alegación	Aceptación	Observacións
Disposición transitoria 1ª	Particular.	Propónse engadir á súa redacción: "...non se verán afectadas pola limitación territorial establecida nos artigos 34.5 e 36.3..."	SI	Estímase esta proposta.
Disposición transitoria 1ª	UNITEGA	Propónse a seguinte redacción: As explotacións cinexéticas comerciais aprobadas con anterioridade á entrada en vigor desta lei deberán adaptarse no período máximo de cinco anos á limitación territorial establecida no artigo 34.5.	NON	Aplicar esta retroactividade da norma, ocasionaría unha inseguridade xurídica para os titulares das explotacións actualmente aprobadas.
<b>Unha vez realizados os cambios correspondentes ás alegacións estimadas, a disposición transitoria 1ª quedaría coa seguinte redacción.</b>		Disposición transitoria primeira. Explotacións cinexéticas comerciais. As explotacións cinexéticas comerciais declaradas con anterioridade á entrada en vigor desta lei non se verán afectadas pola limitación territorial establecida nos artigos 27 e 39.3.		
Artigo	Alegacións de	Contido da alegación	Aceptación	Observacións
Disposición transitoria 2ª	Federación Galega de Caza	Propón a seguinte redacción: "Disposición adicional segunda. Os tecores de titularidade compartida e de adhesión. Aos tecores que utilizaron as fórmula previstas nas disposicións transitoria segunda e terceira da lei 4/1997, de Galicia, para constituírse en tecores, seralles de aplicación o mesmo réxime xurídico, no que foron creados, en tanto se manteña na mesma situación. Seralle tamén de aplicación o mesmo réxime xurídico ao resto de tecores xa constituídos.	Parcialmente	Estímase a proposta no que se refire á inclusión dos tecores de adhesión ao plan de ordenación doutro tecore. O resto das propostas non se consideran dado que esta lei modifica o seu réxime xurídico de aplicación en moitos aspectos.
Disposición transitoria 2ª	UNITEGA	Propónse a seguinte redacción: Os TECOR que utilizaron a fórmula prevista na disposición transitoria 2ª, 4) da lei 4/1997 de Galicia, para constituírse en TECOR de titularidade compartida, seralles de aplicación o mesmo réxime xurídico, no que foron creados durante un período máximo de cinco anos, para os efectos de que poidan fusionarse entre eles ou integrarse noutros Tecores. Transcorrido ese período perderán a súa condición de Tecores.	NON	As razóns que xustificaron esta fórmula excepcional mantéñense en moitos casos. Prefírese un cambio de natureza aceptado voluntariamente que obrigado por obra de lei.
Disposición transitoria 2ª	APROCA Galicia	Propónse que o seu título sexa: "Os tecores existentes actualmente", e o seu contido: "Os TECOR que utilizaron as fórmulas previstas nas disposicións transitorias 2ª e 3ª da lei 4/1997 de Galicia, para constituírse en Tecores, seralles de aplicación o mesmo réxime xurídico, no que foron creados, en tanto se manteñan nesa mesma situación.	Parcialmente	Estímase a proposta no que se refire á inclusión dos tecores de adhesión ao plan de ordenación doutro tecore. O resto das propostas non se consideran dado que esta lei modifica o seu réxime xurídico de aplicación en moitos aspectos.
Disposición transitoria 2ª	TOUCEDA SC	Propónse que os Tecor de adhesión teñan que presentar un plan de ordenación cinexética polo que se van a rexer, redactado considerando o plan de ordenación cinexética do Tecor ao que se adhíren.	NON	A normativa de aplicación a estes tecores é a mesma que os rexiu cando se crearon., non podería ser doutro xeito, dado o seu carácter excepcional.
<b>Unha vez realizados os cambios correspondentes ás alegacións estimadas, e os cambios propostos pola Asesoría Xurídica, esta disposición transitoria ten a seguinte redacción.</b>		Disposición transitoria segunda. Os TECOR de titularidade compartida e de adhesión ao plan de ordenación cinexética doutro TECOR. Os TECOR que utilizaron a fórmula prevista na disposición transitoria 2ª, 4) da Lei 4/1997, do 25 de xuño, de caza de Galicia, para constituírse en TECOR, seralles de aplicación o mesmo réxime xurídico, no que foron creados, en tanto se manteñan nesa mesma situación.		
Artigo	Alegacións de	Contido da alegación	Aceptación	Observacións
Disposición transitoria 3ª	CCOO	Considérase que os apartados 1 e 2 se repiten, polo que debe suprimirse un deles.	SI	Estímase a proposta
<b>Unha vez realizados os cambios correspondentes ás alegacións estimadas, e os cambios propostos pola Asesoría Xurídica, esta disposición transitoria ten a seguinte redacción.</b>		Disposición transitoria terceira. Os procedementos sancionadores en tramitación. Os expedientes sancionadores que se encontren en tramitación á entrada en vigor desta lei, se someterán ás normas da lexislación baixo a cal iniciaron a súa tramitación, salvo que a normativa presente lles resulte máis favorable.		
Artigo	Alegacións de	Contido da alegación	Aceptación	Observacións
	ADEGA	Propónse incluír unha disposición transitoria cuarta co seguinte contido: No prazo de seis meses, contados a partir da entrada en vigor da presente lei, todos os tecores vixentes teñen que contar de novo coa autorización dos titulares das terras. Os tecores que non cumpran esta condición quedarán extinguidos.	NON	O proceso de constitución e de renovación dos tecores quedou perfectamente definido no corpo da lei, establecer a obriga de repetir o proceso de acreditación das titularidades é un proceso extremadamente arduo, caro e complexo que non se xustifica de ningún xeito.

	Clubs e cazadores de caza maior de Galicia	Considérase que non se recollen nas infraccións algunhas das esixencias establecidas na Lei para as explotacións cinexéticas comerciais, así como tampouco se contempla o incumprimento do establecido na orde anual de vedas.	NON	Aqueles incumprimentos da Lei que non figuren tipificados expresamente nas infraccións recollidas na Lei, serán sancionados polo artigo 82.29 da do anteproxecto.
	Xunta rectora de m.v.m.c. Boa, (Noia)	Propónse a introdución dunha disposición transitoria na que se obrigue aos titulares dos Tecores a renovar as cesións de dereitos cinexéticos dos montes veciñais afectados no prazo de seis meses	NON	¿Porque se ten que facer unha diferenza entre os montes veciñais e o resto de terreos doutra propiedade?, nas alegacións non se ofrecen argumentacións para dar un trato diferente aos montes veciñais en man común. A lei de montes veciñais en man común e o seu regulamento establece que o aproveitamento do monte corresponde aos veciños, igual que o aproveitamento dunha parcela particular corresponde ao seu propietario, motivo polo cal na lei de caza se esixe para declarar un Tecor ou outra das figuras que contempla, a necesidade de xustificar a cesión dos dereitos cinexéticos dos terreos afectados. No caso dos Tecor xa constituídos como consecuencia da transformación dos anteriores coutos de caza, tal e como establece a Lei 4/1997, do 25 de xuño, de caza de Galicia, supóñense vixentes as cesións de dereitos cinexéticos pero en calquera momento os propietarios dos terreos poden solicitar a súa segregación, premisa que se mantén no borrador desta Lei ampliada tamén para aquelas cesións expresas das que caducara a súa vixencia. Considérase que non é factible para o mantemento dun Tecor obrigar aos seus titulares a renovar a cesión de dereitos cinexéticos, por un lado debido ao volume de cesións que deberían obter considerando a distribución da propiedade en Galicia, e por outro que non é xusto facer unha diferenza entre terreos que sexan propiedade dun particular ou dunha comunidade de montes.
	Dirección Xeral de Producción Agropecuaria.	Considérase a necesidade de introducir un artigo referente a “definicións”. - Animal doméstico. - Animal asilvestrado. - Biotopo artificial. - Explotación cinexética comercial. - Cercado. - Cercado cinexético. - Zona de aclimatación. - Granxa cinexética.	NON	Moitos destes conceptos xa están definidos no borrador de Lei e na Lei 4/1997.
	Dirección Xeral de Producción Agropecuaria.	Expón que non se realizan referencias ás obrigas establecidas noutras normativas como: - A Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal. - Real decreto 1082/2009, polo que se establecen os requisitos de sanidade animal para o movemento de animais de explotacións cinexéticas, acuicultura continental e de núcleos zoolóxicos, así como de animais da fauna silvestre. - Real decreto 479/2004, do 26 de marzo, polo que se establece e regula o Rexistro Xeral de Explotacións Gandeiras.	NON	Non se considera necesario reproducir no texto o contido doutra normativa xa existente.
	Dirección Xeral de Producción Agropecuaria.	Que non existen referencias relativas ás autorizacións e requisitos previos a unha solta ou repoboación con especies cinexéticas.	NON	Procedemento que se desenvolverá por vía regulamentaria.
	Particular.	Propónse incluír a obriga para os Tecores societarios de reservar unha porcentaxe de permisos de caza para cazadores que non pertencen á sociedade titular.	NON	Enténdese que a sociedade titular dos dereitos cinexéticos, regulada internamente polos seus estatutos, é a entidade da que ten que partir esta iniciativa, a lei o único que debe é permitir que se poida realizar.
	Organización Galega de mvmc	Propónse incluír outra disposición adicional na que se regulen os contidos e condicións dos contratos de cesión de dereitos cinexéticos.	NON	Considérase que o contrato privado de cesión de dereitos cinexéticos debe conter como mínimo as condicións impostas no texto do anteproxecto, en canto á súa finalidade e período de cesión, as restantes condicións serán incluídas por acordo entre as partes.
	Organización Galega de mvmc	Propónse incluír outra disposición transitoria na que se obrigue a tódolos titulares dos tecor aprobados a que no prazo de 6 meses renoven as súas cesións de dereitos cinexéticos quedando extinguidos en caso contrario.	NON	Non se considera viable esta proposta, dado que si os titulares teñen un cesión en vigor haberá que considerala, e no caso de que a cesión se presuma prorrogada, a lei permite que en calquera momento o titular dos terreos poida segreggar os mesmos.
	Matar por matar non	Considerase necesario incluír o artigo 36 da actual Lei	NON	Non se considera necesario incluír este artigo, dado que sempre se poden adoitar as medidas nel reflectidas.
	Matar por matar non	Propónse incluír as seguintes infraccións que figuraban na Lei 4/1997: - Cazar, comercializar, posuír ou transportar pezas de caza, calquera que sexa a súa idade ou sexo, en caso de que sexan notorios, cando non concorden cos legalmente permitidos. - Cazar servíndose de animais ou vehículos como medio de ocultación.	NON	Enténdese que esta proposta xa está recollida no anteproxecto, pero con outra redacción.
	Matar por matar non Particulares. Asociación de veciños San Breixo de Seixalbo.	Propónse incluír como infracción moi grave o falsear datos do POC	NON	Falsear un plan de ordenación ou de aproveitamento non pode considerarse como infracción a lei de caza, porque como tal trataríase da falsificación de documento público o que constitúe un delito.

	Matar por matar non	Proponse a suspensión da caza durante tres anos naqueles lugares onde se realicen repoboacións, santuarios de fauna e corredores vedados.	NON	Considérase que esta medida ocasionaría o agravamento da incidencia dos danos nestas zonas, estando en contra da proposta desta Lei en relación coa xestión das zonas vedadas.
	Matar por matar non	Proponse que o Tecor que repoboa con animais de granxa debería considerarse como zona con fauna esgotada.	NON	A repoboación constitúe unha acción de mellora dentro da planificación que se realiza no ámbito do Tecor, a realización dunha repoboación non ten porqué indicar necesariamente a inexistencia de exemplares desa especie.
	Matar por matar non	Proponse que a Lei de caza estableza a prohibición de cazar en zonas queimadas e nunha área de protección de 300 metros ao redor desta, durante 5 anos.	NON	Considérase excesiva tanto a superficie proposta como o prazo de prohibición, en todo caso o período que debe considerarse será o establecido na Lei de incendios, norma que regula con maior intensidade as actividades e usos que se poden realizar en estes terreos.
	Matar por matar non	Proponse realizar unha inspección rigorosa dos POC e Plans anuais de aproveitamento por parte da Consellería de Medio Ambiente.	NON	Esta tarefa xa está contemplada na Lei.
	Particular.	Proponse que na Lei se contemple a situación dos cazadores urbanos, que non teñen dereito a pertencer a unha sociedade de cazadores titular dun tecor, e polo tanto considéranse desfavorecidos respecto ao resto de cazadores.	NON	A Lei de caza non pode entrar a regular materias que non son da súa competencia, tales como son o funcionamento interno dunha sociedade de cazadores, o que si debe permitir e así o fai, é que estas sociedades de cazadores poidan ofertar accións de caza.
	Asociación Lobo	Proponse que na Lei se inclúan artigos referentes: - Á tenza de aves de cetrería e furóns. - Á identificación das pezas de caza maior cobradas. - Nas ordes anuais de vedas se terá en conta o estado das poboacións por provincias.	Parcialmente	A tenza de animais domésticos e salvaxes en cativeiro xa está regulada. Considérase esta achega, establecendo a obriga de identificar as pezas cobradas mediante o procedemento que regulamentariamente se estableza, dado que na actualidade esta obriga e procedemento de identificación establécese mediante unha instrución interna e a orde anual de vedas. Na elaboración da orde anual de vedas celébranse os comités provinciais e galego de caza, nos que se informa e considera a situación das poboación así como tódolos aspectos que teñen que terse en conta para a súa redacción.
	Asociación Lobo	Proponse que se prohiba o uso de armas que poidan realizar mais de dous disparos sen ser cargadas.	NON	Non se considera necesario realizar dita limitación.
	Asociación Lobo	Proponse:  - Que se prohiba a realización de queimas controladas de mato en zonas de monte, e os desbroces que se realicen nunca superarán a media hectárea, sempre en pendentes inferiores ao 20%, permitindo unicamente repoñer os vellos cortalumes con autorización. - Que a administración imponha un máximo de superficie desbrozada por Tecor e ano que non supere as 2 Ha. por cada 5000 ha. de superficie do Tecor. - Que non se permita o uso de herbicidas nin plaguicidas nos montes - Que as plantacións con especies forestais foráneas deben estar xustificadas e rexistradas, non sendo subvencionadas.	NON	Non corresponde a Lei de Caza estar a regular materias que non son da súa competencia.
	Particulares. Asociación de veciños San Breixo de Seixalbo.	Proponse incluír o artigo 6 da Lei 4/1997, referido á titularidade.	NON	Este artigo xera confusión porque lles atribúe aos propietarios dereitos e obrigas que lles son de todo punto alleos.
	Particulares. Asociación de veciños San Breixo de Seixalbo.	Proponse incluír o contido do artigo 22 da Lei 4/1997 que fai referencia ás obrigas dos titulares.	NON	Unha vez considerados os cambios propostos pola Asesoría Xurídica Xeral, o artigo 22 do borrador desaparece, incluíndose o seu contido noutros preceptos do anteproxecto.
	Particulares. Asociación de veciños San Breixo de Seixalbo.	Proponse incluír outro artigo referente ás indemnizacións por danos.	NON	Esta materia está abordada no artigo 55, "A responsabilidade patrimonial polos danos que causan as especies cinxéticas".
	Particulares. Asociación de veciños San Breixo de Seixalbo.	Proponse incluír o artigo 24 da Lei 4/1997, referido aos incumprimentos.	NON	O contido deste artigo está incluído nos artigos 81.4.a) e 83.17 do anteproxecto.
	Particular.	Proponse engadir un novo título e artigos nos que se estableza e desenvolva a certificación e o distintivo de calidade cinxética de Galicia.	NON	Actualmente non se contempla o establecemento da certificación e o distintivo de calidade cinxética de Galicia, considerándose que esta Lei non é o instrumento idóneo para o seu establecemento e desenvolvemento, debendo realizarse mediante unha normativa específica.
	Particular.	Proponse incluír un artigo novo cun contido igual ao establecido no artigo 30 da Lei 4/1997, referente ao estado sanitario das especies cinxéticas.	NON	A lei de caza non debe entrar a regular materias que non son da súa competencia.
	Particular.	Proponse incluír un artigo novo cun contido igual ao establecido no artigo 31 da Lei 4/1997, referente ás repoboacións cinxéticas.	NON	As repoboacións xa están tratadas no texto proposto.
	Particular.	Proponse incluír uns artigos novos cun contido igual ao establecido nos artigos 32e 33 da Lei 4/1997, referente a procedementos masivos e non selectivos, así como a medios e métodos prohibidos.	NON	Esta regulación está recollida no artigo 67 do anteproxecto, "Outros instrumentos, medios e procedementos de caza prohibidos".

	Particular.	Proponse incluír un artigo novo cun contido igual ao establecido no artigo 35 da Lei 4/1997, referente ás repoboacións cinexéticas.	NON	Non se corresponde o artigo 35 ao que se fai referencia, no texto do anteproxecto contémpanse as repoboacións cinexéticas no artigo 51.
	Particular.	Proponse incluír un artigo que estableza que a taxidermia se regulará regulamentariamente.	NON	Non corresponde á Lei de caza regular esta actividade.
	Particular.	Proponse incluír os artigos 36, 37 e 39 da Lei 4/1997.	NON	Non se considera necesario reflectir o contido de ditos artigos.
	Particulares. Asociación de veciños San Breixo de Seixalbo.	Proponse incluír os artigos 58.36 da Lei 4/1997	NON	As autorizacións administrativas para o aproveitamento cinexético correspóndelle a Administración Galega, polo tanto as que non proceden directamente dela son nulas de pleno dereito e o seu comercio constitúe materia penal.
	UNITEGA	Proponse incluír o artigo 92.Titularidade. Os dereitos e obrigas establecidos na presente Lei, en canto se relacionan cos terreos cinexéticos, corresponderán aos propietarios ou, no seu caso, aos titulares doutros dereitos reais ou persoais que leven consigo o uso e disfrute do aproveitamento da caza.	NON	Os propietarios se non son titulares dos dereitos cinexéticos non teñen por que responder de obrigas que lles son alleas nin de gozar de dereitos que non lles corresponden.
	UNITEGA	Proponse incluír o artigo 93. Plans de Ordenación Cinexética das Zonas Libres dos Distritos Ambientais.  1. A Consellería competente en materia de caza elaborará os Plans de Ordenación Cinexética das Zonas Libres dos Distritos Ambientais de Galicia.  2. A Consellería competente en materia de caza xerará e actualizará de oficio a cartografía dos terreos libres e garantirá o acceso a esta aos cazadores.  3. O contido mínimo dos Plans de Ordenación Cinexética das Zonas Libres dos Distritos Ambientais, será o seguinte:  1. Especies cinexéticas 2. Calendario de caza 3. Días hábiles 4. Limitacións horarias, se é o caso 5. Límite máximo de capturas 6. Modalidades de caza 7. Plan de melloras cinexéticas 8. Plan de prevención de sinistros e danos á agricultura  4. A Consellería competente en materia de caza vixiará a actividade cinexética, fará un seguimento e xestionará administrativamente a aplicación dos Plans de Ordenación Cinexética das Zonas Libres dos Distritos Ambientais	NON	No artigo 9.4 do anteproxecto xa se di que a xestión lle corresponde a Xunta de Galicia e que non existen outras limitacións que as que se establecen na propia lei e nas disposicións que a desenvolven. Todas as exixencias que se establecen nesta lei para a xestión dos espazos cinexéticos lles son de aplicación , entre eles a planificación da ordenación e da xestión.
	UNITEGA	Proponse incluír o artigo 94. Sociedades de cazadores.  1. Os cazadores poderán constituírse libremente en sociedades de cazadores co fin de practicar o exercicio da caza e participar na súa administración. 2. Son sociedades de cazadores para os efectos da presente Lei, as asociacións ou agrupacións con personalidade xurídica propia, integradas por persoas físicas. 3. Estas sociedades deberán inscribirse no Rexistro de Entidades de Caza que aos efectos se cree na Administración competente en materia de caza. 4. Regulamentariamente fixénsense as condicións para a súa fundación e o contido mínimo dos estatutos. 5. A inscrición no Rexistro de Entidades de Caza de cazadores comportará, para os efectos desta, o seu recoñecemento legal, sendo requisito imprescindible para que a Administración, con competencias en materia de caza, poida outorgarlles a condición de entidade colaboradora e para optar ás subvencións oficiais para o desenvolvemento de actividades relacionadas coa xestión de espazos e especies cinexéticas. 6. A inscrición no Rexistro de Entidades de Caza non validará os actos que sexan nulos nin os datos que sexan incorrectos de acordo coas leis, tivesen efectuado. 7. Regulamentariamente determinarase a estrutura, funcións e réxime de funcionamento, así como o sistema de comunicación das inscricións e cancelacións das sociedades de cazadores. 8. As sociedades de caza colaboradoras gozarán de preferencia na concesión de subvencións para o desenvolvemento de actividades relacionadas coa xestión de espazos e especies cinexéticas.	NON	Nesta alegación danse por feitas algunhas cousas que non existen e que, de selo o caso, habería que regular previamente.  Fálase de un Rexistro de Entidades de Caza que non se sabe moi ben cal é a finalidade, obxectivos que persegue, converter as sociedades de cazadores en entidades colaboradoras, preferencia para as axudas, etc  O dereito de asociación, en todo caso,non debe vir regulado nunha lei de caza.

	UNITEGA	<p>Propónse incluír o artigo 95. Protección das especies cinexéticas</p> <p>1. A introdución de especies ou subespecies cinexéticas estará sometida a autorización expresa da administración competente en materia de caza.</p> <p>2. Queda prohibida a introdución de especies ou subespecies de caza que poidan desprazar ou competir polo hábitat coas especies silvestres naturais, alterar a súa pureza xenética ou os equilibrios ecolóxicos.</p> <p>3. O órgano competente en materia de caza determinará regulamentariamente as especies ou subespecies susceptibles de introdución, reintrodución ou reforzamento, así como a forma de acreditar, que os exemplares a introducir non alteren a pureza xenética das especies autóctonas.</p> <p>4. O órgano competente en materia de caza establecerá regulamentariamente as condicións e requisitos para cualificar a pureza xenética das especies de caza existentes nos terreos cinexéticos de Galicia.</p>	NON	A liberación no medio natural de calquera especie cinexética debe contar con autorización expresa concedida pola Administración, como paso previo á súa concesión, a autoridade administrativa valorará as condicións previas e a conveniencia da liberación destas especies. Non é competencia da lei de caza establecer criterios de orde xenético para as especies.
	CCOO	<p>Propónse modificar os termos:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- “xefatura territorial” por “órgano responsable a nivel provincial en materia de caza”.</li> <li>- “Axentes facultativos ambientais” por “axentes facultativos medioambientais”.</li> </ul>	NON	Non cambia substancialmente o contido da proposta legal.
	CCOO	Propónse que o transporte de armas nun vehículo se tipifique como infracción moi grave se están desenfundadas e cargadas e como grave si están descargadas independentemente que sexa día hábil ou inhabil.	NON	Con independencia da responsabilidade derivada en relación á normativa de armas, non se pode cualificar de igual xeito, aos efectos da caza, si esta infracción a comete en tempada ou día hábil que si é ao contrario.
	Particular. APROCA Galicia	<p>Propónse facer mención na Lei ao control de depredadores, achegando a seguinte redacción:</p> <p>Para controlar as poboacións de especies cinexéticas predadoras naqueles supostos e condicións que se determinen regulamentariamente, poderase autorizar a caza de ditas especies en época de veda así como deixar sen efecto algunhas das prohibicións contidas nesta Lei.</p> <p>A Consellería competente en materia de caza, aprobará regulamentariamente os métodos non cinexéticos que poidan utilizarse no control de predadores. Expedirá igualmente os certificados de especialista en control de predadores a aquelas persoas que superen as probas de aptitude que se establezan e que tutelarán de diversas formas estes controis non cinexéticos.</p> <p>Regulamentariamente tamén se establecerán as situacións e circunstancias nas que o especialista en control de predadores debe actuar, supervisar, controlar, etc. estas capturas.</p>	NON	As especies que causan dano non deben ter unha consideración diferente si son ou si non son cinexéticas, deben controlarse porque fan dano e os procedementos que se vaian utilizar poden ser ou non cinexéticos. Polo tanto deben acollerse a unha normativa allea a que lle corresponde a caza.
	Federación ecoloxista galega.	Propónse que se realice unha definición do que é “o dereito cinexético”.	NON	Estímase innecesario.
	Federación ecoloxista galega.	Cítase que este texto non considera e incluso contradí o establecido na Lei de Conservación do Patrimonio Natural e nas directivas europeas de Aves e Hábitats.	NON	Non se especifica o artigo ou que parte do texto contradí esa normativa.
	Federación ecoloxista galega.	Considérase que deberían regularse os campionatos de caza, instando á federación de caza a crear normas mais lóxicas e coherentes para estes campionatos.	NON	A actividade deportiva réxese pola súa normativa específica.
	Federación ecoloxista galega.	Considérase que non se legisla a comercialización das especies cazadas, propondo prohibila por promover a caza ilegal.	NON	Remítese ao que a tal efecto establece o Código Civil, a proposta parece pouco coherente.
	Federación ecoloxista galega.	Propónse engadir un artigo no que se regule a sinalización de calquera actividade cinexética fóra de tempada.	NON	Esta materia desenvolverase por vía regulamentaria.
	Unións Agrarias	Propón que se redefina totalmente a xestión da caza maior, separándoa da caza menor, e deste xeito os TECOR onde se xestione a caza maior non teña en ningún caso un tamaño menor que unha entidade comarcal.	NON	Nestes intres Galicia conta cunha esixencia de superficie mínima maior que ningunha outra CC.AA. a pesares da atomización da propiedade rural, pretender ampliala resulta de difícil xustificación e materialización.
	Unións Agrarias	Propón que a Lei estableza con claridade, que o xabarán poderá ser considerado como especie dañina, naquelas situacións onde o nivel de danos na agricultura e gandería local, supere un determinado albor de afección, que sería establecido regulamentariamente.	NON	A determinación en cada caso e en cada lugar dunha especie dañina non é competencia desta lei.
	Unións Agrarias	Propón que a Lei estableza un mecanismo de consulta cos representantes dos agricultores e gandeiros, de forma preceptiva á aprobación do Plan anual de Aproveitamento Cinexético.	NON	Non se considera xustifico, dilata a tramitación e non aporta vantaxes perceptibles.
	Sociedade de Caza e Pesca do Barbanza	Tódolos regulamentos pendentes deben saír a exposición pública, con períodos de alegacións, xa que quedan moitos e moi importantes puntos por concretar.	NON	A tramitación das disposicións xerais axústanse a tramitación establecida na lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

	Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Forestais de Galicia	A elaboración por parte dun técnico competente non se debe limitar tan só ao Plan de Ordenación Cinexética tal e como se contempla no Título III do Anteproxecto da Lei de Caza, senón que a intervención deste debe estenderse á redacción e elaboración de todos aqueles documentos técnicos tales como o Plan Anual de Aproveitamentos Cinexéticos ou a Memoria coas directrices básicas do Plan de Ordenación Cinexética. Aínda cando a maiores poida existir unha firma conxunta dun equipo multidisciplinar, véxase Veterinarios, Biólogos, Técnico Ambiental.	NON	O POC tense que ser elaborado por técnico competente, os PAC teñen que seguir as indicacións do POC e non se considera necesario, aínda que puidera ser conveniente, que interveña aquel. Non existe inconveniente a que o faga un técnico ou un conxunto deles.
	Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Forestais de Galicia	A elaboración dos documentos técnicos non debe limitarse a un tipo determinado de terreo cinexético como son os TECOR, senón que debe estenderse a todos aqueles terreos cinexéticos sometidos ao réxime especial definidos no artigo 19 do Anteproxecto da Lei de Caza de Galicia.	NON	As reservas de caza xa o prevén. As explotacións cinexéticas comerciais deben presentar un Plan de Aproveitamento e/ou POC que se fixará regulamentariamente. Os terreos cinexético deportivos serán obxecto de desenvolvemento regulamentario
	Sociedade de Cazadores de Vilar de Barrio	Deberíanse substituír en moitas ocasións as autorizacións por simples notificacións.	NON	Son dúas cousas diferentes, non se especifica en que casos.
	Sociedade de Caza e Pesca de Lalín	Propón facer xestión cinexética nos vedados para o control da poboación de xabaril e raposo e facer censos de predadores nos espazos onde se pretenda que sexa productiva a caza menor. Propón tamén evitar os retranqueos aos tecores lindantes de 500m nas zonas de caza permanente e no adestramento de cans, no caso de existir acordos entre directivas ou límites naturais ou infraestruturas que as delimiten por si mesmo.	NON	A xestión dos vedados xa se prevé. Xa se establece a diminución desa distancia cando media acordo entre os estremeiros. A existencia de obstáculos naturais podería servir sempre que foran da magnitude suficiente para lograr o illamento que pretende a lei. Non así no caso de infraestruturas, porque dentro dese concepto acóllense figuras que en nada contribúen, senón en algúns casos incluso agravan a situación.
	Federación Galega de Caza	Propón: “Para controlar as poboacións das especies cinexéticas predadoras naqueles supostos e condicións que se determinen regulamentariamente, poderase autorizar a caza das devanditas especies en época de veda así como deixar sen efecto algunhas das prohibicións contidas nesta lei. A Consellería competente en materia de caza, aprobará regulamentariamente os métodos non cinexéticos que poidan usarse non control de predadores. Expedirá igualmente os certificados de Especialista en Control de Predadores a aquelas persoas que superen as probas de aptitude que se establezan e que tutelarán de diversas formas estes controis non cinexéticos. Reglamentariamente tamén se establecerán as situacións e circunstancias nas que o Especialista en Control de Predadores debe actuar, supervisar, controlar, etc.estas capturas.”	NON	Non é competencia desta lei.